



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Serie Pleno
Número 106

Sesión plenaria
13 de marzo de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPGmg2Hs7gpD8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto 4. Proposicións non de lei

4.2 42689 (10/PNP-003205)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre o impulso da Xunta de Galicia para convocar unha xuntanza da mesa sectorial que trate os problemas específicos dos colectivos de profesionais de PAC, servizos de urxencias e transporte sanitario urxente

Publicación da iniciativa, BOPG nº 414, do 18.01.2019

4.3 43460 (10/PNP-003247)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para a mellora da situación da atención primaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

4.4 44557 (10/PNP-003328)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Novo Fariña, María Isabel e seis deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central co fin de cubrir as vacantes na Unidade de Policía Adscrita a Galicia e de incrementar os seus efectivos ata un mínimo de catrocentos setenta e cinco

Publicación da iniciativa, BOPG nº 423, do 31.01.2019

4.5 44794 (10/PNP-003350)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun plan de mellora da atención primaria, así como as actuacións que debe levar a cabo en relación coa dotación de persoal e horarios de traballo dos puntos de atención continuada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 427, do 06.02.2019

4.6 45209 (10/PNP-003393)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa asunción de novas competencias pola Comunidade Autónoma

Publicación da iniciativa, BOPG nº 430, do 13.02.2019

4.7 45704 (10/PNP-003429)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis



Sobre as actuacións que debe impulsar o Goberno galego para a incorporación de cláusulas de igualdade na contratación pública de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 430, do 13.02.2019

4.8 46293 (10/PNP-003467)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa fenda salarial de xénero e as desigualdades existentes no mercado laboral, así como coa revalorización das pensións

Publicación da iniciativa, BOPG nº 434, do 20.02.2019

Punto 5. Interpelacións

5.2 41768 (10/INT-001396)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación co sector da industria electrointensiva galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 405, do 03.01.2019

5.3 44325 (10/INT-001451)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a política do Goberno galego en materia de vivenda protexida

Publicación da iniciativa, BOPG nº 423, do 31.01.2019

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 47245 (10/POPX-000133)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a incidencia que está a ter a xestión do Goberno galego en materia de política industrial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

6.2 47251 (10/POPX-000134)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da eliminación do coñecemento da lingua galega como requisito para acceder á función pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

6.3 47252 (10/POPX-000135)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para afrontar os riscos para o autogoberno de Galicia derivados das ameazas de recentralización

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019



Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.2 47232 (10/PUP-000229)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para garantir a conexión prioritaria da vía ártabra coa autovía A-6 co fin de darlle efectivo servizo á área metropolitana da Coruña
Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

7.3 47241 (10/PUP-000230)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Barreira, María Julia e seis deputados/as máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do Plan director para o corredor atlántico de mercadorías presentado recentemente polo Ministerio de Fomento
Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

7.4 46095 (10/POP-005490)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre os obxectivos da posta en marcha nos centros educativos dunha campaña de concienciación infantil e xuvenil a favor da minaría en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 434, do 20.02.2019

7.5 47212 (10/PUP-000228)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para favorecer o mantemento da actividade produtiva da empresa Poligal en Narón
Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

7.6 47250 (10/PUP-000231)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións de carácter político, administrativo e lexislativo que vai desenvolver o Goberno galego para evitar ou desincentivar a deslocalización de empresas moi rendibles e imprescindibles para o tecido industrial e produtivo de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

7.7 46380 (10/POP-005520)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e oito deputados/as máis

Sobre as liñas mestras que vai seguir a política do Goberno galego para continuar avanzando nos eidos da igualdade e da coeducación en Galicia nos vindeiros anos
Publicación da iniciativa, BOPG nº 437, do 27.02.2019



7.8 45580 (10/POP-005434)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da atención sanitaria que se está a prestar na comarca de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 430, do 13.02.2019

7.9 45761 (10/POP-005457)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre a valoración do Goberno galego da atención pediátrica no concello de Zas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 430, do 13.02.2019



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor presidente comunica a inasistencia da deputada dona Noela Blanco Rodríguez. (Páx. 13.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a incidencia que está a ter a xestión do Goberno galego en materia de política industrial. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 13.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 16.)

Réplica do autor: Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 17.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 19.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión do Goberno galego respecto da eliminación do coñecemento da lingua galega como requisito para acceder á función pública. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 21.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 22.)

Réplica da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 23.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 25.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para afrontar os riscos para o autogoberno de Galicia derivados das ameazas de recentralización. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 27.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 28.)

Réplica do autor: Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 30.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 31.)

O señor presidente comunica o debate anticipado da interpelación que figura en segundo lugar na orde do día. (Páx. 34.)

Interpelación de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política da Xunta de Galicia en relación co sector da industria electrointensiva galega. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 34.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López). (Páx. 37.)

Réplica da autora: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 40.)



Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 42.)

O señor presidente comunica o debate anticipado de varias preguntas ao Goberno. (Páx. 43.)

Pregunta de D^a Luca Chao Pérez e D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda, do G. P. de En Marea, sobre os obxectivos da posta en marcha nos centros educativos dunha campaña de concienciación infantil e xuvenil a favor da minaría en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Chao Pérez (EM)*. (Páx. 43.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 45.)

Réplica da autora: *Sra. Chao Pérez (EM)*. (Páx. 46.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 46.)

Pregunta de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para favorecer o mantemento da actividade produtiva da empresa Poligal en Narón. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 47.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 48.)

Réplica do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 49.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 50.)

Pregunta de D. Francisco Casal Vidal e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións de carácter político, administrativo e lexislativo que vai desenvolver o Goberno galego para evitar ou desincentivar a deslocalización de empresas moi rendibles e imprescindibles para o tecido industrial e produtivo de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Casal Vidal (EM)*. (Páx. 51.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 52.)

Réplica do autor: *Sr. Casal Vidal (EM)*. (Páx. 53.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 55.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre o impulso da Xunta de Galicia para convocar unha xuntanza da mesa sectorial que trate os problemas específicos dos colectivos de profesionais de PAC, servizos de urxencias e transporte sanitario urxente. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 57.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 62.), *Sra. Miranda Pena (EM)* (Páx. 64.) e *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 66.)

Nova intervención do señor Torrado Quintela (S). (Páx. 68.)

O señor presidente (Calco Pouso) anuncia o debate acumulado de dúas proposicións non de lei. (páx. 70.)



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para a mellora da situación da atención primaria. (Punto cuarto da orde do día.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun plan de mellora da atención primaria, así como as actuacións que debe levar a cabo en relación coa dotación de persoal e os horarios de traballo dos puntos de atención continuada. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a estas proposicións non de lei. (Páx. 70.)

Intervención dos grupos autores das proposicións non de lei: *Sra. Prado Cores (BNG) e Sra. Solla Fernández (EM).* (Páx. 71.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 77.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Núñez Centeno (P).* (Páx. 79.)

A señora Prado Cores (BNG) e a señora Solla Fernández (EM) interveñen para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 82.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Isabel Novo Fariña e seis deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central co fin de cubrir as vacantes na Unidade de Policía Adscrita a Galicia e de incrementar os seus efectivos ata un mínimo de catrocentos setenta e cinco. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 85.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Moreira Ferro (P).* (Páx. 86.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 89.), Sr. Díaz Villoslada (S) (Páx. 90.) e Sra. Santos Queiruga (EM).* (Páx. 92.)

O señor Moreira Ferro (P) intervén para posicionarse sobre as emendas. (Páx. 94..)

Suspéndese a sesión ás dúas e dez minutos da tarde e retómase ás catro e un minuto.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa asunción de novas competencias pola Comunidade Autónoma. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 96.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Fernández Leiceaga (S).* (Páx. 97.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 100.)



Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Sánchez García (EM)* (Páx. 102.) e *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 103.)

O señor Fernández Leiceaga (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 106.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe impulsar o Goberno galego para a incorporación de cláusulas de igualdade na contratación pública de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 107.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Díaz Villoslada (S)* (Páx. 110.), *Sra. Santos Queiruga (EM)* (Páx. 112.) e *Sra. García Míguez (P)*. (Páx. 114.)

Nova intervención da señora Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 116.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa fenda salarial de xénero e as desigualdades existentes no mercado laboral, así como coa revalorización das pensións. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 118.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Quinteiro Araújo (EM)*. (Páx. 118.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 122.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 124.) e *Sra. García Míguez (P)*. (Páx. 125.)

A señora Quinteiro Araújo (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 127.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e oito deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego ao Concello de Vigo para que retorne ao consenso acadado para a modificación da Lei da área metropolitana de Vigo e ao cumprimento desta, así como do cumprimento do convenio asinado en materia de transporte metropolitano, garantindo as mesmas tarifas para todas as persoas usuarias, con independencia do seu lugar de procedencia: *aprobada por 37 votos a favor, 27 en contra e 6 abstencións.* (Pax. 129.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre o impulso da Xunta de Galicia para convocar unha xuntanza da mesa sectorial que trate os problemas específicos dos colectivos de profesionais de PAC, servizos de urxencias e transporte sanitario urxente: *rexeitada por 33 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 130.)



Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para a mellora da situación da atención primaria: *rexeitado por 33 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 130.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun plan de mellora da atención primaria, así como as actuacións que debe levar a cabo en relación coa dotación de persoal e horarios de traballo dos puntos de atención continuada: *rexeitado por 33 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 130.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Isabel Novo Fariña e seis deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central co fin de cubrir as vacantes na Unidade de Policía Adscrita a Galicia e de incrementar os seus efectivos ata un mínimo de catrocentos setenta e cinco: *aprobada por 50 votos a favor, 20 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 131.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín Fernández Leiceaga e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa asunción de novas competencias pola Comunidade Autónoma: *rexeitado por 33 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 132.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe impulsar o Goberno galego para a incorporación de cláusulas de igualdade na contratación pública de Galicia: *aprobada por 70 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 132.)

O señor Fernández Leiceaga intervén para pedir a votación por puntos, en concreto do punto 7a, que non é aceptada. (Páx. 132.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa fenda salarial de xénero e as desigualdades existentes no mercado laboral, así como coa revalorización das pensións: *rexeitada por 20 votos a favor, 37 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 133.)

Interpelación de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en materia de vivenda protexida. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (EM).* (Páx. 133.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 136.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (EM).* (Páx. 139.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 141.)



Pregunta de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para garantir a conexión prioritaria da Vía Ártabra coa autovía A-6 co fin de darlle efectivo servizo á área metropolitana da Coruña. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Díaz Villoslada (S)*. (Páx. 143.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 145.)

Réplica do autor: *Sr. Díaz Villoslada (S)*. (Páx. 146.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 146.)

Pregunta de D^a María Julia Rodríguez Barreira e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto do Plan director para o corredor atlántico de mercadorías presentado recentemente polo Ministerio de Fomento. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Barreira (P)*. (Páx. 148.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 149.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Barreira (P)*. (Páx. 150.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 150.)

Pregunta de D. César Manuel Fernández Gil e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as liñas mestras que vai seguir a política do Goberno galego para continuar avanzando nos eidos da igualdade e da coeducación en Galicia nos vindeiros anos. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 151.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 152.)

Réplica da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 153.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 154.)

Pregunta de D^a Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da atención sanitaria que se está a prestar na comarca de Pontevedra. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 155.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 157.)

Réplica da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 158.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 159.)

A señora Egerique Mosquera (P) pide a palabra con base no artigo 76 do Regulamento. (Páx. 160.)



Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración do Goberno galego da atención pediátrica no concello de Zas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 161.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 162.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 163.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 164.)

Remata a sesión ás sete e trinta e oito minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reiniciamos a sesión.

Antes de comezar cos puntos da orde do día, escusa a inasistencia a este pleno dona Noela Blanco.

Tamén aproveito para saudar os alumnos de 2º da ESO do centro do Toural, en Vilaboa, tamén os seus profesores e a todos os invitados que hoxe están, que nos acompañan na tribuna do Parlamento.

Comezamos co punto 6º, que se corresponde co de preguntas para resposta oral do presidente.

En primeiro lugar, formula a pregunta a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: A verdade pensei que hoxe estaba rexistrada primeiro a do portavoz do Grupo de En Marea. Eu non teño ningún problema, pero a orde do rexistro é...

O señor PRESIDENTE: Ten razón.

A señora PONTÓN MONDELO: Eu non teño ningún problema...,

O señor PRESIDENTE: Ten razón. Non, non, ten razón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...é por non alterar e non crear precedentes na Cámara, que xa sabe que despois os carga o demo.

O señor PRESIDENTE: Ten razón. Voulle explicar o que pasou. Ademais, o fallo é meu porque, tal e como mo pasaron os servizos da Cámara, pasáronmo correctamente, e acabo de arrancar a folla da pregunta que correspondía e paseina porque é o turno que fan sempre. Entón, efectivamente, desculpas, desculpas, desculpas, fallo meu. Os servizos da Cámara actuaron correctamente, pídolle desculpas.

Entón, en primeiro lugar, a pregunta tena que formular, efectivamente, o señor Villares, do Grupo Parlamentario de En Marea.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a incidencia que está a ter a xestión do Goberno galego en materia de política industrial

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días, señor presidente.



Señor Núñez, o conselleiro do Medio Rural preguntaba agora por estas camisetas que poñen Poligal, a ver que significa isto. Entón, imos ter que facer algo de pedagogía.

Comezo por saudar os traballadores e traballadoras de Poligal e de Bosch que nos acompañan hoxe nesta sesión plenaria.

Comezo por Bosch, explicando que Bosch é, ademais dunha empresa de electrodomésticos, unha xigantesca empresa de teleoperadoras que, concretamente na área metropolitana de Vigo, dá emprego a máis de dúas mil persoas, sendo así a segunda empresa, por número de traballadores, máis importante da propia área metropolitana de Vigo.

Esta empresa acaba de botar á rúa a dúascentas persoas contratadas por medio dunha ETT e acaba de anunciar un ERE de máis de oitocentas persoas.

Estivemos reunidos en varias ocasións con elas, e na última delas, a semana pasada, dixémoslles se querían trasladarlle directamente algo ao presidente da Xunta de Galicia, pero advertímoslles que soamente tiñamos tres minutos. Entón, as traballadoras dixéronnos que en tres minutos elas tiñan tempo suficiente para venderlle ao presidente da Xunta de Galicia un router, unha wifi de 100 megas e ata unha Thermomix. Ata ese punto son elas boas e eficientes teleoperadoras.

A min bástame un minuto para vender o bo traballo que fan, en primeiro lugar, porque son as mellores teleoperadoras de Europa: son as que teñen o máis alto índice de produtividade, son as máis persuasivas e as que son capaces de facer mellor o seu traballo. Por esa razón, este sector dá emprego en Galicia a máis de dez mil persoas neste momento.

En segundo lugar, son as que teñen a mellor formación técnica e as mellor preparadas para poder ofrecer ese servizo, de aí eses datos de produtividade. E, finalmente, por que son plurilingües, porque ofrecen o servizo en castelán pero tamén o ofrecen na nosa propia lingua, e ademais, a maiores, falan varias linguas, polo tanto, prestan un servizo que é dificilmente parangonable no resto de Europa.

A pregunta que nos facemos é: ¿cal é o premio a esa excelencia profesional? A precariedade laboral. Esa é a resposta. É o maltrato do traballo dun sector absolutamente precarizado. Dicir teleoperador, igual que dicir camareira, é saber que están sometidos a unha alta precariedade e, desde logo, á máis alta fraude empresarial. En segundo lugar, fanlles contratos a tempo parcial, pero cun número de horas tan elevado que non lles permite ter un segundo contrato de traballo. Ademais, cun soldo tan baixos que non lles permiten chegar sen apuros a final de mes. Contrátanas por medio de empresas de traballo temporal, co cal se lucran terceiros do seu propio traballo, e todo isto nun sector profundamente feminizado, onde, unha vez máis, as mulleres son o eslabón débil da cadea produtiva e da cadea laboral. Todo isto, mentres empresas como Bosch, pero tamén Atento ou Extel, seguen maximizando os seus beneficios.

¿Que está pasando mentres? O que está pasando neste momento é a deslocalización empresarial deste servizo cara a Exipto ou a Colombia, cando realmente este servizo se presta me-



llor que en ningún lado na propia Galicia. Unha deslocalización que é algo que non é patrimonio exclusivo de Bosch, senón tamén de Poligal, por iso traemos hoxe tamén aquí as súas reivindicacións.

Poligal, en Ferrolterra, foi todo un símbolo, despois da reconversión industrial, de que era posible facer traballo con innovación, desenvolvemento e investigación, crear traballo industrial de carácter cualificado, e así se apostou, incluso orzamentariamente, mediante subvencións para empresas como Poligal, que hoxe son punteiras en Europa.

¿Cal é o contrapunto a esta excelencia industrial que supuxo e supón Poligal hoxe en día?

En primeiro lugar, por parte da empresa, a deslocalización a Portugal e Polonia, en fábricas do grupo que se nutriron e formaron en Narón, levando a súa tecnoloxía, a nosa tecnoloxía, pagada e subvencionada con diñeiros públicos, ao estranxeiro.

En segundo lugar —vou rematando—, deixar na rúa a cento vinte persoas traballadoras e ás súas familias sen darlles un futuro ou un porvir.

En terceiro lugar, defraudar as administracións públicas, como consecuencia de teren levado subvencións e agora deslocalizar a produción.

E, finalmente, estafar os traballadores, porque xa no ano 2012 sufriron un ERE e eles aceptaron, en primeiro lugar, a redución de postos de traballo e, en segundo lugar, estar varios meses sen cobrar a cambio de que a propia empresa fixese investimentos que nunca fixo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

Silencio, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ¿E todo para que? Para que un empresario teña longos e altos beneficios empresariais, porque a empresa non está neste momento nunha situación de quebra.

Polo tanto, a pregunta que lle facemos é moi clara. ¿Onde está a Xunta de Galicia para defender as teleoperadoras? ¿Onde está a Xunta de Galicia para defender o emprego industrial?

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

O señor VILLARES NAVEIRA: ¿Onde está a Xunta de Galicia para loitar contra a deslocalización de empresas e defender a calidade do emprego industrial e de servizos en Galicia, señor Núñez?

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.



Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Se vostede quere cambiar a formulación das preguntas en función dos seus intereses, é lexítimo, pero a miña obriga é contestar as preguntas que se me formulan no *Diario de Sesións*.

Vostede fala de se temos ou non desidia na nosa política industrial. Señor Villares, a min alégrame, diante dos traballadores de Poligal, que vostede fale de política industrial. É moi importante que todo o mundo saiba que entende vostede e o seu grupo, ou amálgama de grupos, sobre a política industrial.

Os traballadores deben de saber que nesta Cámara se debateu por parte de En Marea o peche —a favor, por suposto— de Reganosa, que se pechara Meirama, que se pecharan As Pontes, que se pechara Ence (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), que non se deixara unha solución para ampliar PSA-Peugeot-Citroën e que pechamos o polo aeroespacial de Rozas. Esa é a proposta industrial das mareas de Podemos. O resultado desa proposta industrial é pechar empresas que supoñen vinte e sete mil postos de traballo. Polo tanto, a política industrial das mareas de Podemos é pechar empresas en Galicia e mandar á calle a 27.000 familias.

Por iso, que me fale vostede de desidia industrial, ¿a que desidia se refire? Refírese á desidia das mareas, apoiando as políticas industriais do Partido Socialista gobernando en Madrid en coalición parlamentaria? ¿Refírese vostede a esas políticas industriais?

Mire, dende que estamos na Xunta de Galicia, nos últimos catro anos, por exemplo, créronse en Galicia 19.200 postos na industria; 19.200. ¿Por que? Porque apoiamos oito mil empresas e porque se beneficiaron de máis de 758 millóns mobilizados. Porque aprobamos lexislacións: a Lei de emprendemento, a Lei de implantación industrial, co voto en contra das mareas. Porque pedimos aos concellos que baixen impostos. Ningún concello das mareas baixou impostos en Galicia. Apostamos pola política de solo empresarial. Recibimos as xestures en quebra despois do Bipartito, tivemos que inxectar 160 millóns de euros e fomos capaces de vender un millón e medio de metros cadrados con bonificacións de entre o 30 % e o 50 %, e agora volvemos poñer á venda un millón de metros cadrados máis.

Cando chegamos ao goberno, tiñamos o *tax lease* socialista, que consistía en pechar os estaleiros en Galicia. Pois ben, hoxe demos a volta, gañamos ese preito, e conseguimos que o 49 % do total dos contratos navais en España sexan galegos, e neste momento temos vinte e sete contratos nos estaleiros galegos.

Apostamos polo crecemento da automoción. Vostedes votaron en contra de ampliar as instalacións de Citroën en Vigo, e a pesar diso, sacamos esa lei, créronse dous mil cincocentos postos de traballo nos últimos anos e nos próximos tres crearanse catro mil postos de traballo, e hai unha década de traballo no sector da automoción.



Apostamos polo sector aeronáutico en contra dos seus votos. Neste momento creamos douscentos postos de traballo no sector aeronáutico e temos previstos cincocentos postos máis.

Señoría, en definitiva, ¿de que se nos acusa? ¿De crear máis de dezanove mil postos de traballo no sector da industria e, pola contra, que vostedes queiran pechar máis de vinte e sete mil postos de traballo en distintas empresas galegas?

Fálame vostede do problema de Poligal, ¿cre que non coñecemos o problema de Poligal? ¿A proposta de En Marea é, primeiro, pechar empresas, e cando hai problemas, poñerse diante das pancartas? ¿Esa é a súa proposta, señoría? ¿A proposta das Mareas é votar no Parlamento en contra do emprego e en contra da industria, e despois aproveitar o problema dos traballadores diante deles?

Señoría, nós estamos aquí para dar a cara. O conselleiro de Industria ten unha pregunta de Poligal e a contestará claramente. O comité de empresa e os sindicatos saben que estamos con eles, e saben que estamos elaborando un cuaderno de vendas para intentar mellorar o problema de Poligal. E non veña aquí con *[tonterías]* (*Expresión retirada polo señor presidente ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento.*), señor Villares, nós non lle demos un euro a Poligal. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, evidentemente, as palabras hai que concretalas. Dicar que lle demos unha subvención a Poligal é falso. E dicir falsidades no Parlamento é unha gran *[tontería]*. (*Expresión retirada polo señor presidente ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento.*)

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Señor presidente, coa palabra tontería eu creo que se quería referir ao que expresou despois, falsidades, pero vouna retirar. Imos retirar esa expresión porque non me parece que sexa adecuada. Xa está.

Réplica, señor Villares.

¡Silencio!

O señor VILLARES NAVEIRA: Grazas, señor presidente.

Mire, señor Núñez, esta é a gráfica da evolución do emprego desde que vostede goberna, e por debaixo está a gráfica da evolución do emprego industrial. Polo tanto, incluso durante o seu goberno e durante os últimos meses, cando se produce creación neta de emprego en Galicia, con independencia de cal sexa a súa calidade, que nós poñemos en cuestións, desde logo, o emprego industrial segue baixando, mentres o conxunto da tendencia do emprego é a alza. Polo tanto, non sabemos moi ben de que está presumindo vostede cando presume de creación de emprego industrial, porque o que está demostrando esta gráfica, que se refire a datos oficiais, é que con vostede se está destruindo emprego industrial en Galicia, e dado que vostede leva os últimos dez anos gobernando no noso país, supoñemos que esa é a súa responsabilidade e algo polo que terá que dar explicacións.



Falta vostede á verdade cando se refire a determinadas afirmacións que acaba de facer neste momento, por exemplo en relación ao polo aeronáutico de Rozas, cando nós, durante esta lexislatura, trouxemos varias iniciativas, en primeiro lugar, para preguntar e, en segundo lugar, para instar a Xunta sobre os postos de traballo máis de douscentos postos de traballo prometidos polas empresas contratistas e subcontratas dentro do polo aeronáutico, das que o propio conselleiro de Industria non foi quen de dar explicación nin aquí nin na visita in situ que fixemos no seu momento ao polo aeronáutico de Rozas. Así que, menos lobos e máis datos concretos sobre a adaptación que facemos nesta lexislatura.

E se vostede non está nas sesións plenarias para escoitar as iniciativas de En Marea, pois así o perde, porque despois dá lugar a que teña contestacións coma esta, tan desafortunadas.

Igualmente, tampouco nos posicionamos —como vostede di— en contra da ampliación de Citroën. O que si que pedimos, desde logo, é que non se modifique a Lei do solo singularmente para burlar sentenzas do Tribunal Supremo, como fixo vostede para o caso de Vigo e para o caso de Ourense. Pedimos o cumprimento e o respecto á legalidade, e o cumprimento tamén das sentenzas do Tribunal Supremo, que é algo bastante diferente do que vostedes fan cando teñen, durante este tempo, ocasión de gobernar.

Miren, xa para concluír, as traballadoras de Bosch, igual que os traballadores de Poligal, queren solucións. Queren solucións, en primeiro lugar, á súa precariedade laboral; queren que non se lles tome o pelo; queren que non se utilicen as empresas de traballo temporal ilicitamente; queren que non os manden á rúa e que non se deslocalice a produción.

As traballadoras e os traballadores de Poligal queren que se lles dea unha solución porque a empresa está producindo beneficios. Aquí se produce a innovación, o desenvolvemento de todo grupo empresarial, e agora todo ese acervo se está deslocalizando para o estranxeiro. E queren que se impliquen vostedes no desenvolvemento desa política industrial, para o cal, por certo, teñen vostedes competencias.

Por iso lle pedimos, en primeiro lugar, que tanto no conflito de Bosch como no de Poligal tomen vostedes cartas no asunto e fagan que as partes se poidan sentar e poidan negociar, que é algo que neste momento, por exemplo, a patronal no caso de Poligal non quere facer. Igual sucede en Bosch, pero sobre todo en Poligal.

Teñen vostedes facultades para facelo. Estánlles ocultando, neste momento, información relevante para poder incluso defender os seus dereitos laborais. Intermedien vostedes para que iso teña lugar, para que poidan negociar en condicións de igualdade.

En segundo lugar, pidan vostedes tamén que haxa un mellor control sobre as subvencións concedidas, tanto se é a súa Administración como se son outras administracións. ¿Ou é que o Plan Ferrol non foi un plan pagado con diñeiro público? Se foi con diñeiro público, vostedes, como Administración...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor VILLARES NAVEIRA: ...que xestiona tamén o público, teñen facultades para facelo. E leven tamén a cabo actividades de inspección laboral. E se non teñen competencias suficientes, fagan o que xa lles dixemos aquí noutras ocasións: interveñan para pedir competencias en inspección laboral para poder evitar a fraude laboral.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VILLARES NAVEIRA: E remato cunha cousa máis. A Lei de fomento de actividades empresariais, á que nós chamamos lei de depredación ambiental de Galicia, non serviu para evitar a deslocalización de empresas. A súa lei xa estaba vixente cando agora Poligal presenta este plan.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VILLARES NAVEIRA: Polo tanto, a Lei de emprendemento non foi capaz de evitar a deslocalización nin ao norte de Portugal nin ao conxunto de Europa... *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

Peche, señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Reitero, señoría, que é falso que este goberno dese un euro a Poligal. Falso. Falso. Falso.

En segundo lugar —falso—, volve ser falso que vostedes non intentaran que pechara a factoría de PSA Peugeot-Citroën, porque o Plan xeral de ordenación urbana de Vigo que caeu non posibilitaba que esa factoría ampliase as súas instalacións, e estaban en execución, e vostedes se posicionaron en contra de que a factoría seguise ampliando as instalacións. Iso quere dicir que non tería os novos modelos e quere dicir que PSA Peugeot-Citroën iría pechando paulatinamente. Esas son as realidades, e está moi ben que os traballadores escoiten exactamente cal é a súa proposta.

Mire, señor Villares, vostedes acaban de votar a favor dos presupostos do Estado. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, si. Siga vostede mentindo, dálle igual, se tamén diante dos traballadores van negar que, dos cinco deputados das Mareas de Podemos, catro votaron a favor dos presupostos do Estado. ¿E iso que significa? Vostedes votaron a favor da política industrial do Goberno central, da política enerxética irresponsable do Goberno central e da política automobilística frívola do Goberno central. ¿Resultado? Peche de Alcoa, expediente de regulación de emprego en Ferroatlántica e incerteza no sector da automoción. Si, señorías, non sei por que se rin dos traballadores. Para nós é un tema moi serio. *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Dezanove mil postos de traballo no sector industrial...



O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...dende o ano 2014 ao ano 2018. Os traballadores teñen dereito a saber, señoría, que hoxe temos menos paro que cando chegamos ao Goberno, a pesar de todo. Cando chegamos ao Goberno, o paro aumentaba en 58.000 persoas e agora baixa en 33.000. A taxa de paro, cando chegamos ao Goberno, era do 12,6 % e agora é menor. Se queren vostedes coller os afiliados á Seguridade Social, cando chegamos ao Goberno as afiliacións baixaban en máis de 33.000 e agora soben en máis de 18.000. Estes son os datos.

Mire, acúsanos de que a nosa política industrial é un desastre. ¿Por que será que levamos dende o ano 2015 ao ano 2018 por riba de toda a política industrial española no índice de produción industrial? Pero se nin sequera sabe o que é o índice, señor Villares, déixeme que llo lea. *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

Pero, señorías, ¿como podemos discutir o índice de produción industrial, se o índice de produción industrial está publicado? Superamos a España no índice de produción industrial; no ano 2015, no ano 2016, no ano 2017, no ano 2018, multiplicamos por seis o índice de produción industrial. *(Aplausos.)*

Fala vostede das exportacións. Señorías, outro índice da operatividade da industria galega. Levamos dez anos cun superávit de exportacións fronte a importacións, ¡dez anos! Este ano temos un superávit de 3.800 millóns de euros, e España ten un déficit de 33.000 millóns de euros. Vostedes sigan apoiando a política industrial de deslocalización do Goberno central; política industrial de deslocalización do Goberno central. Van deslocalizar as industrias electrointensivas. Vímolos dicindo desde hai meses. Xa conseguiron que peche Alcoa en Coruña, veremos o que ocorre en Alcoa en San Cibrao.

Por iso, os traballadores de Poligal saben que aquí teñen un aliado, o aliado de seguir paso a paso con eles, co comité de empresa, cos sindicatos, todo ese expediente de concurso. O aliado de intentar facer un caderno de vendas para intentar buscar un novo propietario para Poligal.

E non se confundan. Vostedes onte criticaban a política turística de Galicia... ¡Se están en contra de calquera política industrial! Mire, señor Villares, eu non me conformo con que Galicia sexa a segunda que máis incrementou a produción industrial, gustaríame que fose a primeira, sen dúbida. Agora, dicir que Galicia non é a segunda en maior produción industrial é volverlle mentir a Cámara.

Señor Villares, a súa política industrial consiste en intentar que todo vaia mal para poñerse despois diante da pancarta e enganar aos traballadores. Esa é a súa política industrial. Mire, escoitar os dirixentes...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...sobre todo a este portavoz de En Marea, falar de política industrial é como se vostede pretende dar clase de liderado



político. Señor Villares, respecte os traballadores, non nos engane. Non ten vostede a acta de deputado para enganar os traballadores.

Cos traballadores está o Goberno da Xunta de Galicia e vai seguir estando ata o final.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Non veña aquí insuflar posibilidades e non veña aquí enganar a xente.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Hai moito tempo, señor Villares, que cada vez que hai un problema, vostede se apunta ao problema. Iso si, se vostedes puideran cualificarse desde o punto de vista industrial en algo, son vostedes o partido contra o emprego e contra... *(O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión do Goberno galego respecto da eliminación do coñecemento da lingua galega como requisito para acceder á función pública

A señora PONTÓN MONDELO: «Gostaríame falar en galego, lo hago en la intimidad.»

Estou segura, señor Feijóo, de que vostede é capaz de lembrar exactamente onde se dixeron e quen formulou estas palabras. Foi Pablo Casado, 12 de xullo de 2018, Santiago de Compostela, nun acto da campaña para presidir o Partido Popular.

Pero vemos que agora que o seu líder está noutra campaña, realmente non lle gusta tanto que se fale galego. De feito, creo que lle molesta, e que está deixando moi claro que para o Partido Popular hai unha lingua de primeira, que é o castelán, e unha lingua de segunda, que é o galego, que vostedes toleran na intimidade pero que non lles gusta para o ámbito público.

Ese Casado, fiel herdeiro da caverna do señor Aznar, segue atacando a diversidade lingüística e ten a ousadía de dicirnos que hai que prescindir do galego para acceder a un emprego público na Galiza, ¡case nada! Este señor —que creo que é de Palencia— que hai uns días queríanos explicar ás mulleres que era estar embarazadas, agora resulta que tamén quere explicarnos aos galegos e ás galegas que para traballar na Administración pública deste país non fai falta coñecer a lingua propia deste país.

Escoite o que propón o seu líder Pablo Casado: «El conocimiento y uso del castellano será un requisito indispensable para el acceso a un empleo público. Las lenguas cooficiales — galego — podrán considerarse —podrán é un verbo importante— un mérito, nunca un requisito.» Exactamente o mesmo que propón a extrema dereita. ¡Xa vemos por que lles resulta tan fácil pactar con eles! *(Aplausos.)*



Esta proposta do seu partido, señor Feijóo, vai contra o Estatuto de autonomía, vai contra a Lei de normalización lingüística, vai contra a Lei do emprego público de Galiza, pero é que, sobre todo, vai contra o sentido común e quere discriminar as persoas que falamos galego. Porque para que unha persoa que vive na Galiza poida usar con liberdade o galego na Administración pública, necesítase que ao outro lado haxa alguén que fale e coñeza o galego. É a única maneira de non coartar a súa liberdade, o seu dereito a usar o galego se lle peta.

Señor Feijóo, vostede xa protagonizou... eu diría que un dos momentos máis tristes da historia deste país. Vostede xa fixo política contra o galego, xa utilizou esa patraña, esa mentira, da imposición do galego por un puñado de votos, rompendo acordos e dividindo os galegos e as galegas. Eu pídolles que non repitan ese episodio e que, por unha vez, non se esconda detrás deses papeis que lle preparan os seus asesores e asesoras e responda á pregunta. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

Si, si, dicía vostede que a súa obriga —copieino literalmente— é responder á pregunta. É unha novidade, porque non o fai nunca, señor Feijóo. Pero díganos só —é moi fácil— se está a favor ou en contra da proposta do seu líder, do líder do seu partido, que é o Partido Popular, de que o galego sexa unha lingua de segunda. Contesteste e non se esconda, señor Feijóo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Señora Pontón, dá a sensación de que vostede xa entrou en campaña electoral. (*Murmurios.*) Non, non, paréceme moi ben, non hai ningún inconveniente. ¿Como non vai entrar en campaña electoral se vostede xa firmou a súa alianza cos partidos máis democráticos de España (*Risos.*), con Herri Batasuna-Bildu e con Esquerra Republicana de Cataluña? Por iso, vir aquí dar leccións de extremismo, señora Pontón, será un sarcasmo, será unha broma. (*Risos.*) Que a señora do BNG veña aquí falar de extremismo político, de extremismo ideolóxico, cando lles pide aos galegos que votemos a Herri Batasuna-Bildu e a Esquerra Republicana de Cataluña para defender Galicia, jé un sarcasmo histórico, señora Pontón! (*Aplausos.*) Por iso, vou tentar contestarlle á señora Pontón sen ter en conta que vostede é aliada de Herri Batasuna-Bildu.

Mire, en Galicia temos dúas linguas, en consecuencia, somos un pobo rico dende o punto de vista lingüístico, e a riqueza nunca se debe de converter nun problema. Non me pida, por tanto, que busque unha confrontación coa lingua, para iso xa están vostedes, e o galego en Galicia só é un problema para os que queren que sexa un problema.

O noso discurso é o discurso da xente, no que nos entendemos a maioría da xente. É un discurso de liberdade, de bilingüismo cordial, de tolerancia, de coñecemento das dúas linguas e de falar cada unha delas segundo como vostede dicía: ¡como nos pete!



¿Cal é o problema do nacionalismo? O problema do nacionalismo galego é que o galego non é un problema en Galicia, ese é o seu fundamental problema. Se levamos as políticas lingüísticas de acordo co nacionalismo galego, levaríamos trinta anos de imposición, trinta anos de inmersión, e trinta anos de prohibicións. Como nós intentamos representar á maioría, e de momento seguimos representando á maioría, ¿a maioría dos galegos que queremos? Equilibrio, coñecemento, liberdade; é dicir, o modelo no que nos entendamos todo. Ese é o noso modelo, no que nos entendemos todos.

¿Quen fai en Galicia as leis que afectan as competencias da Comunidade Autónoma? Este Parlamento. Polo tanto, as leis deste Parlamento respéctanse. ¿Sabe por que? Porque somos demócratas, señora Pontón, aínda que vostede ás veces teña tics bastante dubidosos. Si, señoría, non quere respectar a Lei de normalización lingüística, ¡alá vostede! Mire, ¿como se considera requisito ou mérito o galego na función pública? De acordo coa lei, esa é a resposta. Na Administración xeral, en cada convocatoria establécese se é mérito ou requisito. Na docencia, é requisito. Na sanidade, é mérito. Non hai novidades, señoría.

E voulle poñer un exemplo de por que en Galicia nós imos seguir protexendo o modelo no que nos entendemos todos. Por exemplo, dende o ano 2016, entre todas as oposicións da comunidade autónoma que fixemos presentáronse 14.700 persoas. O 97,5 % dos aprobados non tiveron que facer exame de galego. ¿Por que? Porque xa teñen o título correspondente, porque xa fixeron primaria, ou xa fixeron secundaria, ou teñen título universitario, co cal, xa teñen solucionado o problema do galego.

¿Quen tivo que facer o exame de galego? O 2,5 % dos opositores. ¿Cantos aprobaron o exame de galego? Todos. ¿Cal é o problema, señora Pontón? ¿O problema é tentar coller o galego outra vez como arma arrojadiza entre os partidos políticos? Non conte co Partido Popular de Galicia para isto. ¿Sabe por que? Porque os galegos non estamos de acordo coas minorías que nos queren impoñer falar nunha lingua cando temos dúas, e porque somos libres para falar a lingua que consideremos oportuna, e porque coñecemos as dúas: o español, e estamos moi orgullosos, e o galego, e tamén estamos francamente orgullosos. (Aplausos.)

Por iso, señoría, Galicia ten dúas linguas, non convirtamos a riqueza lingüística nun motivo de confrontación. Vostedes queden coa confrontación, e nós seguiremos falando en galego e en español.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Mire, señor Feijóo, é vostede máis previsible e máis cutre nas súas respostas (Risos.) do que poderíamos pensar. (Aplausos.) Si, si, si, je iso que lle pagamos a moitos asesores, eh!



O señor PRESIDENTE: Por favor, non perdamos o norte. Cutre non é un insulto. ¡Ata eu sei o que significa cutre, eh! (*Risos.*)

Prosiga, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Parécelles mal que nomeemos os asesores. Están na nómina da Xunta de Galiza. Imaxino que farán algo para o presidente.

Mire, eu creo que o único sarcasmo que hai é que vostede lles pida os votos aos galegos e ás galegas para que o señor Casado poña en marcha unha lei de linguas que nos di que o que quere é discriminar o galego. O problema que estamos vendo, señor Feijóo, é que vostede non é capaz de saír desa submisión ao Partido Popular en Madrid e que fai o que lle mandan. (*Aplausos.*)

Mire, (*Murmurios.*) vou citar fontes que creo que ao Partido Popular non lle van molestar. Non sei se a señora Prado quere intervir tamén no debate, seguramente. (*Murmurios.*) Ben, moitas grazas. ¿Si? Grazas.

El Mundo: «El PP incluirá en su programa una ley orgánica para blindar el español y prohibir que la lengua cooficial sea un requisito indispensable a la hora de acceder a un empleo público.» Isto dío *El Mundo* o 28 de febreiro de 2019. Non sei quen está en campaña, señor Feijóo.

E ao mellor, como vostede non se fía de *El Mundo*, que seguramente ten interese en que lle vaia mal ao Partido Popular nas eleccións, quizais se fía das notas de prensa do Partido Popular, 1 de marzo do 2019: «*Casado exige utilizar el castellano como lengua vehicular para toda la función pública. Considera que hablar la lengua cooficial*» —non di *regional* porque supoño que lles dá corte— «*puede ser un mérito, pero no un requisito en comunidades bilingües.*» Isto, señor Feijóo, significa que o que vostedes lles están propoñendo aos galegos e ás galegas nestas eleccións é que os apoien para discriminar as persoas que falamos galego cando nos peta. Porque se eu vou a unha administración, por exemplo, para protestar pola subida da luz, e teño un interlocutor que non sabe galego, a quen están deixando indefenso e discriminado é a quen utiliza a lingua galega, e isto é o que está propoñendo o seu partido.

A súa obriga como presidente é, primeiro, responder, que vostede non respondeu á pregunta que lle formulei, non respondeu á pregunta. Enfádase porque lle falan de Poligal, e cando lle facemos unha pregunta concreta non a responde.

Nós temos un Estatuto de autonomía que di que a lingua propia de Galicia é o galego, que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galiza e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: E tamén di, señor Feijóo —e é moi importante—, que «os poderes públicos de Galiza garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa», e esta pro-



posta do seu partido choca frontalmente co Estatuto de autonomía. Eu non sei de que equilibrios fala vostede, eu o único que sei é que coa súa política lingüística...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...—xa remato, señor presidente— o 8 % do ensino infantil nas cidades está en galego, hai cero —¡cero, señor Feijóo!— xornais diarios en lingua galega, só hai un 4 % das canles en televisión, é misión imposible, case, neste país poder vivir con normalidade en galego, e vostede vén aquí e é incapaz de desmarcarse dunha proposta, señor Feijóo, que choca contra a dignidade deste país. Non repita a vergoña de atacar... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabraas que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Peche desta pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señora Pontón, creo que a nosa posición é coñecida.

Sobre como está o galego, o galego, dende o punto de vista do coñecemento oral e escrito, está no seu mellor momento. Dende o punto de vista de uso non. En *Lingua e sociedade en Galicia*, por citar unha fonte da Real Academia Galega, do ano 1992-1996, permítame que lle lea o que di a Real Academia: «As competencias lingüísticas tiveron unha mellora substancial, e na actualidade podemos considerar esta sociedade como bilingüe; unha situación excepcional dentro das linguas minorizadas de Europa e un dos grandes puntos fortes para a reprodución do galego.» Isto é o que di a Real Academia Galega entre os anos 1980 e 2016: «O 73 % da poboación que usa habitualmente o galego é bilingüe.»

Segue dicindo a Real Academia. «Nove de cada dez cidadáns galegos son capaces de falalo, oito de cada dez de lelo, e seis de cada dez de escribilo.» Isto é o que di a Real Academia Galega. Por certo, a Real Academia Galega di tamén que en Galicia se fala máis galego que en Cataluña catalán, e que en Galicia se fala máis galego, por suposto, que en Euskadi euskera. Por iso, entendo que vostede estea preocupada polo euskera, o que non entendo é que estea preocupada polo galego, señoría. E por iso entendo, probablemente, que a vostedes lles preocupe o euskera. A min preocúpame a cordialidade lingüística de Galicia e a cordialidade social de Galicia.

Por iso, benvida ao Estatuto de autonomía. Vostede reclama o Estatuto de autonomía, ¡que pena que sempre votaron en contra do Estatuto de autonomía! Reclama a Constitución española, ¡que pena que estean en contra da Constitución española! O Estatuto de autonomía é unha lei orgánica, e non se preocupe que eu son o garante do Estatuto de autonomía. Si, señoría, prometín o meu cargo xurando o Estatuto de autonomía e a Constitución española, e vostedes prometen o cargo por imperativo legal, porque non cren nin na Constitución nin no Estatuto de autonomía. *(Aplausos.)*

Por iso, os señores nacionalistas non nos van dar leccións de cordialidade e de legalidade. Mire, vostedes din —acaba de dicilo— que nós non apoiamos o galego. Si. Acúsannos de re-



centralizadores, de seguir os designios de Madrid. Coinciden vostedes. Hai outro grupo, como VOX, que di que eu son nacionalista (*Risos.*) porque impoño o galego e prohíbo o castelán en Galicia. ¡Mire por onde os extremos se tocan! (*Aplausos.*) Mire por onde, señoría, están practicamente pegados. Non me estraña, señoría, que haxa militantes da CIG e do BNG que sexan agora dirixentes de VOX en Galicia. Non me estraña, señoría. Dános igual que nos critiquen pola lingua, que nos critiquen por ser galegos e por ser españois, asumímolo con moitísimo gusto e con moitísimo honor.

Mire, señoría, nunca imos permitir que os nacionalistas se apropien de Galicia, porque se os nacionalistas se apropiaran de Galicia, Galicia sería ben pequena. Pero Galicia é moito máis grande. Hai nacionalistas, por suposto que si, pero tamén hai moita xente, a inmensa maioría, que non é nacionalista, e a eses, a todos, incluídos os nacionalistas, representamos e intentamos representar.

Señoría, eu acabo de concretar con cifras que o galego non é un problema na función pública, e acabo de concretalo porque o 97 % ou 98 % da xente que quere acceder a unha praza na función pública en Galicia xa ten acreditado o coñecemento do galego sen necesidade de examinarse; e acabo de concretalo porque, dos que se examinaron, non suspendeu ningún. Polo tanto, sigamos coa política lingüística que temos.

Podo dicirle que xa está ben, ¡xa está ben! Xa está ben de dividir o país en todo; xa está ben de fragmentar o país en todo; xa está ben de romper a unidade do país en todo. (*Murmurios.*) Eu non acepto as políticas de Herri Batasuna e de Bildu, nin de Esquerra Republicana de Cataluña, e, en consecuencia, non acepto as políticas do BNG. (*Aplausos.*)

Mire, señoría, xa está ben de dar un carné de mal galego a quen fala español... (*A señora Prado pronuncia palabras que non se perciben.*) ...si, señoría...

O señor PRESIDENTE: Señora Prado, señora Prado, chámola á orde unha vez.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...y ya está bien de dar un carné de mal español al que habla gallego. ¡Ya está bien, señoría!

Francamente lle digo unha cousa. Mire, non sigan vostedes nos extremos, non sigan nos extremos porque, ¿sabe o que ocorre? Que cando un está no extremo convértese en extremadamente pesado, e o problema que temos en Galicia non é saber galego e español, señoría, sabemos galego y hablamos español en función da nosa propia vontade.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Non queremos imposicións lingüísticas, señorías, e hoxe estamos absolutamente satisfeitos de que o modelo do bilingüismo cordial en Galicia se exporte ao resto das comunidades autónomas.

Moitas grazas, señorías. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para afrontar os riscos para o autogoberno de Galicia derivados das ameazas de recentralización

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bo día.

Eu tamén quero empezar saudando a todos aqueles que están na tribuna e que están asistindo a esta sesión, en concreto, aos traballadores de Bosch e de Poligal. Esperemos que poida haber unha solución positiva ás súas demandas.

Señor Núñez Feijóo, aínda que vostede di que non, eu creo que é evidente para todos —tamén para vostede— que flota no ambiente conservador en España unha pulsión recentralizadora, a partir dunha visión —eu creo que falsa— do balance do Estado das autonomías, que eu creo que foi —e segue sendo— un éxito rotundo, no que participan todas as forzas que estamos dentro da Constitución e que defendemos a autonomía. Hai exemplos a montóns, pero podemos citar dous.

Onte viamos como o señor Casado defendeu a recentralización das competencias en educación para aquelas comunidades autónomas que se portan mal. Non sei moi ben como cualificar isto. Sabe vostede que é unha competencia plena de Galicia, segundo o noso Estatuto. E tamén defende un estatuto subalterno para as linguas oficiais das comunidades autónomas distintas do castelán —é dicir, para as linguas propias— porque considera que está habendo unha imposición destas linguas. Vostede mesmo acaba de dicir —e eu compártoo— que non hai ningún problema para o castelán en Galicia, non hai absolutamente ningún problema. Por tanto, isto é algo absolutamente innecesario, non só en Galicia, senón noutras comunidades autónomas tamén.

A axenda impulsada por VOX está carcomendo por dentro a axenda dos partidos conservadores en España e está alonxándonos dos consensos que existían neste e noutros temas. E hoxe estamos preocupados, efectivamente, porque vemos que nalgúns destes asuntos vostede adopta como instrumento de situación o silencio. Ponse de perfil —como se di de forma vulgar— diante das posicións recentralizadoras do seu líder. E isto preocúpanos, porque nós sabemos que vostede é un dirixente influínte do seu partido e que podería orientar o programa da súa formación.

A nosa lingua é un elemento central do autogoberno. Sempre falamos de Castelao, pero ás veces debemos tamén seguir as súas pegadas, e el insistía moito nisto: sen o galego non existe Galicia tal como a coñecemos hoxe. Vostede dinos que non hai problema co noso modelo lingüístico, e eu o que lle digo é que, se iso é así, se cre que é así —onte o conselleiro de Educación insistía nesta idea— deféndao. Pero, mire, vostede e o seu grupo apoiaron unha proposta de Ciudadanos no Congreso dos Deputados que eliminaba a posibilidade de



establecer como requisito o galego para o acceso á función pública, e as outras linguas propias. Xa o votaron vostedes, non é un problema para o futuro, ¡xa o votaron hai poucos meses no Congreso dos Deputados! Afortunadamente perdeu. Ten que reflexionar sobre iso e ten que opoñerse porque vai en contra do modelo que vostede di defender. Aí hai un problema, señor Feijóo, non o ocultemos porque é un problema real.

E das competencias o mesmo, van ter hoxe a oportunidade de votar a favor dunha axenda de competencias que pretende romper co que pasou nestes dez anos, nos que non fomos capaces de ampliar o noso autogoberno e achegarnos a outras comunidades autónomas. É unha axenda constitucional que está aprobada xa, con competencias importantes: non só policía e tráfico, senón a Inspección de Traballo ou o control do noso territorio; a xestión do catastro, para poder levar adiante as políticas de mobilización de terras que Galicia precisa; ou o control das nosas costas. Estas son cuestións moi importantes, que afectan non só á alma do noso autogoberno, senón á súa substancia, que son as súas competencias. Por non falar xa das propostas do seu partido para estas eleccións en materia fiscal, que nos farían un roto á suficiencia financeira da comunidade autónoma e que poñerían en cuestión o Estado do benestar.

Son cousas serias porque está en cuestión o noso modelo de Estado, está en cuestión un modelo que permitiu corenta anos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...de progreso, de democracia, de benestar, de convivencia, que está posto en cuestión desde algúns lugares da dereita, e eu espero que isto non vaia a máis.

É necesario dicir con claridade que por aí non imos pasar. É necesario defender que a democracia en España sempre estivo acompañada de respecto á diversidade nun contexto de unidade política, e ese é o modelo que debemos defender entre todos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Leiceaga, eu agradézolle que vostede estea de acordo coa política lingüística do Goberno, iso, sen dúbida, é unha boa nova. E non teña vostede ningunha dúbida de que a política lingüística deste Goberno é a política lingüística que vai seguir en Galicia, porque é aprobada no Parlamento e é aprobada polo Goberno.

Se vostede me fala de distintas consideracións, mire, se quere podemos coller as declaracións enteiras dos líderes políticos nacionais, onde o líder político ao que vostede se refería —o presidente do meu partido— dixo que o modelo do bilingüismo cordial en Galicia era o mo-



delo nas comunidades autónomas bilingües. Ese extracto a vostede non lle interesa. Bueno, pero ese é o seu problema.

Mire, aquí do que se trata non é de enganar os galegos, senón de ser coherente cos galegos. E do mesmo xeito que eu tento ser coherente cos galegos, sei perfectamente, como presidente de Galicia, que o señor Sánchez veu unha vez a Galicia como secretario xeral do Partido Socialista Obrero Español, e dende que é presidente non veu nunca a Galicia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Como presidente do Goberno visitou todas as comunidades autónomas de España salvo Galicia; fixo vinte viaxes internacionais, dous países por mes, salvo a Galicia. E agora o presidente do Goberno central, o seu portavoz aquí, está falando de autogoberno. Pero ¿vostede cre que ao presidente do Goberno de España —que a única comunidade que non visitou como presidente do Goberno de España foi Galicia— lle interesa algo o autogoberno de Galicia, os intereses dos galegos e o presuposto que intentaba trasladar aos presupostos do Estado en Galicia? (*Aplausos.*) ¡Non, señor Leiceaga! ¡Non lle interesa nada!

Eu non digo que a vostede non lle interese, supoño que si, aínda que mire, señor Leiceaga, cada un ten a súa propia historia. No ano 2007, nesta Cámara, os señores do BNG e os do Partido Socialista votaban en contra da transferencia da autoestrada do Atlántico, e agora queren enganar a toda a xente dicindo que están a favor da autoestrada e da transferencia. No ano 2008, vostedes pactaban con nós a transferencia de tráfico, e chegaron a Madrid, co Goberno socialista, e boicotearon a transferencia de tráfico. E agora falan vostedes da transferencia de tráfico á Comunidade Autónoma.

Mire, señoría, nesta Cámara aprobamos a Lei de caixas e vostedes recorrérona ante o Tribunal Constitucional; o catálogo dos medicamentos, e vostedes recorrérono ante o Tribunal Constitucional. ¿De que autogoberno me fala vostede, señor Leiceaga? ¿Do autogoberno de que cada vez que sacamos unha lei en beneficio dos galegos, vostedes a levan ao Tribunal Constitucional? ¿De que cada vez que pactamos a transferencia dunha competencia, vostedes a negan en Madrid? Señor Leiceaga, ¿vostede está preocupado? Debería de estar preocupado, e debería de estar preocupado porque o próximo Goberno de España todo parece indicar que pode ser, se non triunfan os partidos que non estamos dispostos a pactar cos independentistas, o Partido Socialista cos independentistas. ¿E vostede cre que aos señores de Esquerza Republicana, de Herri Batasuna, os socios do BNG ou os señores de PDK ou outros socios que teñen vostedes, lles interesa algo Galicia? (*Murmurios.*) ¿Vostedes cren que cando un goberno recorta un 30 % os presupostos da comunidade nos presupostos do Estado —os peores presupostos dos últimos dezasete anos— lle interesa algo o autogoberno do país?

Mire, señoría, ¿vostede cre realmente que ao Goberno que vostede defende lle interesan xa non os intereses dos galegos, senón os intereses de todo o conxunto dos españois, cando están aprobando en todos eses venres sociais —que lle chaman vostedes— un pufo de 16.000 millóns de euros de débeda pública, porque están vostedes desviando do presuposto 16.000 millóns de euros en tempo de desconto?

Mire, señor Leiceaga, sabe vostede que nós estamos a favor do autogoberno, a inmensa maioría das transferencias que se fixeron a Galicia firmounas o Partido Popular. A construción de Galicia, desde o punto de vista estatutario e desde o punto de vista das institucións



estatutarias, leva a firma dun presidente do Partido Popular. E por iso a nosa proposta é coñecida: ¿imos lograr a transferencia da autoestrada?, ¿si ou non? ¿Van vostedes apoiar a emenda que presentou, por certo, o Partido Popular no Congreso dos Deputados para eximir de 1.400 millóns de euros en peaxes que vostedes firmaron coa concesionaria?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿Van vostedes apoiar a reivindicación lóxica dos 85 millóns de euros anuais que nos debe o Goberno central, que estaban previstos na Lei de presupostos do ano 2018 e xa nos deben 170 millóns do ano 2018 e 2019?

Señor Leiceaga, acábolle de escribir á ministra de Facenda. Acabo de solicitarlle formalmente que transfira os 170 millóns de euros á Comunidade Autónoma e que nos deixe gastar o superávit presupostario do ano 2018, 125 millóns de euros en favor da sanidade e das políticas sociais. ¿Vostede está a favor de que a contestación sexa positiva...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e de que nos transfiran ese diñeiro para a sanidade e a política social? Iso é autogoberno, señor Leiceaga, o resto son discursos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica. Señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: É lamentable, señor Feijóo, que cando falamos de cousas serias vostede me veña aquí contar anécdotas *(Aplausos.)* sen ningún sentido. *(Aplausos.)* Mire, ¿sabe o que é serio e o que é real? Non sei cantas transferencias asinou o Partido Popular cando estaba no Goberno da Xunta. Sei que vostede, como presidente, ningunha. *(Aplausos.)* ¡Ningunha! *(Aplausos.)* ¡Cero! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)* Iso é o que é real, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

¿Sabe o que é real? Que vostede estivo gobernando con Mariano Rajoy —do seu partido— como presidente do Goberno de España, con maioría absoluta, e de todas estas cuestións que deixou sen resolver o Partido Socialista non resolveu ningunha. ¡Resolveu cero! ¡Cero! Ese é o seu compromiso. ¿E sabe por que temos problemas coa AP-9? Por moitas razóns, pero a primeira é que o señor Aznar, co señor Álvarez Cascos, e vostede no Goberno, ampliou a concesión ata o ano 2048. *(Aplausos.)* ¡De aí veñen todos os problemas! *(Aplausos.)* ¿E sabe por que tamén? *(Aplausos.)* *(Murmurios.)* Porque o señor Rajoy, con maioría na Mesa do Congreso dos Deputados, bloqueou que se puidera levar ao Pleno do Parlamento a transferencia, por iso non houbo tempo facela agora. Pero ¿sabe o que lle digo?, que iso o pode resolver mellor vostede, que é dirixente do Partido Popular, cambiando as posicións do seu partido.



Mire, non me veña contar aquí que o problema de todo é que Sánchez non veu como presidente do Goberno a Galicia, iso non deixa de ser unha anécdota. Eu o que lle pido... (*Murmurios.*) —si, si, si si, o problema son as políticas— ...son compromisos. (*Aplausos.*) Os compromisos sobre tres cuestións que lle plantexei hoxe: ¿está vostede disposto a dicirme que se vai opoñer á lei impulsada polo presidente do seu partido, que elimina o galego como requisito para o acceso á Administración pública? (*Aplausos.*) Dígame si ou non. (*Aplausos.*) ¿Está vostede disposto a apoiar unha axenda de transferencias como a que nós plantexamos hoxe no pleno, para negociar co novo Goberno? ¿si ou non? E, por suposto, nós imos estar a favor de todo aquilo que beneficie a Galicia, estámolo demostrando. No pleno anterior votamos a favor das súas propostas en relación coa AP-9 en termos financeiros, e imos votar a favor de todas aquelas propostas que beneficien a Galicia. Non teñan ningún problema por ese lado, porque nós estamos comprometidos co autogoberno e estamos comprometidos con este país. E o que queremos saber é se vostede tamén o está, e é moi simple, conteste as miñas preguntas, dígame que vai dicirle que non ao señor Casado en relación coa lei de imposición do español. Dígame que iso vai ser así, e dígame que vai apoiar tamén unha ampliación das competencias da Comunidade Autónoma e defender as que hoxe están ameazadas, como é no caso da educación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Peche desta pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Fálame vostede de se imos apoiar unha lei que non existe, señor Leiceaga. Eu as leis que apoio apóioas neste Parlamento, (*Murmurios.*) e vou apoiar exactamente todas as leis que aprobamos as maiorías neste Parlamento. Lévoo facendo dez anos e teño a miña propia historia en materia de transferencias. Lamentablemente, é bastante mellor que a súa. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) ¡Bastante mellor que a súa, señor Leiceaga! (*Aplausos.*)

Mire, señor Leiceaga, esta é a emenda da transferencia da autopista do Atlántico. Todo o Grupo Parlamentario Popular no Congreso pedimos que os galegos non paguemos 1.400 millóns de euros máis en peaxes por un negocio ruinoso que o Goberno Socialista fixo outra vez coa concesionaria Audasa. (*Protestas.*) Pedimos que diminúa o 25 % a peaxe de ida e volta. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E pedimos, señoría, un pouco de respecto polos intereses de Galicia. Sobre isto non contestou, xa podíamos iniciar a lexislatura con este compromiso. ¿Que lle parece? Isto xa está redactado, ¿non é esa lei que di vostede que van redactar? Isto xa está redactado. ¿Vostedes están de acordo con esta transferencia da AP-9, dunha redución de 1.400 millóns de euros a peaxe, e dunha redución do 25 % da viaxe de ida e volta no mesmo día?, ¿si ou non? É moi fácil.

Mire, carta á ministra de Facenda do 27 de febreiro. Pedímoslle que nos deixe investir o superávit na sanidade. ¿Vostede está a favor de que nos deixe investir o superávit na sanidade?, ¿si ou non? Señor Leiceaga, evidentemente, sobre cuestións concretas dos galegos, a vostede non lle interesa.



Fala vostede de anécdotas. ¿Anécdota é que o presidente do Goberno de España visitara todas as comunidades autónomas como presidente e non visitara nunca Galicia? ¿Iso é unha anécdota? ¿Iso a vostede lle parece unha anécdota? Anécdota é vir á Coruña e dicir tres compromisos do Goberno de España. Un, que xa está solucionado o de Alcoa (*Murmurios.*) cando están en expediente de regulación de emprego. Que lle digan á xente de Alcoa se está solucionado o de Alcoa. Outro é que está aprobado o estatuto do electrointensivo. ¡Falso! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E o borrador que coñecemos —anticipamos— non vén solucionar os problemas de Alcoa, nin o problema de Ferroatlántica, nin o problema de Megasa, nin ningún problema da industria electrointensiva. Isto é moito máis importante que as bromas que traemos ao Parlamento, señoría, porque estamos falando de miles de familias. Non estamos falando de discursos, estamos falando de chegar á fin de mes, de nóminas e de familias. Disto quere falar o Partido Popular co Goberno de España e co Partido Socialista Obreiro Español.

Miren, señorías, voulles ler o artigo que defendo —espero que vostedes tamén—: «A Constitución fundaméntase na indisoluble unidade da nación española, patria común e indivisible de todos os españois, e reconece e garante o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran e a solidariedade entre elas». ¿Vostede está de acordo co artigo 2 da Constitución si ou non? (*Murmurios.*) Non, non, ¿vostedes están de acordo coa indisoluble unidade da nación española e co Estado das autonomías? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pois non se preocupe, señor Leiceaga, defendo a Constitución de principio a fin, defendo a unidade da nación española, a igualdade de todos os cidadáns... (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e o Estado das autonomías.

Comprendo que se rían os seus socios, porque vostedes gobernan en todas as institucións con eles e non defenden nin a Constitución nin a unidade da nación española nin o Estatuto de autonomía. (*Aplausos.*) Esa é a gran diferenza entre nós e vós.

Mire, señoría, resulta irónico, porque, se hai un partido que cre na recentralización dende sempre, dende a LOAPA, é o Partido Socialista Obreiro Español. (*Murmurios.*) Aquela lei de harmonización do proceso autonómico...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): A xente nova do Partido Socialista, como non sabe o que era o Partido Socialista, pois ri. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Señor Torrado, chámoo á orde.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): O problema é que o anterior Partido Socialista era moito máis serio que o Partido Socialista actual. (*Balbordo.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio!



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¡Si, señoría!

O señor PRESIDENTE: ¡Perdón!

¡Silencio, silencio! (*Fortes murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Unha chamada á orde, señor Torrado.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): A estes deputados novos do Partido Socialista recoméndolles que lean o libro de Alfonso Guerra para que se enteren do que era o Partido Socialista. (*Balbordo.*) Sería importante que o leran, señoría, (*Aplausos.*) sería moi importante que o leran. É moito máis importante o libro de Alfonso Guerra que *Manual de resistencia*, señorías. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Señor Losada, segunda chamada á orde...

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): O problema de todo isto é que, cando o Partido Socialista...

O señor PRESIDENTE: Perdoe, presidente, perdoe.

Señor Losada, segunda chamada á orde. E aviso de que con outra chamada teño que expulsalo. Convén que o saiba.

Grazas.

E remate, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, digo que un partido que aplaude unha diminución do 30 % dos presupostos do Estado en Galicia non ten lexitimidade actualmente para falar do autogoberno en Galicia, láméntoo. Gustaríame non dicir estas palabras...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...pero lamentablemente é así.

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E por iso non conte con nós para cortinas de fume. Nin conte con nós para cortinas de fume e non falar da diminución do 30 % do presuposto nin conte con nós para coartadas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...ante negociacións con independentistas.



O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Galicia sabe o que quere, señor Leiceaga.

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo. Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Queremos a transferencia da autoestrada, queremos investir o superávit...

O señor PRESIDENTE: Señor presidente, terminou o seu tempo. Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e queremos que nos devolván os cartos que nos deben. Iso é o autogoberno real, señor Leiceaga. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Imos continuar coa orde do día. (*Murmurios.*)

¡Silencio, por favor!

Tal e como se anunciou, toca substanciar agora unha interpelación.

Interpelación de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política da Xunta de Galicia en relación co sector da industria electrointensiva galega

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día a todas e a todos, moi especialmente aos traballadores e traballadoras de Poligal que nos acompañan, tamén aos de Ferroatlántica e aos compañeiros e compañeiras do BNG de Cee e de Dumbría. Agradecemos a súa presenza aquí e que, malia o bochorno anterior, aínda non abandonaran a Cámara. (*Aplausos.*) Imos poñer pola nosa parte un pouco de seriedade, que son horas.

Señor Conde, unha vez máis, desde o Bloque Nacionalista Galego traemos a esta Cámara a nosa preocupación polo momento que está a vivir a industria deste país, unha situación cada vez máis grave e cada vez máis urxente. Desde o BNG temos unha preocupación que está fundamentada na realidade que estamos a vivir de continuos ERE e ameazas de empresa, e tamén na realidade obxectiva dos datos. Porque, aínda no último ano de incremento xeral da ocupación deste país, esqueceu antes o señor presidente da Xunta de Galiza dicir que, dentro dese incremento, tamén se acompaña unha perda de 3.500 postos de traballo na industria galega. Porque, desde logo, nós non compartimos que o sector servizos e a terciarización da nosa economía sexan unha boa nova para este país.

E estamos particularmente tamén preocupadas polo que está a acontecer coa industria electrointensiva deste país. A situación de empresas como Alcoa ou como Ferroatlántica evidencian o fracaso estrepitoso do modelo de poxas de interrompibilidade que instalou o Partido



Popular no Estado e que o Partido Socialista non foi quen de cambiar con valentía nos últimos meses.

Nós tamén estamos defraudadas por un Goberno central incapaz de sacar a diante o estatuto das electrointensivas, cun presidente que veu o venres pasado a mentir a este país e a dicirnos que ía ser para xa. Para xa, ao final, resultou que o estatuto das electrointensivas vai estar case, case, na xornada de reflexión, o cal para nós é un prazo inasumible. E outra gran sorpresa é a que nos deu no día de onte o *Boletín Oficial do Estado* español, coa noticia de que aos galegos e ás galegas nos van subir a factura da luz. E tamén para estas empresas vai ser un mazazo, (*Aplausos.*) non só para as economías individuais, senón, por suposto, para estes grandes consumidores.

Desde logo, para o BNG isto é inaceptable e eu quero comezar esta interpelación, señor Conde, tendéndolle a man, tendéndolle a man sobre dúas cuestións. Primeiro, a exigencia de que ese estatuto ten que estar xa e ten que servir para o noso país. E, segundo, unha posición de país. Fagamos valer a proposta que impulsou o Bloque Nacionalista Galego nesta Cámara o pasado 22 de novembro e digámoslle ao Estado que Galiza non admite pagar por producir. (*Aplausos.*) Xa bastante é que non teñamos beneficios por ser produtores de enerxía para outros puntos do Estado como para que agora iso vaia supoñer un mazazo para as nosas economías domésticas e industriais. Porque Galiza, desde logo, non é responsable. A responsabilidade está na absurda política industrial do Estado español, e terá que ser Madrid quen pague esta cuestión.

Estas son cuestións importantes e desde a Xunta hai que ter unha posición firme. Pero hai moito máis, hai cuestións que a propia Xunta de Galiza pode facer por si propia pola empresa na que hoxe nos queremos centrar, por Ferroatlántica.

E como vostede ultimamente —permítame, señor Conde, que llo diga— está un pouco en modo «conselleiro escapista», eu quería recordarlle dúas cuestións que teño aquí. A primeira é que o Estatuto de autonomía de Galiza parece que se lles esquece. A veces confunden ser incompetentes con non ter competencia. Entón eu quero recordarlle o artigo 4.3, por exemplo, polo que se asume un dos principais dereitos dos galegos e galegas: o dereito a traballar neste país; o artigo 27.12, de aproveitamentos hidráulicos; ou o 30.2, de competencia exclusiva en industria.

En segundo lugar, este documento que teño aquí —que supoño que lle resultará familiar— son as condicións da concesión das centrais hidroeléctricas do río Xallas. Efectivamente, tamén podería ensinar —se este Goberno tivera a ben cumprir coas obrigas de remisión de información á Cámara— as concesións da mina de Serrabal, pero prégoles que as imaxine.

E remítolle isto porque hoxe falamos dunha situación particular e preocupante, que é a de Ferroatlántica, que ten varias cuestións ao noso favor e que poderíamos empregar. Porque esta empresa ten os seus beneficios precisamente tan altos pola explotación que fai do Xallas, do río Grande e da mina de Serrabal. Son recursos galegos e concesións galegas e, polo tanto, temos unha marxe de manobra, señor conselleiro, que entendemos que non é menor.



E diso queremos falar hoxe, da folla de ruta que imos seguir diante dos pasos que está a dar o señor Villar Mir.

Hoxe instámoslos a actuar diante dun ERE que está absolutamente inxustificado e que supón unha deslocalización encuberta de manual. Sabe vostede que xa nas últimas semanas do ano as e os traballadores recibiron as noticias de ameaza dun ERE, tanto para Sabón como para Cee e Dumbría. Ameazas que finalmente culminaron, que culminaron na parada de dous fornos inicialmente, o 13 e o 14. Sobre isto eu quero chamar a atención de que tampouco hai tanto do despezo do forno 11 e de que este feito, este propio feito, antes de se presentar e aprobar o ERE, xa implicou o despedimento de persoas, xa implicou persoal temporal eventual que non se contratara e implicou perdas tamén na empresa auxiliar —sobre unhas 30 persoas que xa acabaron 2018 sen un posto de traballo—.

Eu espero que despois das últimas novidades, despois da presentación oficial o 4 de febreiro desa comunicación do ERE temporal, do 1 de marzo de 2019 ao 28 de febreiro de 2021, vos tedes teñan unha folla de ruta planificada. Porque nós entendemos que esta decisión está absolutamente —insisto— inxustificada.

Entre as desculpas da empresa atopamos motivos variopintos. Entre eles, din que é o resultado da poxa de interrompibilidade. Pero a verdade é que é un argumento que se sostén pouco, porque independentemente do resultado da poxa, que obviamente podía ter sido mellor, non esquezamos que era unha poxa para seis meses e que nos están intentando coar a moto dun expediente de emprego que dura dous anos. Polo tanto, non se sostén. Tampouco se sostén se miramos o que aconteceu en 2018, porque cabería pensar que esta empresa sufriu un devalo estrepitoso. Pero é que aconteceu o contrario, os seus beneficios continuaron aumentando. E, por último, hai que ter en conta tamén esa vinculación coas centrais do Xallas. Iso implica que é unha fonte de beneficio constante —incluso en momentos de incremento do prezo da electricidade— para esta propia empresa, que ten aí oportunidades incluso de autoprodución e de beneficiarse desa condición.

Polo tanto, nós non cremos as mentiras do señor Villar Mir e agardamos que a Xunta de Galiza tampouco. É certo que hai un contexto adverso, esa crise na industria electrointensiva, esa incapacidade de resposta por parte da Xunta de Galiza tras unha década de falta de política industrial e o abandono por parte do Estado. Pero temos unha posición de fortaleza, señor Conde, que eu creo que temos que explotar. Temos unhas concesións que cabe poñer enriba da mesa, porque esas concesións teñen unhas obrigas, unhas obrigas de mantemento do traballo, que se están a incumprir sistematicamente desde hai moitos anos —e moito máis agora mesmo con este expediente—. E hai tamén unha obriga de mantemento da actividade produtiva. E a Xunta de Galiza ten que exixir que esa actividade ten que estar a pleno rendemento. E ten que plantar cara porque somos conscientes dos antecedentes e somos conscientes de que, cando este pobo se une, loita na rúa e non se dobrega ante o intento de explotación colonial do señor Villar Mir, como fixo cando intentou especular cos nosos recursos naturais, sabemos que podemos vencer. *(Aplausos.)* E agora temos un novo reto por diante, temos que poñer todo o poder político preciso e toda a presión política precisa para parar esta deslocalización encuberta.

Sabe vostede que hai moitos meses que, desde Sabón, que viven grazas a espoliar da mina de Serrabal un mineral absolutamente exclusivo en toda Europa, hai moito tempo que están



intentando levar todo o valor engadido para Puertollano. Sabe vostede que xa a finais de ano os traballadores e as traballadoras de Cee e Dumbría protestaban no porto de Brens porque se exportaba material desa fábrica para ir producir a outra. Sabe vostede a operación de Villar Mir de comprar unha fábrica en Francia para producir o mesmo que producía en Cee. E sabe vostede tamén que nin 24 horas despois de se asinar ese ERE estaba planificada xa a aposta ao cen por cento —cun forno incluso que non estaba funcionando anteriormente— de Santander; de Santander, que é parte do Estado español tamén e que ten o mesmo prezo da electricidade que o noso país. E, polo tanto, isto é dous máis dous en deslocalización encuberta de manual, con empregos que se destrúen e, polo tanto, baixo o noso punto de vista, co incumprimento da vinculación das centrais hidroeléctricas co complexo industrial.

Entendemos que neste momento non se está a garantir o emprego, non se está a garantir o mantemento da actividade produtiva, e, polo tanto, as preguntas son lóxicas: ¿que valoración fai a Xunta de Galiza? ¿Que folla de ruta imos seguir? ¿Avaliaron ou non se se están a cumprir esas condicións? ¿E como imos actuar?

Desde logo, se son quen de deixar de facer de meros delegados de Villar Mir e de mirar para outro lado, nós estaremos tamén do lado da Xunta de Galiza. Temos claro que hai que trazar unha folla común, e esa folla común ten que pasar por exixir a Villar Mir frear esa deslocalización encuberta por ir en contra desas concesións, por ir en contra do modelo de industria que necesita este país e porque están intentando chantaxear e poñer no punto de mira unha comarca enteira, e iso non o podemos permitir como país.

Pola miña banda, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Presas, efectivamente, concordamos na valoración que vostede vén trasladar aquí, a esta cámara, sobre a situación de Ferroatlántica —que hai que estender ao conxunto da industria electrointensiva—, unha valoración negativa e unha valoración que nos preocupa a todos.

Este mesmo luns mantivemos unha nova xuntanza no Ministerio de Industria por mor da situación de Alcoa, e foi unha nova decepción comprobar que, tras as expectativas que xerou a visita do presidente Sánchez á Coruña, non só non se achegou unha situación para a empresa, senón que o Goberno central tampouco presentou o borrador do estatuto de empresas electrointensivas, cando foi o propio Goberno o que marcou a data do 11 de marzo para a súa presentación.

Así pois, señorías, seguimos sen un estatuto do consumidor electrointensivo que nos permita establecer un marco eléctrico competitivo, estable e predicible tanto para Ferroatlántica



como para o resto das empresas electrointensivas, e o Goberno segue sen atender as propostas que dende Galicia lle enviamos hai tres meses e que aínda non foron recollidas, a pesar de coincidir coas que xa se aplican noutros países como Francia ou Alemaña.

As propostas da Xunta de Galicia son ben coñecidas e foron consensuadas coas propias empresas electrointensivas, consenso no que tamén participou Ferroatlántica. Permiten definir diferentes tipos de empresas electrointensivas, pero nomeadamente plantexan a redución dun noventa por cento das peaxes de acceso na parte relativa ao custo do transporte, establecer mecanismos de compensación por emisión de CO₂ de carácter trimestral, excluír o pagamento das achegas para o Fondo Nacional de Acción de Eficiencia Enerxética e os custos de capacidade e elaborar un estudo das perdas técnicas de enerxía realmente soportadas.

Todas estas medidas, que lle foron trasladadas ao ministerio, esperamos que se poidan incluír nese estatuto do consumidor electrointensivo e que, ademais, teñan como medida adicional ter carácter retroactivo dende o pasado 1 de xaneiro, co cal, tamén entendemos que vai beneficiar o conxunto das empresas electrointensivas.

Efectivamente —e concordamos con vostede—, seguimos cos resultados dunha poxa por interrompibilidade absolutamente insatisfactorios. O Goberno de Pedro Sánchez aplicou un drástico recorte na retribución do ano 2019, deixou de asignar —e é bo recordalo neste parlamento— os setenta e dous millóns de euros da partida de compensación á industria electrointensiva que figuraba nos orzamentos xerais do Estado do ano 2018, e, ademais, o Anteproxecto de orzamentos para este ano incluía unha dotación claramente insuficiente.

No día de hoxe, en definitiva, seguimos sen dispoñer dunha poxa que dea certezas ás empresas sobre os ingresos, e, polo tanto, Ferroatlántica tamén está nunha situación de absoluta incerteza sobre o que pode pasar no segundo semestre do ano 2019.

Ademais, seguimos nun contexto político adverso; vostede tamén se refería con esta expresión á situación dun goberno que está instalado nunha campaña electoral permanente. Parece que convocou simplemente a moción de censura para entrar en campaña e utilizar A Moncloa como plataforma da súa campaña electoral dende o minuto un da súa chegada ao goberno.

O certo é que este goberno está freando o investimento empresarial, este goberno está freando a creación de emprego e este goberno está facilitando a deslocalización de empresas a outros países. E hai medidas que claramente nos preocupan tamén aquí, en Galicia, como é o propio Anteproxecto de lei de cambio climático e transición enerxética, cun impacto especialmente negativo no sector da automoción.

Ademais, temos un goberno que, dende o punto de vista da súa política industrial, está desenvolvendo unha política enerxética absolutamente desordenada, unha política enerxética improvisada e unha política enerxética ineficiente que está poñendo nunha situación límite o conxunto das empresas electrotintensivas e o conxunto do sector produtivo. É certo que é un goberno que tampouco decide poñer fin á suspensión do imposto á xeración eléctrica, que foi a medida que adoptou o pasado outubro para conter a subida do prezo da luz. Curio-



samente, utiliza os venres, dentro da campaña electoral, para incrementar o gasto, pero non quere utilizar os venres tamén para aprobar modificacións lexislativas que permitan darlle continuidade á suspensión do imposto á xeración eléctrica e, polo tanto, que os consumidores e que as empresas teñan un alivio dende o punto de vista do prezo da factura eléctrica.

Polo tanto, estamos de novo ante un goberno que, simplemente, ten unha política enerxética que vai contra a industria, unha política enerxética que vai contra o emprego e unha política enerxética que vai contra a continuidade da actividade industrial de Ferroatlántica, das empresas electrointensivas e tamén do resto do noso tecido produtivo.

E, fronte a este escenario, vostede falaba de fortalezas. É certo, coincidimos no concepto: Galicia ten fortalezas. Seguramente falamos de fortalezas distintas, porque en Galicia si hai un goberno estable que está traballando pola defensa do interese xeral de todas as empresas. Non dependemos de ningún tipo de coalición tóxica e temos un goberno que está actuando, que está dialogando, que está traballando xunto co tecido produtivo e que, dende logo, está fóra de calquera cálculo electoral, que parece que son os tempos que están marcando tanto o Partido Socialista como os seus socios de goberno en España.

E, no caso concreto de Ferroatlántica, a Xunta de Galicia está vixiando e está exixindo o mantemento das concesións. E teña claro, señora Presas, que se fará sempre dentro da legalidade, como fixemos no ano 2017 cando denegamos a segregación da actividade eléctrica solicitada pola empresa, exixindo cada un dos condicionantes que marca o título concesional, en concreto, o mantemento da actividade industrial de ferroalixes. Non debería de engadir vostede ningún outro compromiso que non figure nese título concesional, como acaba de referir na súa intervención.

E, coincidindo con todos estes aspectos, non coincidimos, efectivamente, nas solucións; aí si que non coincidimos. Vostede fala dunha proposta do BNG, e vostede sabe que temos debatido moito sobre a tarifa galega do Bloque Nacionalista Galego, esa tarifa independentista, (*Murmurios*.) que é o que vostedes sempre queren trasladar aquí. Hoxe volve trasladar unha proposta: ¿por que o Bloque Nacionalista Galego nunca trouxo a este parlamento unha memoria explicando cal é o impacto real que ten para as empresas e para as familias galegas esa tarifa eléctrica independentista do BNG? Eu estaría encantado de que vostedes trasladaran aquí un informe técnico de impacto real.

Mentres tanto, señora Presas, teño que quedar co dito polo señor Blanco Parga neste parlamento, coa posición do BNG, simplemente, tildando de xogo político a decisión sobre o sistema eléctrico español e galego. Aí non nos van encontrar; isto non é un xogo político, e sabe perfectamente que todos os expertos tildaron a tarifa do BNG de ilegal e de inxusta, porque supón un gasto adicional e un custo adicional para as empresas e para os consumidores, e, ademais, é unha tarifa que non é solvente, simplemente porque vostedes nunca presentaron datos que xustificasen o seu relato. Teñen un relato nacionalista, teñen un relato independentista dende o punto de vista eléctrico, pero é un relato que non dá solucións concretas ao tecido produtivo.

En definitiva, señora Presas, seguiremos traballando para darlles solucións as empresas electrointensivas, para darlle solucións a Ferroatlántica e para dar solucións para que Galicia



poida seguir medrando dende o punto de vista industrial; un esforzo que está desenvolvendo o noso tecido, e máis, se cabe, hoxe, pola falta de estabilidade que temos no contexto nacional e internacional. É certo que está creando moitas dificultades, pero son dificultades que veñen xeradas, señoría, por unha política enerxética desordenada, unha política enerxética inxusta e unha política enerxética que está poñendo a nosa industria electrointensiva nunha situación límite, tanto Alcoa como Ferroatlántica ou o resto do tecido produtivo.

Eu o que lle pido é que o seu grupo estea ao lado do Goberno con pragmatismo e con responsabilidade; píddllelo a todos os grupos da oposición para facer unha fronte común. A verdade é que non teño moitas esperanzas de que vostedes recollan esta man que lles tendo, pero, dende logo, o que si lles pido é que dende o Bloque Nacionalista Galego deixen de seguir poñendo trabas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Señor Conde, ¿sabe o que temos no BNG que lles falta a vostede e ao seu goberno? Vergonza. (*Aplausos.*) Temos un pouco de vergonza e de sentido da responsabilidade. Porque eu penso que vostede se equivocou de papel hoxe; é que, ademais, é unha vergonza que veñan aquí os traballadores e traballadoras e que o teñan que escoitar, é unha auténtica vergonza. Vostede confundíuse de papel, porque veu aquí dedicar o noventa por cento da súa intervención ao argumentario electoral do Partido Popular. Pois mire, ten agora unha oportunidade: que o presenten de candidato para ir de deputado para Madrid e que ocupe alguén, se ten vontade alguén do Partido Popular de facelo, a vaga de conselleiro de Economía, Emprego e Industria. (*Aplausos.*)

Eu xa perdo toda a esperanza, de verdade, perdo toda a esperanza de que vostede sexa capaz de traer aquí un debate con seriedade. Eu xa comecei léndolle o Estatuto de autonomía para que non diga que non teñen competencias, que é o que fai vostede ultimamente en calidade de conselleiro escapista; pero, de verdade, xa non sei que podemos facer máis que, sen esperanza, pedirlle que tome un pouco en serio o que está pasando. Porque quen destruíu tres mil cincocentos postos de emprego na industria no último ano foi o seu goberno, non foi o BNG; (*Aplausos.*) quen ten unha empresa tras outra presentando procesos de extinción de emprego e peches é o Goberno do Partido Popular.

Vostedes verán, pero nós, desde logo, tomamos isto en serio e, polo menos, atendemos cando se nos fala, porque eu, en dez minutos, non fixen unha soa referencia á nosa proposta — que, por suposto, defendo — de tarifa eléctrica galega. Por certo, supoño que tamén son independentistas agora a xente de Asime, por exemplo, ou outros colectivos profesionais que están reivindicando cuestións semellantes e demais. Pero vostede, centrado no seu argumentario. Pero, claro, a verdade é que temos que, desde o BNG, facer un pouco de propósito de autoavaliación, porque aquí quen está superando todos os índices de independentismo, pero do revés, é o Goberno do Partido Popular, porque o *Boletín Oficial do Estado* acaba de su-



birnos a todos a tarifa eléctrica galega. Tarifa eléctrica galega do revés: grazas ao Partido Popular, en vez de máis baixa, máis alta. *(Aplausos.)* Pois se ese é o independentismo que vai practicar o Partido Popular, desde logo, eu non llo merco, señor Conde.

Vostede, ademais, a min fascíneme, porque di que estiveron traballando, que teñen un consenso coas empresas... Pois xa me dirá de que lle valeu chegar a consensos con Ferroatlántica, porque no día de hoxe o que están facendo é botar xente á rúa. Esas son as consecuencias, entre outras cuestións, de que vostede ignorara durante todo este tempo a necesidade —que o BNG puxo enriba da mesa— de que a parte social tamén estivera alí, de que os sindicatos, que tanta alerxia lle dan a vostede, tamén estiveran nas negociacións.

E vostede fala de campaña electoral permanente; a verdade é que debería aplicarse o conto.

Di tamén que está vixiando e exixindo, e cada vez teñen máis procesos abertos enriba da mesa. ¿Vixiando e exixindo o que? ¿Que operen máis fornos en Santander? ¿Que Santander estea ao cen por cento de capacidade produtiva mentres Ferroatlántica en Cee, Dumbria e Sabón bota xente á rúa e perde capacidade produtiva? ¿Esa é a exixencia da Xunta de Galiza? Dende logo, eu non sei que están exixindo, porque non o concretou, pero a verdade é que, se están exixindo algo, están fracasando. Entón, ou non están exixindo ou están exixindo e están fracasando. Polo tanto, o que está claro é que coas súas receitas, señor Conde, non imos ben.

Desde logo, nós non imos entrar no xogo que pretende o Partido Popular de meter ruído nesta cuestión cando hai que falar de propostas serias, e, polo tanto, voullas deixar enriba da mesa coa esperanza reducida de que tome algunha en cuestión. Vouno instar, unha vez máis, a que escoite o que din os traballadores e traballadoras, pero de verdade, para chegar a puntos en común e para buscar unha saída, non para sacar unha foto e dicir que xa se reuniron e que a culpa de todo é de Pedro Sánchez.

Nós entendemos que hai que demandar a Ferroatlántica con contundencia a retirada dese ERE. Hai que argumentarlles que non está xustificado e que exiximos de forma inmediata que eses fornos que se paralizaron volvan funcionar; que se poña enriba da mesa que, se non están cumprindo esas condicións de explotación, que se argumente isto xuridicamente e profesionalmente —e sabe vostede que ten profesionais dentro da Xunta de Galiza que poden facelo perfectamente—; que se lle diga á empresa que Galiza non acepta chantaxes e que Galiza non vai permitir que se extorsione unha comarca e os seus traballadores e traballadoras a cambio de máis miseria, e que, polo tanto, se a eles non lles valen esas condicións, buscaremos a quen lle valla, pero o que non imos permitir é que isto siga sendo unha deslocalización encuberta e un futuro peche. E hai que exixir, como titular das concesións, que iso sexa así, señor Conde.

Se toman isto con seriedade e non como campaña permanente, desde logo, nós estaremos aí, pero o que non admitimos son este tipo de tomaduras de pelo e que vostedes veñan aquí ridiculizar propostas, ridiculizar e minusvalorar a situación que está atravesando a Costa da Morte e mirar para outro lado, porque é o que están facendo. Para iso, é mellor que deixe a Consellería de Economía, Emprego e Industria e que se dedique a candidatarse a algún outro posto. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Peche desta interpelación, conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Presas, é desconcertante. A verdade é que que vostede veña aquí... Eu entendo perfectamente que, cando vostede non ten argumentos, intenta desviar o contido da súa intervención. (*Murmurios.*) Que lle fale a este goberno da falta de diálogo fluído cos sindicatos...

Permanentemente, a axenda da Xunta de Galicia e, nomeadamente, a deste conselleiro están ao dispor dos sindicatos, e, así, estamos traballando conxuntamente cos sindicatos, tanto con Alcoa como con Ferroatlántica ou con Poligal, con todos os sindicatos e con calquera empresa que ten dificultades e que precisa deste goberno. Polo tanto, entendo que o seu discurso independentista a descoloque da situación actual e das necesidades que ten Galicia, pero debería de utilizar a súas intervencións para trasladar, cando menos, plantexamentos que teñan unha certa coherencia.

En calquera caso, nós seguiremos traballando cos traballadores de Ferroatlántica, que están ameazados —xa o dixen— por unha política enerxética desordenada e inxusta que está a levar a cabo o Goberno socialista, apoiada polas mareas de Podemos e apoiada polo seu grupo dunha forma clara e directa.

Estaremos tamén cos traballadores de Alcoa, uns traballadores cos que, nas súas demandas de concreción ao Goberno, temos traballado conxuntamente para plantexar ese caderno de venda que esperemos que dea unha solución. Pero os traballadores de Alcoa saben perfectamente e este goberno sabe perfectamente que a solución de Alcoa pasa por un prezo competitivo, e se o Goberno de Pedro Sánchez non pon un prezo competitivo ás industrias electrointensivas, Alcoa non terá unha solución. Esa é, señora Presas, a realidade.

Estamos e estaremos tamén cos traballadores —que vostede non os nomea— de Meirama, porque os traballadores de Meirama, lamentablemente, seguen sen alternativas por un peche anticipado e pola pouca seriedade e o pouco rigor do Goberno de Pedro Sánchez. Dígolles isto porque parece que vostedes, unha vez máis, diferencian entre traballadores de primeira e traballadores de segunda, traballadores dos que queren vostedes defender a súa posición e traballadores que, simplemente, entenden que deben de estar fóra dos intereses xerais desta comunidade autónoma. (*Murmurios.*) Nós estaremos cos traballadores de Ferroatlántica, cos traballadores de Alcoa e tamén cos traballadores de Meirama, cousa que vostedes, lamentablemente, non poden dicir. (*Murmurios.*)

En canto á solución máxica do Bloque Nacionalista Galego, repítolle o ofrecemento: traian a esta cámara e presenten a súa proposta cos impactos reais, en termos de custos, que tería para os galegos, para as empresas e para as familias a súa proposta. Nunca trouxeron a esta cámara nin trasladaron ese impacto.



Si creo que debería de axustarse un pouco á realidade, porque, claro, vostedes plantexan as diferenzas no pulo enerxético con outros países europeos. Vostede debería de saber —e, se non, debería documentarse— que en Alemaña o trinta e seis por cento da enerxía se produce con carbón e que en Francia o setenta e dous por cento se produce con enerxía nuclear, e que as nosas empresas, Ferroatlántica e Alcoa, teñen que competir con estes países nos mercados internacionais. Pero tamén debería de establecer as diferenzas que temos no enfoque de transición enerxética, xa llo dixen: o peche anticipado da centrais térmicas está poñendo en risco que Galicia continúe como excedentaria en enerxía. ¿Por que vostedes queren falar de superávit na produción enerxética de Galicia defendendo o peche de Meirama e das Pontes? ¿A quen queren enganar? Se pechan as centrais térmicas en Galicia, Galicia terá un déficit na produción eléctrica de 4.306 xigavatios. Esa é a realidade, señora Presas, non queiran vostedes enganar a ninguén. Dende logo, a este goberno non o van enganar.

Señora Presas, nós seguiremos traballando, e, lamentablemente, o currículo do BNG en materia enerxética pasa por apoiar o pago de primas renovables nos anos 2008, 2009 e 2010, que xeraron unha débeda de vinte e catro mil millóns de euros aos españois, e tamén cando estiveron ao lado do Goberno socialista, que condonou máis de tres mil millóns de euros ás eléctricas ao non reclamar o cobrado polos custos de transición á competencia. Ese é o seu currículo en materia de política enerxética; aí non conten con este goberno.

Si poderán contar cun goberno que apoia a industria, que apoia Ferroatlántica e que apoia, en definitiva, o tecido industrial en Galicia. Abandonen argumentos independentistas que non levan a ningún tipo de solución para o tecido produtivo en Galicia e ocúpense de todos e cada un dos traballadores de Galicia, deixen de diferenciar entre traballadores de primeira e traballadores de segunda. Para este goberno todos os traballadores merecen o apoio e o respaldo para continuar coa actividade e apostar pola industria en Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Continuamos con outra alteración da orde do día, neste caso, preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a Luca Chao Pérez e D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda, do G. P. de En Marea, sobre os obxectivos da posta en marcha nos centros educativos dunha campaña de concienciación infantil e xuvenil a favor da minaría en Galicia

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Bo día.

Queremos comezar agradecendo a presenza das integrantes das plataformas medioambientais que hoxe nos acompañan e que nos puxeron sobre a pista deste asunto.



Señor conselleiro, lamentamos que teña que ser vostede quen veña contestar, porque é a segunda pregunta que, en quince días, formulamos á conselleira de Ensino e que, por un ou outro motivo, non vén contestar. Non lle interesa a educación sexual e non lle interesa a educación medioambiental; polo visto, non lle interesa nada que teña que ver coa educación das nosas fillas e dos nosos fillos.

Hoxe queremos falar da denuncia feita pola Rede contra a Minaría Destrutiva na Galiza, que alertaba de que o día 12 de febreiro se estaba a realizar na Cidade da Cultura un acto do *lobby* da minería no que se presentou un *kit* de materiais, supostamente educativos, destinados a nenas e nenos de primaria, de infantil e de secundaria; un evento para presentar unha campaña máis coa que tratar de lavar a cara do *lobby* mineiro en Galicia.

A rede Contraminación denunciou que, mentres a Administración dedica grandes esforzos e recursos públicos a estas campañas de enxeñería social, dúcias de explotacións mineiras continúan sen restaurar ou, o que é peor, convértense en focos agravados de contaminación, como ilustran as minas vertedoiro de Miramontes, Casalonga ou Touro, na contorna da capital galega. É, cando menos, curioso que a Xunta de Galicia financie e pretenda dar cabida nas escolas a este tipo de accións, que nada teñen que ver coas necesidades educativas das nenas e nenos do país e que, ademais, ocultan a realidade depredatoria e a degradación medioambiental, patrimonial e paisaxística de moitos destes proxectos.

É unha vergoña e unha aberración educativa que se negue a necesidade de impartir contidos como os de educación sexual nas aulas; disque para iso non hai tempo, pero si que hai tempo para defender intereses de compañías privadas. ¿Como chamarlle a isto se non é adoutrinaemento? Adoutrinaemento nun modelo económico sen futuro e insustentable. Iso non é educación, é ideoloxía, e moi alonxada —por certo— do que deba ser a defensa do interese común e do interese xeral, que debería sempre prevalecer; un intento burdo de tratar de desmobilizar a cidadanía que —lamentamos— non vai funcionar.

Adoutrinaemento, ademais, falaz, porque os materiais —como dicía antes— supostamente educativos inclúen un montón de inexactitudes, cando non simplemente mentiras. Permítame poñerlle un exemplo: nos materiais referidos argumentase que a minería é unha actividade que aporta valor ás comarcas nas que se instala, axudando a fixar poboación no territorio. ¿Que os números din o contrario? ¿Que importa? Estamos instalados no tempo da posverdade e aí a rigorosidade cotiza sempre á baixa. Mais nas escolas, señor conselleiro, deba defenderse. Se analizamos os datos demográficos dos vinte anos —entre o 1971 e o 1991— nos que, por poñer un exemplo, a mina de Touro-O Pino estivo aberta, a perda de poboación foi moito máis acusada —un 22,8 por cento no Pino e un 24,5 por cento en Touro— que nos vinte anos seguintes —entre o 1991 e o 2011—, nos que a mina estaba pechada, que foi do 10,2 por cento e do 18,8 por cento.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao. Grazas, terminou o seu tempo.

A señora CHAO PÉREZ: ¿Con que obxectivo se van divulgar estes contidos nos centros educativos de Galicia? (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo, señora Chao. Grazas.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Que tristura, señora Chao; que tristura a súa intervención para Galicia. (*Aplausos.*) ¡Que tristura!

Segundo vostede, as máis de once mil duascenas persoas que hoxe traballan na minería en Galicia deben avergoñarse da súa profesión; segundo vostede, os alumnos e as alumnas que estudan as carreiras universitarias e non universitarias vinculadas coa minería en Galicia deben avergoñarse tamén por aspirar a facelo, e, segundo vostede, os colexios que, na súa autonomía educativa, queren informar sobre a minería en Galicia tamén se deben avergoñar por dar a coñecer unha actividade que sempre estivo presente en Galicia. Porque lle recordo, señora Chao, que os nosos devanceiros eran gandeiros, eran agricultores e tamén —¡tamén!— eran mineiros. (*Aplausos.*)

Mire: este cómic, *O tesouro das estrelas*, (*O señor Conde López amósalles un libro aos membros da Cámara.*) que é un dos elementos que está difundindo a Cámara Mineira de Galicia, ten como protagonista unha muller, unha muller que traballa na minería e que simplemente acode ao centro escolar da súa filla para contar, como fan o resto de nais e pais, a que se dedica. Segundo vostede, seguramente tamén as fillas destas profesionais se deben avergoñar, seguramente.

Sigo: no cómic indícase como se investiga un recurso mineral, cales son os recursos que existen en Galicia e para que serven, e fálase tamén do gran xeoquímico e investigador a nivel mundial Isidro Parga Pondal, membro das Irmandades da Fala e creador, no ano 1940, do Laboratorio Xeolóxico de Laxe. Segundo vostede, tamén se debe borrar esta realidade ás novas xeracións.

Xa é sorprendente que diga vostede que a minería non crea riqueza en Galicia —é sorprendente— e que tampouco serve para fixar poboación no rural. Creo que, sinxelamente, descoñece a realidade do sector mineiro en Galicia.

Señora Chao, se o seu grupo quere pechar a minería, dígamo abertamente; pero, dende logo, terían que imaxinar un mundo totalmente distinto: seguramente unha vida sen electricidade, sen enerxía, sen vivendas, sen carreteras, sen coches e sen tecnoloxía. Porque todo iso ten como orixe a minería; seguramente vostede non o sabe. Creo que deben de abandonar argumentos simplistas, e, por favor, colaboren...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Terminou o seu tempo.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...para dignificar a actividade mineira. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grazas. Terminou o seu tempo.



Réplica, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: O señor Conde estivo a piques case de emocionarme, ese ton lacrimóxico... A piques. Quen se ten que avergoñar é vostede por gastar o diñeiro de toda a cidadanía na defensa de intereses privados que van en contra do interese xeral. Quen se ten que avergoñar é vostede, que está deixando o país convertido nun deserto industrial. Quen ten que avergoñarse e dar moitas explicacións é vostede.

Que estean financiando esta campaña é indignante e escandaloso. Que a Xunta de Galicia poña os centros educativos á disposición dun *lobby* empresarial para desenvolver as súas campañas publicitarias a favor dun modelo económico esgotado é irresponsable, e que encima financien esta propaganda é indignante e escandaloso. Financiar esta campaña é un exemplo máis de como a Xunta renuncia a defender o interese da maioría social, un exemplo máis de como cando a Xunta ten que escoller entre o interese xeral e o interese privado sempre escolle o segundo.

Agardamos que rectifiquen canto antes. Agardámolo nós, pero o máis importante é que o agarda a cidadanía activa e organizada contra a política de espolio industrial en diferentes plataformas medioambientais, algunhas das que hoxe nos acompañan; agárdano as ANPA, indignadas ante semellante despropósito, e, por suposto, todas as persoas comprometidas co futuro deste país. Escoiten, señorías, jescoiten! Escoiten o clamor da cidadanía, escoiten o berro dos Venres polo futuro.

O país que vén tinguense de verde, vano escoitar o vindeiro venres. Fala de como facer as nosas vidas sustentables, dunha necesaria transición ecolóxica, da xustiza interxeracional para que as nosas fillas non paguen os desmandos da industria de hoxe e dun corresponsabilizarse co país que temos para o futuro. Sobre isto sería sobre o que un goberno responsable e comprometido co futuro estaría ensinando nas aulas, sobre isto. Sobre isto será o que as mozas e mozos de todo o mundo berrarán o vindeiro venres na folga do clima, e dende aquí queremos dicirles: ¡estaremos con vós! Diga vostede, señor conselleiro, de que lado está. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Rolda de peche desta pregunta, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Non se enfade, señora Chao, no paga a pena. Eu, por primeira vez nunha sesión parlamentaria, vin caras de perplexidade na oposición porque a súa intervención é realmente sorprendente.

A actividade mineira en Galicia — non sei se o sabe — é unha actividade legal; parece que a actividade mineira en Galicia é unha actividade ilegal, e debería saber que esta actividade está regulada por unha lei, curiosamente, aprobada por vostedes e polo Partido Socialista. E parece que vostede olvida esa lei. Remítome ao entón conselleiro de Innovación e Industria, o señor Blanco Álvarez, que dixo nesta cámara que estaba convencido de que é compatible a actividade mineira co respecto medioambiental, coa creación de postos de traballo e coa



creación de riqueza —*Diario de sesións* do 27 de novembro do ano 2007—. Non sei en que punto da súa intervención pode vostede incluír o cumprimento da lei que o seu grupo apoiou no ano 2007. (*Aplausos.*)

Señora Chao, creo que os materiais que están a desenvolverse por parte da Cámara Mineira de Galicia... Debería de saber que a Cámara é unha corporación de dereito público que agrupa persoas físicas e xurídicas que realizan actividades vinculadas coa minería e que ten nas súas funcións encomendado promover o ensino da minería. Esta campaña está dentro das funcións que ten e das obrigas da propia cámara para desenvolver estas actuacións.

E, señora Chao, sempre se falou de xeoloxía e de minería no ensino; non sei por que vostede quere afastar a minería da ensinanza. Eu non sei por que non lles quere permitir aos nosos nenos que teñan información sobre as boas prácticas na minería e sobre un sector que é garante dunha minería sustentable, non sei por que non quere que teñan esa información. Os materiais editados pola Cámara Mineira están á disposición dos colexios, están á disposición dos docentes, e na súa autonomía educativa son libres para usalos ou non. (*Murmurios.*) E son libres para contrapoñer outros exemplos que estimen adecuados. ¡Só faltaría que agora En Marea se opoña a que os nenos e as nenas galegas e galegos poidan coñecer diferentes visións e que formen as súas propias ideas! ¿Onde quere levar a ensinanza, o tecido produtivo e a propia minería en Galicia?

Señora Chao, eu non sei se En Marea apoia o sector da minería; vexo que non. Este goberno si o apoiará e traballará para seguir dignificando...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...a actividade mineira en Galicia. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

Pregunta de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para favorecer o mantemento da actividade produtiva da empresa Poligal en Narón

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don José Luis Rivas Cruz, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, señor presidente.

O 22 de febreiro pasado, nun dos xulgados do Mercantil de Barcelona, Poligal presentaba concurso de acredores e cesamento da actividade con aplicación dun ERE extintivo para cento oito traballadores fixos e seis eventuais. Esta nova foi comunicada a traizón a un comité de empresa que tomaba posesión —coma quen di—, e o anuncio foi feito por medio de videoconferencia. Os operarios deste *holding* de capital catalán teñen unha media de idade arredor dos cincuenta anos. A empresa aduce perdas millonarias nos últimos cinco anos e pouca viabilidade nun sector que —din— adoce dunha excesiva potencia instalada.



Cando se anunciou a nova fábrica instalada en Polonia, a empresa deixou ben claro que a planta de Narón non se debía sentir ameazada. E así, no 26 de xuño do pasado ano declaraba que Poligal sería referencia a nivel internacional en solucións de envasado flexible: «A fábrica de Narón» —textualmente— «é a planta máis versátil coas solucións de envasados flexibles máis ampla de Poligal, non entrando en conflito con ningunha das outras plantas que o grupo ten». E os responsables —nós diríamos irresponsables— do grupo estaban analizando algúns escenarios de investimento para mellorar a produtividade e a eficiencia das instalacións da comarca ferrolá. O Grupo Peralada presentou hai seis anos un ERE que mandou ao paro corenta persoas da fábrica de Narón. Iso si, antes disto negara a deslocalización da produción cara a Portugal, onde ten outra fábrica. E hai —como dixemos— un par de anos inaugurou outra en Polonia, cun investimento de corenta millóns. Iso si, aquí levan máis de vinte anos sen facer investimento ningún, co perigo que ten para os procesos produtivos dun sector no que a tecnoloxía é clave.

En fin, señor conselleiro, unha historia que se repite mentres o Goberno da Xunta, ausente nas políticas industriais deste noso país, mira para outro lado sen dicir nin chío: Alcoa, Ferroatlántica e, unha vez máis, Ferrol; perda de músculo industrial froito do modelo económico do seu Partido Popular que nos conduce a un deserto e que nos condena a un sector terciario xeneralizado e precario, sen actividade industrial de calidade.

De pouco importa que Poligal sexa unha fábrica única no Estado e que a súa produción desenvolva un papel estratéxico de valor engadido. O mercado —o novo deus da dereita— manda, e vostedes obedecen os mandatos de quen os goberna con resignación e humildade. Non en van gañan eleccións, do que presumen día si e día tamén; iso si, con fondos de procedencia... Deixémolo aí.

Pois iso, señor conselleiro, desde o BNG e desde os traballadores de Poligal —que están presentes— queremos saber: ¿que actuacións levou ou vai levar a cabo o Goberno galego para favorecer o mantemento da actividade produtiva da empresa Poligal en Narón? De verdade, queremos que nos conteste esta pregunta; non divague. E, sobre todo, por favor, non utilice ese paternalismo rancio que utilizou na pasada pregunta.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Señor Rivas, se por paternalismo entende vostede defender a actividade mineira en Galicia, defender a dignidade dos traballadores do sector da minería, (*Murmurios.*) defender unha minería responsable, respectuosa co medio ambiente, co urbanismo e co cumprimento da lei e de todas as normativas en Galicia, entón entenderei que si fun paternalista. O que lamento é que vostede non estea de acordo con esta posición. (*Aplausos.*)

Efectivamente, saúdo tamén os traballadores de Poligal, cos cales xa tivemos ocasión de manter diferentes reunións. Eu persoalmente tamén asistín a unha reunión co propio comité



de empresa. E, efectivamente, estamos nunha situación moi difícil —eu non o podo ocultar—, porque hai unha decisión de peche por parte da empresa que parece que é inamovible, e que, polo tanto, necesita a reacción non só dos traballadores senón, por suposto, tamén deste goberno.

Eu non sei por que vostede vén dicir aquí que o Goberno está ausente ou que o Goberno mira para outro lado. O primeiro que fixo este goberno foi chamar os representantes dos traballadores, reunirse con eles e identificar que tipo de medidas podíamos impulsar para reverter esa situación. Xa tivemos encontros cos traballadores, coa empresa, e xa estamos en contacto co propio administrador concursal para poder identificar como poden ser os seguintes pasos. Os traballadores saben perfectamente que este goberno está ao seu lado, que este goberno é o seu aliado e que, dende logo, os imos defender. En primeiro lugar, os seus intereses, e, en segundo lugar, identificar calquera medida que poida dar continuidade á actividade industrial.

O enfoque é moi sinxelo, eses son os pasos que estamos a desenvolver por parte do Goberno; hai un dobre enfoque: un enfoque, en primeiro lugar, de legalidade, e outro enfoque industrial. O enfoque de legalidade vén para actuar coa máxima contundencia en defensa dos intereses dos traballadores no proceso concursal que se iniciou, para identificar e traballar nesas causas organizativas financeiras e o posible incumprimento no que puidera incurrir a empresa e, polo tanto, defender os intereses dos traballadores e acompañar os traballadores no proceso concursal. E, en segundo lugar, un enfoque industrial: temos creado un grupo de traballo para identificar as capacidades industriais que ten a planta e, sobre todo, a busca de investidores que lle poidan dar a continuidade á actividade industrial con realismo dentro das dificultades. Pero, dende logo, non imos renunciar a traballar para identificar calquera solución que lles poida dar continuidade aos traballos de Poligal.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

«Enfoque industrial», o mesmo dicían con Isobar e velaí onde estamos.

O Goberno está ausente —e eu sigo reiterándoo— porque desde o ano 2009, que é o primeiro ano triunfal da era Feixoo, ata hoxe a ocupación na industria galega reduciuse en trece mil setecentas persoas. ¿Non teremos que celebralo, señor Conde? Porque todo isto estanos conducindo a unha economía terciaria de servizos que nos alonxa da especialización produtiva de Galicia en sectores de valor engadido. E vostedes non pintan nada neste tinglado. ¿Onde está o sector industrial que aposte polo valor engadido e polos empregos de calidade?

Mire, señor conselleiro: os traballadores de Poligal que estaban no pleno anterior á porta deste parlamento pedíndolle unha entrevista —eses mesmos que nos acompañan hoxe como convidados— continúan a crer que un goberno debe ser un goberno e que debe apostar en



todo momento pola xente do común, a que vive día a día, a que pretende ter traballo estable e a que quere comer todos os días, sen pedichar o que lle corresponde por dereito natural. E vostedes non responden, porque vostedes defenden e apostan polos capitais sen nome, eses que non entenden de sacrificios nin de suores, por eses que aproveitan o diñeiro público para deslocalizar e facer extras de caixa. Pois toda esa xente vai comezar a crer que vostedes non son goberno, que non merecen estar aí onde están, porque nin cumpren nin queren cumprir. Vostedes son unha fraude, e son unha fraude como goberno.

Mire: aproveite o tempo e sígame falando; sígame falado e fale ao caso. ¿Que actuacións levou ou vai levar —jen serio!— a cabo este goberno para favorecer o mantemento da actividade produtiva de Poligal en Narón?, ¿que van facer?, ¿que están facendo? Porque vostede dixo textualmente «imos defender». ¿Imos ou estamos defendendo? Hai diferenza, porque o tempo corre, e corre en contra dos traballadores de Poligal.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Peche desta pregunta, conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Rivas, fáleme vostede da política industrial deste goberno dende o ano 2009. Eu agrádezolle ese plantexamento, porque o único que ten demostrado o Grupo de En Marea, dende a súa constitución é que a única política industrial que vostedes... (*Protestas.*) (*Risos.*) (*A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.*) (*O señor Rivas Cruz: ¡Somos do BNG! ¡Be-ene-ga!*) (*Un señor deputado do G. P. Popular de Galicia: ¡Non hai moita diferenza!*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

Xa sabe cadaquén no grupo en que está.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Efectivamente, referíame ao BNG, (*Unha señora deputada pronuncia palabras que non se perciben.*) que os do Grupo de En Marea eran compañeiros seus non hai moito tempo. (*Murmurios.*)

En calquera caso, señor Rivas, eu lamento que, na política industrial que vostedes defenden —xa llo dixen á súa compañeira Presas—, simplemente vostedes teñen traballadores de primeira e traballadores de segunda, e nese contexto non é unha política industrial.

Eu lamento que vostede veña aquí cun papel, que o lea e que non escoite a primeira intervención, na que eu claramente lle trasladei cales son as actuacións que levou a cabo este goberno traballando conxuntamente cos traballadores, reuníndose cos traballadores,



reuníndose coa empresa, identificando tamén o traballo xunto co administrador concursal e tendo un enfoque moi claro do que ten que facer. ¿Por que me di vostede que este goberno non está a traballar xunto cos traballadores de Poligal? Sinceramente, o que non pode é vir aquí facer unha pregunta, que lle dea resposta e que negue vostede o contido da propia resposta. En calquera caso, eu pídolles que non confundan e que non xoguen a facer titulares, porque iso é o único que vostedes pretenden cando se fala da realidade industrial en Galicia.

Nós seguimos crescendo en Galicia, señor Rivas. Eu remítoos aos datos do paro rexistrado: temos 15.427 desempregados menos en materia industrial que ao inicio da primeira lexislatura. Se vou aos últimos catro anos, recuperamos dezanove mil douscentos empregos industriais segundo a Enquisa de poboación activa e, polo tanto, hai unha clara recuperación do sector industrial e unha clara consolidación da recuperación económica en Galicia, tamén dende a propia industria.

É certo que a situación de Poligal é unha situación límite. Estamos traballando conxuntamente cos propios traballadores e nós intermediaremos todo o que sexa preciso tanto coa empresa como cos diferentes axentes para resolver a situación de Poligal, e, dende logo, si traballaremos para poder identificar esas oportunidades que se poidan desenvolver e que, polo tanto, permitan a continuidade da actuación por parte de Poligal. E, nese contexto, os traballadores saben que neste goberno teñen un aliado e que con vostedes o único que teñen son pancartas e fotos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Saudamos os alumnos e alumnas de 5º de primaria do centro Vicente Otero Valcárcel, de Carral, e os seus profesores e acompañantes tamén. Benvidos ao Parlamento.

Pregunta de D. Francisco Casal Vidal e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións de carácter político, administrativo e lexislativo que vai desenvolver o Goberno galego para evitar ou desincentivar a deslocalización de empresas moi rendíbles e imprescindibles para o tecido industrial e produtivo de Galicia

O señor PRESIDENTE: Cando queira, formule a pregunta.

O señor CASAL VIDAL: Bo día, señor conselleiro.

Esperemos que, nesta resposta, responda a temas concretos e, sobre todo, que non volva sacar datos falsos, como fixo o señor presidente e como acaba de facer vostede. ¿Quere que lle enviemos a ligazón do emprego industrial en Galicia no ano 2008 e no 2019? ¿Quere que lla enviemos? Corenta mil menos. Non mintan. ¿Pero como pode ser? ¡É que é alucinante! De verdade, ¿como se poden terxiversar os datos desta maneira?

O señor Rivas foi benévolo, falou de trece mil; pois non, acabo de revisar o dato e, no día de 28 de febreiro, corenta mil menos, señor conselleiro.



Despois, outra mentira do señor Feijóo alucinante: primeiro di que non sabemos o que é índice de produción industrial, que somos uns ignorantes... Ben, é a súa política habitual de vir aquí en plan prepotente insultar. Pois si sabemos o que é o índice de produción industrial. E tamén sabemos que o índice de produción industrial, no inicio de 2009, estaba no índice 140,071; no 31 de decembro de 2018 estaba en 110,054, ou sexa, trinta puntos menos, que tamén sabemos restar, ¿eh? (*Aplausos.*) Pero a realidade é que, encima, tamén mentiu: dixo que estamos crescendo máis que a media; pois non, estamos crescendo a metade da media de España. En España creceuse no ano 2018 un 1,2 e, en Galicia, 0,6 puntos. Esa é a verdade dos datos.

E as traballadoras de Bosch e de Poligal —que diso imos falar: de deslocalización— non queren historias, non queren que vostedes volvan falar desa Galicia imaxinaria onde En Marea non para de pechar empresas. Dígame que empresa pechou En Marea nos dous anos que levamos neste parlamento; déixese de historias e conteste aos asuntos concretos. ¿Que actuacións van realizar? (*Murmurios.*)

E voulle falar non de reunirse, non de milongas: feitos concretos. ¿Van reunirse realmente con Poligal e Bosch e os grupos de empresa para que senten a negociar alternativas e futuro para a planta de Narón e o centro de traballo de Vigo? E, nesas reunións, ¿vanlles dicir que van investigar as súas contas para ver se se producen prácticas de enxeñería contable que poidan estar alterando os resultados para xustificar eses ERE? ¿Vai facer esa investigación a Xunta de Galicia? Esas son cousas concretas. ¿Van instar o Goberno do Estado á promulgación de leis que impidan ou desincentiven a deslocalización, como están facendo o Goberno de Francia e o Goberno de Italia de maneira moi contundente? ¿Pensa a Xunta de Galicia reforzar e apoiar ante a empresa os traballadores de Poligal na súa exixencia de cumprimento da sentenza que a obriga a facer investimentos que melloren a competitividade da planta de Narón? Porque esa é unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que a empresa leva cinco anos sen cumprir.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal, grazas. Terminou o seu tempo. Terminou o seu tempo. Grazas. (*O señor Casal Vidal pronuncia palabras que non se perciben.*)

Non, terminou, xa coñece o conselleiro a pregunta, e despois ten outra rolda. Non, terminou o seu tempo. Xa está. (*Aplausos.*)

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Señor Casal, non refira o inicio da lexislatura do presidente Feijóo ao ano 2008; eu sei que os datos lle saen mellor, pero é que o presidente Feijóo asumiu a presidencia en abril do ano 2009. Entón, vostedes permanentemente se refiren ao ano 2008, e eu entendo que queren ter como referencia o Bipartito. (*Murmurios.*)

Paro rexistrado. Abril do 2009: 34.919. Febreiro do 2019: 19.492. Temos exactamente, señor Casal, 15.427 desempregados menos que ao inicio da primeira lexislatura. Ese é o dato. (*Murmurios.*) (*O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.*)



O señor PRESIDENTE: Señor Lago, silencio.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Se falamos de afiliacións, encontrámonos con que temos 2.128 máis que en xaneiro do ano 2018.

En calquera caso, vostedes non queren falar de política industrial, porque, se queren, falamos de Elnosa. ¿Quere que falemos de Elnosa e da súa posición? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Quere que falemos de Reganosa? ¿Quere que falemos de Ence? Claro, non lle... Claro, vostedes non queren falar... (*O señor Casal Vidal pronuncia palabras que non se perciben.*) (*O señor Lago Peñas amosa unha camisola co lema «Poligal non se pecha» desde o seu escano.*)

O señor PRESIDENTE: Señor Casal, despois vostede ten outra rolda. Silencio.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...de todos o postos de traballo que vostedes, en primeiro lugar, non defenden, e tampouco queren falar dos vinte e sete mil postos de traballo que están en perigo en Galicia polas políticas que o seu socio de goberno está aplicando aquí e en Madrid. Polo tanto, En Marea recórdolle que apoiou uns orzamentos que prexudican a Galicia, recórdolle que En Marea apoiou un goberno que, efectivamente, está desenvolvendo unha política enerxética que está prexudicando as empresas electointensivas e que está prexudicando o conxunto do tecido produtivo. Por iso, señor Casal, vostede non pode vir aquí dar leccións de política industrial. Eu xa lle trasladei as actuacións que estamos a desenvolver tanto con Poligal como co resto das situacións que teñen dificultades. O que me gustaría saber é por que o Grupo de En Marea non apoia a Lei de implantación empresarial e, polo tanto, que vostedes non apoiem a implantación de empresas en Galicia. Apoiem a simplificación administrativa e apoiem a redución da fiscalidade.

Hoxe, en Galicia, estase investindo. Estase investindo no sector industrial, estase investindo no sector agroalimentario e estase investindo no sector forestal. En definitiva, estamos impulsando unha Galicia industrial dende o punto de vista dos diferentes sectores produtivos, e conseguimos que —como lle dicía— en Galicia existan bases para consolidar un novo modelo económico baseado na innovación e na creación de valor, porque iso é no que estamos a traballar. Facémolo tendo presente que os retos da dixitalización e da globalización están aí, (*Murmurios.*) que non os podemos ignorar, pero estamos convencidos, e por iso a economía en Galicia e o emprego en Galicia se están a comportar mellor que en España, porque aquí hai unha política industrial coherente.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro. Grazas, terminou o seu tempo.

Réplica, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Señor conselleiro, a verdade... Mire que lle teño respecto, pero é unha vergoña a súa resposta, jé unha vergoña! Responda, responda ao que se lle pregunta; xa falaremos de Elnosa, xa falaremos de todo o que haxa que falar cando haxa iniciativas sobre



eses asuntos. Responda as preguntas concretas que lle facemos. ¿Vai apoiar os traballadores de Poligal na consecución...? (*Balbordo.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

O señor CASAL VIDAL: ¿Vai apoiar os traballadores de Poligal...? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio, silencio...

O señor CASAL VIDAL: Xa se ve que non queren dar resposta, barullo para que non se responda. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Silencio.

O señor CASAL VIDAL: Barullo en vez de dar resposta, barullo en vez de dar resposta. Esa é a realidade.

¿Vai apoiar os traballadores de Poligal para que a empresa cumpra a sentenza firme do Tribunal Superior de Galicia para que se invista na súa planta? ¿Vai investigar as contas desta empresa, que traballa cun comercializador único que posibilita maquillar todas as contas para o resto de factorías do resto de Europa? (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio. Silencio, por favor.

O señor CASAL VIDAL: No caso de Bosch, ¿vai actuar a Xunta de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Non compliquemos, silencio todos.

O señor CASAL VIDAL: ...xunto co Goberno de España para evitar, a partir da Lei de protección de datos, que os datos de todos nós —de todos os galegos— marchen a Colombia ou a Exipto? ¿Vaino permitir? ¿Vai facer cousas concretas?

Máis cousas concretas: ¿considera a Xunta de Galicia que hai que modificar a Lei xeral de telecomunicacións para que os servizos de voz e de datos e os servizos audiovisuais aos clientes españois se teñan que dar desde España, como acaba de legislar Italia? Por exemplo. Concreto: ¿considera a Xunta de Galicia necesario desenvolver campañas de...? (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

O señor CASAL VIDAL: ¡Non hai maneira! Está claro que non queren que se fale destes asuntos, soamente queren falar...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Non contribúa vostede. Silencio. Non contribúa vostede, e se hai ruído non contribúa. Silencio.



O señor CASAL VIDAL: Os señores do Grupo Popular só queren falar deses centos de empresas que En Marea leva pechado nos dous últimos anos, desa relación de centos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

O señor CASAL VIDAL: Non, non terminou o tempo.

O señor PRESIDENTE: Non, terminou. Perdoe, non, perdoe. (*Murmurios.*) Silencio.

O señor CASAL VIDAL: ¡Interrompéronme sete veces!

O señor PRESIDENTE: Silencio. Non, perdoe. Non, non, non...

O señor CASAL VIDAL: ¡Interrompéronme sete veces!

O señor PRESIDENTE: Non, non, terminou o seu tempo. Iso modéoo eu; terminou o seu tempo. Non está no uso da palabra. (*O señor Casal Vidal pronuncia palabras que non se perciben.*) Señor Casal, chámoo á orde unha vez. Señor Casal, chámoo á orde unha vez. Terminou o seu tempo. (*Aplausos.*)

Peche da pregunta, señor conselleiro.

E, silencio, por favor. (*Un señor deputado: ¡Agora!*) En todas as bancadas, en todas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, o respecto é mutuo. Non, non, sei onde estou, levo aquí moitos máis anos que vostede e sei que isto é un xogo onde ás veces se dá e ás veces se recibe. Hai que saber escoitar. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Este é o xogo político, é o xogo político. Silencio, non vou entrar agora nese diálogo. (*Balbordo.*) Respeten todos o uso da palabra.

Señor conselleiro, peche desta pregunta.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Leo textualmente a pregunta do Grupo de En Marea: «¿Que actuacións de tipo político, administrativo e lexislativo pensa desenvolver a Xunta de Galicia para evitar ou desincentivar que empresas moi rendibles e imprescindibles para o tecido industrial e produtivo galego sexan deslocalizadas, coa perda de miles de postos de traballo?». Eu estou respondendo a esta pregunta do Grupo de En Marea. (*Murmurios.*) Eu o que lamento é que vostede pretenda utilizar os traballadores, unha vez máis, para intentar defender a incoherencia da súa política industrial. (*Aplausos.*) E eu o que lamento, señor Casal, é que vostedes simplemente non poden defender aquí, neste parlamento, a súa complicidade permanente coa inestabilidade que vive España nos últimos meses. Esa é a realidade. E tamén en Galicia, tamén en Galicia porque vostedes tamén son cómplices, efectivamente, señor Casal, son cómplices do peche de Elnosa e do peche de Meirama. E deberían de avergoñarse por non defender os traballadores de Meirama e os traballadores de Elnosa, igual que pretenden agora quedar ben aquí



simplemente para facer unha foto e poñerse diante dunha pancarta. Iso é lamentable, señor Casal, absolutamente lamentable. *(Aplausos.)*

Seguramente, se vostede se preocupara polos vinte e sete mil postos de traballo que perigan en Galicia, a Galicia e ao seu grupo iríalles moito mellor. Mentres sigan mirando para Venezuela, lamentablemente, *(Risos.) (Balbordo.)* seguramente en materia de política industrial vostedes non poderán dar ningún tipo de leccións. *(O señor Casal Vidal pronuncia palabras que non se perciben.)*

Eu trasladeille... *(Murmurios.) (O señor Casal Vidal: Fale aí de Arabia Saudita.)*

O señor PRESIDENTE: Perdón, por favor. Por favor, señor Casal, segunda chamada á orde, e advírtoos: outra chamada á orde e teño que expulsalo, algo que non desexo; non desexo expulsar a ninguén, pero esa é a miña obriga. Segunda chamada á orde, señor Casal. *(Murmurios.)*

Prosiga, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Señor Casal, fáleme vostede de actuacións de tipo político, administrativo e lexislativo.

O señor PRESIDENTE: Imos terminar este pleno mal.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ¿Por que vostedes non apoiaron a Lei de implantación industrial, que está permitindo o desenvolvemento do sector eólico de Galicia? *(Un señor deputado: Está deslocalizando as empresas.)* ¿Por que vostedes non apoiaron esta lei, que está permitindo desenvolver tamén o sector forestal? ¿Por que non apoiaron a lei que está permitindo a redución da fiscalidade para a implantación de novos investimentos? ¿Por que vostedes non están apoiando tamén a política industrial en materia de industria 4.0 e en materia de innovación por parte deste goberno?

Isto é o que estamos a facer, e remítome aos resultados, señor Casal, remítome aos resultados. Remítome a como no sector industrial se están investindo, nestes momentos en Galicia, máis de mil millóns de euros a través de PSA, de Benteler, de Televés e de Bandalux. Remítome aos quiñentos millóns de euros que se están investindo por parte de Estrella Galicia, de Inleit, de Entrepinares, de DairyLac, de Coren ou do Grupo Cuevas. Remítome aos máis de trescentos trinta millóns previstos na planta de biomasa de Greenalia ou de Finsa.

E todo isto, señor Casal, é a nosa política industrial.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro. Terminou o seu tempo.

Continuamos coas proposicións non de lei.



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre o impulso da Xunta de Galicia para convocar unha xuntanza da mesa sectorial que trate os problemas específicos dos colectivos de profesionais de PAC, servizos de urxencias e transporte sanitario urxente

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día.

Para que quede claro —se non me chaman á orde outra vez, que só se chama aos dun lado—, eu síntome moi, moi orgulloso do pasado do meu partido, de todo o pasado do meu partido. *(Aplausos.)* Moito.

E paréceme normal que o señor Feijóo queira falar do pasado do Partido Socialista; seguramente se avergoña bastante do pasado do seu propio partido. Podemos falar, xa que fala de recentralizar e da Constitución, de cando Aznar dicía que había que ser belixerante coa Constitución. Podemos falar dos pais fundadores do Partido Popular. E eu síntome moi orgulloso de José Luís Rodríguez Zapatero, de Pedro Sánchez, de Felipe González, de Alfonso Guerra, de Josep Borrell, de Alfredo Pérez Rubalcaba, de Emilio Pérez Touriño, de González Laxe...; moi orgulloso de todos eles. E miren: son de Arousa, eu son de Arousa, e eu non me sentiría nada orgulloso de fotografarme con Marcial Dorado, narcotraficante, *(Aplausos.)* nin de ter unha sede doada por Terito. Se queren falar de pasado, falamos de pasado. E para falar de pasado vostedes deben lembrar que teñen alcaldes que foron condenados por narcotráfico...

O señor PRESIDENTE: Imos ao transporte sanitario urxente. *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

¡Silencio!

O señor TORRADO QUINTELA: ...no exercicio das súas funcións.

O señor PRESIDENTE: ¡Perdón!

Señor Losada, xa sabe, na próxima lexislatura posiblemente vostede será presidente do Parlamento, pero hai que esperar á próxima lexislatura.

O señor TORRADO QUINTELA: Sería mellor presidente do Parlamento ca vostede.

O señor PRESIDENTE: Agora, de momento, son eu, e aquí o debate o modero eu, e agora lle digo que vaíamos ao transporte sanitario urxente.



O señor TORRADO QUINTELA: A PNL vai de máis cousas que o transporte sanitario urxente, vai de sanidade en xeral.

O señor PRESIDENTE: Collín a última, fale da sanidade.

O señor TORRADO QUINTELA: Si, falo da sanidade, que é importante.

O señor PRESIDENTE: Por iso.

O señor TORRADO QUINTELA: É que o narcotráfico... Aquí hai un señor que se ri moito do narcotráfico; é que é lamentable. *(Aplausos.)* Si, si, rise. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! Sanidade. Sanidade. ¡Silencio, señor Pazos! ¡Silencio! Non interrompa.

O señor TORRADO QUINTELA: Si, que para interromper así, mellor silencio.

O señor PRESIDENTE: Silencio. Sanidade.

(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor TORRADO QUINTELA: ¿Tamén teño unha foto con Pablo Escobar? *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Pazos, non interrompa.

O señor TORRADO QUINTELA: Señor presidente, con todos os respectos, se non o escoitou, vouno dicir eu no micro para que quede. Hai un señor deputado do Partido Popular que acaba de dicir que teño unha foto con Pablo Escobar. Se vostede non di nada... *(Murmurios.)* ¡Perdoe! Descúlpeme un momento. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: O que non imos é...

O señor TORRADO QUINTELA: Señor presidente, descúlpeme un momento. A vostede pareceralle unha broma.

O señor PRESIDENTE: Eu non escoitei exactamente o que dixo...

O señor TORRADO QUINTELA: Ben, pero escoitei eu...

O señor PRESIDENTE: ...pero en todo caso... ¡Por favor!

O señor TORRADO QUINTELA: ...e, polo tanto, vou facer unha apelación a que me permita responder a iso.

O señor PRESIDENTE: ¡Por favor! ¡Por favor! ¡Por favor, imos poñer un pouco de tranquilidade neste debate!



Señor Pazos Couñago, ¿vostede fixo esa afirmación? ¿si ou non? (*O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*) ¿Dixo que este señor se fotografara co señor Escobar? (*Varias señoras e señores deputados: ¡Non!*) Pois entón, fóra, sigamos co debate: sanidade. (*Unha señora deputada pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor TORRADO QUINTELA: E, agora, se non lle importa, contéstemme: ¿ten o señor Feijóo unha foto con Marcial Dorado?

O señor PRESIDENTE: Non lle pregunte. Sanidade. (*Murmurios.*)

O señor TORRADO QUINTELA: ¿Ten o señor Feijóo unha foto con Marcial Dorado, narcotraficante e responsable de moitas mortes na miña terra?

O señor PRESIDENTE: Señor Torrado, non dialogue. Sanidade. Señor Torrado, vouno ter que chamar á orde.

O señor TORRADO QUINTELA: Non, se vostede está acostumado a chamar á orde.

O señor PRESIDENTE: Estoulle dicindo que vaia á cuestión, non complique... É moi fácil complicarllo ao presidente cando está no uso da palabra. O que lle pido é que reconduza a situación e que vaia á sanidade, se non, voume ver obrigado a ter que chamalo á orde e non o quero facer. Realmente teño que chamar á orde a quen proceda, cousa que a min non me gusta. Non me gusta isto.

¡Por favor, a sanidade!

O señor TORRADO QUINTELA: ¿Podo falar, señor presidente? (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Fale de sanidade o que queira.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente, poderei falar.

Xa me gustaría comprobar que ten a súa ecuanimidade moi ben traballada e pode chamar a atención a calquera persoa. Pero gustaríame saber despois, se me poden contestar, se o señor Feijóo se fotografou con Marcial Dorado. Eu creo que si. E, se non saben quen é Marcial Dorado, cóntollelo despois.

Falamos de sanidade, e xa que falan de recentralizar —e, por certo, gustaríame reivindicar a Ernest Lluch cando falamos de sanidade—, (*Murmurios.*) desa sanidade que o Partido Popular votou en contra —xa que somos recentralizadores—, daquela lei que descentralizaba o sistema sanitario contra o que o Partido Popular votou. Seguramente, cando o señor Feijóo fala de coñecer o pasado, non coñece, probablemente, o dos demais, porque igual non ten esa capacidade de coñecer o dos demais, e coñece o seu, por iso fala dos demais. Pero se falamos de recentralizar e de descentralizar a sanidade, que é como mellor funciona, podemos lembrar aquela lei de Ernest Lluch; por certo, home que mataron uns malnacidos, eses sobre os que vostedes despois dicían —para falar de pasado—



que estabamos traizoando as vítimas. Iso tamén é pasado, iso. Acompañaraos moito ese pasado seu.

Cando falan de sanidade, deberían de recoñecer que o sistema implantado polos gobernos socialistas foi probablemente o máis exitoso, con todos os seus defectos. Así que, a partir diso, cando falen de pasado, se non lles importa, pidan permiso para falar dalgunhas cousas, porque aínda deben de pedir permiso para falar dalgunhas cousas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A min non, non se preocupe, eu non son tan importante. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Señor Pazos, chámoo a orde.

O señor TORRADO QUINTELA: ¡Por fin! ¡Por fin!

O señor PRESIDENTE: Chamada á orde.

Vou repetir. Perdóeme un momento, vou parar o tempo.

O señora TORRADO QUINTELA: Si, por favor.

O señor PRESIDENTE: Vou parar o tempo, porque vou facer repaso das chamadas á orde para que vostedes comproben se isto realmente debe suceder nun parlamento.

Hai chamadas á orde aos seguintes deputados, para que quede claro: señor Bará, señora Montse Prado, señor Losada —con dúas, e advertencia de expulsión—, señor Torrado —con unha—, señor Casal —con dúas, e advertencia de expulsión— e o señor Pazos —con unha—. Esta é a folla de servizos de hoxe, e aínda non acabou o plenario. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Balbordo.*) Eu só pido que reflexionen.

Está o tempo parado. Entón, señor Torrado, continúe.

O señor TORRADO QUINTELA: Unha demostración da ecuanimidade do presidente, o balance de chamadas á orde.

Ben, hoxe, nunha proposición de lei sobre sanidade que se tornou un pouco confusa por culpa do Partido Popular, plantexamos, desde o noso grupo, que existe un problema de conflictividade profunda no sistema provocado por unha Xunta de Galicia bastante soberbia —como vimos sostendo durante moito tempo— que defende máis unha cuestión de apertar ou afogar os seus propios traballadores e de illarse dos problemas que teñen outros traballadores.

Valla, por exemplo, o caso que ocorre cos traballadores do sector do transporte sanitario. Sector no que os traballadores teñen un problema polo deixamento de funcións que ten, en canto ao cumprimento do convenio, a empresa, e no que a Xunta de Galicia alega, habitualmente, que é un problema laboral e que non lle importa. Acabamos de ver, incluso na pregunta anterior, como a Xunta de Galicia utiliza vilmente e instrumentaliza traballadores doutras empresas para cargar, nalgúns casos —se non é do Partido Popular—, contra o Goberno do Estado, incluso contra o Goberno de calquera outro país do mundo ou contra Eu-



ropa. Pero, cando lles corresponde a traballadores que son dos propios servizos públicos, aínda que estean nun réxime de concesión co sistema, non se quere facer cargo de nada e asume que é un problema laboral e que non ten que facer ningunha intervención ou, polo menos, nin sequera controlar a situación.

Hai un problema de traballadores das ambulancias: unha empresa que di que, co cumprimento do salario mínimo interprofesional, vai ter que deixar de facer todo o traballo que facía, e un concurso de máis de cento vinte millóns de euros; por certo, xudicializado, porque é unha empresa propiedade dun deputado do Partido Popular no seu momento, de Valladolid, que tiña xa as ambulancias rotuladas e equipadas antes de que saíra o prego de condicións. Era moi intelixente e coñecía perfectamente o asunto.

Ou un problema de conflictividade noutros espazos dos servizos de Urgencias, como cos profesionais dos PAC, aos que botaron de xuntanzas e non atenden as súas reivindicacións. Ou como o dos servizos de Urgencias cos que teñen sistematicamente un problema. Problemas como, por exemplo, o dos PAC, aos que o Partido Popular incluso acusou, ou minusvalorou, con certa sorna, o propio presidente; fíxoo dunha maneira bastante ridícula, apelando, creo recordar, a aquilo do dezasete por cento: queixábase de que había un PAC onde había un dezasete por cento de profesionais de baixa; un de seis. ¡Un dezasete por cento! Permítanme só un detalle, xa que se queixaban de que un PAC tiña o dezasete por cento de baixas nun día: ¿poden mirar os asentos azuis do Goberno e dicirme non se falta o dezasete por cento, senón se hai o dezasete por cento do Goberno hoxe? Tampouco. Nin o cero por cento, que é o número máximo que pode haber, porque non hai ninguén.

Vostedes están atacando os profesionais, incluso insultando profesionais sobre o exercicio dos seus dereitos e están, a partir diso, considerando que o sistema é conflictivo porque os profesionais queren: que están aborregados, que van ás manifestacións porque se lles dan bocadillos ou se lles pagan autobuses, e están incluso minusvalorando o feito de que existan investigacións abertas por fiscalías sobre situacións que ocorreron en servizos de Urgencias deste país.

O recente barómetro sanitario apunta perfectamente, novamente, e de maneira aínda máis insistente sobre a situación real que temos no sistema sanitario. A sanidade funciona grazas aos profesionais, moi ben valorados, e a pesar dos dirixentes, onde xa máis de tres de cada catro galegos din que son necesarios cambios na xestión do sistema sanitario.

Ocorre, polo tanto, que temos unha Xunta que aperta e afoga os traballadores, mentres que lava as mans con outros. Aperta e afoga os dos PAC e parece desfrutar co sufrimento dos traballadores, que están renunciando a dereitos unicamente por poñer o foco sobre os problemas laborais que teñen. Porque, unicamente, o que están facendo coa folga, por agora, é renunciar a dereitos; renuncian para conseguir manter o sistema alerta dun problema existente sobre eles. E hai un problema tamén cos traballadores das ambulancias, aos que a Xunta ten basicamente olvidados, porque prefere poñerse do lado da empresa. O diálogo, tan necesario, non se presume, exercece, e iso é o que non está a facer a Xunta de Galicia.

¿Que plantexamos a través desta iniciativa? Plantexamos, basicamente, que se abran as canles de diálogo. Sabemos que é imposible coa dirección actual, porque ten amosado que non



quere e que disfruta vendo sufrir os traballadores da sanidade, pero si que consideramos necesario que, ademais do cambio da consellería, sexa un cambio de políticas, tamén na actitude. O diálogo é unha actitude, e polo tanto cremos que esta consellería necesita, a partir diso, ter a capacidade de dialogar, e como non a ten actualmente, por iso sumamos á nosa habitual petición —que cremos que xa bastante considerada, e despois veremos co paso do tempo como bastante apoiada incluso dentro do Partido Popular— da necesidade de cambio nesta consellería, que veña acompañada dun cambio de actitude e que se abran os diálogos necesarios para que os traballadores que fan un servizo público impagable e dunha calidade altísima teñan, polo menos, o mínimo recoñecemento que se merece nun sistema como este.

Agradecendo a súa atención e agardando as aportacións que se poidan facer, e co desexo de que poida ser apoiado por unanimidade, vólvoles lembrar: síntome moi orgulloso de ser militante do Partido Socialista; supoño que o Partido Popular non se sente nada orgulloso da súa historia. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bos días.

Esta acumulación de proposicións non de lei, aínda que falan todas da sanidade, falan de cousas diferentes, pero supoño que o Partido Popular e o presidente, na súa prerrogativa, non queren que dediquemos tanto tempo a falar da sanidade.

O señor PRESIDENTE: Esta non está acumulada, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ¿Non poñía tres acumuladas?

O señor PRESIDENTE: Esta non está acumulada.

A señora PRADO CORES: Pois mirei mal a orde. ¡Perdón!

O señor PRESIDENTE: Queda desculpada. Esta non está acumulada.

A señora PRADO CORES: Pois desculpas, entón; vin tres acumuladas.

O señor PRESIDENTE: Non, hai acumuladas dúas; esta non está. Non pasa nada, un erro teno calquera.

A señora PRADO CORES: Ben, pois, en todo caso, ía dicilo na parte de réplica: imos apoiar a iniciativa do Partido Socialista.

Trouxemos en moitas ocasións a este parlamento a situación do transporte sanitario por carretera. E, dende logo, demandamos tamén en varias ocasións que a Xunta de Galiza ten que deixar de ser unha parte moi importante do problema para converterse nunha parte da



solución, e nunha parte da solución porque o que leva facendo durante xa demasiado tempo o Sergas é inhibirse dicindo que é un problema entre empresas e os seus traballadores e traballadoras, pero esquécese e quere facer oídos xordos a que estamos falando dunha empresa cunha concesión dun servizo esencial, un servizo esencial que forma parte da sanidade pública, un servizo esencial que adxudicou nunhas condicións realmente non satisfactorias —por ser suaves—, nunhas condicións en que se lle advertiu que ía ter como consecuencias que era imposible dar un servizo público de calidade con esa concesión, unha concesión que xa era moi axustada no prezo que saía a concesión, e, sendo moi axustada, adxudicouna con tres millóns de euros por debaixo do prezo de saída, a unha empresa que xa se sabía que, para poder dar o servizo, ía espremer os traballadores e ía baixar a calidade na que prestaba o servizo, e o tempo pois non fixo máis que darnos a razón.

Un servizo que se está prestando nunhas condicións denunciadas, por activa e por pasiva, por parte dos traballadores e traballadoras, denunciadas por colectivos de doentes que reciben o servizo, en canto a que demoran servizos, a que van máis doentes dos que teñen que ir, en canto a que non hai ambulancias suficientes, en canto a toda unha serie de deficiencias que xa temos denunciado neste Parlamento. Estamos falando duns traballadores que están demandando un convenio colectivo que leva anos sen renovarse e que, en vistas de que o convenio non lles dá ás empresas, pretenden que vaia sobre as costas dos traballadores esa falta de recursos orzamentarios.

Desde logo, desde o BNG demandámoslle —insisto— en numerosas ocasións ao Sergas que se implique en dar unha resposta, e o que vemos é que, lonxe de facelo, está permitindo que un conflito estea chegando a unha situación de folga indefinida, que, desde logo, é o escenario que ninguén quere.

Parece, desde logo, tal como está actuando o Partido Popular e o Sergas, que é o escenario no que mellor se atopa, o escenario de conflito e de deixar que as cousas se solucionen por si soas. Parece evidente que este conflito non se vai solucionar por si só e que é necesaria a implicación por parte do Sergas.

Están sendo afectados traballadores e traballadoras, pero está, sobre todo, sendo afectada a calidade asistencial, que é a que está sufrindo, pero xa estaba sendo afectada antes da folga, e, se non se estaba vendo máis afectada, era pola implicación dos traballadores e traballadoras, que, igual que no caso dos PAC, que son dous servizos que traballan cóbado con cóbado, é pola entrega e a profesionalidade dos traballadores e das traballadoras, e vostedes sábeno moi ben, e están abusando dese bo facer e dese bo traballo; estano facendo dun xeito desde logo moi indecente.

Eu, sen máis, apoiar a iniciativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Miranda.



A señora MIRANDA PENA: Graciñas, señor presidente.

Eu si quero falar de sanidade hoxe. Vimos debater a situación de diversos dispositivos de atención urxente neste país, e non me poden sentir máis próxima á súa realidade e ás súas reivindicacións, porque me formei como MIR de urxencias no Clínico, porque traballei varios anos como precaria dos PAC e compartín grandes apuros cos técnicos de emerxencias sanitarias do 061, aos que lles recoñezo valía e gratitude.

Dicía Florence Nightingale, unha enfermeira feminista, que, se non houbera quen manexa o descontento, nunca acadaríamos nada mellor e que pouco se pode facer baixo a tiranía do medo.

A xente dos PAC, das ambulancias e das urxencias do Clínico defendeu con valentía, con coherencia e con firmeza unha atención digna ás persoas enfermas. Agora incorpóranse as profesionais de toda a primaria chamando á folga, hoxe mesmo fan un chamamento á folga, e tamén volven dimitir os xefes e as xefas de Vigo. Esta é a resposta unánime ao seu novo modelo.

Falemos dos PAC, que toca hoxe. Levan varios meses en folga. É tan grave a situación que este domingo espertabamos cun SOS dunha traballadora do PAC de Vigo, que nos fixo chegar a todos os grupos; quedaron por cuarta vez sen un dos seus profesionais médicos, derivado para cubrir unha urxencia no PAC de Moaña; improvisando. Tamén lles ordenaron retirar carteis que informaban na sala de espera do propio PAC da ausencia deste médico e da demora asistencial; talvez un caso de censura.

Pero este non é o único problema asistencial. Noutros PAC de todo o país, máis alonxados das cidades, vívese con máis intensidade a presión. Hai descubertos por todo o país, calquera día pode repetirse o da Estrada.

Falta persoal, falta orzamento, sobra precariedade e non hai vontade de dignificar de veras as condicións da xente dos PAC. Non se constatan melloras neste fiasco de novo modelo, tampouco para as médicas precarias. Por iso están facendo un chamamento á folga en primaria todos os colectivos.

Ás profesionais preocúpalles facer ben o seu traballo. ¿Non o perciben? ¿Que piden agora as profesionais dos PAC? ¿Por que votaron en contra de aceptar un acordo? ¿Pensan que lles gusta vivir o conflito? Seguen de folga porque o Sergas só asume cambios menores. Fai concesións co cómputo de xornada, que ata agora tiña atrocidades como penalizar baixas laborais, pero seguen sen contabilizar todos os permisos, e non pagan os complementos pactados de nocturnidade e de festividade ata o ano 2021 —e débenos desde o ano 2008—. Obrigan a facer gardas imprevistas, incluso a traballadoras con redución de xornada por coidado de fillas —e diso teño constancia de primeira man—, e falan da conciliación.

¿Saben que fixo o Sergas coa oferta que non lles aceptaron? Non coidou das súas profesionais, meteuna nun caixón e agarda a que se desmobilicen. Esa é a súa estratexia. Vaia o noso apoio aos «PAC en pé de guerra» e á folga de primaria.



¿E que pasa con urxencias do Clínico? Pois veñen dunha folga que ao Sergas lle urxía resolver, tiña demasiadas fronteiras, había moito ruído mediático e veñen aí as eleccións. Resolveren parcialmente o de enfermeiras e o de TCAE, pero as médicas seguen en folga; piden adecuar o número de facultativos ás recomendacións da Semes, en base á demanda e á prioridade asistencial.

O propio director xeral, o señor Aboal, presentou ese documento; o máis difícil é cumprilo. Nin sequera se entenden entre eles. Mentres a xerenta, Eloína Núñez —curmá de Feixoo—, buscaba unha coordinadora de servizo con consenso entre as propias profesionais, o director xeral impuxo un xefe que vén da Coruña, que nos merece todo o respecto profesional, pero non provén do consenso. Por unha banda, o persoal negocia coa xerenta, e no mundo paralelo das instancia superiores, deciden desautorizala. Fixeron un ridículo manifesto.

As urxencias asumen a sobrecarga dun sistema que non funciona, coa primaria colapsada, con restricións para os ingresos, con pacientes graves nos corredores. Isto é temerario.

¿E que pasa co persoal das ambulancias? Pois todo o recoñecemento, tanto aos do concertado, que trasladan pacientes crónicas, como aos da emerxencia, cos que teño compartido —xa o dicía— serios apuros.

Son os primeiros en chegar aos accidentes, trasladan infartos, manéxanse coma ninguén na urxencia vital, incluso sen medios. Son os ollos da central de coordinación do 061, en todo o territorio, tamén no rural. Están negociando o seu convenio nunha difícil tesitura; a patronal negociou os contratos á baixa, para quedar coa concesión, e agora coacciona os traballadores a apertar para conseguir máis cartos para salarios.

A Administración quere que se resolva —lembramos as eleccións—, pero nada lles chega aos empresarios. ¿Ven o que ocorre cando os servizos están externalizados? Que somos re-féns dos intereses empresariais.

Os técnicos deberían ser persoal sanitario; sería máis digno, sería máis barato, sería máis eficiente, sería unha cuestión de xustiza distributiva; pero escollen pagar impostos revolucionarios cos traballadores e traballadoras como moeda.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora MIRANDA PENA: Remato. Vostedes saberán que intereses hai detrás.

É unha mágoa esta xestión, porque hai profesionais valiosísimas que se comprometen co traballo e saben por onde hai que ir. Escóitenas, que non o están facendo. Estalles caendo outra folga máis, agora en primaria.

Aposten, de verdade, pola sanidade pública, a menos que a súa intención sexa —como sospeitamos— a súa demolición e a súa privatización.

Apoiaremos a iniciativa. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Miranda.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra a señora Amigo Díaz.

A señora AMIGO DÍAZ: Bos días.

Moitas grazas, presidente.

Desde logo, capacidade para o diálogo por parte da Consellería de Sanidade non falta, e de isto, por se a vostedes lles quedaba algunha dúbida, quedou constancia dabondo onte nesta Cámara na comparecencia, por petición propia, do conselleiro de Sanidade.

Indo xa á súa proposición, señor Torrado, desde o Servizo Galego de Saúde mantense a proposta ofertada aos puntos de atención continuada, e esperamos que as organizacións sindicais e representantes dos traballadores cheguen a acordos, reconsideren a súa postura e este conflito chegue á súa fin. Lamentamos que, a pesar da proposta presentada, que introduce notables melloras nas condicións laborais, e de que desde a Administración sanitaria se ofertaron nove das once medidas plantexadas polas organizacións sindicais, non se tivera chegado a un acordo. O documento presentado na última reunión por parte do Servizo Galego de Saúde recolle a inmensa maioría das reivindicacións solicitadas. E apertar e afogar non é, señor Torrado, isto que está a facer a Consellería.

Eu podo ler as medidas que hai, pero son notorias e están na prensa. Vou ler algunha delas. O documento inclúe ofertar o aboamento de dúas dietas de manutención en domingos e festivos; ampliouse, ademais, e mellorouse a petición inicial, porque se amplía cando este sexa de vinte e catro horas; atendeuse a petición de dispoñibilidade, uniformidade e maior participación do profesional na fixación de obxectivos do servizo. En relación co incremento do persoal, aceptouse a garantía de reforzos de profesionais que sexan necesarios, tendo en conta criterios obxectivos, como a sobrecarga asistencial, distribución etaria, dispersión, desprazamentos e outras circunstancias que o xustifiquen. Tamén se aceptou a dotación de equipos completos de profesional médico e enfermeira. E, como dicía ao principio, esperamos que as organizacións sindicais e os representantes dos traballadores, tendo en conta que nove dos once puntos se ofertaron, cheguen a acordos, reconsideren a súa postura e este conflito chegue á súa fin.

En canto a Urgencias Sanitarias de Galicia 061, pois, antes de nada, condenar os actos vandálicos que se están a producir por toda a comunidade contra as ambulancias do 061, o último na Cañiza, onde, despois de estourar unha ambulancia, se produciron danos en edificios lindantes e por sorte non houbo que lamentar danos persoais, soamente materiais.

Aquí é importante destacar que este é un conflito laboral entre os empresarios do sector e os seus traballadores. Desde o Servizo Galego de Saúde solicitouse a mediación do Consello Galego de Relacións Laborais e agárdase que, a través do mesmo, ambas as partes cheguen a un acordo, pero recalco: é un conflito laboral entre empresarios do sector e os seus traballadores.

Urgencias Sanitarias de Galicia 061, como servizo encargado do transporte sanitario urgente extrahospitalario na comunidade autónoma, ten a consideración de servizo esencial para a



poboación, e, polo tanto, os servizos mínimos establecidos durante as convocatorias de folgas son do 100 %.

Debemos de facer un chamamento ao comportamento responsable e consecuente e, ademais, exixir respecto aos bens e ás persoas, e, como lles dicía ao principio da miña intervención, señores da oposición, despois de escoitar onte o conselleiro de Sanidade, non podemos dicir que por parte da Consellería e do conselleiro non hai capacidade de diálogo; un conselleiro que demostrou profesionalidade, capacidade de xestión e vocación de servizo público, que solicitou iniciativas en positivo por parte deste Parlamento, pero, unha vez máis, vemos que os únicos que descualifican a sanidade pública galega son vostedes.

Mire, feitos son que Galicia lidera a adopción de medidas co obxectivo de facer evolucionar a atención primaria nos próximos anos, e verdade é que a atención primaria é o servizo sanitario mellor valorado pola cidadanía en todos os barómetros sanitarios.

E, señor Torrado, vostede está orgulloso de ser do PSOE —e felicítoo—, eu tamén estou orgullosa de pertencer ao Partido Popular, pero xa vimos o que lle importa a sanidade na súa comparecencia de hoxe, e tamén a súa grande aportación no día de onte á comparecencia do conselleiro, que foi pedir a súa dimisión —¡grande aportación á sanidade!—.

Señora Miranda, mire, di verdades a medidas, intriga e incluso chega a dicir ameazas e descualificativos. Estas son as súas aportacións.

Señora Prado, vostede sempre é predicible, sempre é o mesmo, chova ou dea o sol, sempre é o mesmo. «Parchiños», esa é a consideración, xunto cos «papelíños» ou «papeluchos» de onte da señora Solla. Esa é a consideración que teñen ao traballo e ao esforzo que se está a facer por parte da Consellería e dos profesionais de todas as categorías profesionais, que levan meses...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: —remato xa— reuníndose e facendo achegas para a mellora do modelo de atención primaria. Pídlle á oposición un pouco de consideración polo traballo e o esforzo dos que teñen verdadeiramente preocupación pola mellora da sanidade.

E, xa para rematar, quero recordar o que onte lle escoitabamos ao señor Almuíña...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: ...e cito textualmente —remato xa—: «Queremos manter abertas todas as vías de diálogo porque aquí non sobra ninguén. Entre todos temos que construír un novo modelo de atención primaria».

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora AMIGO DÍAZ: Señor Torrado, solicitar canles de diálogo parece máis ben unha cuestión obvia...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora AMIGO DÍAZ: ...que se está facendo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora AMIGO DÍAZ: Nunca antes houbo tanta capacidade de diálogo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora AMIGO DÍAZ: Non lle podemos apoiar a súa PNL. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Rematou o seu tempo.

Por parte do grupo autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Ben, en primeiro lugar, quero agradecer o apoio manifestado por En Marea e polo Bloque Nacionalista Galego á iniciativa e, dende logo, compartir a defensa que fixeron da actitude dos traballadores.

E manifestar que me sorprendeu un pouco a negativa que anunciou a voceira do Partido Popular. Dixo que a petición de diálogo era obvia; compartimos que é unha petición obvia. Pero se é obvia, poderán apoiala; quero dicir: sería natural. É un pouco sorprendente, ¿non?, que sexa obvio pero non o apoien.

E logo vexo moitísima defensa a ultranza do conselleiro e dos seus esforzos, e aplaudíanlle moito. Eu se fora o conselleiro estaría preocupado, porque o último grande aplauso que vin no Partido Popular foi a Cristina Cifuentes. *(Aplausos.)* Claro, os aplausos no Partido Popular cando son así tan cerrados sobre unha situación difícil...

En todo caso, será unha actitude moi dialogante, pero hoxe coñecemos que por terceira vez —se non lembramos mal— reiteraron a súa dimisión os xefes de servizo de primaria da área sanitaria de Vigo. Coñecemos que hai unha advertencia de folga dos médicos para o mes de abril. Sabemos que segue sen resolverse o problema das ambulancias. Segue sen resolverse por completo o problema de Urgencias de Santiago. Xa vostedes non falan nin sequera do problema dos PAC, que segue aí. *(Murmurios.)* É que en realidade non resolveron ningún conflito laboral.

Sorpréndenos, ademais, a utilización que fan dos traballadores. O problema das ambulancias é un problema laboral; hai unha concesión e hai un problema laboral. Claro, porque vostedes nunca se reuniron con ningún traballador de ningún colectivo, ¿non?, incluso os que non traballan para a Xunta de Galicia. Porque vostedes non utilizaron os traballadores de Alcoa para ir contra Pedro Sánchez, ¿non? *(Aplausos.)* Non utilizan os traballadores de Poligal agora, ¿non?, *(Aplausos.)* dicíndolles que están facendo todo o



posible. Non sentan cos traballadores de Ferroatlántica a pesar de ser unha empresa que non son traballadores directos da Xunta; non sentaron con eles, ¿non? Pois este é un servizo público, son traballadores para un servizo público, ¡senten con eles! ¡Ah!, pero con estes non, porque a patronal neste caso é unha ex-deputada do PP; concesión xudicializada —lémbrolles—, máis de cento vinte millóns de euros, que tiñan as ambulancias xa rotuladas dende que saíra o prego. Claro, entón non nos reunimos. Utilizan todos os traballadores para intentar facer campaña contra un Goberno do Estado, ¡ah!, pero os das ambulancias é un problema laboral.

Nós defendemos que sendo un problema laboral a Xunta debe...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Perdón, señor Torrado...

O señor TORRADO QUINTELA: ...debe...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Perdón.

Recórdolle á xente que está invitada no público que está prohibido facer fotos ou gravacións, ¿vale? Así que lle prego que non as fagan.

Perdón, señor Torrado. Continúe.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Decía que nós defendemos que os traballadores das ambulancias necesitan que a Xunta se posicione, e saber se a Xunta defende que unha empresa pode descolgarse do convenio, e son un servizo público. Os usuarios, os cidadáns, as persoas que somos atendidas, que somos potenciais usuarios do sistema necesitamos saber cales son as condicións laborais dos traballadores e traballadoras que nos van atender. Porque é necesario tamén para nós...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...saber cal é a calidade.

Nós defendemos esa canle de diálogo. Esta é unha proposición non de lei que propón basicamente —como dixo a voceira do Partido Popular— abrir canles de diálogo, non plantexa nada máis revolucionario que iso. Nós cremos que o diálogo é unha actitude que hai que amosar e executar, non se pode unicamente dicir. E por iso agardabamos o apoio porque non plantexa nada concreto,...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...pero vemos que o diálogo nin sequera se quere votar a favor nesta cámara.

Moitas grazas. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

Pasamos ao debate acumulado das proposicións non de lei 4.3 e 4.5.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para a mellora da situación da atención primaria

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun plan de mellora da atención primaria, así como as actuacións que debe levar a cabo en relación coa dotación de persoal e os horarios de traballo dos puntos de atención continuada

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Presentouse unha emenda, á iniciativa do Grupo Parlamentario de En Marea, do Grupo Parlamentario dos Socialistas, por iniciativa do señor Torrado Quintela.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Asumir as reivindicacións dos colectivos de profesionais dos PAC referidas a:

a) Dotación de equipos completos nos PAC (profesional de enfermería e medicina).

b) Dar cumprimento ás Directivas Europeas en materia de tempos de traballo do persoal dos PAC.

c) Dotar aos PAC de persoal suficiente en todas as categorías en función de criterios obxectivos de carga asistencial, dispersión, distribución etárea, distancia a hospital e número de mobilizacións do 061.

d) Mudar o cómputo horario do persoal dos PAC de maneira que non se contabilicen as incapacidades temporais e permisos retribuídos como tempo non traballado.

e) Elaborar un plan de continxencias que permita manter persoal dispoñible en todo o momento para poder cubrir as ausencias.

2. Elaborar un novo Plan de mellora de atención primaria que inclúa:

a) Recuperación das xerencias de atención primaria coa dotación orzamentaria axeitada para desenvolver a súa labor propia e xestión directa sobre el.



b) Desenvolver un plan de contratación de profesionais de todas as categorías para a atención primaria.

c) Aumento do orzamento dedicado a atención primaria ata chegar nun prazo de dous anos á mesma contía que nos orzamentos de 2009.

d) Axilizar os procesos de acreditación de prazas de novo ingreso á formación especializada en pediátría, para poder convocar o maior número posible.

e) Convocar o número máximo de prazas de Medicina Familiar e Comunitaria que están acreditadas.>>).

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a súa proposición non de lei ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Onte na comparecencia do conselleiro de Sanidade, dende o BNG diciámoslle que ten a todo o mundo en contra e que era bo que rectificara as súas políticas sanitarias, e en concreto de cara á atención primaria, porque, se non, o tempo íalle facer rectificar. E lonxe de tomar nota, o conselleiro vén aquí, empoléirase e di que toma nota e que pon en marcha todas as medidas. Insiste en que toma nota, e resulta que fóra todo o mundo lle di que no que está dicindo que toma nota non son as medidas que están demandando. E el que si, e resulta que todo o mundo lle di que non, que esas non son as medidas que lle están demandando. E hoxe vén aquí o deputado do Partido Popular e segue dicindo: fantástico, que aplaudamos o conselleiro, porque está tomando nota. Cando todo o mundo lle está dicindo que non, que non está facendo o que lle están demandando. Pois, non sei, dá o mar contra as pedras e ao final, normalmente, pode o mar. E, non sei, ao mellor este conselleiro, como anda en *barquito*, igual acaba non podendo o mar.

Pero a realidade é: ¿con que nos topamos hoxe nos medios de comunicación? Pois con que lle redimiten de novo, vólvenlle dimitir de novo os xefes de servizo da área sanitaria de Vigo, (*Aplausos.*) ¡vólvenlle redimitir! É dicir, xa lle din que non, que diga vostede o que queira. ¿Que lle están dicindo? Diga vostede o que queira, que é que non, que non, que o que está dicindo, que é tomar nota, non está tomando nota do que nós lles estamos demandando. Estanlle dicindo iso, estanlle dicindo que as medidas que están poñendo encima da mesa non solucionan a demanda de sobrecarga asistencial. Estanlle dicindo por escrito que non solucionan os problemas de sobrecarga asistencial, que o incremento de prazas de residentes só vai servir para exportar médicos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, estas son palabras do xefe de servizo, eu só estou transcribindo; é o que lle están dicindo. E estanlle dicindo que non.

¿Que lle están dicindo? Pois que hai unha folga anunciada, señores e señoras do Partido Popular, porque ese tomar nota do señor conselleiro parece como que non está contentando absolutamente a ninguén. Están demandando cuestións que traemos aquí ao Parlamento e que vostedes votan que non. Pois, ben, o BNG volve traer hoxe aquí unha serie de medidas para a atención primaria, que é o que están pedindo os profesionais da atención primaria.



Entón, se toman nota, terán que votar a favor, porque é o que están pedindo os profesionais de atención primaria. Entón, non poden dicir que toman nota se logo votan en contra do que están pedindo, que son unha parte das medidas que trouxemos no anterior pleno e que vos-tes votaron en contra.

E pasan días, pasan semanas, pasan xuntanzas, e vostedes dilatando dar no tempo unha solución. Eu, dende logo, non sei exactamente que é o que ten que pasar para que vostedes realmente tomen nota e se dean conta de que por este camiño non. Eu creo realmente que sería mellor que se deran conta de que están perdendo unha oportunidade de rectificar a tempo antes de ter que facelo pola vía dos feitos. Eu creo que sería bo que o Partido Popular, que o conselleiro e que o Goberno galego se deran conta de que, efectivamente, están perdendo unha oportunidade de escoitar o clamor que hai aí fóra, que rectificaran a tempo antes de ter que facelo pola vía dos feitos. Porque estase xerando un tsunami aí fóra que os vai obrigar a rectificar si ou si. E neste momento a vostedes, se non toman nota, quedaralles a forza de que teñen máis votos para gañar as votacións, pero vai ser a única forza que lles quede.

Por iso, no BNG volvemos traer hoxe aquí unha proposición non de lei con medidas para a atención primaria. Porque, digan vostedes o que digan, todas as decisións que foron tomando en xeral para as políticas sanitarias, pero, en concreto, para a atención primaria, foi no camiño de reducila. Dous mil millóns de euros menos acumulados dende o ano 2009, dende logo, é unha cantidade moi importante e que tivo consecuencias. E aquilo de «facer máis con menos» verifícase que non se pode facer máis con menos. E dous mil millóns de euros menos investidos en atención primaria ten as consecuencias que todos coñecemos. Ten a consecuencia que están denunciando agora os profesionais e que dixeron: ¡ata aquí chegamos!, é que isto é insoportábel, non se pode seguir traballando nesas condicións. E son as consecuencias de masificación, ten as consecuencias de cupos desbordados, ten as consecuencias de redución de profesionais, ten as consecuencias de que non están substituíndo profesionais, ten as consecuencias de listas de espera en atención primaria, ten as consecuencias de peche de axendas, de saturación de profesionais ao límite das súas capacidades.

Por iso —insisto— traemos esta iniciativa, que o que demanda é o que veñen demandando os profesionais:

Primeiro, aumentar o investimento ata chegar —nós poñemos, como mínimo— ao vinte por cento, cando sabemos que todos os informes e todos os expertos din que a atención primaria debe ter o vinte e cinco por cento dun orzamento de calquera goberno; nós poñemos, como mínimo, o vinte por cento no orzamento.

E no inmediato proceder ao aumento de douscentos millóns de euros. Insisto: hai pouco máis dun ano o BNG traía aquí unha proposición de lei dicindo de onde se poden quitar douscentos millóns de euros para aplicalos xa na atención primaria. Vostedes veñen con dezasete pírricos millóns de euros, dos cales destinan unha parte importante a ordenadores e impresoras. ¡Ridículo! Necesitamos unhas cantidades suficientes para atallar a hemorraxia que hai neste momento en atención primaria.



Incrementar o número de profesionais en todas as categorías, tanto nos centros de saúde como nos PAC. Saben vostedes que é imprescindible facer ese aumento de profesionais.

Convocar a totalidade das prazas vacantes. Xa llo dixemos no anterior pleno: se convocan catrocentas vinte prazas no concurso de traslados, iso significa que hai catrocentas vinte prazas vacantes, e, como mínimo, son esas as que se necesitan. E logo ampliar prazas, evidentemente, que é o que lle están dicindo os profesionais, que nin están facendo a estabilidade total e nin sequera están aumentando prazas.

Substituír os profesionais das súas ausencias. Onte o señor Núñez Centeno dicía algo aquí nesta tribuna que eu, dende logo, non daba creto. Que os xefes de servizo, dentro desas modificacións fantásticas dese novo Plan de atención primaria, xa ían ter a capacidade de decidir se podían facer intersubstitucións ou ampliación de xornada, ou sexa, que podía un profesional facer o traballo dos do lado ou ampliar a xornada pola tarde. Ou sexa que esa é a solución fantástica que lles dan aos traballadores, e iso póneno como unha das melloras. *¡Hace falta valor!* Fai falta valor para vir con esta proposta. *(Murmurios.) ¡Manda narices!* *(Aplausos.)* Iso é unha mellora, ¡por favor! *(Aplausos.)* ¡Iso é unha mellora! *(Aplausos.)* Poden escoller entre o malo ou o peor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, pois non, non, ¡o que necesitan son máis profesionais, non seguir traballando a destajo!, ¡máis profesionais! E por iso van ir á folga, porque non están dispostos a seguir traballando nestas condicións.

Mellorar os equipamentos dos PAC. Recuperar as xerencias de Atención Primaria, con capacidade resolutiva con orzamento e con autonomía. Non esa pantomima que vostedes están poñendo encima da mesa. Con capacidade resolutiva e con autonomía, xerencias de Atención Primaria nesas condicións.

E incrementar as prazas de especialistas en Pediatría e Medicina Familiar e Comunitaria.

Medidas reais, con orzamento, concretas, que é o que lle están pedindo. E como están vendo que vostedes o están intentando con máis propaganda, con medidas para a galería, por iso ninguén llelo está crendo; ninguén lles está comprando o seu modelo, nin están comprando as medidas que está poñendo o conselleiro, que lle están dando plantón e que non llo cren. E por iso, digan o que digan, onte estivo aquí o conselleiro anunciando non sei cantas medidas e a resposta dos profesionais que é: convocatoria de folga, e dicirlle: non, non nos vale.

Entón, se vostedes realmente están por facer algo, deberían votar a favor das propostas que traemos aquí a este parlamento, porque, se non, están demostrando que están de *mentirijillas*, que están dicindo unha cousa para intentar baixar a presión da mobilización, mais non están por resolver ningún dos graves problemas que ten neste momento a atención primaria. Se non van de farol, se realmente non van de farol, votarán a favor das iniciativas que presentamos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra a señora Solla Fernández.



A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Pois polo que escoitamos onte aquí, e tamén hoxe no debate previo, parece que o conselleiro de Sanidade vai ter que acudir de mediador ás Nacións Unidas, porque a mediación e o diálogo con el son fantásticos. É unha mágoa que si sirva para dialogar supostamente con non sei que profesionais da Sanidade, pero que non utilicen ou aproveiten as súas capacidades para levalo a dialogar entre os traballadores do 061 e a empresa, xa que non é un problema da Xunta de Galicia, e aínda que non teñamos transporte sanitario de calidade, total, como é un problema dunha empresa cuns traballadores, ¡que máis dá!

Isto é xa un pouco a situación absurda e ridícula do debate nesta cámara, no que unha persoa que ten unha responsabilidade tan alta como a do conselleiro de Sanidade vén aquí botarse flores, dicindo que está facendo moi ben o seu traballo e que aquí, como Xesús Cristo ante os fariseos, porá a outra meixela agardando que non lle acudan os traballadores ás xuntanzas. É un mal chiste porque a situación é tan grave que os traballadores e as traballadoras teñen que convocar a primeira folga en atención primaria. E ante esta situación, o único que fai é autobotarse flores dicindo que todo é perfecto e que o seu diálogo é absolutamente marabilloso.

A situación que temos na atención primaria deste país só pasa pola realización dun plan real de mellora da atención primaria que conte con orzamento suficiente para incrementar o capítulo I de persoal. Non hai outra medida. Despois virán todas as demais, pero non hai outra medida que sirva para reorganizar un sistema que sufriu un sangrado de centos de traballadores e traballadoras, máis dun milleiro na atención sanitaria de Galicia en dez anos. Un sangrado que o Partido Popular non só non reconece, senón que falsea cando intervéñ.

E é obvio, e a xente pálpao, e témolo trasladado aquí; pálpase cando un vai e ten que esperar dez días. Pero despois a culpa é da xente que é máis vella, e a culpa é da xente que, dende logo, se lle ocorre ir á atención primaria no noso país. Iso é o que nos trasladou este señor que ten tan alta responsabilidade aquí onte. E por iso eu trataba de «papelucho» iso que nos trouxo aquí, que realmente é un insulto, porque, obviamente, cando os traballadores de atención primaria están convocando unha folga non será porque o está a facer ben. E xa o dixeron os propios xefes e as xefas de servizo aos que leva desprezando meses, e que volven dimitir unha vez máis ante unha situación absolutamente insostible, que o que se lles tiña proposto non só non resolvía senón que se lles estivo entretendo durante meses para, evidentemente, intentar contrarrestar as protestas e as mobilizacións dos profesionais.

Nós pedimos que se elabore un plan de mellora da atención primaria, dotando de persoal, equipamento e acceso aos recursos orzamentarios necesarios para garantir as políticas de promoción e prevención da saúde, e, evidentemente, tamén que se recuperen nese sentido as xerencias de Atención Primaria. Porque aquí fálase de non sei que direccións sen ningunha capacidade decisoria e sen ningún orzamento para xestionar por parte dos xefes e das xefas de servizo. E iso é o que é unha *engañifa*, un engano para que a xente deixe de mobilizarse e, polo tanto, que se acabe a contestación social a unhas políticas que levan recortados trescentos millóns de euros na sanidade pública deste país durante dez anos. As consecuencias son terribles, ¡terribles!, que vimos nas Urgencias do país, que vimos nos puntos de atención



continuada, que vimos na Estrada este verán. Porque as consecuencias dos recortes págaas na pel o pobo. Ese que din que representan, que somos sempre Galicia. Pero somos Galicia cando hai que votar; para pór a atención sanitaria adecuada, para pór sanitarios e sanitarias nos centros de saúde, aí non somos Galicia. Aí traemos un papelucho cunha serie de medidas que non recollen o que piden os profesionais.

E volvémosllo trasladar aquí. Piden, como levamos pedindo os grupos da oposición durante tantos anos nesta cámara, que se incremente o orzamento sanitario e que se incremente en atención primaria. Porque trescentos millóns de euros de recorte teñen ademais o engadido de trasladar que a atención primaria representa só arredor do doce por cento do orzamento sanitario. ¿En que nos queda o orzamento para o máis básico da nosa atención sanitaria, e básico non é sinxelo, senón o máis importante da nosa atención sanitaria? Esa é, pois aí é onde se mide a calidade da sanidade neste país, a importancia que lle dá o Goberno.

Non nos fale de números totais, de porcentaxes sobre o orzamento total; fálenos de euros contantes e soantes, fálenos de capítulo I, fálenos por que despois de recortar profesionais, de obrígalos a xubilarse, agora veñen dicindo que non hai persoal. E as súas propostas estrela son pedirles que aguanten dobrando o lombo ata os setenta anos no posto de traballo, esas son as súas propostas estrela; que asuman a carga de traballo dos outros compañeiros e compañeiras, dobrando tamén o lombo, para que vostedes poidan xustificar que teñen unha gran sanidade sen investir un céntimo de euro máis, senón que recortando trescentos millóns de euros. Esa é a realidade. Claro que están á disposición do conselleiro, claro que si. ¿Non están as vinte e catro horas e trescentos sesenta e cinco días ao ano, con ese contrato precario que vostedes lles pretenden impoñer aos médicos e médicas novos, á disposición da cidadanía? Evidentemente, se os chaman, irán traballar e farán o seu servizo, pero están á disposición —o conselleiro quere— para sacarlle as castañas do lume do traballo que non se fixo durante dez anos.

Aínda que en realidade si se fixo un traballo; un traballo que foi encamiñado a demoler a sanidade pública durante dez anos, recortando no máis básico: no persoal sanitario, no mellor que temos. Non cansan —e éncheselles a boca cada vez que hai un debate— en dicir que o persoal sanitario é marabilloso, pero despois á hora da verdade non atenden as súas demandas. Esa é a realidade. E teñen que incrementar o persoal. Non hai capacidade de reordenar, de pór medidas se non se recupera o que se recortou durante os últimos anos. Non, non, con menos non se fai máis; con menos apáñase, organízase a miseria. Pero é que os profesionais non queren organizar máis a miseria nos seus postos de traballo, queren calidade asistencial, queren traballar en condicións dignas e queren dar unha atención sanitaria digna, porque para iso se forman durante tantos anos.

E non se pode vir aquí —como se veu na anterior intervención— dicir que se están atendendo as cuestións que plantexan dende os puntos de atención continuada cando día si día e día tamén amencemos con novas das carencias, dos descubertos, que hai nos puntos de atención continuada. Trasládaba antes a compañeira o que aconteceu en Vigo. Pero é que non aconteceu só ese día, é que hai noticias acotío das veces que se traslada a Moaña algún persoal do punto de atención continuada de Vigo. Pero é que tamén as temos no caso de Coruña, que hai que movelos a Cambre porque non hai, ou a Arteixo. E xa estamos chegando ata o punto de que se moven tamén os profesionais de enfermería. Oian: ¿isto que é?



Os profesionais existían; hai moitísimas compañeiras miñas en situación absoluta de precariedade. Non é que non haxa profesionais, é que a Xunta de Galicia non ten interese en que teñamos profesionais á nosa disposición na Consellería de Sanidade. Un bo xestor non lle bota a culpa ao azar ou ás circunstancias casuais de que non hai profesionais; xestiona, xestiona durante dez anos, e, dende logo, non vén aquí trasladar que cando hai un problema todo está ben e o diálogo é fantástico.

Por iso temos unha folga convocada, a primeira folga na historia deste país en sanidade na atención primaria; na atención primaria, a primeira. (*Murmurios.*) E por iso segue manténdose unha folga tamén nos puntos de atención continuada. Iniciaron —e hai que lembralo aquí— a folga despois dun ano e medio pedindo o mesmo que se vén exixindo no día de hoxe, que eran cuestións absolutamente básicas. Atenderon as máis doadas, iso si, pero o de repoñer persoal, iso non.

Recordo que non existen equipos completos, non hai persoal e non se aplica un dos puntos que pedimos tamén unha vez máis nesta proposición non de lei, que son os plans de continxencia para atender as ausencias, remunerados, e falando cos profesionais e tendo unha lista como hai que facer as cousas, non obrigando a xente. Os profesionais sanitarios non son os seus escravos. E o problema da falta de persoal é responsabilidade das bancadas azuis, polos recortes en dez anos, non dos profesionais, que agora teñen que sacarlle as castañas do lume a ese señor que ten tan alta responsabilidade, que é o conselleiro de Sanidade.

E, polo tanto, hoxe volvemos traer as reclamacións dos puntos de atención continuada, porque é absolutamente incomprendible que despois dunha folga tan longa vostedes non poñan persoal. Noticias —reitero—: Vigo, problemas co centro de Cambre, problemas en Arteixo... Todos os días hai noticias, ou polo menos todas as semanas. E iso é esgotador para os profesionais. É sinceramente unha situación insoportable de continuar cunha folga e que non se atendan estas demandas. E xa están pondo carteis nos centros dicindo que faltan os profesionais porque a Xunta non os substitúe.

E o papel ese que trouxeron onte, con todos os respectos, do que foron —e remato xa— con boa vontade sentar a escoitar, pero xa sabían que non ían ser escoitadas as súas demandas, ese papel non inclúe absolutamente nada —vólvoo repetir— en materia orzamentaria, capítulo I, para repoñer os profesionais.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Saquen todas as prazas que teñen pendentes a concurso; verán como aparecen os profesionais sanitarios.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia o señor Torrado Quintela.



O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Andará a sanidade complicada que, de verdade, —se me permiten a brincadeira— a secretaria xeral do Partido Comunista falou da *Biblia* e a voceira do BNG citou a *Movida* madrileña. (*Murmurios*.) ¡Fíxense xa se está a cousa complicada! Pero, ben, non se preocupen, o presidente da Xunta fala de autonomista. Así que calquera pode falar do seu contrario, iso é unha cousa natural. Eu, se me permiten, pensei que xuntando as dúas cousas, case vou citar a *Movida* viguesa, «Dios salve al conselleiro», de Siniestro Total. Sobre todo porque o PP canto máis lle aplaude, máis perigo ten o conselleiro xa no seu posto.

Hai un problema, efectivamente, na atención primaria que onte se pretendeu aparentar resolver. Digo aparentar porque xa o comentamos aquí onte, e é unha evidencia —como todo o mundo coñece e todos os profesionais saben— que a Xunta pretendía chegar onte aquí á comparecencia cun acordo asinado, con moitas medidas aprobadas, e atopouse coa realidade. A realidade é que o conselleiro xa case nin quere ninguén falar con el, e que moitos dos seus dirixentes non están lexitimados para negociar, porque os profesionais non queren sentar con eles tampouco. Ante iso, onte vimos unha especie de intento de escapismo. E non era posible retirar a comparecencia porque non comparece a petición propia; a petición da comparecencia previa é dos grupos da oposición. Evidentemente, o conselleiro súmase e, ao final, ten que vir arrastrado un pouco polo cable. E, ao final, tivo que facer unha comparecencia atolada, sen explicar realmente nada, porque nada había que explicar. O único que se podía intentar explicar era a proposta que facía a Xunta, que foi rexeitada por todo o sector: colexios médicos, Colexio de Fisioterapeutas, enfermería, traballadoras sociais, asociacións de pacientes, xefes de servizo da área de Vigo dimitidos. Existe un montón de colectivos que de maneira constante están afirmando ante a Consellería que non se pode negociar porque a Consellería demostra demasiada soberbia.

E ademais, e aquí expúxose na intervención no debate anterior —se o lembro— que a resolución sobre o problemas das ambulancias, sobre o problema dos PAC, sobre o problema das Urgencias é —está aí a proposta, que foi rexeitada—: a ver se somos capaces de dialogar e que a acepten. É unha maneira fantástica de asumir o diálogo, que é: eu propoñoche A, e se ti non queres A, o diálogo consiste en pensa ben a ver se queres A. E se non queres A, veña, dálle unha volta a ver se volves querer A. E o diálogo da Xunta consiste en propoñer sempre o mesmo e estar apelando constantemente á reflexión dos demais, porque a reflexión sempre debe ser dos demais. O diálogo é que os demais digan o que digo eu. E o consenso é que os demais apoiem o que digo eu. E así non se pode negociar en ningún sitio, e a consellería está xa deslexitimada para avanzar en ningún cambio.

Ademais, —como expuxemos onte— defende un modelo que fracasou, un modelo que non pretendía cambiar competencias, que non pretendía dar máis competencias e máis posibilidades a enfermeiros e enfermeiras para que poidan desafogar de traballo o resto do equipo, que non pretendía, e tivo que facer menos do que debe, ampliar o catálogo de probas diagnósticas, que non pretende, en ningún caso, aumentar realmente o volume de profesionais. Onte asistimos aquí ao compromiso de convocar o ano que vén un número de prazas en Medicina familiar e comunitaria que non é legalmente posible. Anunciáronse aquí 135 prazas pero non están acreditadas, non é posible. Claro, ¡logo botámoslles a culpa a outros!



Anunciouse un número de prazas que non é posible convocar. Esas son as medidas: mentiras, recortes, privatizacións. Ese é o triplete máxico do Partido Popular, que ultimamente vai moito de triplete, de Colón ao triplete de mentiras na sanidade.

Hai anos de advertencias, constantemente. Coa situación da sanidade véñse alarmando dende moitísimos sectores, só facía falta facerlle caso a alguén. Poden non gustarlles as propostas do Partido Socialista; non lles fagan caso. Poden non gustarlles as propostas que fan outros partidos políticos que hai aquí representados; non lles fagan caso. Poden non gustarlles as propostas dos sindicatos; non lles fagan caso. Poderán non gustarlles as propostas dos enfermeiros; non lles fagan caso. Poderán non gustarlles as propostas dos fisioterapeutas, das traballadores sociais, das asociacións de pacientes... non lles fagan caso. Poderán non gustarlles as propostas do Colexio Médico, ¡pois tampouco lles fagan caso! ¿A quen lle fan caso? ¿con quen se senta o Partido Popular para falar das propostas de modificación da sanidade? Porque todo o mundo que existe no sector, todo o mundo, rexeita as propostas; todo o mundo. Polo tanto, ¿con quen falan? É case unha curiosidade persoal, ¿con quen se sentan a falar?, ¿quen está nesas xuntanzas?, ¿quen di que hai unha proposta que é boa pero despois, dentro do ámbito profesional, ninguén a quere? Probablemente lle esteamos preguntando a algunha xente acertada pero a algunha outra equivocada. Ás veces estáselle preguntando á xente acertada pero non se lle fai caso, o que tamén é bastante habitual.

En termos xerais, nós apoiamos estas iniciativas. Presentamos unha emenda a cada unha pero é a mesma emenda. Non é unha gran modificación, senón un conxunto de propostas que se fixeron, tratando de buscar, se era posible, unha posición común, que vén trasladar basicamente a mesma liña argumental que expuxeron aquí as voceiras de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego.

A través da moción preténdese defender que as medidas necesarias para os PAC e as medidas necesarias para o xeral de atención primaria necesitan ir máis alá do existente. O anuncio dalgunhas medidas, dun novo modelo, de sentarse a dialogar, podería ser un punto de inicio, pero foi tomado polo Goberno da Xunta como un punto e final. A verdade é que, cando un necesita cambiar tan radicalmente o seu modelo, non pode asumir que a primeira cousa que propón xa é o final. Necesita ser un punto de inicio e, a partir de aí, traballar, que é o que está demandando todo o mundo.

Conxuntando as medidas que se propuxeron aquí, cremos que facemos unha proposta que recolle as medidas de equipos completos. Díxose aquí agora que non están existindo equipos completos. É máis, existiron problemas notorios recentemente, con consecuencias fatais, nos PAC. Poden volver pasar, non houbo nin unha soa modificación de medidas, nin de equipos, nin de persoal, na situación dos PAC de Galicia, ¡nin unha! Debe ser que o que pasou non lle importa a ninguén na Consellería. Non houbo ningunha medida, pode volver ocorrer, e estamos falando de consecuencias fatais graves. Ninguén tomou ningunha medida, ninguén considerou que houbo algún erro, algunha imprecisión, algún problema de xestión. Non se tomaron medidas.

Falamos da necesidade de persoas suficientes e de cuestións de calidade laboral como o cómputo horario. Falamos de dar cumprimento ás directivas europeas, como se plantexa



a través das iniciativas presentadas en materia de tempos de traballo. Falamos de cumprir condicións laborais normais, para que os profesionais, que xa fan un traballo enorme, por certo, especialmente nalgúns servizos como os que se citan aquí, especialmente, por exemplo, no caso dos PAC, fan un servizo cun nivel de estrés moi alto que pode dar lugar a un problema de baixas laborais por exceso de risco ou por exceso de estrés. Eses profesionais necesitan a cobertura dunha certa calidade laboral que agora non teñen, que moitas veces teñen que estar lavando a roupa na casa porque dende o servizo non teñen capacidade de ofrecerlles dous xogos de roupa para atender. Estamos falando de cousas moi sinxelas.

Fanse propostas dun plan de mellora de atención primaria, da recuperación, si, das xerencias, pero xerencias de verdade, como citou aquí, non poñerlle nomes estraños e dotalo orzamentariamente. Dotar de verdade, porque ¿para que queremos un directivo que non ten capacidade de xestión? Para que figure. Non vai haber ninguén que queira ser director de atención primaria sen ter orzamentos. Probablemente haberá alguén, pero na maioría dos casos non serán directivos de atención primaria que o fagan con toda esa vontade, porque, se non teñen capacidade de xestión, ¿para que van ser?

Falamos do aumento do orzamento e falamos de traballar en colaboración co ministerio para que desas prazas —as de Medicina familiar e comunitaria e as de Pediatría, sobre todo— se acrediten as máis posibles. Por certo, a ver se conseguimos entre todos lembrar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...—e remato xa— que ese goberno fantástico que dirixía Dolors Monserrat no Ministerio de Sanidade deixou 500 acreditacións en toda España sen resolver, ¡500!, pechadas nun caixón, dicindo que non facían falta médicos, e agora piden que se resolvan todas.

Falemos co ministerio, que está disposto a traballar e a colaborar, pero non pidamos promesas imposibles.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: Nós presentamos a emenda e imos apoiar a iniciativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

Dámoslles a benvida aos alumnos de 5^o de primaria do CEIP Agra do Muíño, de Ames, que acaban de entrar na sesión.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular, o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.



Bo día, señorías. Bo día aos alumnos e ás persoas que nos acompañan no estrado.

Señora Solla, en Galicia houbo unha folga de médicos de atención primaria no ano 2009, parece que se lle esquece. Eu, desde logo, sufrín as obrigas, os burofax e as ameazas, quince horas antes facer unha garda etc. Principios do ano 2009. E está convocada ou está en vías de convocarse unha folga nacional. ¿Quen goberna no resto das comunidades autónomas? Hai unha folga de médicos anunciada a nivel nacional. Eu creo que o problema non é de Galicia, por moito que vostede intente dicilo.

Nós temos moi pouco que engadir ao manifestado onte na comparecencia do Conselleiro de Sanidade, onde anunciou 175 medidas para mellorar a atención primaria. Vostedes piden na iniciativa un plan de mellora e nós consideramos que esas 175 medidas son un plan de mellora. Pódelle gustar ou non gustar, pero pensamos que é un plan de mellora.

Tamén entendemos que distintos colectivos profesionais busquen melloras para os membros dese colectivo e o traballo que o desenvolven. Onte falabamos de que os fisioterapeutas presentaron unha serie de alegacións e aceptaron o plan. Tamén falamos onte das discrepancias que había entre o colectivo de médicos e o colectivo de enfermería en relación coas direccións. Entendemos que todas esas suxestións presentadas polos profesionais van chegar a término nun documento que pode ser aceptado por todos.

E indo á iniciativa da señora Prado, pide unha porcentaxe do orzamento e unha cantidade específica en cifras sen ningún tipo de xustificación, ao chou. Eu creo que ten razón o conselleiro cando manifesta que primeiro hai que valorar as necesidades e o plan, e despois adxudicarlle un orzamento. Sabemos que o orzamento deste ano está pechado.

Tamén pide a convocatoria de todas as prazas vacantes, sabendo que é manifestamente ilegal. Eu pídolles aos voceiros e ás señorías do Grupo Socialista e de En marea que intercedan diante do Goberno de Madrid para que retire a taxa de reposición, e, efectivamente, poderían convocarse máis prazas.

Está anunciada unha OPE con prazas de Medicina de familia e Pediatría para este mesmo ano, esgotando a taxa de reposición e o 8 % suplementario, para cumprir o obxectivo de déficit, utilizando todas esas prazas para sanidade.

Pide tamén incrementar o número de profesionais en todas as categorías. Estase a facer, por suposto, sobre todo nas categorías deficitarias, para as que se convocan todas esas prazas de OPE, mil e pico para este ano.

Substitución de profesionais nas ausencias. Faise cando se considera necesario, pero fundamentalmente cando hai dispoñibilidade de profesionais. Mellora dos equipamentos. Anunciouse na prensa, e onte o conselleiro, o investimento de 17.300.000 euros para este investimento en material, sendo os xefes de servizo os que teñen que elaborar as propostas do que se necesita en cada un dos centros. O conselleiro ensinou onte o documento onde se relataban e onde aparecían todas esas primeiras propostas dos xefes de servizo.



Os dous últimos puntos tamén se están a cumprir. Recupéranse as direccións de primaria nas áreas sanitarias, con capacidade e autonomías propias; e ademais, a Subdirección de Atención Primaria no Sergas.

Recupérase o orzamento individualizado de primaria, señora Solla, e solicitáronse de xeito reiterado máis prazas MIR para formación de médicos de familia e pediatría. Ademais, a celebración dun MIR extraordinario, a axilización da acreditación de unidades docentes e a homologación de médicos estranxeiros.

Fronte a iso, a ministra anuncia no Interterritorial un número de prazas de médicos de familia para toda España. E cando se lle pregunta cantas son para Galicia, non o di. Non se sabe cantas son para Galicia. Anúncianse as de España pero non se sabe cantas son para Galicia. Iso vai na liña de actuación que ten con Galicia o señor Sánchez e o seu goberno, liña pola que sabemos que como presidente non visitou esta comunidade en todo o tempo do seu goberno.

Publicouse, ademais, o contrato estable para médicos substitutos —falamos onte disto—, cunhas condicións que parecen boas para eses profesionais, polo que se están a interesar facultativos do resto das comunidades autónomas, españois que traballan en Portugal e inclusive médicos de nacionalidade portuguesa.

Explicouno onte o conselleiro na súa comparecencia: folgas e manifestacións en primaria practicamente en toda España, e accións para solucionar o problema en Galicia e no País Vasco.

Con respecto á iniciativa de En Marea, ademais do dito ata o de agora, engadir que en relación cos profesionais dos PAC estase a negociar coas organizacións sindicais. Houbo novas ofertas por parte do Sergas e —como dixo a miña compañeira señora Amigo— aceptáronse nove dos once puntos que figuran na reivindicación dos profesionais.

Eu dixen en distintas ocasións que negociar non é impoñer. Que unha administración responsable e seria non pode aceptar todas as reivindicacións de todos os colectivos porque iso pagámolo entre todos os cidadáns, pagamos a asistencia sanitaria e o resto dos servizos. Nós confiamos en que se chegue a un acordo á maior brevidade posible.

A nós gustaríanos, señorías, que os voceiros da oposición explicaran algunha vez a solución para o problema máis grave que ten hoxe a atención primaria, que é a escaseza de médicos de familia e pediatras. No canto de promover ou alentar as protestas de colectivos pola falla de pediatras ou substitutos de médicos de familia, manifesten vostedes como arranzarían esta situación.

Cando non hai médico dispoñible para cubrir o PAC de Cambre ou o PAC de Moaña, non hai médico dispoñible para cubri-lo, e hai que sacar un médico do PAC da Coruña ou do PAC de Vigo e envialo a ese PAC para non ter que pechalo.

Cando non hai dispoñibilidade de pediatras ou de médicos de familia, diante dunha situación puntual dunha baixa laboral ou de calquera outra circunstancia sobrevida; cando non se pode



cubrir unha praza por calquera situación inesperada, no verán ou nas vacacións, agora mesmo practicamente todos os días, non hai médicos de familia e non hai pediatras, pero non é en Galicia, sabemos que é en toda España.

A min gustaríame saber de onde sacarían estes médicos os grupos da oposición. Gustaríame saber se teñen unha variña máxica que non coñeza a Consellería. De seguro que, se nolo fan saber, llelo agradeceremos.

Pediron aumentar a idade de xubilación, pero cando se incrementou a idade de xubilación non lles gustaba. Pediron un contrato estable para os substitutos, un contrato mellor, pero cando se ofreceu un contrato con 61.500 euros e cunhas condicións que eu xa dixen máis veces que me gustaría a min telas cando rematei a carreira, tampouco serve.

No canto de dar a matraca sobre a escolma ideolóxica do Partido Popular, empeñado en non se sabe que maldades, aporten vostedes algunha solución concreta distinta das propostas no plan de medidas presentado polo conselleiro para paliar o grave problema do déficit de médicos de primaria que padece Galicia e o resto de España.

Recorden, señorías, as verbas do consejero vasco, señor Darpón, sobre a sanidade galega.

Pola miña parte, máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Autores da proposición. Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: En primeiro lugar, agradecer o apoio manifestado por En Marea e polo Partido Socialista. Dicir que imos apoiar tamén a proposición non de lei de En Marea.

E con respecto á emenda presentada polo Partido Socialista, propoñemos a transacción de aceptala como engádega, non de substitución, na súa totalidade, agás no punto 2 os apartados a) e c) porque coliden con aspectos que contén a nosa iniciativa.

Volvo repetirlles que lamento que non sexan conscientes de que están perdendo a oportunidade de rectificar a tempo, antes de que teñan que facelo pola vía dos feitos. Aí fóra estase xerando un tsunami que os vai facer rectificar si ou si, e sería bo que vostedes o fixeran porque se deran conta de que o están facendo mal, estállelo dicindo absolutamente todo o mundo.

Entón, pois non rectifiquen, ao final, que os teña que arrastrar o tsunami da forza da xente que se opón dun xeito cada vez máis evidente ás súas políticas sanitarias, porque están acabando coa sanidade pública galega e non llelo van permitir. Entón, se tiveran un pouco de sentidoño, rectificarían a tempo. ¿Non o queren facer? Pois o tsunami da forza dos profesionais e do pobo galego faraos rectificar si ou si, esa é a realidade. *(Aplausos.)*

A proposición que trae hoxe aquí o BNG non é ao chou, señor deputado do Partido Popular. Nós demandamos ir incrementando o orzamento ata chegar ao 20 % como mínimo. ¿Por



que? Porque é o que demandan todos os expertos, todos aqueles que teñen analizado canto necesita unha atención primaria para responder ás necesidades dunha poboación e ser resolutiva.

Si, ir incrementando ata o 20 %. No inmediato, 200 millóns de euros. E non o fixemos ao chou, trouxemos a este Parlamento unha proposición non de lei na que dicíamos de onde se podían sacar: incrementando a capacidade de recadación; e de que partida se quitaba. Non foi ao chou, non foi improvisado, foi analizado. (*Aplausos.*) Vostedes votaron en contra. ¿Por que? Porque vostedes, ata hai catro días, non vían ningún problema na atención primaria. Non había ningún problema, era alarmismo do BNG e das outras organizacións políticas. Non había problema por ningún lado. A forza do tsunami que se está xerando estalles facendo ver algún problemilla e estaos facendo rectificar.

¿Alguén cre que con 17 millóns de euros se pode rectificar algunha política sanitaria en atención primaria? Ninguén os está crendo, porque non é crible que con eses cartos vaian rectificar absolutamente nada.

¿Por que demandamos incrementar o número de profesionais en todas as categorías? Por exemplo, vostedes non contemplan nin unha soa praza de matronas nese plan. Co problema que hai na atención sanitaria ás mulleres, e nin unha soa praza de matronas. ¿Pero como vai ser crible o seu plan? ¡Nin unha soa praza de matronas!

Non é crible, é de mentira o seu plan, señoras e señores de Partido Popular. Por iso, pedimos prazas en todas as categorías, pedimos convocar a totalidade das prazas vacantes. Teñan valentía, señoras e señores deputadas do Partido Popular. Xa que en Madrid cando estaban vostedes, e agora co Partido Socialista, non eliminan a taxa de reposición, enfróntense, convoquen unha OPE fronte a Madrid e que vaia o Goberno central ao Constitucional. Teñan valentía, enfróntense a Madrid por unha vez. Xa que é necesario, enfróntense, fagan o que teñen que facer para salvar a sanidade pública galega.

Non teñen valentía para facer o que hai que facer, non a teñen, porque se a tivesen, apoiarían estas medidas, que é o que están pedindo os profesionais, medidas reais, concretas, factibles, as que fan falta para salvar a sanidade pública, para salvar a atención primaria do noso país. Pero vostedes nin teñen valentía nin queren salvar a atención primaria.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Imos apoiar a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego. Sobre a emenda do Partido Socialista á nosa iniciativa, non temos problema en aceptala, aínda que entendemos que se fai para concretar o que ten que ver co Plan de atención primaria, e nese sentido propomos trans-



accionar, para que nese punto inclúan tamén as especialidades de enfermería. Referido ao punto c), evidentemente, facémolo con referencia ao orzamento en termos reais, porque, realmente, xa explicamos o problema que temos cando debatemos os aspectos económicos do orzamento sanitario de calquera outra índole.

Unha administración sería di o Partido Popular que non pode aceptar todas as reclamacións de todos os profesionais. Esta máxima é absolutamente contraria ao que debe de ser unha administración sería. Unha administración sería ten que valorar as demandas dos profesionais, e, en función delas, valorar a necesidade desas demandas e valorar a situación sanitaria que temos. Non sei se lles parece moi importante ou pouco que cando unha persoa acode —xa non ten vostede agora a quenda de réplica— a un punto de atención continuada teña médico, médica, enfermeiro ou enfermeira para atendelo. ¿Iso é moito ou pouco importante para o Partido Popular? Que cando unha persoa acode a un centro sanitario poida atendelo alguén, ¿é moito ou pouco importante?

Claro, ¡aí está o nivel de prioridades! Xa se veu que durante dez anos non foi esa unha prioridade. E a día de hoxe, e a pesar da folga, seguimos tendo descubertos nos puntos de atención continuada deste país, sen persoal.

O conformismo do Partido Popular: é que non pode ser outra cousa, non temos nada máis que facer, ¡como non hai profesionais! ¡Oia!, non hai profesionais porque vostedes eliminaron profesionais durante dez anos, ¡obrigáronos a xubilarse! ¿Pero isto que é? Logo vimos aquí dicir que hai que conformarse, e traslada que sexamos nós os que lles resolvamos a pa-peleta. A min paréceme un chiste, porque levamos anos traendo aquí propostas para resolver a carencia de profesionais, mellores ou peores, máis ou menos acertadas, pero sempre cun punto en común: o voto en contra do Partido Popular a incrementar os profesionais, a mellorar a situación da pediatría neste país coas propostas que trouxemos.

Estivemos meses con este asunto, ¡meses durante o ano pasado! Continuamos agora. E aquí veñen dicindo que non traemos propostas. ¡Oia! Non facemos outra cousa que discutir da ausencia de persoal suficiente na atención primaria na Comisión de Sanidade. Saben vostedes perfectamente que traemos centros concretos e o problema xeral. Levamos o tema das matronas e vostedes votaron en contra. Levamos o tema dos profesionais de atención primaria nun montón de centros e vostedes votaron en contra.

¡Home, por favor, non nos tomen o pelo! ¡Non nos tomen o pelo! A nós non nolo poden tomar, e eu creo que aos profesionais tampouco, e como non se tragan isto... ¿Isto de verdade é un plan de atención primaria? ¿Este é o plan de mellora da atención primaria do Partido Popular? Como non lles toman vostedes o pelo, evidentemente, dentro dunhas semanas terán vostedes unha folga en marcha. Nós non nos alegamos, ¡eh! —e remato xa—, de que os profesionais... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Teñen vostedes moitísimos prexuízos, deberían revisar o que pensan sobre os grupos da oposición. É moi lamentable a súa forma de pensar. É moi la-



mentable que vostedes pensen que nós nos alegamos de que os profesionais teñan que facer folga. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿As ambulancias? Iso vénlles ben a vostedes para criminalizar a loita. Sempre pasa igual. Vénlles ben a vostedes que existan problemas para criminalizar a loita dos traballadores. ¡Iso sempre foi así e sempre vai ser así! Vostedes teñen prexuízos e pensan que nós nos alegamos de que os traballadores teñan que reclamar, facer unha folga e denunciar que o Partido Popular non lles fai en absoluto caso e que levan anos reclamando o mesmo.

Remato xa, que non teño tempo, pero recapaciten e voten a favor da iniciativa. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Isabel Novo Fariña e seis deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central co fin de cubrir as vacantes na Unidade de Policía Adscrita a Galicia e de incrementar os seus efectivos ata un mínimo de catrocentos setenta e cinco

O señor PRESIDENTE: Hai emendas dos Grupos Parlamentarios dos Socialistas de Galicia, de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego.

(*O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 44557)*)

Emenda de adición.

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo parágrafo que terá o seguinte contido:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a impulsar as actuacións necesarias para avanzar na asunción de competencias pola Comunidade Autónoma en materia de Policía autonómica, conforme ás previsións da Lei 8/2007, do 13 de xuño, de policía de Galicia.»)

(*O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada e voceira suplente Carmen Santos Queiruga, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 44557)*)

Emenda de substitución da parte resolutiva.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno Central a cesión das competencias oportunas, e adoptar as medidas necesarias para a creación do corpo de policía integrada para Galicia, procedendo ata a culminación do proceso a incrementar os efectivos actuais da Policía adscrita.»)

(*O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 44557)*)



Emenda de substitución.

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a desenvolver e cumprir o previsto na Lei 8/2007 de policía de Galicia.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular esta proposición, ten a palabra o señor Moreira.

O señor MOREIRA FERRO: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bos días.

Quero saudar, en primeiro lugar, en nome do Grupo Parlamentario Popular de Galicia os representantes do Sindicato Unificado de Policía presentes na tribuna, porque hoxe imos falar dunha cuestión que lles afecta especialmente e que nos afecta a toda Galicia, trátase de pedir máis efectivos da Policía autonómica de Galicia.

A Policía autonómica de Galicia devén da Constitución española, que establece que a competencia de seguridade pública é estatal, sen prexuízo da creación das policías polas comunidades autónomas, na forma en que se estableza nos respectivos estatutos, no marco do que dispoña unha lei orgánica.

No Estatuto de Galicia está así regulado, e a Lei orgánica de forzas e corpos de seguridade do Estado establece que se pode crear unha policía autonómica, pero tamén se di que as comunidades autónomas que non fixesen uso desas posibilidades poden exercer esas funcións solicitando ao Goberno da nación a adscrición de unidades do Corpo Nacional de Policía. Así o fixo Galicia. Isto régúlase posteriormente nun real decreto do ano 1991 que regula a organización das unidades do Corpo Nacional de Policía adscritas ás comunidades autónomas; e previamente, no ano 1990, foi cando se asinou un convenio, un acordo administrativo de colaboración entre o Ministerio de Interior e a Comunidade Autónoma de Galicia para constituír e adscribir a unidade do Corpo Nacional de Policía, que logo se publicou por unha Orde do Ministerio de Interior do 19 de xuño do 1991, que no seu primeiro artigo establece que a unidade policial depende organicamente do Ministerio de Interior e funcionalmente da Xunta de Galicia.

Esta Unidade de Policía adscrita foi acomodando a prestación dos seus servizos, ao longo dos anos, de xeito paralelo ás novas competencias que foi sinalando e asumindo o Goberno galego, unha circunstancia que determinou tanto o incremento dos recursos humanos e materiais como tamén un maior aumento das sedes policiais no territorio de Galicia.

No ano 2005, co Partido Socialista nos gobernos do Estado e de Galicia, asinábase unha prórroga do acordo administrativo de colaboración entre o Ministerio do Interior e a Comunidade Autónoma de Galicia, e neste acordo o Ministerio de Interior comprometíase á incorporación de funcionarios policiais á Unidade adscrita ata acadar a cifra total de 500 efectivos, que é a cifra que aparece no catálogo desta unidade.



Mesmo así, o certo é que co Partido Socialista a UPA nunca acadou esa cifra de 500 efectivos, e desde o ano 2008 e posteriores, realmente, o que se produciu na unidade foi unha incesante perda de persoal, chegándose a baixar ata os 348 efectivos no ano 2011, sen que desde o Goberno Socialista do Estado se fixese nada para remediar esta situación, a pesar de que consta na memoria do ano 2008 e de que a entón Consellería de Presidencia realizara xestións coa Dirección Xeral de Policía e da Garda Civil para o incremento das prazas da UPA ata 500 efectivos.

Nada disto se cumpriu, e tivo que ser un novo goberno do Partido Popular en Madrid o que practicamente desde o comezo, en xaneiro de 2012, adoptase a decisión de fortalecer o persoal da Unidade adscrita. Así, no ano 2013 foi cando estivo máis preto dos 500 efectivos, ata chegar a contar puntualmente con 474; é dicir, o 95 % do persoal previsto no catálogo. ¿E isto por que? Grazas a que nos anos 2012 e 2013 o Ministerio de Interior desenvolvera dous concursos específicos de méritos para dotar a unidade do persoal suficiente, así se incrementaron en 140 efectivos. E precisamente foi nos anos nos que aquí tiñamos que escoitar día tras día neste Pleno, e todos os galegos, que desde a oposición se falase de que se estaban recortando servizos públicos, ¡que casualidade, cando vostedes falaban de todo iso, o Goberno do Estado adscribía 140 novos efectivos! Espero que estes datos non se cuestionen porque son datos que constan nas memorias anuais da Unidade adscrita.

Na actualidade, as funcións da UPA incrementáronse, xa que no ano 2015 se asinou un convenio co ministerio para colaborar coa Policía Nacional na protección das mulleres vítimas de violencia de xénero, e, por tanto, estanse dedicando a este labor un número importante de efectivos, pero o número de efectivos totais da plantilla está diminuindo por diversos motivos, como xubilacións, ascensos e pases a segunda actividade.

Ademais, como é sabido, a Unidade adscrita continúa cumprindo —con excelentes resultados, ademais— coa protección do medio natural, a loita contra incendios forestais e tamén contra o furtivismo e marisqueo ilegal.

O incremento da plantilla tamén é unha cuestión que este partido levou no seu programa electoral, nas eleccións autonómicas do ano 2016. Mesmamente o ano pasado, o vicepresidente da Xunta, con ocasión do acto do Día da Policía, reclamou publicamente o incremento de efectivos de policía. Daquela estaba presente a subdelegada do Goberno nese acto, e contestou que o Goberno que dirixe Pedro Sánchez se propón facer un esforzo para recuperar os efectivos perdidos nos últimos anos. A verdade é que a día de hoxe, cinco meses despois, non se ten cumprido ese compromiso. Por tanto, nós reivindicamos este incremento de efectivos como unha das prioridades para ter máis autogoberno.

Outra das prioridades que temos é que se consume e se execute a transferencia da AP-9 sen custo para os galegos; que os 1.400 millóns de euros se paguen con cargo aos orzamentos do Estado e non dos usuarios; e que ademais se estableza un desconto dun 25 % nas viaxes feitas no mesmo día.

A outra prioridade na axenda de Galicia é que se abonen a Galicia as compensacións ás que temos dereito por ser unha comunidade autónoma responsable, que cumpriu e xestionou responsablemente. E cumprir isto, é a forma de facer autogoberno.



O Partido Socialista non nos pode dar leccións de autogoberno porque no ano 2007 votou en contra da transferencia da AP-9; no ano 2010 bloqueou no Congreso dos Deputados a transferencia das competencias de tráfico a Galicia; no ano 2011 recorreu ante o Tribunal Constitucional o catálogo priorizado de medicamentos, e este ano, cun proxecto de orzamentos malogrado, trataban de discriminar a Galicia reducindo os investimentos en Fomento nun 30 %, e a cambio incrementarllos a Cataluña nun 60 %, mentres que o Partido Popular incrementaba os investimentos en Galicia nun 11 %. ¡Claro!, hai que pagar as peaxes e as compensacións aos gobernos independentistas, e a prexudicada neste caso era Galicia.

Estes orzamentos non saíron adiante, pero hai que recordar que era un proxecto de orzamentos para beneficiar precisamente os que van de aliados do BNG e os que son aliados no Goberno de Madrid do Partido Socialista e das Mareas.

Nós queremos autogoberno, polo tanto, un dos compromisos é este: incrementar o número de efectivos, e imos instar o Goberno a que se incremente este número. No Partido Popular témolo claro, estamos orgullosos das forzas e corpos de seguridade do Estado e, particularmente, da Policía autonómica. (*Aplausos.*) Das Mareas e do BNG xa sabemos o concepto ou, ás veces, o nulo respecto que teñen pola policía; non sei se teñen o mesmo concepto da policía do país bolivariano, porque igual teñen outro concepto e máis respecto neses países. Pero, desde logo, os feitos e o que temos escoitado non é de respecto. (*Murmurios.*)

Mire, portavoz do BNG, dona Ana Pontón, 2 de outubro do ano 2017, dicía: «*La represión policial...*» —dígoo en castelán porque está entrecomiñado nun teletipo en castelán, supoño que non estaba exercendo o dereito a utilizar o galego— «*...nos recuerda a esa España en blanco y negro del franquismo*», Ana Pontón. (*Murmurios.*) Dona Ana Pontón, 25 de decembro de 2017: «*A alternativa á política non pasa polos porrazos, pola represión policial ou por utilizar de maneira abusiva o poder xudicial*». (*Murmurios.*) Comunicado do BNG o 1 de outubro do 2017 —miren que ben falan da policía—: «*Causa vergoña e indignación ver as forzas da seguridade do Estado asaltando colexios, derrubando portas a mazazos e requisando urnas para impedir ese dereito fundamental, mesmo exercendo violencia contra as persoas*».

Así é como ve o BNG a policía. Non nos estraña, señora Pontón, que vaian da man de Arnaldo Otegui e dos independentistas de Esquerza Republicana, ¡non nos estraña! Por iso teñen ese concepto da policía, e, desde logo, nin nós nin os galegos —téño ben seguro— compartimos ese criterio. (*Murmurios.*) Polo tanto, Galicia non merece representantes políticos que deosten as forzas e corpos de seguridade do Estado, que son o garante de que poidamos vivir en liberdade e que se respecten os dereitos dos cidadáns. Polo tanto, espero que aproben e apoién esta iniciativa, para conseguir que Galicia —estas son transferencias que podemos pedir xa, é simplemente articular un concurso de méritos— poida ter máis efectivos e nos aproximemos xa non digo aos 500 establecidos, pero polo menos que cheguemos aos 475.

Polo momento, nada máis. Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Moreira.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.



O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Eu tamén quero saudar os representantes da Policía que están presentes neste debate.

Desde logo, teño que dicir que o señor Moreira bateu aquí todos os récords de falar practicamente case de todos os asuntos menos do que traía para falar neste debate, porque falou de Venezuela, falou de Cataluña... Por certo, mantemos palabra por palabra ese comunicado que fixemos o 1 de outubro do ano 2017. *(Aplausos.)* Non cambiamos nada e falamos claro, dicimos as cousas claras.

Esta proposición non de lei ten unha virtude, que explicita dunha maneira absolutamente clara cal é o modelo do Partido Popular, que é o da renuncia a unha auténtica Policía galega, esa é a realidade. *(Aplausos.)* Queren substituíla por un sucedáneo que a nós, desde logo, xa lles dicimos que non nos vai, que non nos convence, que non o apoiamos: a UPA. Non, non é o noso modelo, señor Moreira, ¡hai que falar claro! Vostedes queren algo que non é nin Policía autonómica nin Policía galega, ningunha das dúas cousas. É un substitutivo que ten competencias limitadas, que ten medios escasos —e acaba vostede de poñelo de relevo aquí—; por certo, medios escasos porque estivo gobernando o Partido Popular todos estes anos no Estado e levouno a esa situación *(Aplausos.)*, coas taxas de reposición, coas xubilacións, con todo isto que nos contou vostede aquí. ¡É unha autoacusación o que fixo vostede! E agora din que fixeron unha promesa e que llo piden ao Goberno do Estado. ¡Pero é que tiveron seis anos para resolver esta cuestión, señor Moreira! ¿Que nos vén contar aquí? Esta PNL fala da súa incompetencia, da súa incapacidade, diso é basicamente do que fala esta PNL.

Nós defendemos outro modelo de Policía galega, e non é ningunha ocorrencia, o noso modelo está explicitado nunha lei que foi aprobada por este Parlamento no ano 2007. *(Aplausos.)* Temos unha Lei de Policía de Galicia que vostedes gardaron nun caixón, *(Aplausos.)* que vostedes de maneira insubmisiva se rebelaron contra ela e non a cumpriron. ¡Nós queremos esa lei! Esa lei di claramente cales deben ser as competencias da Policía galega en materia de seguridade cidadá, en materia de Policía administrativa, en materia de vixilancia e control do tráfico, de protección e de asistencia ás vítimas de violencia machista; con medios, con persoal suficiente para atender este grave problema, non coa escaseza de medios que temos agora. Porque esa lei tamén prevía un desenvolvemento e chegar a 2.400 efectivos, non andar racaneando a ver se chegamos a 473. Chegar a 2.400 efectivos para ter unha auténtica e verdadeira Policía galega, iso é o que quere o BNG e o que está posto nunha lei aprobada por este Parlamento que vostedes incumpriron.

A realidade é que pasaron doce anos desde a aprobación desta lei, e vostedes e o Partido Socialista tomaron unha decisión que supuxo un gravísimo boicot e veto ao desenvolvemento desta lei, que foi o veto á transferencia das competencias de tráfico no ano 2010; o Partido Socialista votando en contra e o Partido Popular absténdose nesa votación. Porque se vostedes non se abstivesen, se votasen a favor, teríamos esa transferencia xa *(Aplausos.)* e non estaríamos falando outra vez, oito anos despois, de a ver se nos transfiren as competencias de tráfico. *(Aplausos.)*

O máis grave desta situación é que a vostedes non lles preocupou que Galiza tivese ningunha competencia máis. O balance do seu Goberno, do Goberno do Partido Popular, aquí e en Ma-



drid, foi de cero patatero transferencias: non conseguiron ningunha, non pediron ningunha. Entón ¿que nos veñen contar aquí? E o máis grave non é que non as pediran, é que aínda fomos para atrás, perdemos competencias e recentralizaron aínda máis. E agora veñen aínda con promesas electorais de máis volta atrás, de máis regresión, de máis centralismo, de perda de competencias que ten este país, por exemplo, en materia de lingua ou en materia de educación. Vostedes aínda queren baleirar máis de competencias ese minguado Estatuto que temos.

Non imos apoiar, dicímoslle claramente aquí, nesta tribuna, ao señor Moreira e tamén lles dicimos aos representantes da Policía adscrita que non queremos este modelo. Queremos un modelo de Policía propia que prevé como se dotaría de medios, con integrantes efectivos da Policía adscrita, tamén con efectivos das policía locais e con convocatoria de prazas públicas para ter esa verdadeira Policía galega con todos os medios necesarios para atender a todas estas funcións que lle dixen.

Vostedes, señores do Partido Popular, optan polo incumprimento da lei que aprobou este Parlamento, o BNG polo seu desenvolvemento e polo seu cumprimento. Vostedes, o Partido Popular, optan por unha administración delegada e capada, o BNG por un auténtico Goberno galego. O PP opta pola mendicidade política, pola submisión diante de Madrid, diante da axenda da dereita, da ultradereita, o BNG por despreñar todo o potencial e toda a capacidade deste país. Vostedes optan por un sucedáneo, o BNG opta por unha auténtica Policía galega.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas, presidente.

Saúdo tamén os representantes policiais.

Eu pensaba, señor Moreira, que iamos debater sobre datos concretos ou problemática concreta da Policía, pero poucos deben ser os argumentos que teñen para falar de todo menos, precisamente, do que é a propia Unidade de Policía adscrita.

Nese sentido, a PNL que nos traen a este pleno non é nada ambiciosa para Galicia. É unha iniciativa en certa medida capciosa e tamén certamente vitimista, e sen saírnos dos datos que son oficiais e que son públicos. Nese sentido, antes de nada queremos recoñecer desde o Grupo Parlamentario Socialista o traballo durante vinte e cinco anos, desde 1991 ata o 2016, da Unidade de Policía adscrita en temas tan transcendentais para Galicia como poden ser os incendios forestais, o marisqueo ilegal, a protección de menores, as inspeccións medioambientais e un tema tan crítico e tan problemático socialmente como pode ser a protección das mulleres a través da Unidade Vioxen. *(Aplausos.)* Nese sentido, recollendo datos da propia memoria da Unidade de Policía adscrita, son xa 240 mulleres en protección a 31 de decembro de 2017.



Pero, como lle dicía, señor Moreira, e como tamén tivemos ocasión de comprobar noutros momentos, os datos publicados nas memorias, evidentemente —e sen saírnos destes últimos datos pechados a 31 de decembro de 2017—, o que manifestan realmente é unha absoluta incapacidade de xestión por parte do Goberno galego en materia de adscrición de efectivos á Policía autonómica ou á Unidade de Policía adscrita do Corpo Nacional de Policía. É certo que o máximo de efectivos se acadou en 2013. En 2017 temos —segundo datos da memoria— 418. Pero é certo tamén que os anos 2011, 2010 e 2013 son anos nos que, gobernando tamén o señor Feijóo, os efectivos da Unidade de Policía eran os mínimos de Galicia.

Nese sentido é tamén chamativo —e facía vostede incluso algunha referencia— que os acordos de colaboración interadministrativa para dotar de medios e de efectivos a UPA, asinados entre o Ministerio do Interior e o Goberno galego, se asinaran orixinariamente en 1990, a continuación en 1993, 1996, 1999, 2002, e, finalmente, o último acordo asinado fose o de 2005, baixo a presidencia do presidente Touriño. De 2005 ata agora, señor Moreira, señores do Partido Popular, ¿que fixo a Xunta de Galicia para renovar acordos ou para renovar convenios co Ministerio do Interior?, practicamente nada ou nada, polo que temos recoñecido incluso nas propias memorias da Unidade da Policía adscrita.

Como tamén facía algunha referencia ao bloque de constitucionalidade, tanto a Constitución española como o noso Estatuto de autonomía no apartado 25 do artigo 27, como a propia Lei Orgánica de Forzas e Corpos de Seguridade de 1986, establecen todo o marco normativo e competencial que permitía e permite a Galicia dispoñer dunha policía autonómica propia, e ese compromiso estatutario, ese compromiso de desenvolvemento competencial, levouse a cabo nesta Cámara precisamente mediante a aprobación da Lei 8/2007, de Policía de Galicia, baixo a presidencia tamén do presidente Emilio Pérez Touriño.

Hai que lembrar toda unha serie de funcións clave para a seguridade cidadá, para a Policía administrativa ou para a Policía xudicial que se describen no artigo 15 desta lei. E nese sentido tamén temos que lembrar que as propias disposicións transitorias desta lei, que —como digo— desenvolve as capacidades estatutarias de Galicia, establecen os mecanismos para a posible integración dos efectivos da Unidade da Policía do Corpo Nacional adscrita a Galicia, establecen os mecanismos para que as forzas e corpos de seguridade —que non son patrimonio do Partido Popular, senón que son patrimonio, un dispositivo, de toda a sociedade deste país— poidan seguir prestando servizos mentres non se desprega completamente a Policía autonómica, pero tamén se teñen que activar —e así se di no propio texto da Lei de Policía de Galicia— os mecanismos para transferir ou delegar unha serie de funcións que no artigo 15 son de competencia do Estado.

Esta mañá asistimos —non sen perplexidade— a escoitar o presidente Feijóo dicir que se declara garante do Estatuto de autonomía. Nestes dez anos, realmente non pode dicirse que se garante o desenvolvemento de ningún dos aspectos que Galicia ten pendentes de desenvolvemento estatutario desde que o señor Feijóo chegou ao Goberno. Tiveron ocasión de votar a favor da Proposición de Lei orgánica de transferencia en materia de tráfico que presentou o Grupo Parlamentario Socialista no pasado pleno. Terán a oportunidade esta tarde —como anunciaba o noso portavoz parlamentario— de pronunciarse sobre unha oferta de competencias pendentes de transferir. Esas serán as posibilidades que teñen para mostrar



a garantía de velar polas competencias estatutarias de Galicia, que non somos unha comunidade mellor que outras pero tampouco estamos por detrás do resto das comunidades históricas.

Por iso nós apoiaremos —si que apoiaremos, señor Moreira— a iniciativa para incrementar os efectivos. Pero sexamos máis ambiciosos, porque o que queremos é incorporar unha emenda de adición que o que pide é, precisamente, que se inicien os traballos para que, en desenvolvemento das propias previsións da Lei de Policía de Galicia, se leven a cabo as transferencias necesarias para poder dispoñer dos compromisos aprobados...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...nesta propia Cámara en materia de seguridade e interior para Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Bo día, señores deputados e deputadas, señor presidente.

Queremos tamén darlles a benvinda dende o noso grupo aos representantes da Policía que aquí nos acompañan.

E nós, sobre a iniciativa do Partido Popular temos que facer dúas consideracións, para comezar a nosa exposición acerca do que nós cremos que hai que facer para solucionar esta situación.

En primeiro lugar, evidencia o cacao mental que teñen dende o Grupo Popular —ou, mellor dito, o cacao político que teñen, para que non resulte ofensivo, antes de que me chame a atención o señor Santalices—, que xa non saben que modelo nin que propostas van defender segundo o momento político. Xa non teñen memoria de que defenderon hai anos, e, segundo a estratexia ou o momento «*atrápalo todo*» que queiran seguir nas súas estratexias, veñen aquí cunha cousa ou con outra.

Dende logo, ademais da exposición do señor Moreira, a segunda cuestión que queremos subliñar é precisamente a falta de respecto que se amosa, coa súa exposición e con este vaivén de posición, cos representantes que aquí nos acompañan e coa Policía no seu conxunto. Parécenos unha falta de respecto defender certas cuestións e como se defenden certas cuestións.

Dende logo, xa non teñen memoria de cando no ano 2004 neste Parlamento, a través da Xunta de Galicia, o señor Xesús Palmou anunciaba que Galicia tería un corpo policial propio, e xustificaba a súa creación ante as dificultades para fixar unha plantilla de 500 axentes na Xunta e admitía disfuncións na unidade que ten adscrita actualmente. Ano 2004, Goberno



do señor Fraga Iribarne, nin máis nin menos. Estamos no 2019. E dicía: Galicia contará cunha policía propia pero con menos atribucións que a Ertzaintza ou os Mossos d'Esquadra, que operan como policía autonómicas de Euskadi e Cataluña. A Policía autonómica terá máis medios e funcións que a Unidade adscrita actual, creada hai trece anos, pero o conselleiro de Xustiza, Xesús Palmou, non especificou no Parlamento o campo operativo. Dicía que remitiría no prazo de semanas o proxecto de lei á Cámara galega coa idea de que nesa lexislatura, no ano 2004, quedara constituído o corpo policial propio no horizonte temporal de outubro do ano seguinte, do ano 2005. ¡Carai, ano 2019!

Falaba de disfuncións. O titular de Xustiza xustificou a aposta da Xunta por un corpo policial propio nas disfuncións que se constataran no funcionamento da Unidade adscrita no ano 2004. Ante a imposibilidade de articular a plantilla completa coa excesiva mobilidade de axentes, o Executivo galego decidiu apostar pola Policía autonómica, que nese caso xa non dependería organicamente do Ministerio do Interior. A Xunta quería que a creación se levara de xeito dialogado coa Administración central, e o señor Manuel Fraga ía falar directamente co señor Sevilla. Gobernaba o Partido Socialista. É curioso que xusto despois, cando houbo o cambio de goberno, a Xunta, cando tiña maioría absoluta o señor Rajoy, cambiase o modelo e cambiase a forma de como querían facer as cousas, xa non tiñan tanto ímpeto como agora. No ano 2018, outra vez o señor Rueda, o vicepresidente, aproveitou os actos conmemorativos do martes 2 de outubro, Día da Policía, para reivindicar ao Goberno central máis efectivos para a comunidade, facendo especial fincapé na Unidade adscrita autonómica.

É certo que se aprobou a Lei de transferencia... de transferencia non, a Lei autonómica de Policía, pero dende o noso grupo —e xa o dixemos aquí con respecto ás cuestións de tráfico— o que queremos é a transferencia da competencia, porque é a maneira de que se dea un bo servizo aos galegos e galegas, que poidamos facer políticas públicas concretas para os galegos e galegas, como faciamos no caso da transferencia de tráfico polo elevado índice de sinistros, e queremos, do mesmo xeito, que se transfira a competencia completa en cumprimento do Estatuto de autonomía. Ese é o modelo que defende En Marea para poder traer o que sería unha policía propia galega, para facer unhas políticas propias. Aínda que non nos parece mal a Lei de policía que xa se aprobou. Bastaríanos con que se cumprira a lei que xa existe, sinceramente, se ao Partido Popular lle parece ben. Se lle parece ben, claro, porque isto aprobouse neste Parlamento. Non sei que lle fai tanta graza. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non sei, igual eu non me estou explicando ben. Debería centrarme e non escoitar a quen se dedica a distorsionar desde a outra bancada.

Nós si que queremos a Policía autonómica, en cumprimento do Estatuto de autonomía. Esa é a nosa reivindicación. E que se trate con respecto o persoal e non se intente utilizar de maneira partidaria nin sequera no caso de Cataluña, que por unha orde política que ao final foi en contra do propio corpo policial e en contra dos cataláns, provocóuselle un prexuízo enorme non soamente ás persoas que foron agredidas o 1 de outubro, senón ao propio corpo, que recibiron direccións políticas e despois os responsables nin sequera pediron desculpas por algo que nos avergoñou ao conxunto da cidadanía, non só de Cataluña, senón de todo o Estado.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Moreira.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor presidente.

Señora Santos, efectivamente, non se explica ben. Non se explica ben e creo que aquí rozou o ridículo. Fala vostede de cacao. ¡Home!, están vostedes para falar de cacao nese grupo, ¡eh! ¡Están vostedes para falar de cacao! *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Mire, señora Santos, nós temos moi claras cales son as reivindicacións dos funcionarios de Policía. ¿Pero sabe por que? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por algo moi sinxelo.

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio...

¡Silencio, por favor! ¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, silencio, esa é unha expresión do debate. Silencio, silencio. *(O señor Cal Ogando pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor Cal, chámoo á orde. Foi moi reiterado hoxe. Un máis á lista. *(Murmurios.)*

Silencio, silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio, silencio, silencio. Aí non oín gritos como escoito nesta bancada. *(Murmurios.)* Non, non o oín. Non oín gritos. Silencio, ¡xa está! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, silencio. Se queren, suspendemos isto dez minutos e pomos un pouco de calma no asunto. Eu non teño problema. Se queren, suspendemos dez minutos e pomos un pouco de calma, a min non me preocupa en absoluto, e despois volvemos ás catro.

Continúe, señor Moreira.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor presidente.

Dícialles que nós temos moi claro cales son as reivindicacións dos funcionarios de policía, pero por algo moi sinxelo, señora Santos, porque nos reunimos con eles, recibímolos e escoitámolos. O que estamos pedindo aquí son peticións do propio Corpo de Policía, dos funcionarios de policía e dos sindicatos. Non estamos inventando nada. Creo que vostedes poderían chegar á mesma conclusión se se reuniran con eles e non se dedicaran a denigrar os policías. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, como os denigraron en moitas ocasións. Cando foi o 1 de outubro, aquí se falou por parte do seu grupo, non sei se coinciden ou están nesa diverxencia ou non..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Lago, silencio. Silencio. *(Murmurios.)*

O señor MOREIRA FERRO: ...de represión policial. En Santiago de Compostela, no ano 2017, cando se produciu un desaloxo ocupa en cumprimento dunha resolución xudicial, igual que en Cataluña, seis funcionarios públicos, policías, foron lesionados. E cando



todo o mundo agardaba que o alcalde da cidade se puxese do lado da orde e da policía, o comentario do alcalde foi: Foi unha actuación desmedida. ¡Home, creo que causa vergoña cando un alcalde non se pon do lado das forzas e corpos de seguridade, e iso define perfectamente cal é o seu posicionamento e cal é o seu modelo de policía. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio. Silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor MOREIRA FERRO: Pero dígolle unha cousa, eses axentes de Policía ou da Garda Civil...

O señor PRESIDENTE: Señor Cal, silencio. Xa ten unha chamada á orde.

O señor MOREIRA FERRO: ...son os mesmos aos que, nun momento dado, un representante político importante lles encarga custodiar a súa vivenda. Pódese chegar a iso, ¿sabe? *(Murmurios.)* Son eses mesmos policías que, ao mellor, un día que vostede ou eu esteamos nunha situación de perigo, non dubidarán nin un segundo en arriscar a súa vida por salvar a súa, a miña ou a de quen sexa. Non o dubide, son os mesmos policías. *(Aplausos.)*

Da competencia de tráfico xa falamos e non é unha prioridade. A prioridade é que agora temos unha unidade adscrita e hai que incrementar o número de efectivos que o Goberno socialista dixo que ía incrementar e non incrementou. ¡E daquela xogabamos na Champions League, non se olviden, había cartos abondos! E cando se incrementou o número de policías adscritos foi nos anos 2012 e 2013, nos peores anos da crise. Cando vostedes falaban de recortes, aquí houbo máis incremento de policías. *(Aplausos.)*

O señor Bará e vostedes seguen insistindo en que queren unha policía integral. Non é posible, coa normativa actual, ter unha policía integral igual que o País Vasco, Navarra ou Cataluña. ¡Non é posible! Ou hai que modificar o Estatuto de autonomía —non desenvolveo, modifícalo—, ou modificar a Lei de forzas e corpos de seguridade do Estado, ou, se non, facer a transferencia por vía do artigo 150.

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas.

O señor MOREIRA FERRO: Pero non enganen á xente, ¡eh! Porque vostedes aprobaron unha lei que cunhas disposicións transitorias se salvou da inconstitucionalidade, porque vostedes querían unha policía integral propia, como o modelo vasco, e non é posible. Por iso esa lei non se pode desenvolver mentres non se cambie a normativa.

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas, señor Moreira, por favor.

O señor MOREIRA FERRO: Si, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Mire o reloxo tamén, mire o reloxo. Xa está compensado.

O señor MOREIRA FERRO: En canto ás emendas, non as imos aceptar.



O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor MOREIRA FERRO: Non as imos aceptar porque o que queremos é, o que temos, do-talo de funcionarios de Policía.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor MOREIRA FERRO: Non cremos nese modelo, señor Bará, e ademais habería que mo-dificar a normativa, mesmo o Estatuto de autonomía.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Moreira.

O señor MOREIRA FERRO: Polo tanto, non imos aceptar as emendas e pedimos o apoio a esta petición, que é unha petición tamén do Partido Socialista, non o esquezamos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis horas, catro da tarde.

Suspéndese a sesión ás dúas e dez minutos da tarde e retómase ás catro e un minuto.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa asunción de novas competencias pola Comuni-dade Autónoma

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacio-nalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luis Bará Torres e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta Proposición non de lei.

Emenda de adición.

Engadir ao final o seguinte texto:

<<Asemade, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a que abandone a súa pasividade e dea cumpri-mento ao acordo parlamentar polo que se demanda a transferencia a Galiza de todas as competencias que foron transferidas a Catalunya e Euskadi.>>)



O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Boa tarde.

Espero que este atraso non teña que ver coa materia desta iniciativa, porque xustamente esta mañá escoitamos unhas profesións de fe autonomistas moi intensas e eu quero empezar por aí.

Eu creo que o primeiro que hai que dicir é que o Estado autonómico, que o Estado que temos desde o ano 1978, construído progresivamente, foi un éxito. Esta visión negativa que hai sobre o seu funcionamento eu creo que non responde para nada á realidade. É un éxito político, é un éxito económico e é un éxito social. Está acompañado dunha longa etapa de prosperidade; permitiu constituír e xestionar, por parte das comunidades autónomas, elementos tan centrais do Estado de benestar como son a nosa sanidade, a nosa educación ou a política social e permitiu, con dificultade nos últimos tempos, dar resolución ás demandas territoriais que existen en España, integrándoas dun xeito positivo.

Sen dúbida, ten problemas e ten dificultades o Estado autonómico. Ten unha crise —pode-mos dicir— de madurez, a crise dos corenta anos. Ten madurez financeira. Hoxe xa as comunidades autónomas teñen —esperemos que non prosperen as ideas do Partido Popular para as próximas eleccións— unha autonomía financeira destacada, con capacidade normativa en moitos tributos, á parte do gasto, e teñen madurez competencial, porque a maior parte das competencias centrais que deben formar parte das funcións do Estado autonómico están xa trasladadas ao conxunto das comunidades autónomas.

Isto ten bastante mérito, sobre todo, porque a Constitución non prevía unha vía para a construción do Estado das autonomías, senón que deixaba abertas moitas posibilidades e foise facendo en función das relacións de forza, das ideas que en cada momento prevalecían, das demandas que existían nos territorios, e ao final isto deu un resultado que, globalmente, eu creo que hai que ver con satisfacción.

Ao mesmo tempo que fago esta análise tan positiva, globalmente, do funcionamento do Estado autonómico, hai que destacar non só as tensións que existen hoxe, unha tensión re-centralizadora, da que falamos esta mañá, senón tamén unha tensión de fractura do noso modelo de convivencia territorial, cuxa principal ameaza está en Cataluña, e tamén algunhas disfuncións.

A primeira, na materia das competencias, das que imos falar hoxe; non é pacífica esta cuestión. A técnica prevista na propia Constitución ten as súas dificultades, deixando para o Estado, con carácter residual, aquelas competencias que non están expresamente nos estatutos de autonomía; facendo que algunhas competencias sexan concorrentes entre distintos niveis da Administración, por exemplo; ou establecendo unha distinción entre bases dunha competencia e desenvolvemento que á hora da verdade é moi difícil establecer con precisión. E todas estas cousas e outras deron lugar a que houbera un sen fin de conflitos diante do Tribunal Constitucional, e teño que dicir que globalmente o Tribunal Constitucional tamén fun-



cionou como unha institución garante do autogoberno das comunidades autónomas e digamos que favoreceu que o Estado autonómico profundase.

En Galicia eu creo que temos unha dobre anomalía. Primeiro, porque é unha nacionalidade histórica en función do que está recollido nas disposicións da Constitución española e do feito de que foi plebiscitado o seu estatuto e logo aprobado nunha sesión das Cortes republicanas xa no ano 1938, pero é unha nacionalidade histórica que no nivel competencial está lonxe daquel que acadaron tanto Cataluña como o País Vasco, que son as outras dúas comunidades autónomas que como tales están presentes na Constitución.

É unha comunidade autónoma que ten pouco pulso en favor do autogoberno. O presidente da Xunta recoñecía-se como defensor ou garante do autogoberno de Galicia, pero o certo é que —como lle recordei esta mañá— durante os seus dez anos como presidente non conseguiu ningunha transferencia de competencias, e isto indica as dificultades que hai para reforzar o autogoberno de Galicia e levalo —como el dicía nunha entrevista recente— ao nivel de Cataluña e do País Vasco.

Ademais, aqueles feitos diferenciais de Galicia, que ten algúns moi marcados, como pode ser a fragmentación da nosa propiedade territorial ou ese litoral tan intrincado, que combina rías con saídas rochosas ao exterior, o que fai moi difícil o seu control, non están trasladadas ao plano das competencias, e nalgúns áreas do territorio ou nalgúns funcións que inciden directamente sobre a xestión do mesmo deixamos de poder actuar, cando no resto si que temos competencias moi relevantes.

Nos últimos lustros houbo un parón, como dicía antes, porque non houbo posibilidade de reformar o Estatuto para facelo similar aos estatutos de segunda xeración que se deron outras comunidades. E houbo un parón tamén porque nos últimos dez anos non houbo posibilidades de ampliar as competencias de Galicia.

Por iso, esa proposta o que quere é ir ao encontro dese bloqueo, e quere desbloquear a situación, propoñendo unha negociación entre a Comunidade Autónoma e a Administración xeral do Estado, establecendo unha listaxe de competencias sobre a que establecer esta negociación na Comisión Mixta de Transferencias. Unha listaxe que a algúns lle parecerá insuficiente e a outros moi ambiciosa, pero nós fixémosla cun criterio de apertura, de flexibilidade, de fomentar a discusión, de estar abertos á incorporación de novas funcións e a retirar algunhas, porque non cremos que se poida entender como unha lista pechada, senón —xa digo— como unha lista a discutir.

En todo caso, incluímos competencias moi relevantes, algunhas delas que sabemos que están na idea de todos os grupos parlamentarios: o tráfico ou a Policía autonómica, por exemplo. Pero hai outras que, sen estar explicitamente nas formulacións dos grupos parlamentarios, sabemos que están recollidas como competencias das comunidades autónomas nos estatutos de autonomía, por exemplo, de Andalucía ou Valencia; un deles impulsado polo Partido Socialista con maioría e outro cunha maioría do Partido Popular. Polo tanto, debería ser fácil poñerse de acordo sobre as mesmas. En todo caso, coa garantía de que, se están nestes es-



tatutos, teñen unha presunción de constitucionalidade, e, polo tanto, ao solicitalas non estamos rompendo nada, senón facendo que o modelo autonómico funcione mellor.

Os exemplos son claros: Inspección de Traballo, elemento importante para controlar que a lexislación laboral se cumpre nas empresas desde a proximidade. Xa sei que o está facendo a Administración xeral do Estado, pero cremos que, en concorrencia con outras competencias que xa hoxe xestiona a Comunidade Autónoma, isto pode facerse máis eficazmente. Igualmente, a xestión do litoral ou a xestión conveniada do catastro, como está recollido noutras comunidades autónomas.

Cando discutimos na Comisión de Política Forestal, vimos que unha das grandes dificultades á hora de promover a mobilización produtiva das terras e promover polígonos agrarios e forestais de dimensión eficiente como para fomentar o investimento, estaba xustamente nas dificultades de recoñecer de quen era a propiedade, como se transmitían eses títulos, como se organizaban etc. E cremos que a través da xestión conveniada do catastro podemos mellorar isto.

Polo tanto, estamos propoñendo algo que vai no camiño dun federalismo eficiente, que non entende que sempre será mellor que a Comunidade Autónoma xestione algo: ás veces será mellor que o fago o Estado; outras veces será mellor que o fagan os concellos. E pretende, ademais, como obxectivo a medio prazo, configurar unha distribución competencial que non se mova pero que hoxe aínda nos permitiría avanzar, e, ao mesmo tempo, dotar de contido esa noción de nacionalidade histórica que todos invocamos pero que cremos que hai que reforzar dándolle unha base competencial, neste caso, moito máis forte.

É certo, onte escoitabamos o conselleiro de Cultura con sorpresa dicirnos que cantar o himno era adoutramento ideolóxico, e hoxe escoitamos o señor presidente da Xunta, con sorpresa, dicirnos que era defensor do autogoberno pero, ao mesmo tempo, que non quería ampliar competencias porque iso era crear cortinas de fume.

Nós, modestamente, non temos a intención de xerar ningunha cortina de fume, senón simplemente facer avanzar o autogoberno de Galicia. E se isto se ve con ollos razoables, sen segundas lecturas interesadas, cremos que debe entenderse así.

Nós, xa digo, volvo ao principio, defendemos as virtudes do noso modelo autonómico, que é un modelo flexible e un modelo que permite adaptarse ás circunstancias. E cremos tamén que a mellor maneira de defendelo é practicalo. A mellor maneira de combater, por unha parte, as tensións centralizadoras, pero, por outra, tamén as tensións independentistas é explicar que o noso modelo autónomo ten capacidade para adaptarse ás circunstancias e funcionar ben, e isto é o que queremos propoñerlles, con axuste pleno á legalidade e dunha forma negociada entre as administracións.

Por outra parte —e remato xa—, no último debate do estado da Autonomía, no 2018, aprobamos nesta cámara unha resolución por 54 votos a favor na que, xustamente, dicíamos que lle pediamos levar a cabo todas as actuacións políticas posibles para acadar o máximo nas cotas de autogoberno para Galicia en concordancia co establecido na Constitución española.



Eu non sei se esta é a forma máis fácil de facelo, pero é unha delas; polo tanto, espero a súa votación positiva a esta proposta.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas. Moi boa tarde.

Non imos entrar neste momento no debate sobre este cántico que fixo o señor Leiceaga do modelo autonómico. Dende logo, aí teríamos moitas discrepancias. Imos entrar no que é a proposta concreta que nos traen aquí, que cremos que... ¿Que pasou, señor Losada? ¿Está nervioso? ¡Ah! non era para min. Perdón, perdón. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Creo que no máis inmediato ten bastante que ver coa onda expansiva do acordo que tomamos na Comisión 1ª o 23 de xaneiro, na que pediamos todos os grupos, por iniciativa do BNG, nada máis e nada menos que acadar as mesmas competencias que tiñan transferidas Cataluña e Euskadi. A verdade é que o PP sumouse ao consenso despois de facer as consultas oportunas, mais duroulle pouco a ansia, porque ao cabo duns días xa se retractaron, abandonando esta posición; quitaron a careta e defenderon o seu verdadeiro programa, que é a submisión a Madrid, a obediencia a Madrid e a obediencia a ese programa recentralizador e reaccionario do señor Casado.

A verdade é que non levamos ningunha sorpresa, é o que leva defendendo o Partido Popular ao longo de todos estes anos, e máis especialmente nos últimos dez anos; é dicir, achantar, renunciar a defender os intereses de Galiza e renunciar a esas competencias historicamente demandadas, porque vostedes no seu programa electoral no 2009, no 2012 e no 2016 puxeron a reivindicación desas demandas.

Miren, no 2009 incluíron 17 demandas de transferencias: ordenación do sector pesqueiro, investigación oceanográfica, portos, titulacións náutico-pesqueiras, ordenación do litoral e xestión do dominio público marítimo-terrestre, meteoroloxía, cuncas hidrográficas, aeroportos, Inspección de Traballo, autoestradas, museos e bibliotecas. En fin, nada. O balance, dicímosllo outra vez, cero patatero. Ningunha transferencia conseguida ao longo destes anos.

E non é só que non promoveran a negociación de transferencias, senón que a boicotearon directamente. No 2010, boicotearon a transferencia de tráfico: voto negativo do Partido Socialista, abstención do Partido Popular; e tamén a transferencia da AP-9 dunha maneira persistente e reiterada. E xa está ben de que intente o señor Feixóo vir aquí outra vez coa mentira de que nos opuxemos. ¡Pero se durante dez anos estiveronse opoñendo sistematicamente! E durante os últimos tres anos, en tres ocasións: (*Aplausos.*) voto aquí, veto en Madrid. E sendo malo isto, aínda falta o peor: que vostedes teñen unha axenda aínda máis recentralizadora, como lles dixemos no debate anterior.



E claro, chegados a este punto, temos que dicir que o PSOE tampouco pode presumir moito en materia de transferencias porque ten tamén esas responsabilidades que xa lles dixemos, no voto aquí e no veto en Madrid, á transferencia en materia de tráfico. No caso da AP-9 tamén teñen o seu propio historial de veto e de declaracións en contra, tanto da señora Magdalena Álvarez como do señor José Blanco.

Desde o BNG, dado que agora puxeron de moda isto dos venres sociais, propoñémoslles humildemente —é unha idea que traemos aquí— os martes, os mércores e os xoves sociais. Se queren, tamén os sábados e domingos, calquera día da semana vale para isto. Pero non nos mítins, mellor no BOE, por exemplo.

¿Que tal, por exemplo, mañá que é xoves, un xoves social para derrogar as contrareformas laborais? ¿Parécelles ben esta medida? ¿Ou para botar abaixo a reaccionaria Lei mordaza? ¿Ou para derrogar a LOMCE? Tamén podía vir ben un venres, un xoves ou un martes social para derrogar a LOMCE ou a Lei de estabilidade orzamentaria ou a reforma do artigo 135 da Constitución. Esas serían, realmente, medidas sociais de longo alcance.

Pero queremos ser aínda máis innovadores, queremos propoñer, ademais dos xoves, dos martes e dos venres sociais, os xoves, martes, venres, sábados e domingos galegos. Como Galiza non está no calendario do señor Sánchez, non está nos orzamentos do señor Sánchez, non está na axenda do Goberno central do PSOE, ¿que tal, por exemplo, un venres galego para acabar cos abusos das peaxes da AP-9? Eu creo que sería unha medida ben vista e ben recibida polo pobo galego. ¿Que tal un xoves? Mañá mesmo podería ser un xoves galego para tramitar a devolución do pazo de Meirás. Tamén sería unha medida ben recibida. Ou un martes galego para buscar unha solución a Alcoa, e para a industria electrointensiva. Creo que serían boas iniciativas que botamos de menos.

O BNG propón unha emenda de engádeba á iniciativa do Grupo Socialista. Xa sabemos que o Partido Popular non ten ningunha credibilidade, non ten ningunha vontade de avanzar neste terreo, xa o deixou moi claro. Por iso, pensamos que pode tomar a iniciativa o Goberno central, e xa que o Goberno central vai gobernar ata o último día, convocar a Comisión Bilateral, a Comisión Mixta de Transferencias, e poñerse a traballar xa. Convoquen, polo tanto, un xoves galego con esa comisión e empecen a negociar a transferencia desas competencias pendentes.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Só quedou o luns, foi o único día. Só quedou o luns.

O señor BARÁ TORRES: O luns tamén, o luns tamén pode ser.

O señor PRESIDENTE: Vale, vale, de acordo. Grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.



O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boas tardes.

Nestes momentos en que a política cambia a tanta velocidade, parece que o centro se despraza a unha velocidade inusitada. Parece que o señor Leiceaga persegue o centro da posición, pero, claro, hai que ter coidado de que non o pille a un en fóra de xogo. Hai veces que se despraza tan rápido que ata pilla en fóra de xogo ao señor Feijóo e aparece como un perigoso nacionalista, ata que se dá conta e entón rectifica e volve facerlle caso ao seu xefe de filas.

Señor Leiceaga, teña coidado que non intentando perseguir o centro acabe como un perigoso independentista. Pode acabar pedindo as transferencias de tráfico, da Policía autonómica, da Inspección de Traballo, do catastro, ou defender a lingua galega. ¡Pode acabar sendo un perigoso independentista!

Todos podemos acabar sendo de ETA. Se a deriva da política do Estado español segue adiante, podemos acabar sendo todos perigosos terroristas que defendemos a lingua galega, que defendemos a soberanía galega. Podemos acabar escoitando con total normalidade a equiparación de VOX, que defende a desigualdade entre xéneros, que ataca a inmigración, que ataca o diferente ou que quere unha recentralización absoluta do Estado español, con Esquerra Republicana de Cataluña, historicamente unha forza política democrática, antifranquista, cun presidente da Generalitat fusilado, Lluís Companys. E podemos acabar aceptando como normal que o señor Feijóo veña aquí e equipare dúas forzas políticas como son VOX e Esquerra Republicana de Cataluña polo feito de que Esquerra Republicana de Cataluña é independentista e defende democraticamente o dereito de Cataluña a ser unha nación independente.

Entón, isto xa é un debate político, e estamos vendo como no Estado español estamos asistindo a unha deriva moi perigosa, na que o señor Leiceaga pode acabar sendo un extremista perigoso por vir pedir transferencias, porque, segundo o señor Pablo Casado... Dúas palabras que non escoitaremos do Partido Popular nunca aquí no Parlamento galego: Pablo y Casado. Non, porque hai esperanza, aínda hai esperanza de que Galicia non é España, e no Partido Popular de Galicia moitos dos deputados e deputadas revólvense incómodos cando falamos de Pablo Casado e do que di o señor Pablo Casado, e iso para min é un motivo de esperanza. Vostedes non están cómodos co que escoitan dicir ao señor Pablo Casado cando quere relegar o galego a ser unha lingua de segunda, cando di que aquí hai imposición do galego, cando di que hai que recentralizar o ensino, cando di todas esas barbaridades que incluso vostedes se poñen incómodos. Entón, estamos falando de política.

Creo que non imos escoitar nin Pablo Casado nin Santiago Abascal na bancada Popular. Imos apoiar esta iniciativa do Partido Socialista, ímola apoiar. Creo, realmente, que o debate non está aquí. O debate no Estado español está en que ante unha crise evidente do réxime de 1978 vai haber, ou unha saída autoritaria cara á dereita, ou unha saída democrática onde se respecte o dereito de nación, non inventos de nacionalidades históricas.

Galicia é unha nación, e Galicia pode querer voluntariamente entenderse con outros pobos e ceder parte da súa soberanía. Pero hai dúas saídas: ou a autoritaria do trifachito, ou a de-



mocrática, onde a xente poida decidir, porque estamos falando das condicións materiais de vida da xente. Isto é unha cuestión identitaria, non é unha cuestión de bandeiras. É unha cuestión de que, evidentemente, cremos que o potencial de Galicia para gobernarse a si mesma daría mellores condicións materiais de vida á xente e ás clases traballadoras. Estamos falando de que detrás da bandeira española na praza de Colón hai intereses económicos, hai oligarquías económicas que viven moi ben no Estado español.

Polo tanto, apoiaremos esta iniciativa, denunciando tamén que aquí pode vir dicir o que queira o Partido Popular, pero hai tempo que o Partido Popular deixou de ser autonomista para ser simplemente un instrumento ao servizo da recentralización do Estado. Dez anos e cero competencias. Dez anos e cero competencias transferidas, ¡gloriosa folla de servizos!

En Galicia, en 2009, o señor Feijóo emprendeu o camiño cara ao regreso da preautonomía. Iso é o que fixo o señor Feijóo. Estamos nunha simple delegación de Goberno.

É tanto ese retroceso do Partido Popular que incluso o señor Albor e Fraga, se cadra, tamén estarían incómodos, como as bancadas do Partido Popular, cando dicimos Pablo Casado. Eles crían nunha autonomía branda, pero o Partido Popular de hoxe nin sequera niso, nin sequera nunha autonomía branda. Calquera día entréganlle as chaves á Génova 13 e marchan de balneario. Iso é o que vostedes van facer. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

Silencio, por favor. ¡Silencio!

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Se o señor Pazos ri é que vai ben o discurso. *(Risos.)* Si señor, ben. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio. Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Non reivindico a Fraga, non reivindico a Fraga. Estou vendo como o centro se despraza, e ao desprazarse o centro, incluso hai algúns que quedan á dereita de Fraga. Iso é o que estou dicindo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Agradecerlle, en primeiro lugar, ao señor Sánchez a mención aos nosos ex presidentes, dos que nós, desde logo, nos sentimos tremendamente orgullosos. Celebro que por unha vez digan algo sensato dende as Mareas de Podemos.



Mire, dende logo, neste grupo non vai atopar, en ningún caso, amigos de Otegui. Alí non, no Grupo Popular non. Pode ser que aí si. E eu non sei se vostede vai pedir o voto para Luís Villares cando teña ocasión. Nós, dende logo, imos pedir o voto para Pablo Casado, (*Aplausos.*) porque cremos que é quen mellor pode sacar adiante este país no contexto no que estamos.

Non me pregunte vostede para quen pido o voto, porque non sabe nin sequera con quen se van presentar. Entón, non nos tome o pelo (*Risos.*)

Señor Leiceaga, coincidimos con vostede na defensa do Estado autonómico. E coincidimos moito máis despois de ter escoitado ao Bloque Nacionalista Galego e ás Mareas de Podemos; coincidimos moito máis coa súa visión. Vivimos nun dos países máis descentralizados de Europa, e, dende logo, estes corenta anos se teñen demostrado como un éxito do Estado autonómico. Polo tanto, estamos razoablemente satisfeitos co desenvolvemento do Estado das autonomías, ¡claro que si! ¿Estamos a favor da recentralización? Non. ¿Estamos a favor de romper España? Non. ¿Estamos a favor de colaborar cos que pretenden romper España a cambio de apoiar a Pedro Sánchez? Tampouco, tampouco. Esa é a realidade.

Señor Leiceaga, vostedes non están pensando en Galicia cando presentan esta iniciativa, están pensando en Pedro Sánchez neste preciso momento. Non están pensando en Galicia, nin sequera en España, non están pensando nin sequera no Partido Socialista, están pensando en Pedro Sánchez, en lavarlle a cara, en lavarlle a cara e esconder as miserias destes nove meses nos que se discriminou e se castigou a Galicia dende o Goberno de España.

Dieselazo, castigo ao sector da automoción, castigo ás electrointensivas, Alcoa, Ferroatlántica... ¿E vostede non pode aproveitar os minutos que lle quedan de réplica para pedirllas desculpas aos traballadores de Alcoa, logo do que dixo o presidente do seu partido —o secretario xeral, non o presidente do Goberno, que ese nunca veu a Galicia— sobre Alcoa, que dixo que fixo e non fixo? Pode aproveitar a ocasión.

O frenazos das fragatas F110, a ameaza sobre as térmicas de Meirama e As Pontes e o recortazo dos orzamentos xerais do Estado no seu investimento a Galicia. Recorte do 26 % a Galicia. Iso si, aos independentistas un 60 % máis. Ser socialista en Galicia é ben difícil, porque hai que saír á rúa e dicir que seis é máis que once; que vostedes estaban moi satisfeitos cando o orzamento territorializado era o 6 % para Galicia, e, sen embargo, cando o Goberno de Rajoy adicaba o 11 % eran malísimos os orzamentos. ¡Si que é difícil ser do Partido Socialista!

Esta iniciativa é hipocrísía pura e dura. Hipocrísía é dicir que esta lista en 2005 era prioritaria e que volve selo logo de que, tras catro anos de Goberno bipartito, só conseguiron unha transferencia de toda esa lista.

Hipocrísía é dicir que o Goberno de Feijóo non conseguiu ningunha transferencia, cando nestes anos tivemos dous anos de Goberno de Rodríguez Zapatero no que só se transferiron competencias ás comunidades gobernadas polo PSOE ou por nacionalistas. Sete anos de Mariano Rajoy nos que non se transferiu ningunha competencia a ningunha comunidade, basicamente porque a maioría das comunidades estaban intervidas. Galicia non, Galicia



mantivo a autonomía financeira. Ese é o noso autogoberno, blindámolo nós dende o Goberno da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

E logo tivemos un ano de Goberno Sánchez, no que só se lle transferiron competencias a Euskadi. Por certo, ferrocarrís e unha autopista que une o País Vasco con Castela. Mentres tanto, aquí vostedes non foron capaces de transferir a AP-9, que é para nós a transferencia prioritaria, e que, por certo, vostedes esquecen na súa iniciativa.

Polo tanto, hipocrisía pura. Nos anos do PP en Madrid as circunstancias non permitiron transferir nada a ninguén. Nos anos do PSOE só hai transferencias ¿a quen? aos amigos, esa é a realidade.

Nós non somos o BNG, iso é evidente. Para nós as transferencias prioritarias, as prioritarias de verdade para Galicia, son a AP-9 e as transferencias que tiñan que vir nos orzamentos xerais do Estado, que castigaban a nosa comunidade, e xa vimos que para o PSOE, dende logo, esas non son as prioridades.

Polo tanto, ¿a nosa postura cal é? ¿Reforzar o noso autogoberno? Por suposto. Aspiramos a máis e mellor autogoberno, conforme o noso status constitucional e a nosa consideración de nacionalidade histórica. Reservámonos tamén o dereito de valorar se a Galicia lle convén asumir calquera competencia que sexa transferida a outra comunidade. Tamén nos reservamos iso. Témolo aprobado neste Parlamento.

¿Queremos avanzar na defensa do noso autogoberno real, de acordo co plan ordenado e establecendo prioridades? ¡Claro! ¡Por suposto! Pero, dende logo, ao que non estamos dispostos é a que nos usen como coartada para que Pedro Sánchez poida ceder aos nacionalistas e aos secesionistas no caso de que sexa o máis votado e requira do seu apoio para seguir na Moncloa. Iso é o que se esconde detrás desta iniciativa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...que estou seguro de que vostede non presentaría nestas circunstancias se non houbera unhas eleccións xerais á volta da esquina.

Vostedes non están pensando en Galicia cando presentan esta iniciativa. Nin sequera están pensando no Partido Socialista. Vostedes están pensando nada máis e nada menos que na resistencia, na supervivencia, do señor Pedro Sánchez.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Fernández Leiceaga.



O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: A verdade é que a iniciativa foi rexistrada o 13 de febreiro, non estaban convocadas as eleccións. En fin, hai ese pequeno detalle, non pasa nada.

En todo caso, agradezo o apoio dos dous grupos da oposición. A verdade é que me quedo co apoio que me presta o señor Bará e vou prescindir das súas valoracións. Estamos en campaña electoral e entendo que isto se teña que facer así.

En todo caso, eu vou dicir, gústelles ou non lles guste, que nós imos seguir defendendo a ampliación do autogoberno. Somos autonomistas convencidos e imos facelo por convicción en todas as circunstancias. (*Aplausos.*) Ás veces as nosas propostas prosperarán e outras non. Ás veces teremos dificultades incluso para convencer o Partido Socialista en Madrid de que apoie estas reivindicacións, como lles pasa a todos aqueles partidos que teñen unha presenza no conxunto do territorio, pero iso non vai impedir que o fagamos.

Esta mañá eu escoitaba con certa tristeza que se nos recriminaba que non apoiáramos o catálogo de medicamentos, porque o noso grupo si apoiou esa proposta do Partido Popular naquel momento e estivemos a favor tamén diso, aínda que non lles gustaba a algunhas persoas do Partido Socialista en Madrid. Pero apoiámolo igual porque nos parecía que era razoable e que era bo para Galicia.

Señor Sánchez, non se preocupe, estou acostumado a que as posicións que defendo poidan ter custos, non pasa nada. ¡Estiven en cousas peores! En todo caso, un consello. Seguramente é máis perigoso para vostede esta mostra de conformidade co Estado autonómico que para min o que eu fixen. Non se preocupe, estamos todos asumindo riscos nestas circunstancias, (*Aplausos.*) vostede tamén. E non vou entrar en moitas máis cuestións porque, de feito, non houbo ningún debate sobre o conxunto da iniciativa senón só sobre as circunstancias que a rodean.

Teño que dicir que non me parece moi razoable pretender estar a favor do autogoberno, proclamalo ardentemente, facelo en prensa, facelo neste Parlamento, e logo non estar dispostos a dar ningún paso efectivo no seu favor.

Teño que dicir tamén que non me parece moi razoable facer unha defensa como fixo onte o conselleiro, cerrada, do modelo lingüístico, pero á hora da verdade o señor Feijóo é incapaz de dicir que o galego debe ser un requisito para a Administración pública porque iso forma parte tamén do modelo lingüístico que estamos defendendo. Entón, ¿por que non dicilo? ¿Por que retirarse? Iso é o que creo eu —diciao esta mañá e vólvoo repetir— que me parece que é asumir a axenda de VOX, que está contaminando outros sectores e que pode acabar facendo que teñamos unha lectura excesivamente centralizadora do noso Estado autonómico.

Como sei que me vai pedir o presidente do Parlamento que diga algo en relación coa emenda, e despois de escoitar o señor Tellado, vou aceptar a emenda de adición do BNG e vou facer unha transacción co BNG para incorporar tamén a AP-9 alí onde pon AP-53, de maneira que poidamos votar ambas cousas. No momento en que se rexistraba esta iniciativa, confiaba en que a lexislatura se prolongara o suficiente como para que a transferencia da AP-9 fora unha



realidade, por iso non está introducida nesta lexislatura. ¡Fíxense vostedes a boa fe coa que está feito isto!

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe impulsar o Goberno galego para a incorporación de cláusulas de igualdade na contratación pública de Galicia

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Tanto como peores, señor Leiceaga... (*Risos.*) ¡Non se pase! (*Risos.*) (*Aplausos.*)

Brincadeiras á parte, que a estas horas da tarde xa nos fan falta para tomar o rodillo do Partido Popular cun pouco de humor, vamos á cuestión.

Señorías, o pasado 3 de marzo en Lugo, e o pasado 8 de marzo nas rúas de todo o país, de novo unha vez máis, e contra todo tipo de expectativas pesimistas ou demonizadoras, as mulleres deste país volvemos facer historia e volvemos saír á rúa exixir un cambio de rumbo para poñer fin á desigualdade, á violencia e, en definitiva, ao machismo.

O certo é que faciamos tamén no Pleno anterior a reflexión de que, un ano despois do histórico 8 de marzo de 2018, non tiña habido unha resposta suficiente por parte das institucións, e merece isto tamén unha rectificación por parte do Goberno galego, unha vez que no 2019 se rebasaron todas as expectativas.

Cada día teñen vostedes máis difícil permanecer na súa torre de marfil e non poden seguir ignorando as exixencias do machismo. Por iso esta proposta vén cun sentido construtivo e positivo a esta Cámara, co obxectivo de asumir ese mandato, porque pensamos que podemos e debemos facer máis.

Señorías, nun país onde a fenda salarial é ilegal desde hai décadas e, aínda así, a enquisa de estrutura salarial do INE sinala que as traballadoras do noso país cobran de media máis de cinco mil euros menos que os homes, é que algo falla. Se desde o 2009 a fenda salarial no noso país aumentou en case mil euros, é que algo falla. Cando vemos que é catro veces máis intenso este aumento que no resto do Estado, é unha mostra máis de que esa igualdade que aparece no marco legal moitas veces non se traslada á realidade.

Este, o da fenda salarial, é un exemplo dos moitos que poderíamos poñer da discriminación das mulleres no mundo laboral. Nós entendemos que evidencian un desleixo na aplicación



da lexislación, e moitas veces as receitas que se teñen aplicado mesmo teñen constatado o seu fracaso. Por iso, hai que explorar novas posibilidades e novas propostas, para ver como poñer na realidade o que se di xa na teoría da lexislación. Nese sentido, o sector público é absolutamente clave, debe ser o espello no que se mire o sector privado para cuestións de igualdade. E o sector público ten, ademais, baixo o noso punto de vista, a responsabilidade de ser vangarda tamén e de impulsar os cambios que se fixa a sociedade.

Hoxe traemos unha proposta para avanzar nese ámbito, no sector público, e, en concreto, no ámbito da contratación autonómica, da contratación pública, porque a contratación pública inflúe de forma determinante no dinamismo económico e condiciona tamén o desenvolvemento social, polo tanto, é innegable que ten un poder de transformación absolutamente enorme. Por iso pensamos que debe rexerse por máis criterios que o da absoluta desregulación e por máis criterios que unicamente o valor económico e o peso económico do prezo máis baixo. Pensamos que os poderes públicos deben ter en conta os intereses xerais da sociedade, entón cabería facerse esta pregunta: ¿é a igualdade parte do interese xeral? Pois segundo a lexislación, si, nós pensamos que tamén, pero o certo é que na práctica non se nota, porque temos un marco legal absolutamente infradesenvolvido neste sentido, porque hai pezas aí que nos poderían axudar a abrir portas pero moi poucos gobernos intentaron ultrapasar.

Hai xa doce anos —repito, ¡doce anos!— a propia Lei orgánica estatal para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a Lei 3/2007, xa recollía a posibilidade de condicións e cláusulas nos seus artigos, como o 33, referente ás administracións públicas. Tamén a Lei do 2007, galega, do traballo en igualdade das mulleres en Galiza, recollía posibilidades do papel asesor e acompañador da propia Administración galega, pero o certo é que todo isto non se desenvolveu como cabería agardar. Tamén poderíamos falar do artigo 25 da Lei de racionalización do sector público autonómico, do ano 2013, e leo literalmente un anaco deste artigo: «Incluíranse, na medida en que sexa posible por razón do obxecto do contrato, criterios referidos á igualdade de xénero».

Unha vez máis, vemos como entre os textos legais e a realidade hai un abismo, e podería botar toda a tarde poñendo exemplos disto porque, neste tempo, a política dos gobernos do señor Núñez Feijóo se caracterizou por cero esforzo, cero diálogo social e cero acompañamento da Administración. E tamén por moitas promesas, como cando no ano 2015 a bombo e platillo sacaba o señor Feijóo da manga esa guía para a contratación pública socialmente responsable. De feito, rescatando as declaracións públicas do noso señor presidente da Xunta de Galiza, dicía: «No eido da igualdade, os contratos deberán incluír a perspectiva de xénero nas especificacións técnicas, cumprindo as leis vixentes. Por exemplo, as prescricións dun contrato que teña por obxecto a elaboración dunha campaña de publicidade deben exixir que a súa linguaxe e contido non sexan sexistas». Quedémonos con este exemplo que xa adianto que foi papel mollado, porque catro anos despois a tónica habitual —collamos calquera contrato da Xunta de Galiza— é que, como moito, as cuestións de igualdade sexan criterio de desempate.

Maioritariamente, a presentación dun plan de igualdade de por si xa evidencia o pouco compromiso, porque xa sabemos que a existencia dun plan de igualdade tampouco é a panacea.



Eu trouxen dous exemplos e podería traer moitos máis. Do ano pasado, o 2018, o contrato para a concesión dos servizos do Centro de menores de Montealegre, en Ourense. Recordarán as súas señorías ese centro que era público ata que a Xunta de Galiza investiu millóns de euros en reformalo e pasou a ser privado.

Centro de menores, menores con tutela xudicial que en moitos casos están atravesados por situacións de violencia machista, que cabería pensar que é un contrato idóneo para incluír cláusulas de igualdade, vemos como unicamente é criterio de desempate a existencia deses plans de igualdade.

Pero xa que o señor presidente da Xunta de Galiza tiña tanto empeño na linguaxe sexista, eu esforceime en buscar un contrato que puidera adecuarse a algunha exixencia nese sentido. Tamén a finais de 2018, no contrato para o Observatorio da lingua galega, vemos como xa non é que sexa primeiro criterio de desempate algo relacionado coa igualdade ou coa linguaxe non sexista —que nin sequera aparece no prego—, é que tampouco é segundo criterio de desempate; hipoteticamente é terceiro criterio de desempate a cuestión de ter un plan de igualdade. Ou cuarto criterio de desempate esa hipotética marca de excelencia en igualdade, que seguimos despois do debate de onte sen saber realmente cantas empresas poden tela neste país neste momento. Polo tanto, podemos constatar como realmente as palabras do presidente da Xunta de Galiza levounas o vento, que... ¡moito lazo morado e pouco practicar!

O tempo pasa, o marco legal vai dando novas oportunidades, como é tamén a nova Lei de contratos do sector público do 2017, que traspón disposicións europeas e normativa na materia que poderían axudar a unificar un pouco estes procesos de contratación e incorporar estas cuestións, pero tamén son oportunidades desaproveitadas. O certo é que as balizas están aí pero non se aproveitan para ir a outro marco. E é unha mágoa, porque nós entendemos que o modelo de contratación pública condiciona de maneira moi importante e de maneira moi directa a calidade de vida da cidadanía. Non só de quen ten que fornecer eses servizos, senón tamén de quen os recibe, polo tanto, condiciona as relacións sociais e labo-rais, os dereitos sociais e tamén a calidade do traballo.

Polo tanto, a Administración debería ser exemplar e debería axudar a que fora un modelo de transformación e evitar o que acaba acontecendo moitas veces, que é que a propia Administración acaba sendo cómplice da desigualdade. Pero vemos que falta vontade política, e esa vontade política podería traducirse en apostar por fornecer de ferramentas para avanzar no sector público autonómico nestas cláusulas de contratación en materia de igualdade e evitar cuestións que despois acabamos debatendo tamén neste Parlamento galego.

Hoxe falamos de telemárketing pola mañá, por exemplo. A Xunta de Galiza ten diversos servizos subcontratados a empresas de telemárketing no noso país. Cláusulas de igualdade coherentes e avaliadas periodicamente nos contratos poderían evitar situacións como as que se dan e que as traballadoras que estaban hoxe á mañá aquí poderían testar, que é que cando están nunha situación de maternidade e se exixen eses dereitos de conciliación, acaban sendo obrigadas a reducir xornada, por exemplo.



Poderíamos poñer outros exemplos, tamén, do ámbito da investigación, que tamén temos debatido nesta Cámara recentemente. Vimos que contratos públicos como o de servizos administrativos de limpeza da Xunta de Galiza en Santiago de Compostela tiñan fenda salarial, e só foi a mobilización das traballadoras a que levou a que a Xunta de Galiza se implicara na súa corrección. Iso, cunhas cláusulas establecidas e fiscalizadas correctamente, podería evitarse. Tamén se podería evitar que empresas como Autobuses de Calo, condenada unha e outra vez por acoso sexual a Nérida Pisco, siga recibindo diñeiro público. Diso, en definitiva, vai pasar da teoría á acción, e o que propoñemos na nosa iniciativa simplemente é unha folla de ruta que sirva de punto de partida para ir da teoría á acción, para espremer este marco, que ás veces é cativo pero que tamén dá oportunidades para que aprobemos, no prazo de seis meses, un proceso de diagnose, de planificación e de posta en marcha de mecanismos de avaliación para que constituamos entre todos e todas os mecanismos de avaliación da propia comunidade, co fin de que haxa unha comisión que faga seguimento diso e tamén para que esta mesma Cámara se implique no seguimento de como...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...se avanza nisto.

As comparacións son odiosas, pero temos exemplos ao longo do Estado español de como outras administracións se puxeron as pilas, cumpriron ese papel de asesoramento, de exemplo e de vixilancia e puideron avanzar nesta situación. Nós lamentamos que a día de hoxe, en materia de contratación pública e igualdade, Galiza estea á cola en lugar de ser vangarda, como poderíamos selo se houberse vontade política. Por iso traemos esta proposta, para intentar que poidamos abrir neste...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...camiño unha fenda pola que seguir.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Por parte do Grupo Parlamentario Socialista imos apoiar plenamente esta iniciativa, que está moi correlacionada con outras iniciativas que tratan de promover a igualdade efectiva das mulleres e dos homes no ámbito laboral e no mercado do traballo. Supoño que todos os grupos políticos debemos e actuaremos desta mesma forma nesta iniciativa, aínda que poderíamos ter algunha dúbida porque onte precisamente o Grupo Parlamentario Popular rexeitaba unha moción presentada polo noso grupo, na que unha das medidas, precisamente,



era a aplicación efectiva de medidas e de cláusulas a prol da igualdade das mulleres e dos homes na contratación pública autonómica.

A contratación pública, tal e como está concibida no ámbito europeo e, consecuentemente, no noso país, non é xa unicamente un instrumento de abastecemento —como dicía a señora Presas— de materias primas e de servizos nas mellores condicións para os órganos de contratación, senón que, ademais desta función tradicional, a contratación pública queda concibida como unha ferramenta a través da cal os poderes públicos profundan noutras políticas estratéxicas como poden ser as políticas horizontais de carácter social, de carácter ambiental ou de fomento da innovación. Estas son palabras ou frases da exposición de motivos do Real decreto 94/2918, do 2 de marzo, do Goberno Feijóo. Teño serias dúbidas de que este decreto fose asinado neste momento polo señor Casado se fose hipoteticamente presidente do Goberno, porque este é un real decreto que establece unha medida que se podía extrapolar perfectamente a Galicia no sentido que formula esta iniciativa, porque é o que establece a Comisión Interministerial para a incorporación de criterios sociais na contratación pública. E se isto é así, se en Galicia temos o marco legal suficiente en materia de igualdade de homes e de mulleres e en materia de normativa básica de contratos do sector público, ¿por que non se leva adiante?

Falábase onte, e supoño que tamén falaremos máis adiante, dunha serie de datos sobre fenda salarial e teito de cristal que, á parte do INE, tamén presentaban os técnicos do Ministerio de Facenda, e había algún dato que me parece relevante, máis alá dos datos xerais, que eran máis que preocupantes. Neste sentido, debemos ter en conta que o salario mínimo interprofesional das mulleres en Galicia se encontra por debaixo do SMI en 180.000 mulleres, a datos do exercicio 2017, o que supón o 37 % das mulleres ocupadas en Galicia.

Hai unha serie de datos, por sectores económicos, que tamén poden ser interesantes para orientar precisamente as cláusulas sociais en materia de igualdade entre as mulleres e os homes no mercado do traballo, porque observamos como no sector da agricultura, da gandería ou da silvicultura a fenda salarial está por riba do 43 %; no sector do comercio, das reparacións e transporte, que ocupan o 20 % dos ocupados, a fenda está por riba do 38 %; no sector financeiro é altamente preocupante porque a fenda está por riba do 42 %; no sector servizos e as empresas, do 39 %; e un sector altamente feminizado pero que está no 30 %, como é servizos sociais, a fenda aínda é do 21 %. Son sectores económicos que fan unha radiografía da situación da muller no mercado de traballo galego, e poden orientar por onde traballar á hora de incorporar cláusulas de igualdade na contratación do sector público autonómico.

Eu creo que, por sorte, aínda que se poida tratar de menosprezar a axenda social dun goberno, que é moito desprezar, menos mal que temos venres sociais e non temos venres negros ou venres de austericidio. Eu creo que, nese sentido, é importantísimo (*Aplausos.*) poñer en valor todas as medidas que en materia de igualdade laboral leva adiante o Decreto lei 6/2019, do 7 de marzo, que case poderíamos dicir que é un decreto pola dignidade da muller no ámbito laboral.

Nese sentido, e para rematar, temos claro que o marco legal existe, tanto a nivel autonómico como, sobre todo, a nivel básico en materia de contratación pública. Debemos lembrar



tamén, como se lembraba na exposición de motivos desta iniciativa, que o artigo 202 da Lei de contratos do sector público, que ten un ano de vixencia, é claro na posibilidade de incluír as condicións especiais na execución dos contratos para promover a igualdade das mulleres e dos homes, incluso establecendo posibilidades de preferencia na adxudicación de contratos en casos de igualdade entre ofertas, atendendo a criterios obxectivos.

Así, neste sentido, o artigo 202 establece a posibilidade efectiva de introducir estas cláusulas para eliminar as desigualdades entre o home e a muller, favorecendo a aplicación de medidas que fomenten a igualdade de mulleres e de homes no traballo, favorecer a maior participación da muller no mercado laboral e a conciliación do traballo e a vida familiar. Incluso coa posibilidade de que estas cláusulas se convertan en posibilidades de penalización dos contratos ou incluso en causas de resolución contractual.

É máis...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...—remato, presidente—, estas cláusulas serían aplicables á subcontratación.

Por iso que sobran datos que evidencian a efectiva discriminación laboral, temos un marco laboral suficiente, e o único que falta é vontade política por parte do Goberno galego.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Boa tarde, deputados e deputadas.

Señor presidente.

Dende o Grupo de En Marea imos apoiar, sen ningunha dúbida, esta iniciativa do Bloque Nacionalista Galego porque resposta a varias das reclamas que se berraron de xeito claro e maioritario o ano pasado, o 8M no 2018, e xa non digamos neste ano 2019.

Efectivamente, os executivos, os parlamentos, as cámaras estatais e autonómicas temos unha responsabilidade enorme con respecto ao modelo económico laboral e social que se impón nun país. Pódese impulsar ou destruír un tipo de modelo ou outro a través dos recursos públicos, os cartos de todos e de todas, e a través das lexislacións, normas e medidas concretas das distintas políticas públicas. Por iso, nós cremos que máis que nunca, despois deste 8M do 2019, e neste momento en que algunha forza política aliada do partido que goberna a Xunta de Galicia ataca directamente a política feminista e as mulleres que estamos defendendo un modelo feminista para conseguir a igualdade entre todos e todas no noso país, deben de ser absolutamente claros nisto.



Escoitaba hoxe moi preocupada e moi abochornada como o señor Casado e o señor Rivera se opoñían á ampliación das oito semanas do permiso de maternidade e paternidade, e creo que o Partido Popular debería explicar como poden estar en contra de algo que beneficiaría ao cen por cento da poboación. Nós sabemos que este tipo de medidas funcionan e que hai determinados modelos sociais que non poden deixarse ao libre albedrío do funcionamento do capital, do mercado, xa que as teses neoliberais chocan de fronte co modelo social e, polo tanto, co noso modelo feminista; que deixan atrás ás mulleres, ás máis desfavorecidas e aos máis desfavorecidos. Nós queremos unha sociedade que sexa feminista, que sexa igualitaria, e ademais agora temos unha sociedade mobilizada que reclama o mesmo, pese a quen lle pese.

Os contratos públicos, na nosa opinión, deben de conter cláusulas e condicións de tipo social, ambiental, de innovación, ecoloxistas e, por suposto, a día de hoxe, no ano 2019, deben incluír cláusulas feministas, porque ese é o xeito de conseguir igualdade real no eido laboral, igual que en todos os eidos, e para iso é fundamental que estes criterios sumen na adxudicación dos contratos cos cartos de todos e de todas.

Igual que xa hai certos tipos de contratacións que inclúen cláusulas para incorporar a persoas con diversidade funcional, e funcionan, e vemos como nos procesos selectivos da Administración pública se tomaron medidas tanto para incorporar as persoas con diversidade funcional como para a incorporación en igualdade das mulleres a través, por exemplo, dos tribunais de oposición paritarios, as medidas de conciliación e de retribución laboral, hai unha asignatura pendente no eido da Administración pública co teito de cristal, que é unha das grandes trabas que aínda segue existindo na Administración, e hai datos claros. Os datos de xaneiro de 2018 na Comunidade Autónoma galega, no país galego, nas consellerías e organismos autónomos, mostran que entre os funcionarios e funcionarias de carreira nos atopamos con 4.172 mulleres e 3.260 homes; entre os funcionarios e funcionarias interinas, mulleres 450, homes 283; e nos laborais fixos, 2.401 mulleres, 2.178 homes; nos temporais, 1.920 mulleres e 1.399 homes. Precisamos, polo tanto, unha boa política pública pensada para nós, para as mulleres, que estea participada neste eido para fomentar este tipo de políticas de feminismo e de igualdade no eido da contratación pública, para poder impoñelo no modelo laboral e de contratación, e que estea participada na súa elaboración e planificación polos axentes sociais, colectivos feministas e, por suposto, coas organizacións de empresarios que tamén teñen claro este mesmo obxectivo, que os hai, aínda que o Partido Popular non o crea.

E, por suposto, unha minuciosa e rigorosa avaliación, para evitar posibles triquiñuelas que impidan a consecución do obxecto desta política pública, que é a igualdade real e efectiva. Formación e educación é fundamental, e o impulso das modificacións legais oportunas para blindar a obrigatoriedade deste tipo de cláusulas na contratación pública, onde Galicia é moi deficitaria. Porque, aínda que vostedes queiran colocarnos o sambenito de que estamos contra as empresas e contra os empresarios, nós o que queremos é que os empresarios cumpran a lei e as normas, por iso impulsamos leis e normas que garantan a igualdade, que garantan estas condicións dignas para as mulleres e que contribúan socialmente a este país feminista, social, igualitario e ecoloxista que nós queremos e que, afortunadamente, moitos empresarios e empresarias xa comparten con nós. Outros non, pero para iso teñen que os gobernos e os parlamentos impulsar este tipo de medidas.



Para rematar, só quero contar precisamente unha cousa que me pasou a min e a compañeiras que non eran de ningunha organización política cando rematamos a xornada de folga de mobilización o pasado venres. Cando voltabamos á casa, pasamos por diante dun comercio onde había dous hostaleiros e o dono do comercio, e preguntáronme a min, porque ía coa camiseta de que facía o paro, por que apoiabamos iso, que el estaba en contra como empresario, porque tiña a liberdade de contratar a quen lle dera a gana, e non estaba en absoluto de acordo en ter que contratar mulleres porque quedaban embarazadas e despois faltaban a traballar. Eu quedei moi preocupada e contesteille que, dentro da súa liberdade, afortunadamente vivimos nun país no que se legisla e se poden tomar medidas legais e normas que poidan impedir ou que poidan frear pensamentos dese tipo. Pero sentín unha gran esperanza porque os seus outros dous compañeiros, sentados alí ao lado del, baixaron a cabeza con vergonza, recriminárono e dixéronlle que eles pensaban xusto o contrario do que el pensaba. Así que, polo tanto...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...creo que, cumprindo coa nosa responsabilidade, temos que cumprir aquí para que se traslade á sociedade, que xa clama polo mesmo ca nós.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

Grupo Parlamentario Popular, señora García Míguez.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Moitas grazas.

Boas tardes.

Eu, para comezar a miña intervención, non vou lembrar as mulleres vítimas de violencia machista que faleceron nestes días, eu quero lembrar os doce nenos e as doce nenas, que son os menores orfos vítimas desa violencia machista, que algún deles, por desgraza, é testemuña de como o seu pai asasina a súa nai.

Eu quero lembralos hoxe porque son os máis desfavorecidos neste momento, xusto neste intre. Debemos saír ás rúas con pancartas, pero sobre todo debemos estar á altura. Non soamente saír ás rúas e falar aquí de que o 8M é un movemento moi importante, das manifestacións... ¿Que pasa cos consensos aos que temos que chegar neste Parlamento, con manter o consenso por aquilo que nos une, con estar á altura para darlles solucións a todos os nenos e a todas as nenas que están agora mesmo nesta situación tan dramática? E, por suposto, para todas as persoas que están vivindo situacións de violencia, para amosarlles que hai saída. E temos que aprobar puntos no que estamos de acordo, valla o tema do PSOE de onte, no que queremos aprobar puntos para chegar acordos e a algún consenso, porque non podemos estar en todo de acordo, pero no que si nos une debemos apoiarnos uns a outros para solucionar a situación que estamos a vivir a día de hoxe. (*Aplausos.*)



Por suposto, para comezar a miña intervención con respecto ao tema que aquí nos trae hoxe, que é a contratación pública galega, o discurso do Bloque Nacionalista Galego nada nos sorprende, é un discurso catastrofista como ben estamos acostumados. Pero mire, en Galicia estamos na época, na etapa, da Industria 4.0, no 5G e cun obxectivo, que é a Axenda 2030 para a igualdade. A época do petróglifo xa rematou.

Indica na súa proposición non de lei que a igualdade ten unha lexislación cativa en Galicia e que, ademais, a súa translación á realidade tamén é cativa. Eu creo que están confundidas, porque todos os expertos que compareceron na Comisión de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres —gústame repetir as súas intervencións e trasladarllas a todos os deputados e a todas as deputadas, gústame dicilo— o que nos trasladan é que temos unha lexislación de excelencia e que temos que estar moi orgullosos dela, e o Bloque Nacionalista Galego tamén, por suposto que tamén.

Voules amosar esa excelencia da que falo con respecto á contratación pública galega e á inclusión das medidas de igualdade nela. A día de hoxe, estas cláusulas sociais —como ben dicían— aparecen reflectidas nas distintas fases do expediente de contratación, na definición de obxecto do contrato e nas disposicións xerais, na preparación do expediente á selección dos licitadores, nos efectos, no cumprimento e extinción dos contratos administrativos e, por suposto, na adxudicación nos mesmos. Como ben saben, incrementa a puntuación das empresas que teñan implementado un plan de igualdade e tamén se teñen en conta cunha maior puntuación as que presentan medidas de conciliación da vida laboral, persoal e familiar.

Vostede, na súa proposición, fala de leis estatais e leis de marco europeo, pero aquí temos a nosa lei do ano 2013, de racionalización do sector público autonómico, que, como ben dicía vostede na súa intervención, no artigo 25 fala expresamente da contratación socialmente responsable; pero non soamente no punto 1, senón tamén no punto 2 e no punto 3 da mesma, onde se reflicte que se ponderará a inclusión de criterios sociais dentro dos criterios de adxudicación. E en desenvolvemento desa lei hai unha guía para a contratación pública socialmente responsable.

Como se reflicte, temos unha lexislación de excelencia. Por certo, esta lei que se aprobou neste parlamento, a Lei de racionalización dos contratos do sector público, foi votada en contra, non foi apoiada nin polo PSOE nin por En Marea nin polo Bloque Nacionalista Galego. Non se pode sorber e soprar ao mesmo tempo. Non se poden pedir aquí unha serie de medidas e despois, cando o Partido Popular as impulsa e as quere levar a cabo, votalas en contra.

Xa para ir rematando, con respecto ao diálogo social, sabe que neste mes de febreiro do ano 2019 hai entre a consellería e os sindicatos un diálogo social en vigor; estase traballando para iniciar o proceso de mellora das cláusulas sociais, e, por suposto, un dos temas de impulso dentro delas será a transformación tecnolóxica, emprego de futuro, e a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Dentro da súa iniciativa, o que solicitan non é innovador, non hai nada novo. Falan de facer un seguimento e unha avaliación no proceso de contratación; haino e mellorarase. Falan de incorporar cláusulas de igualdade; hainas e vainas seguir habendo. E, por suposto, elaborar



un informe anual de difusión de boas prácticas xa está reflectido dentro da propia lei e tamén o haberá.

Con respecto ás modificacións lexislativas, cando sexa necesario poñerase en marcha. En definitiva, señorías, nada novo, por iso votaremos a favor, porque é algo que se está a facer. Estase a traballar para mellorar dentro do Consello Galego de Relacións Laborais. Todos da man cos sindicatos, o Goberno e a patronal. E, por suposto, hai un proceso de diálogo social cuns obxectivos, ben definidos, cunha finalidade transparente e unha prioridade de calidade e de igualdade na contratación pública galega.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora García Míguez.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Agradecer a En Marea e ao Partido Socialista o seu apoio e que estean neste mesmo planeta, que é de agradecer para poder dar un debate así un pouco de coherencia.

Falaba o señor Villoslada da preocupación —que eu tamén comparto— de que aumenta a fenda salarial no noso país. El daba os datos das mulleres que cobran o SMI neste país. Pois quero recordar tamén que en 2017 houbo 98.985 — 98.985, isto é unha cidade enteira— mulleres galegas que cobraron menos do SMI. Iso de por si é escandaloso, pero paremos a preguntarnos —habería que facer o estudo, sería moi interesante— cantas desas mulleres teñen un salario que depende dunha administración pública, porque igual levamos unha sorpresa con traballadoras do servizo de axuda ao fogar, por exemplo, ou de tantos outros sectores onde a Administración actúa como precarizadora en lugar de dignificadora. Pero iso será obxecto doutras iniciativas.

¡Home!, señora Míguez, ¡quen non está a altura aquí é vostede!, porque moito vir falar das crianzas vítimas de violencia machista, a min paréceme estupendo, a min tamén me preocupan, pero poño o mesmo exemplo que facía na miña iniciativa. Unha traballadora do telemárketing que traballe para unha desas subcontratas do Sergas que financia a Xunta de Galiza despois dun longo proceso privatizador; unha muller traballadora, teleoperadora, que sexa vítima de violencia machista, se quere conciliar por esa razón, grazas a non ter cláusulas de igualdade vai atopar moitos atrancos, e vai ter que acabar asumindo perdas de horario laboral e doutro tipo de cuestións. Entón, a preocupación está moi ben pero hai que ampliar un pouco o foco para que chegue á realidade.

Vostede onte, cando preparou esta iniciativa, debeu ir mirar petróglifos porque falou algo diso, en lugar de mirar o que está facendo ou non está facendo o seu goberno, porque veu aquí directamente a mentir.

Eu repasei a lexislación e fixen mención a leis que son estatais pero que nos afectan. Se vostede quere, a partir de mañá, negociar a independencia deste país e que teñamos un



marco unicamente galego, paréceme estupendo, pero é que de momento hai cuestións de contratación e cuestións do marco laboral que dependen do Estado. Tamén repasei as galegas e as que están a incumprir, como esa guía pantasma, porque é unha guía pantasma que a Administración galega non pon en práctica. E trouxen aquí contratos, exemplos recentes dos últimos meses do Goberno do partido Popular. Vostede non foi capaz de coller un contrato e poñelo como exemplo positivo, que, ¡home!, entre milleiros deles, algún haberá.

E despois mente tamén dicindo que o que aquí se propón xa se está facendo, porque é falso. No primeiro punto, nós o que propoñemos nese prazo de seis meses con ese proceso metodolóxico que describín antes, é seguir o modelo de países como Euskal Herría ou como Islandia, que deseñaron un proceso de acompañamento da Administración, porque hai reticencias. Hai reticencias no propio poder político, hai reticencias no poder empresarial, hai reticencias para implementar estas cláusulas de igualdade e hai que superalas, incluso as dos operadores xurídicos. Hai estudos xurídicos tamén, dentro do ámbito estatal, para apoiar estas follas de ruta.

Dixo que había seguimento e avaliación. Falso, ¡radicalmente falso! As estruturas de avaliación que se propoñen aquí non existen, señora Míguez, e sábeo perfectamente. Igual que non existe un seguimento dentro das propias áreas de goberno. Un informe anual sobre como está este estado da cuestión, para que non entremos nesta discusión de quen mente ou deixa de mentir. Poñamos datos obxectivos, informes da propia Administración. Tampouco se está facendo.

Por último, impulsar as modificacións que se precisen para que se pase da opcionalidade, que queda no papel e non pasa á realidade, a unha obrigatoriedade dentro duns parámetros, pois tampouco.

Entón, miren, o que non é admisible é que veñan aquí dicir catro cousas do argumentario que non se corresponden coa realidade e que logo nos pidan aos grupos unha presunta responsabilidade que para vostedes se reduce a que veñamos a aplaudirles, non a facer propostas construtivas, nin a pedir o cumprimento da lei, nin a avanzar no marco que temos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Iso é o que non pode ser, señora Míguez, porque para iso non estamos, e xa llelo temos dito unha e outra vez, e por esas non imos pasar. Cando rectifiquen e queiran que Galiza avance, estaremos aí. Mentres, desde logo, non conten coa nosa complicidade. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Ela dixo que votaba a favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ¿De todos os puntos?



O señor PRESIDENTE: ¡Claro! Pronunciouse que votaba a favor. Dixo que votaba a favor da proposición non de lei. Deulle un pouco de estopa de máis e non procedía. Digo eu, é unha forma de falar. Dixo que votaba a favor desde o principio.

Eu xa me din conta de que non entendera o que dixo ela, porque o debate... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Por iso eu llo digo, porque ela dixo que votaba a favor e vostede fixo agora un debate de réplica posicionándose practicamente cun voto en contra dela, que se manifestou a favor e ao mellor non se entenderon. Pero non pasa nada. Non pasa nada. O importante é a votación. O debate xa está.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa fenda salarial de xénero e as desigualdades existentes no mercado laboral, así como coa revalorización das pensións

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(*O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc.46293).*)

Emenda de modificación.

O punto 6 da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte contido:

<<6. Colaborar co Goberno de España para garantir a gratuidade total do ensino de 0 a 3 anos.>>

Emenda de modificación.

No punto 7 da parte resolutiva da iniciativa débese substituír o contido das letras a), b) e d), polos seguintes textos:

<<a) Se sigan a levar adiante cambios na regulación do traballo a tempo parcial para facela máis garante, aumentando o grao de protección da clase traballadora, especialmente das mulleres.

b) Impulse plans da Inspección de Traballo que teñan como obxecto evitar a discriminación laboral das mulleres.

d) Recupere a centralidade do Pacto de Toledo e o diálogo cos interlocutores sociais, garantindo que o aumento das pensións se realice en función da variación do IPC, como xa sucede en 2019.>>

O señor PRESIDENTE: Para formular a posposición ten a palabra a señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.



Hoxe traemos unha iniciativa que busca que deamos pasos para rematar coa discriminación histórica que padece máis da metade da poboación, que padecemos as mulleres, porque por desgraza, a pesar dos discursos que escoitamos aquí, da lexislación existente e de toda a normativa, das recomendacións europeas e dos propios anuncios e promesas que se fixeron dende o Goberno, a realidade é que o noso mercado laboral continúa a ser profundamente sexista.

E o peor de todo é que, lonxe de mellorar, cada día a situación é peor. Hai algún deputado do Partido Popular que lle parece que estou describindo unha realidade moi diferente. Eu diríalle a toda esa xente que abran a porta, vaian falar con todas as mulleres traballadoras deste país e escoiten cal é a verdadeira realidade que viven todas estas mulleres, porque, por desgraza, a precariedade ten nome e rostro de muller. E non é —como digo— un relato catastrofista, é unha realidade constatable por cada persoa que teña un mínimo de contacto coa realidade.

Somos as que temos maiores taxas de temporalidade no emprego e somos as que cobramos moitísimo menos unicamente polo feito de ser muller. De feito, a fenda salarial está a piques de acadar un máximo histórico, un 30 %. A evolución dos últimos anos é tremendamente negativa. Por iso cremos que a desigualdade salarial do noso país non é un feito illado, é algo estrutural que atravesa todos os sectores. Só temos que ver calquera convenio colectivo, botarlle unha ollada e comparar os convenios colectivos dos sectores máis feminizados cos convenios colectivos dos sectores onde hai unha presenza maioritariamente masculina para darnos conta deste agravio comparativo, que é evidente.

Por darlles só un exemplo, unha oficial da industria téxtil cobra, de media, 13.588 euros; un oficial da industria metalúrxica cobra 20.741 euros. Estamos falando de que a fenda de xénero neste caso é de 7.000 euros de diferenza. Máis de 7.000 euros é a realidade que se está negando dende o Partido Popular constantemente pero que convive con milleiros de mulleres do noso país.

E cremos que non podemos falar dunha sociedade democrática mentres continuemos as mulleres traballando gratis cincuenta e dous días ao ano de media, totalmente gratis. Teriamos que traballar cincuenta e dous días máis, segundo os cálculos máis conservadores, para poder cobrar o mesmo que os homes.

E as razóns son múltiples. Unha está, evidentemente, en que os traballos das mulleres levan moitos anos sendo desvalorizados, infravalorados. Pero hai outras cuestións máis concretas sobre as que poderíamos actuar, e non se está facendo. Unha destas atopámola nos complementos e nos plus que se dan discrecionalmente. E aquí temos que dicir que, ¡como imos agardar que o Goberno galego se posicione para tomar algunha medida con esta cuestión cando, tendo un exemplo moi cerca —o do Grupo Norte, que é unha subcontrata onde estaban as traballadoras de limpeza que limpaban os propios edificios da Xunta de Galicia—, estiveron as traballadoras denunciando durante meses a situación de discriminación machista —que era evidente, que só había que ler os pregos de contratación e falar cinco minutos coas traballadoras— e non fixeron absolutamente nada! Tiveron que estar mobilizándose durante moitísimo tempo para que o Partido Popular escoitara un mínimo as súas reivindicacións.



Pero tampouco é unha novidade. Negaron aquí moitas veces a situación na que se atopaban as traballadoras que limpan os hoteis, a situación na que se atopaban as traballadoras do telemárketing, ou, hoxe mesmo, a situación na que se atopan as traballadoras do fogar. Moito tempo negando unha realidade que, por desgraza, é común a moitas mulleres do noso país.

E en realidade non agardamos nada. Cremos que non van votar a favor desta iniciativa. Pero, como digo, ¿que imos agardar cando en realidade o seu partido o deixou moi claro, co seu presidente, o señor Mariano Rajoy, cando dixo que non había que meterse na fenda salarial? Esa afirmación queremos volver traela aquí, porque nos parece un insulto a todas as mulleres deste país que están traballando e que están cobrando menos unicamente polo feito de ser mulleres. As mulleres eu creo que levamos moito tempo demostrando que si, que nos imos meter niso. O 8 de marzo foi un exemplo e cremos que hoxe este Parlamento ten tamén que aprobar esta iniciativa para dar pasos, para rematar con esta desigualdade histórica.

Por outra parte, ademais, cando remata a xornada laboral despois de saír de traballos moito máis precarizados que os dos homes, as mulleres temos que seguir traballando durante horas de maneira gratuíta. Dúas horas e media, aproximadamente, dedicamos as mulleres máis que os homes ao traballo de coidados, ese traballo que é invisible, que é gratuíta, que sostén a vida pero que en realidade nunca se pon en valor, que é completamente invisible, o traballo de coidados. E, se facemos unha media e analizamos canto tempo lle dedicamos as mulleres a isto no ano, vemos que son dous meses e medio, dous meses e medio da nosa vida nos que as mulleres estamos levantando o país, limpando, cociñando, sen que iso teña ningún valor, sen que se reflecta en ningunha estatística oficial; e invisibilizado ata que as mulleres nos plantamos na pasada folga do 8 de marzo, que creo que foi un éxito por moitas razóns. Pero unha delas foi por visibilizar ese traballo, que, como digo, permanecía oculto pero que en realidade representa un terzo da riqueza do país. Evidenciouse nesta folga que, se as mulleres paramos, para o mundo. A pesar de que moitas fixemos folga, hai moitas mulleres que por desgraza non puideron parar; moitas delas por ter que estar coidando de pais, fillos, etc., por non poder que eses coidados se levaran adiante dende outros espazos.

A política da Xunta en materia de conciliación é lamentable. A nós oféndennos profundamente cando falan de conciliación —só hai que ver as sentenzas desfavorables que teñen dentro do seu propio Goberno— e porque non fan absolutamente nada e votan sistematicamente en contra de que as mulleres avancemos nesta cuestión.

O problema é que esta situación no mercado laboral, e esta situación de sobrecarga do traballo reprodutivo, fai que moitísimas mulleres teñan, cando se xubilan, pensións de miseria. Cremos que esta iniciativa trata de tres temas, que non son iguais pero que están moi venciados, porque as pensións dependen xustamente dese traballo fóra do fogar e tamén do traballo de coidados. Cremos que é unha iniciativa que nos axudaría a avanzar cara a un país máis feminista. E se hoxe votan en contra desta iniciativa non están votando en contra deste grupo parlamentario, están votando en contra das mulleres.

E pedimos cousas tan básicas como que se cumpra a lexislación. Outra vez —xa o dicíamos onte e xa se dixo nesta Cámara noutros debates— queremos que se cumpra o que se lexislou



hai doce anos, é o mínimo que exiximos. E tamén que cumpran co que se aprobou aquí hai dous anos e pico, que non se levou a adiante ata o día de hoxe, por moito que digan que si.

Outra cuestión: queremos que o traballo de coidados estea, que conste, que se visibilice, nas enquisas e nos estudos que fai a Administración, porque é o mínimo para pór en valor este traballo.

Despois, volvemos insistir en medidas moi necesarias —e ata que o consigamos seguiremos insistindo—: equiparar os permisos de paternidade e maternidade ao cen por cento e conseguir que a educación de 0 a 3 anos estea garantida na pública, dúas medidas que axudarían a que a maternidade deixara de ser unha penalización no mercado laboral para as mulleres. Porque non serve de nada que digan que queren acabar con que a maternidade sexa unha penalización, que queren apoiar as mulleres embarazadas, cando despois manteñen normas que son tan discriminatorias como iso. Nós queremos que nunca máis se volva preguntar a unha muller se ten fillos, se ten parella ou se ten pensado ter crianzas nalgún momento. E medidas coma estas van facer que a crianza deixe de estar asociada, si ou si, ás mulleres.

Estamos nun contexto de suposta recuperación económica —ou iso din vostedes moitas veces—, pero a recuperación económica non chegou ás casas do noso país, non chegou tampouco ás mulleres do noso país, non repercutiu en ningunha mellora laboral para as mulleres de Galicia. E, co pretexto da crise, recortaron servizos públicos, recortaron a Lei de dependencia, e o único que fixeron foi levar a adiante reformas laborais que facilitaron os despedimentos, que facilitaron que os salarios baixaran e que reduciron os dereitos de toda a clase traballadora, pero especialmente das mulleres. Por iso hoxe o que temos que facer é acabar con esas políticas de austeridade que levan tantos anos levando a adiante. As mulleres xa non aguantamos máis un goberno machista que legisla contra as mulleres. Cremos que isto está pasando a día de hoxe. O 8 de marzo creo que todas e todos vimos unha Galicia feminista, as mulleres deste país temos reivindicacións moi claras e cremos que é momento de que este Parlamento escoite estas reivindicacións, que se trasladen á lexislación pero que se trasladen, sobre todo, a medidas. Non nos valen os papeis que despois non se cumpren, fai falta vontade política e fai falta que se aplique todo o que aquí se aplica. Sobre todo, a min moléstame profundamente que se fale dunha realidade que non existe, que falen dunha Galicia que é mentira. Saian fóra e deixen de vender que todo vai mellor, que todo é marabilloso, porque a realidade é que as mulleres do noso país son precarias, que a maioría das mulleres do noso país seguen coidando elas, maioritariamente, e que non teñen absolutamente ningún apoio por parte desta Administración.

Nada máis e grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Moitas grazas, señora Quintero.

Pregaríalles ás deputadas e aos deputados que falaran entre eles un pouco máis baixo. Non quería interromper a deputada, pero escóitase moito murmurio.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Otero Rodríguez.



A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Boas tardes, señorías.

De novo estamos a debater sobre as desigualdades salariais e laborais que sufrimos as mulleres. Vólvese traer a esta Cámara o tema da fenda salarial entre homes e mulleres. E, por moito que lles pese aos deputados e ás deputadas do Partido Popular, a este ritmo en Galicia tardaríanse 615 anos en acadar esa igualdade. E permítanme que lles diga que non podemos tolerar que as mulleres da nosa comunidade esperen máis de seis séculos para acadar esta igualdade.

Sen afán de buscar un posto nas listas que o meu partido presentará ás vindeiras eleccións —porque sei que mo van achacar—, creo que é xusto recoñecer que dende o goberno do señor Sánchez si se están a adoptar as medidas para eliminar esta fenda salarial. E non se enfaden, señorías do Partido Popular, porque o que vou dicir é algo que vostedes pediron no anterior pleno. Vostedes instaban o Goberno central para aprobar unha lei de igualdade salarial. Imaxino que hoxe estarán contentos porque o goberno do señor Sánchez escoitou, entre outras, as súas reivindicacións e aprobou esta Lei de igualdade salarial, esquivando así o filibusteirismo político mostrado tanto por PP como por Ciudadanos ao bloquear a tramitación desta lei dende a Mesa do Congreso dos Deputados. (*Murmurios.*)

Dende o Grupo Socialista estamos de acordo co fondo da PNL presentada por En Marea, pero presentamos unha serie de emendas que cremos que serven para concretar algunhas das súas peticións.

No tocante ao punto 6, cremos que é necesario colaborar co Goberno de España para garantir a gratuidade total do ensino de 0 a 3 anos. Estamos a favor da gratuidade do ensino de 0 a 3 anos, e este era un dos puntos do acordo ao que chegaron Unidos Podemos e o PSOE, e que tamén ía nos orzamentos xerais do Estado para o ano 2019. Pero como estes orzamentos non foron aprobados, cremos que é necesario que a Xunta de Galicia colabore co Goberno do Estado para analizar e ver quen e como sufraga este ensino público gratuíto para garantilo.

No tocante ao punto 7.a) da PNL, concordamos con que existe moita fraude de lei na contratación a tempo parcial, que fundamentalmente afecta as mulleres. E esta é unha das causas que sinalan todos os expertos nos seus informes sobre a fenda salarial. É necesario facer unha regulación da contratación a tempo parcial que a faga máis garante, aumentando o grao de protección da clase traballadora, especialmente das mulleres.

Pero, aínda que recoñecemos que neste senso hai moito camiño por percorrer, dende o Goberno central estanse a dar pasos para loitar contra esta fraude: campañas de Inspección de Traballo, aprobación da obrigatoriedade, para as empresas, do rexistro horario dos traballadores, que servirá sobre todo para que Inspección de Traballo poida controlar a parcialidade na contratación ao modificarse o Estatuto dos traballadores e a LISOS. Non podemos pasar por alto que o maior número de denuncias que recibiu Inspección de Traballo no 2018 ten relación co tempo de traballo.



O Consello de Ministras tamén equiparou, á hora de acceder á prestación por desemprego, o dereito dos traballadores a tempo parcial verticais —os que concentran as súas horas de traballo en menos días— co dos traballadores a tempo parcial horizontais, os que realizan a súa actividade en cinco días á semana. Este cambio normativo favorece o acceso á prestación por desemprego e tamén ao subsidio, ao facilitar a acreditación do período mínimo de cotización para ter dereito a esta prestación. E ademais incrementouse a duración da mesma.

No punto 7.b) cremos necesario impulsar plans de inspección de traballo que teñan como obxectivo evitar a discriminación laboral das mulleres. O Goberno socialista aprobou o Plan director do traballo digno 2018–2020, que incluía 75 medidas que dotan a Inspección de Traballo dunha ferramenta para facer fronte aos problemas do mercado laboral. O obxectivo principal deste plan é recuperar dereitos laborais e mellorar a calidade do emprego e das condicións de traballo. Este plan aumentou o número de efectivos na inspección. E xa en agosto do 2018 se puxeron en marcha dous plans: un de loita contra a fraude na contratación temporal e outro contra os abusos na contratación parcial. É, ademais, un plan que diseña unha actuación de inspección con perspectiva de xénero, porque non se pode olvidar que a Lei orgánica 3/2007 comina os poderes públicos á aplicación transversal da perspectiva de xénero de modo efectivo na súa actividade ordinaria, non podendo, por tanto, Inspección de Traballo ser allea a este mandato.

E no tocante ao punto 7.d), o que pide En Marea na súa iniciativa é o que está a acontecer actualmente. O Goberno socialista deixou sen efecto o 0,25 % do Goberno do señor Rajoy e subiu as pensións en función da variación do IPC no 2019, porque, diferentemente do que dicía o PP, si se podía. Tamén se emprazou a sindicatos e patronal para que acorden un novo sistema no prazo de seis meses, segundo as recomendacións do Pacto de Toledo.

Pero permítame, señora Quinteiro, que me estrañe de que hoxe vostedes traian aquí o que solicitan no punto 7.d) da súa iniciativa, xa que foi unha auténtica decepción que, por puro electoralismo político, Unidos–Podemos e o PP romperan o acordo do Pacto de Toledo, cando estaban acadados xa os acordos nos puntos máis delicados. (*Fortes murmurios.*) O que se estaba a buscar no Pacto de Toledo era un consenso, que era o mellor que podíamos trasladarlle á cidadanía. (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Remato, presidente.

Por iso nós presentamos unha emenda de substitución a este punto 7 d), que di «que recupere a centralidade do Pacto de Toledo e o diálogo cos interlocutores sociais, garantindo que o aumento das pensións se realice en función da variación do IPC, como xa sucede no ano 2019».

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.



Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Boa tarde.

Grazas, presidente.

Imos volver aquí, ao país, que parece que non tivésemos Goberno nin competencias, que todo tivese que vir do Goberno central. Sen dúbida, ten moita responsabilidade da situación actual, pero, bueno, partindo da base, por exemplo, do que ten que ver co ensino dos 0 a 3 anos, o Goberno galego ten competencias plenas en materia educativa, en materia de servizos sociais, e podería garantir por si mesmo o dereito de acceso ao ensino dos 0 aos 18 anos, como desde o BNG temos defendido en innumerables ocasións.

É simplemente unha cuestión de partida e mais de marco, porque historicamente se consideraba que a incorporación das mulleres ao mercado de traballo, ao traballo asalariado, era case a solución ou a panacea no proceso de emancipación das mulleres. A solución ás discriminacións, á opresión histórica que viviamos as mulleres, pasaba pola nosa incorporación —insisto— a ese traballo asalariado no marco económico actual. Teñen falado moitísimos nomes do movemento feminista a respecto disto, unha delas é Silvia Federici.

No ano 2019, en pleno século XXI, estamos a falar da fenda salarial; dos teitos de cristal; da feminización da pobreza; da dupla xornada no traballo e na casa, do que se chama dupla carga mental; do feito de termos que estar permanentemente pendentes de que se vai mercar, que se vai comer, como nos imos organizar dentro da casa, que tamén se fala desde o ámbito da psicoloxía. O que imos precisar é un proceso de transformación social, político e económico moitísimo máis amplo que a mera incorporación das mulleres ao mercado de traballo.

O feito de que esta fose unha das cuestións que centrasen as reivindicacións e as demandas do movemento feminista o 8 de marzo de 2018, Día internacional das mulleres, e que un ano despois houbera esas históricas mobilizacións que recentemente tiveron lugar tamén no noso país, demostra que o papel terma de todo. A señora Quinteiro expresábao doutra maneira pero dicíao tamén na súa intervención: o papel terma de todo pero non muda por si mesmo a realidade. É fundamental que se recollan os dereitos nas normas —iso é absolutamente fundamental—, pero iso non transforma por si só a realidade. O que exige é vontade política, impulso político e, sobre todo, o que se exige dos gobernos, das administracións públicas, é que adopten como unha prioridade defender os dereitos humanos para o conxunto da poboación.

Non nos cansaremos de insistir e de repetir, nesta Cámara e fóra dela, que as políticas feministas van diso, da idea radical de que as mulleres somos persoas, e que como persoas, polo tanto, temos que ver garantidos todos os dereitos inherentes á nosa condición humana: o dereito ao traballo; o dereito a un salario digno; o dereito, por exemplo, a non sermos violadas, a non sermos oprimidas ou discriminadas polo simple feito de sermos mulleres.

E digo que o papel terma de todo pero non transforma por si só a realidade porque hoxe en día —dicíao a miña compañeira Noa Presas na anterior intervención— a fenda salarial é ilegal,



o papel di que é ilegal que unha muller, polo mesmo traballo que un home, cobre menos, pero a realidade vai en sentido completamente contrario. Vemos que esa fenda salarial é absolutamente real e tanxible, viámolo con anterioridade, como igual de real é que o 37 % das mulleres traballadoras do noso país non chegue co seu salario ao salario mínimo interprofesional; que 1 de cada 4 mulleres estea por debaixo do limiar da pobreza; que as mulleres asinen maioritariamente contratos a tempo parcial e asuman as reducións de xornada, coa correspondente redución salarial, para coidar de crianzas ou coidar de persoas adultas dependentes.

Máis do 90 % das solicitudes de redución de xornada para conciliar son asinadas ou solicitadas —valla a redundancia— por mulleres porque os estereotipos e os roles de xénero —absolutamente patriarcais e machistas— de nai coidadora existen, son tamén unha realidade, e ademais son moi lucrativos, porque todo o traballo que se fai na casa e que non é remunerado supón un aforro moi importante para as administracións e o propio sistema económico. A precariedade que soportan as mulleres evidénciase, por exemplo, en que no ano 2018, do conxunto de contratos que asinaron as mulleres traballadoras, saía un promedio de catro contratos por cada unha, e a duración dos mesmos —en case a metade dos contratos temporais— tivo unha duración inferior a un mes. Para que vexamos que a radiografía desa realidade que vivimos é completamente contraria ao que pon despois o papel.

Nós imos apoiar a iniciativa completa e extensa que presenta —e con isto xa remato, presidente— En Marea, pero tamén quixeramos defender —non nos toca a nós posicionarnos en relación coa emenda do Partido Socialista— que se manteña a derogación das reformas laborais e das reformas das pensións, porque crer que esas modificacións no marco laboral estatal non teñen que ver coa precarización das condicións de traballo, xa per se precarias, que sofren as mulleres no conxunto do Estado español e tamén na Galiza é, de verdade, intentar tapar o sol cun dedo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Popular, señora García Míguez.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Boas tardes outra vez.

Veñen hoxe novamente As Mareas de Podemos co seu posturo habitual, falando de que alguén lles rouba dereitos, de opresión, de explotación. Pero, señorías, son vostedes os que están co-gobernando co señor Pedro Sánchez no Congreso dos Deputados, están gobernando neste país. Co cal eu creo que se hai posturo, hai falta de dereitos e alguén as oprime, por favor, fagan o que teñen que facer, que levan nove meses gobernando co señor Sánchez, e fágano aí.

De todos os xeitos, imos responderlles a todas as súas propostas, que moitas delas —como ben lles dixen— poderíamos aprobalas, pero son vostedes os que non queren. Nós imos manernos no consenso para traballar arreo co fin de que esta desigualdade, esta fenda salarial que se está a producir, deixe de producirse.

Con respecto aos puntos de modificación que solicitan ao Goberno do España, aos seus socios de Goberno —porque ao final son vostedes os que tamén están gobernando—, de que se de-



rrogue a reforma laboral, algo que o propio señor Sánchez dixo que ía derrogar tan pronto comezase a gobernar, a día de hoxe a reforma laboral, a creadora de emprego e a aceleradora da economía, segue en vigor. Pero segue anunciando o señor Sánchez que, cando sexa presidente do Goberno, volverá derroga-la. Isto parece o conto da boa pipa, pero seguimos.

No segundo punto solicitan que aumenten as inspeccións de traballo no control específico ás mulleres. Eu convídoos a que se poñan mans á obra, porque, con respecto a este tema, na Xunta de Galicia as inspeccións continúan incrementándose e o pasado luns aprobouse no DOG — simplemente para facer unha puntualización — o Plan de inspección comercial da Xunta de Galicia, creo que é moi interesante acadalo para este ano 2019.

Tamén se publica o soldo dos empregados públicos. O último decretazo electoralista do señor Sánchez aí vén reflectido, co cal é algo que xa se vai poñer en marcha. E recoméndolle tamén que vexa o artigo 28.2 dese decreto electoralista que aí se reflecte.

Con respecto aos plans de igualdade que tamén solicita, están no artigo 1.2 dese decreto. A Xunta de Galicia, con respecto a plans de igualdade nas empresas para antes do 2020, supoño que coñecerá o Programa Responsabilízate, e acaba de presentarse hai poucos meses a Estratexia de responsabilidade social empresarial. Creo que é algo a ter en conta e é unha aposta firme para estes plans de igualdade nas empresas galegas.

Piden tamén que se revaloricen as pensións e que medren segundo o IPC, como ben dicía a compañeira do PSOE. Sorpréndenos. Parece — señores do PSOE e señores de En Marea — que estamos no Sálvame, aquí vale todo, pódese dicir calquera cousa, pero a realidade é que, se non hai unha revalorización das pensións para as viúvas e para os pensionistas é por culpa dos señores das Mareas de Podemos, que non é culpa do Partido Popular. O Partido Popular o que fixo, cando estivo gobernando o señor Mariano Rajoy, foi aumentar as pensións das viúvas e de todos os pensionistas neste país. (*Aplausos.*) Foi o señor Mariano Rajoy, cando o señor Zapatero conxelou as pensións. (*Aplausos.*)

Para a Xunta de Galicia tamén teñen algunha proposta. A proposta é que se cumpra o aprobado neste Parlamento o día 28 de decembro do ano 2016, de igualdade salarial. Ese, señorías, sería un punto que tamén aprobaríamos, porque saben que é algo que está feito a través do Consello Laboral de Relacións Laborais, coa patronal, cos sindicatos e co Goberno da Xunta. E presentouse unha guía, un estudo, nun acto o 25 de xaneiro pasado, supoñemos que o coñecerá.

Tamén solicitan que se faga unha estratexia. Eu creo que serán tamén coñecedores do VII Plan estratéxico de igualdade de oportunidades 2017-2020, que é a guía a seguir no traballo en materia de igualdade en todas as consellerías do Goberno da Xunta de Galicia.

Solicitan estudos para a fenda salarial. Temos estudos sobre a fenda salarial. Sabemos que dende o ano 2008 ata o ano 2017 hai en Galicia catro puntos menos de fenda salarial. E tal como indicou onte o conselleiro na interpelación, este mesmo mes presentábase un estudo sobre a igualdade retributiva para o avance da Lei de igualdade salarial para este 2019; por certo, impulsada polo Partido Popular.



Piden, ademais, permisos de paternidade e maternidade para que haxa medidas iguais, intransferibles e remuneradas. En Galicia témolos a través do Plan Concilia 2018–2021, e a equiparación é progresiva para que sexan iguais e intransferibles. Só lembrarlles que na Lei de medidas deste ano 2019 se presentaba unha ampliación para os permisos de maternidade e paternidade e, curiosamente, As Mareas de Podemos votaron en contra.

Xa para ir rematando, con respecto ás prazas das escolas infantís, como ben sabe, a recomendación da Unión Europea é dun 33 % e nós superámolo, temos un 42 % da ratio dentro desta atención aos menores.

Para ir rematando, só lembrarlles que a primeira Lei de igualdade en Galicia foi unha lei do Partido Popular, unha lei de don Manuel Fraga. E será unha lei do Partido Popular, a Lei de igualdade salarial, a que rematará coa fenda salarial entre homes e mulleres.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora García Míguez.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas.

Bueno, creo que o Partido Popular non coñece moi ben o Goberno do Congreso. Vostedes teñen gran facilidade para cambiar, en menos dun ano, o que lle exixen ao Goberno en función de quen governe. A nós dános igual que estea o Partido Socialista que estea o Partido Popular, exiximos o mesmo, somos coherentes. Vostedes cambiaron nun ano e, ¡vamos, a hemeroteca é marabillosa...! *(Murmurios.)* Eu pediría que, por favor... ¡levan todo o día hoxe bastante alteradas e alterados!

O Partido Popular cambia en función de quen estea no Goberno, En Marea non. Eu pediríalle tanto ao Partido Socialista como ao Partido Popular que se manteñan no que piden e que teñan un mínimo de coherencia.

Volvemos escoitar un discurso manipulado, un montón de mentiras. O papel —díxoo moi ben a voceira do Bloque Nacionalista— aguántao todo, e non teñen ningún pudor. Hai lexislacións, hai plans... vale, ¿e algo diso ten algunha aplicación na realidade?

¿Como poden facer un discurso triunfalista se están escoitando que as mulleres ganamos de media 5.480 euros menos que os homes? ¿Como poden dicir que todo está ben, que a Xunta fai todo por conciliar cando o 77 % dos contratos a tempo parcial son de mulleres, ou cando hai no noso país un 37 % de mulleres que non chegan a cobrar 700 euros ao mes? *(Murmurios.)* ¡Falen con elas! Díganlles ás mulleres que cobran menos de 700 euros ao mes que todo vai ben, que o Partido Popular leva moitos anos na Xunta de Galicia levando adiante políticas feministas e que defenden a igualdade. ¡É mentira!, levan moitos anos facendo retroceder as mulleres nos nosos dereitos moitísimos anos.



E vou entrar tamén na cuestión dos permisos. É que hai que ter, a verdade, cara dura para falar dos permisos de maternidade e paternidade e da ampliación que fan. Vostedes o que fan é aumentar a fenda entre homes e mulleres, aumentala constantemente, e o que pedimos nós é equiparación, iguais para homes e mulleres. Porque, se tanto din que as mulleres non poden estar penalizadas pola maternidade, ¿por que temos que seguir tendo máis permiso nós ca eles? ¿Por que temos que seguir sendo nós as que coidamos cando damos a luz? ¿Por que? A min que mo expliquen. O outro día dixo a voceira do Partido Popular que parece ser que están a favor. Están a favor pero non o fan. Nas competencias... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Si, votámolo aquí, ¿e fixérono?

O señor PRESIDENTE: Por favor, non dialoguen.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: ¡Ah!, non. ¡Claro! Estamos a favor pero non o imos facer. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio, silencio. Non dialoguen. Señora Prado, silencio.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Están a favor de pedirlo ao Congreso cando está o Partido Socialista, e cando está o Partido Popular levan vetando aquí e votando no Congreso dos Deputados en contra sistematicamente, igual que a Lei de igualdade retributiva. *(Aplausos.)* Agora pediron, nunha moción súa, unha lei de igualdade retributiva e de traballo responsable. A Lei de Unidos Podemos, En Común e En Marea estivo vetada no Congreso dos Deputados por vostedes. É que hai que ter... A moción que trouxeron para o 8 de marzo foi de vergonza, un copia e pega...,

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: ...e o que pedían eran leis que estaban vetando vostedes. Agora ben, como está o Partido Socialista, entón agora si queremos que se fagan.

E electoralista a nós parécenos que é... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: ...que o IPC non se adecúe por lei, que se faga só...

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas do PSOE, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: ...para un ano nas pensións.

Estamos bastante cansadas da demagogia que se fai co tema das pensións. O noso grupo é o que defende que as pensións sexan mellores. Temos as pensións máis baixas do Estado e



vostedes levan moito tempo levando adiante políticas que dificultan a todos, aos homes e ás mulleres, pero especialmente ás mulleres.

O señor PRESIDENTE: Sobre a emenda do PSOE, por favor.

6 Sobre a emenda, non a acepto porque un dos puntos parécenos fundamental.

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: As reformas laborais son as que conseguiron que empeoraran os dereitos de toda a clase traballadora, especialmente das mulleres.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: E o resto, todas as medidas que se poidan levar adiante, van ser parches que non van ter a solución.

Grazas. *(Aplausos.)*

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Rematado o debate das proposicións non de lei, procedemos a votalas.

Comezamos votando a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia por iniciativa de don José Alberto Pazos Couñago.

Consultado o ponente, non acepta as emendas dos tres grupos. Polo tanto, votamos.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e oito deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego ao Concello de Vigo para que retorne ao consenso acadado para a modificación da Lei da área metropolitana de Vigo e ao cumprimento desta, así como do cumprimento do convenio asinado en materia de transporte metropolitano, garantindo as mesmas tarifas para todas as persoas usuarias, con independencia do seu lugar de procedencia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 27; abstencións, 6.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de don Julio Torrado.



Non hai emendas. Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre o impulso da Xunta de Galicia para convocar unha xuntanza da mesa sectorial que trate os problemas específicos dos colectivos de profesionais de PAC, servizos de urxencias e transporte sanitario urxente.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Aínda que se debateron de xeito conxunto, imos votalas por separado. *Votación da proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona Montserrat Prado Cores.*

Co Grupo Socialista propuxo unha transacción que, se entendín ben, acepta como de engádegas, excepto o punto 2 nos apartados a) e c). ¿É correcto? (Asentimento.)

Votamos esta transacción.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para a mellora da situación da atención primaria.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Dixen que se debateron conxuntamente. Imos votar a 5^a e despois volvemos á 4^a. *Votación da proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa de dona Eva Solla Fernández.*

Pásanme unha transacción á que se chegou co Grupo Parlamentario Socialista que afecta aos puntos c) e e). No punto c) engádesse «en termos reais», e no punto e) engádesse «e tamén das especialidades de enfermería».

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun plan de mellora da atención primaria, así como as actuacións que debe levar a cabo en relación coa dotación de persoal e horarios de traballo dos puntos de atención continuada.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de don Jacobo Moreira.

Non se aceptaron as emendas dos grupos que as propuxeron.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Isabel Novo Fariña e seis deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central co fin de cubrir as vacantes na Unidade de Policía Adscrita a Galicia e de incrementar os seus efectivos ata un mínimo de catrocentos setenta e cinco.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 50; votos en contra, 20.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de don Xoaquín María Fernández Leiceaga e dous deputados máis.

Acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego cunha transacción, segundo comentou o señor Fernández Leiceaga, incluíndo a AP-9 e a AP-53. ¿É correcto? (Asentimento.)

Votamos esta transacción. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¿Perdón? A ver, silencio. Silencio que piden a palabra.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Entendemos que a transacción é incluír no punto 21, onde pon AP-53, AP-9. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: É AP-53.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Moi ben. Queríamos pedir votación por puntos. (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Ten dereito, e agora respóndelle o Grupo Parlamentario Socialista. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Que nos informe o señor letrado, porque parece que non hai puntos. Eu agora non me acordo, ¿hai puntos ou non hai puntos? Que opinen os letrados, que saben disto máis ca min e máis



ca vostedes tamén. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Hai puntos? Imos facilitar a votación e tratar de que quede a cousa clara, a ver que é o que se vota. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Di o letrado que o que hai é un listado de competencias. Se quere separar as competencias... ¿Quere vostede separar as competencias, señor Tellado? Puntos non hai. *(Murmurios.)*

Nada. Aclarado, non pasa nada. Estamos aquí para que a xente saiba o que hai que votar. Esta é tamén función miña, correspóndeme. Polo tanto, imos votar.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín Fernández Leiceaga e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa asunción de novas competencias pola Comunidade Autónoma.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona Noa Presas. Non se presentaron emendas.*

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe impulsar o Goberno galego para a incorporación de cláusulas de igualdade na contratación pública de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por 70 votos a favor.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa de dona Paula Quinteiro. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Perdón? ¿Para que quere a palabra, señor Leiceaga?

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Para pedir a votación por puntos desta iniciativa, en concreto do punto 7a.

O señor PRESIDENTE: Lemos o texto e despois a ver se a aceptan.



Primeiro leo o que imos votar.

Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa fenda salarial de xénero e as desigualdades existentes no mercado laboral, así como na revalorización das pensións.

Non acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista. ¿Acepta a votación por puntos? Tampouco.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa fenda salarial de xénero e as desigualdades existentes no mercado laboral, así como coa revalorización das pensións.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 37; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron as votacións. Abran as portas, por favor, e continuamos coa orde do día.

Interpelación de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en materia de vivenda protexida

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boas tardes.

Boas tardes, señora conselleira.

A empatía é unha cualidade de saber poñerse no lugar do outro, e para o tema que imos falar é moi importante. Sentirse no lugar de persoas que son expulsadas da súa vivenda ou que non poden acceder a unha vivenda digna porque non teñen ingresos suficientes, porque teñen dificultades económicas, moitas veces persoas que están no desemprego, que perderon o seu emprego, ou que teñen emprego e non lles dá para poder vivir dignamente.

Acaban de saír os datos e no segundo semestre de 2018 en Galicia houbo 800 desafiuzamentos por impago do alugueiro. Iso significa que en Galicia houbo catro desafiuzamentos por día, catro familias que tiveron que deixara súa vivenda por non poder facer fronte aos pagos dos alugueiros; un incremento do 12 % dos alugueiros con respecto ao 2017, que xa foi un ano de suba espectacular dos desafiuzamentos en Galicia. Son 800 desafiuzamentos no se-



gundo semestre, máis de catro por día, que significan moito sufrimento. Poñámonos nese lugar.

Unha suba espectacular dos desafiuzamentos tamén seguida dunha suba espectacular dos prezos do alugueiro. Señora conselleira, ¿onde están os mecanismos públicos, as políticas da Xunta de Galicia, para regular os prezos? ¿Onde están os mecanismos do Estado español para regular os prezos do alugueiro?

Xa hai tempo que vimos dicindo e anunciando que este é un problema estrutural, debido ás políticas que priorizaron o beneficio da especulación sobre o dereito á vivenda. ¿Onde están os constitucionalistas cando falamos de vivenda? O artigo 47 di que todos os españois e españolas teñen dereito a unha vivenda digna. ¿Onde están?

Dicimos que é un problema estrutural que cambiou de ser a burbulla inmobiliaria causada polos impagos das hipotecas, transmutou na burbulla do alugueiro, pero, ao final, é a mestura da precariedade laboral, dos salarios baixos, do desemprego, da temporalidade, da inestabilidade conxugada coa suba constante nos últimos tres anos dos alugueiros por un incremento da demanda e por non haber unha oferta de prezos socialmente asequibles.

É moi previsible o que está acontecendo —vímolo repetindo—: os salarios das clases traballadoras non soben, non se incrementa a estabilidade laboral, non se incrementan os ingresos familiares e o que si se incrementan son os prezos da vivenda, os prezos dos alugueiros. E, ante iso, ¿cal é a resposta ante unha cuestión previsible, estrutural?, ¿cal é a resposta? A resposta é publicidade, propaganda e políticas cosméticas e falta de vontade de cambiar a estrutura da política de vivenda deste país, políticas de vivenda nas que está todo inventado.

Por exemplo, nos últimos anos, quitemos a propaganda e a publicidade fóra e vexamos que se fixo dende os gobernos do Partido Popular tanto no Estado como en Galicia. Fíxose no 2013 dende o Goberno do Estado unha reforma da Lei de arrendamentos urbanos que incrementou a inestabilidade dos arrendadores e que incrementou as garantías e os dereitos dos arrendatarios, dos grandes posuidores de vivenda, que reduciu o período mínimo de alugueiro de cinco a tres anos, que permitiu que a renovación dos contratos puidese ser cunha suba dos prezos sen regular, que puidese ser calquera tipo de suba de prezos.

Neste período de tempo, mentres expulsaban en Galicia máis de seis persoas ao día das súas vivendas, o Goberno do Partido Popular aprobou desgravacións a socimis para que os fondos voitres puideran investir en vivenda para alugueiro, investindo e tendo desgravacións fiscais para facer un gorentoso negocio. Agora empezamos a ver aquí as consecuencias desas decisións políticas. Mesmo en Galicia fondos voitres que compraron vivendas de protección oficial, como na Patiña, en Cambre, e que agora estalle facendo a vida imposible á xente que vive nas vivendas de protección oficial que foron subvencionadas con diñeiro público e que agora son pasto para o negocio dos fondos voitres.

Aprobouse o rescate dos bancos, sesenta mil millóns de euros, dos cales corenta e cinco mil non se van recuperar. Creouse a Sareb, o banco malo, onde se lles compraron aos bancos os chamados activos tóxicos, é dicir, as vivendas que os bancos decidiron que non eran negocio



e que polo tanto tiñamos que asumir con diñeiro público, e non se puxeron á disposición da xente que estaba indo para a rúa, porque, claro, se se puxeran a prezos socialmente asequibles esas vivendas no mercado para xente que as necesita baixarían os prezos da vivenda e baixaría o negocio dos bancos, dos fondos voitre e dos grandes posuidores.

E aquí, como en case todo, hai que escoller bando, non se pode quedar ben con uns e con outros. É evidente que, se se aposta polo dereito á vivenda, vaise molestar os bancos, os fondos voitre e os grandes posuidores. Vostedes fixeron o rescate e non puxeron esas vivendas á disposición da xente, escolleron bando, escolleron o bando dos especuladores.

Vostedes en Galicia conxelaron a política de vivenda pública de protección oficial e non puxeron en marcha ningún mecanismo de regulación de prezos e ningún mecanismo efectivo de mobilización de vivenda valeira.

Para saber a súa preocupación pola vivenda só basta con ver a evolución dos orzamentos dende que vostedes chegaron ao goberno en 2009. Cando vostedes chegaron, nos orzamentos de 2009 a política de vivenda significaba o 0,37 % do PIB, do produto interior bruto de Galicia, e en 2019 os orzamentos para vivenda significarán o 0,13 % do PIB. E non veñan falar da crise nin da redución dos orzamentos, estamos falando tanto en relación cos orzamentos como en relación coa riqueza deste país, e baixou un terzo, e esa é a preocupación que vostedes teñen. Se en 2009 significaba o 1,74 % do orzamento, hoxe en día significa o 0,73 % do orzamento, e non falamos do grao de execución das partidas de vivenda.

Falaba tamén da importancia da creación de vivenda pública para regular os prezos, para darlle vivenda á xente que non ten ingresos suficientes para acceder ao mercado libre, para evitar o drama dos desafuzamentos, para evitar o drama de que hai moita xente nova que non pode emanciparse.

E falamos de datos, datos do INE. En Galicia no ano 2010 iniciáronse dúas mil novecentas vivendas de protección oficial; no ano 2015, cinco; no ano 2016, catro. Galicia está no furgón de cola de todas as comunidades autónomas do Estado español agás Ceuta, Melilla e Baleares. Señora conselleira, é moi elocuente que en Galicia se inicien entre trinta e cinco e cincuenta veces menos vivendas de protección oficial que na media do Estado. En 2015, cinco vivendas de protección oficial; en 2016, catro; en 2010, dúas mil novecentas; derivado, evidentemente, de decisións políticas e das políticas liberalizadoras, por exemplo a Lei 8/2012, onde rebaixaron a porcentaxe de edificabilidade destinada a vivenda protexida, onde vostedes decidiron que os concellos non tiñan que reservar ese 30 % de solo para construír vivenda protexida.

Por iso, traemos esta interpelación, señora conselleira. É un drama. Vostedes están para tomar decisións, levan dez anos no Goberno, non poden botarlle a culpa ao Bipartito, non poden botarlle a culpa ao Goberno central, xa que gobernaron seis anos. Vostedes, mesmo no Goberno do Estado, rexeitaron unha iniciativa para aplicar a Lei reguladora de facendas locais, que dicía que había que determinar regulamentariamente o concepto de vivenda baleira para que aqueles concellos que quixesen puidesen poñer un recargo á vivenda galega, e vostedes bloquearon o cumprimento dunha lei que aprobou o propio señor Aznar, simplemente para beneficiar os grandes posuidores de vivenda, porque vostedes traballan para



eses grandes posuidores de vivenda, aínda que intenten facer publicidade e propaganda. Porque, doutro xeito, non se pode explicar.

¿Por que, señora conselleira, bloquearon isto? ¿Ten pensado vostede mudar as políticas para atacar as causas estruturais que causan o drama dos desafiuzamentos? ¿Que mecanismos ten a Xunta de Galicia para regular os prezos dos alugueiros, os prezos da vivenda? ¿Que obxectivos ten vostede para o parque público de vivendas con prezos sociais? ¿Cales foron, segundo vostede, as razóns polas que en Galicia se conxelou a construción de vivenda de promoción pública, de protección oficial? ¿Que lles pode dicir a esas persoas que, por exemplo, son desafiuzadas en Vigo, muller con nenos a cargo, e á que a alternativa que se lle propón é ir vivir a Pontecesures? ¿Que pode dicirlle a esa xente que é desafiuzada en Ourense e lle dan como alternativa ir para Valdeorras? ¿Que lle pode dicir á xente que foi expulsada das súas casas mentres vostedes lles pagaron as desfeitas dos anos alegres da burbulla inmobiliaria aos bancos?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Señor Sánchez, teño a impresión —e, igual ca min, imaxino que os que soen estar atentos— de que estou vivindo ou estamos vivindo un auténtico Día da Marmota. Sabe vostede o que é iso. É dicir, que se repite continuamente, e tanto e tanto se repite que, se ao final a interpelación que hoxe fai vostede aquí, é dicir, as preguntas que vostede materializa é para defender un traballo por parte de En Marea, créame que non lle custou moito. E non lle debeu custar moito porque non cambiou vostede ningún punto, ningunha coma, ningunha argumentación na interpelación que hoxe eu veño aquí contestar.

Polo tanto, dende hai catro meses, non avanzou; é dicir, volve ser máis do mesmo, as preguntas son as mesmas e, ¡home!, polo menos podíámoslle dedicar cinco minutíños a cambiar un pouco a argumentación aínda que viñeramos dicir o mesmo, porque ao final a miña resposta podería ser tamén: pois mire, vaia vostede ao *Diario de Sesións* porque a resposta vén ser a mesma. Pero iso si que é enganar a cidadanía, señor Sánchez; é dicir, estou aquí pola tarde, estou traballando pero en realidade repito o mesmo que o 7 de novembro, é dicir, que hai escasos días; polo tanto, a memoria aínda non se nos foi; en concreto, cento vinte e cinco días.

Unha de dúas: ou non hai cuestións relacionadas coa Consellería que eu dirixo ou, por outro lado, están vostedes moi ocupados en certos problemas e ao final pois colúselles isto polo medio e de novo pois volvemos responder. E non hai ningún problema por ter que facelo. Iso si, vostede volve de novo cos mesmos argumentos; argumentos que si vemos que foron tan serios da outra vez para rebater as políticas de vivenda da Xunta de Galicia que igual volve repetir vostede que a vostedes a vivenda impórtalles un nabo. De momento, iso aínda



non o dixo, e o señor Villares fai así coa cabeza, pero foi o que me dixo o señor Antón a min hai catro meses. Esa é a realidade.

Como non debeu quedar totalmente clara a miña exposición, de novo volvo aquí falarlle non só de estatísticas, senón tamén de realidades, realidades palpables e que é o que palpa a sociedade, e, ademais, son políticas que van mudando en función das demandas da sociedade. É dicir, non quedamos anquilosados, nós non estamos catro meses sen facer nada ou simplemente pois dando o mesmo discurso que tamén o traemos aprendido unha e mil veces ata que, ben, a alguén lle entre polo seu oído.

¿En que nos centramos, señor Sánchez? Pois en políticas activas de vivenda nas grandes cidades, sobre todo porque é onde hai máis demanda e onde hai máis poboación e polo tanto é onde temos que poñer o foco, pero non deixamos de traballar tamén polos pequenos concellos.

Polo tanto, temos programas dirixidos ás grandes cidades, onde vostedes gobernan —e, polo tanto, poderíanos poñer aquí algún que outro exemplo desas políticas, xa que vostede tanto nomea os concellos—, pero tamén temos políticas activas e específicas para os concellos máis pequenos.

Exemplo disto son iniciativas como o programa de rehabilitación de vivendas de mestres de escolas, que está dando moi bos resultados, pero tamén, á parte deses programas de vivendas de mestres, fondos de cooperación cos concellos ou infravivendas no rural galego; é dicir, que intentamos chegar a cada recuncho con políticas específicas. E, por un lado, rehabilitación, pero, por outro lado, darlles facilidades aos concellos para que eles merquen, para que eles restauren e para que eles poñan á disposición dos seus veciños e veciñas vivendas a uns prezos máis que asequibles.

E as cifras están aí, independentemente de que vostede diga catro vivendas, cinco vivendas, seis vivendas. Eu dígolle: repartición en distintos apartados, e, polo tanto, as cifras demostran un traballo, un traballo no cal agora mesmo, en vivenda nova, temos en construción cento vinte e unha. E ¿é pouco? Pois si que é pouco, pero non son nin as catro nin as cinco que vostede pon enriba da mesa.

Pero para que se saiba a onde van, pois tamén lle digo onde estamos traballando concretamente. Corenta vivendas no parque ofimático da Coruña, unha actuación que xa comezou e na cal estamos investindo cinco millóns de euros, en concreto 4,97 millóns de euros. Sesenta e unha vivendas en Vigo, nas rúas Chantada e Ignacio Grobas, cun orzamento de 8,8 millóns de euros. Once vivendas na cidade de Ourense, nas rúas Covadonga e Cervantes, cun investimento de 1,6 millóns de euros. Seis no concello ourensán de Cenlle, onde estamos desenvolvendo un proxecto pioneiro de vivendas modulares, dotado dun millón de euros. Xunto con Cenlle, tamén estamos traballando en tres vivendas de promoción pública modulares no concello lucense de Sober, e para esta actuación, que está xa licitada, temos un importe de cincocentos mil euros.

E contamos, á parte destas vivendas que agora lle acabo de describir e das que ademais puxen a ubicación, con outras noventa e unha vivendas que estamos rehabilitando neste momento,



que están distribuídas, señor Sánchez, do seguinte xeito: cinco na cidade de Ourense, nas que investimos preto dun millón de euros; nove vivendas en Lugo, cun orzamento de 1,3 millóns de euros; doce no casco histórico de Betanzos, onde estamos destinando preto de tres millóns de euros; dúas vivendas en rehabilitación no concello de Mondoñedo, cun investimento de catrocentos mil euros; dúas na cidade de Ferrol, concretamente na rúa Argüelles 1, que xa está licitada, por 333.529 euros; e tres en Pontevedra, situadas na rúa Alemaña, de Monteporreiro, e nas que se están investindo 197.220 euros.

E a isto súmase que, grazas á oferta de compra de inmobles a través do programa Rexurbe, convocada no ano 2018, adquirimos un total de vinte e seis inmobles, en Ferrol, Betanzos, Lugo e Ourense, dos que se prevé que se obterán cincuenta e oito vivendas rehabilitadas; o investimento total na adquisición foi de preto de 1,7 millóns de euros.

Polo tanto, señor Sánchez, agora mesmo, sen contar as que nos veñen de atrás nin falar de futuribles, estamos na construción de duascenas doce vivendas de obra nova ou rehabilitadas, cun investimento por parte da Xunta de Galicia de vinte e dous millóns de euros. Cambia bastante o argumento do señor Sánchez coa realidade existente e coas políticas de vivenda da Xunta de Galicia.

E non nos detemos aquí, señor Sánchez, senón que seguimos traballando, e pódolle avanzar que neste ano 2019 realizaremos unha nova oferta de compra nos cascos históricos de Ferrol, de Betanzos e de Ourense, e faremos extensiva a dita convocatoria aos cascos históricos de Tui, Ribadavia e A Coruña. ¿E con que fin? Pois co fin de ter vivendas rehabilitadas nestes distintos lugares, co que por un lado coidamos o patrimonio e por outro lado temos vivendas moi dignas a un prezo tamén digno e en función das necesidades dos galegos e das galegas. Unha convocatoria que realizaremos no mes de marzo, señor Sánchez, e á cal imos destinar 1,5 millóns de euros; e, en todo caso e se houbera oferta de vivendas, ampliariamos o orzamento.

Ademais, contamos non só con isto, senón con solo á disposición das empresas para a construción de vivenda protexida en distintos puntos de Galicia. Concretamente, señor Sánchez, facémolo no polígono de Valdecorvos, en Pontevedra; no ofimático, na Coruña; no Bertón, en Ferrol; no polígono de Garabolos, en Lugo; e en San Paio de Navia, en Vigo.

Estas son realidades e estas son concrecións de políticas da Xunta de Galicia: por un lado, vivenda nova; por outro lado, rehabilitación; e, por outro lado, posta á disposición de solo para que as empresas, as cooperativas, poidan optar á construción de vivenda de promoción pública.

E, como sabe vostede, non nos detemos aquí. E, polo tanto, tamén agora mesmo e no Parlamento temos a Lei de rehabilitación, que é outra medida máis para facilitar que aquelas persoas que dispoñan dunha vivenda pois poidan facelo cos menos atrancos posibles, unha lei que se encaixa dentro da nosa aposta pola rehabilitación, como unha ferramenta fundamental nas políticas de vivenda e con solucións eficientes, sostibles e de futuro. O noso obxectivo é que a rehabilitación de vivendas resulte cada vez máis atractiva para os cidadáns e as medidas adoptadas nesta materia sexan cada vez máis eficientes.



E para isto buscamos, señor Sánchez, o máximo consenso, esquecéndonos desa teorías que continuamente intentan vostedes poñer en valor, que en realidade nada teñen que ver coa verdade dos galegos e das galegas, e moito menos coas políticas que leva a cabo a Consellería de Medio Ambiente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, se hai algo polo que este debate debería de ser cualificado polo Día da Marmota é porque dez anos despois do estoupido da burbulla inmobiliaria máis de seis familias diariamente son expulsadas da súa vivenda en Galicia, señora conselleira. (*Aplausos.*)

Iso é o que invariablemente aconteceu neste país. Se lle parece un problema menor para vir frivolar, alá vostede, queda retratada, pero os datos e as realidades son esas: oitocentos desafiuzamentos polo impago de alugueiro no segundo semestre de 2018 en Galicia. E vostede veu recitar unha vez máis o conxunto de medias que levan aplicando e que non serviron de solución a esas oitocentas familias, señora conselleira.

Vostedes en 2010 tiñan un orzamento de 162 millóns de euros para vivenda. ¿Sabe cal é o orzamento de vivenda para 2019? 83 millóns. Se antes era o 0,37 % do PIB de Galicia, hoxe é o 0,13 %. Polo tanto, pode recitar aquí o que queira, pero non está dando un debate serio, porque vostede sabe que o problema estrutural vén determinado porque o prezo do alugueiro sobe e sobe e os salarios e as condicións laborais de moita xente, de moita porcentaxe da poboación galega, non soben como os alugueiros, e, polo tanto, o resultado desa ecuación é moita xente na rúa, moita xente que non pode emanciparse, moita xente que paga máis do 50 % dos seus ingresos para pagar a vivenda, un dereito constitucional —artigo 47—. E iso é o que pasa, e vostede vén aquí obviar iso e non dar un debate serio e honesto.

Dígolle: ¿cales son os mecanismos para regular os prezos? Porque, de verdade, que se os alugueiros soben un 5,2 % de media, un 30 % nalgunha cidade galega, ¿os salarios non soben un 30 %, señora conselleira, verdade? Vostede sabe que á xente moza non lle dan xa hipotecas, que ten que recorrer ao alugueiro porque os bancos non lle dan hipotecas, ¿verdade?, e se lle soben o 30 % o alugueiro, ¿que fai esa xente? Ir para a rúa, ir para a rúa. E, mentres, vostede vén aquí cunha realidade paralela que busca obviar o que vostedes fixeron.

Vostedes tomaron medidas políticas de alto calado para favorecer os bancos, os fondos voitre e os grandes posuidores de vivenda. Señora conselleira, ¿por que o Partido Popular bloqueou o Regulamento da Lei de facendas locais para que se puidese aplicar o IVE ás vivendas baixas? Contésteme.

¿Por que vostedes baixaron o período de arrendamento mínimo de cinco a tres anos? Conselleira, contésteme.



¿Por que se pagaron sesenta mil millóns de euros para rescatar os bancos e os pisos e as vivendas da Sareb non se puxeron á disposición para ter un parque público de vivenda de alugueiro social, como se fai na maior parte dos países europeos?

Señora conselleira, se nos países europeos se utiliza a construción de vivenda pública para regular os prezos e para darlle vivenda á xente que ten ingresos baixos, ¿cal é o invento que ten o Partido Popular para, sen construír vivenda pública, conseguir garantir o dereito de vivenda a todos os galegos e galegas?

O Día da Marmota, é un Día da Marmota terrible. Dez anos despois de goberno do Partido Popular, dez anos despois do estoupido da burbulla inmobiliaria, segue habendo un drama diario en Galicia. Ese é o Día da Marmota, señora conselleira, é máis do mesmo.

Vostede veu presumir creo que de duascenas vivendas de protección oficial, duascenas vivendas de protección oficial ¿despois de que? Perdón. Vostede dixo: as cinco ou seis vivendas que vostede dixo. ¿Está negando eses datos? ¿En 2015 non se iniciaron seis vivendas de protección oficial en toda Galicia, señora conselleira? Datos do INE. ¿En 2016 non foron catro vivendas iniciadas, señora conselleira? ¿Cando vostedes chegaron non era certo que se iniciaban dúas mil novecentas? ¿Non é certo que Galicia está no furgón de cola das comunidades autónomas que inician vivenda de protección oficial? ¿Non é certo, señora conselleira, que vostedes aprobaron unha Lei de vivenda que permitía aos concellos reducir a reserva de vivenda para vivenda de protección oficial, señora conselleira? ¿Non é certo? ¿Non é certo que vostedes aprobaron desgravacións para sociedades, as socimis, para que viñeran os fondos voitres investir e non pagar impostos a este país, señora conselleira? ¿Non é certo? Conteste a algo, non veña aquí facer un anuncio publicitario. Conteste a algo, teñamos algunha vez un debate serio. Teña un pouco de respecto pola xente que está perdendo as súas vivendas, que non pode vivir. ¿De que se ri, señora conselleira? Teña un pouco de respecto.

Hai oitocentos desafuzamentos por impago de alugueiro só no segundo semestre de 2018, e vostede ri. ¿Por que, se tanto a preocupan as vivendas, segundo vostede, reduciron os orzamentos en vivenda?

¿Por que o seu programa estrela, que é o programa de vivenda baleira, tivo en 2017 unha execución do 3,2 %? De trescentos mil euros orzados do programa estrela para mobilizar a vivenda desta Xunta de Galicia executáronse 14.900 euros, un 3,2 %.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Conseguiron poñer á disposición da xente en toda Galicia deza-seis vivendas, señora conselleira. ¿Iso non é para que veña vostede e faga un pouco de autocrítica, señora conselleira? ¿Non son capaces de facer algo de autocrítica, tendo catro desafuzamentos diarios por impago de alugueiro e outros dous por impago da hipoteca?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.



Peche da interpelación, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Señor Antón, non deixará de sorprendeme endexamais. Pero ¿vostede é capaz de mirarnos á cara e dicir que houbo oitocentos desafiuzamentos no ano 2018 e quedar tan ancho e encima facerlle crer á xente que eses son desafiuzamentos de vivendas? Pero ¿vostede está de broma, unha vez máis? Neses desafiuzamentos, ¿sabe vostede cantos eran de primeira vivenda e cantos eran de segunda residencia, cantos eran de naves? *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Sánchez, silencio. Vostede xa falou. Silencio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ¿Sábeo vostede, señor Sánchez? *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, señor Sánchez! Silencio, señor Sánchez.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Siga vostede levantando a voz, siga levantando a voz. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Sánchez, chámoo á orde. ¡Chámoo á orde, señor Sánchez! *(Murmurios.)*

Non, non, silencio. Perdón, perdón, silencio.

Señor Sánchez, ten unha chamada á orde. Silencio. Ten unha chamada á orde, señor Sánchez. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor Sánchez, vouno ter que chamar outra vez á orde. Ten unha chamada á orde.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Señor Sánchez, vólvollo repetir: ¿como é capaz de mirarlle á cara a ninguén e dicir que foron oitocentos desafiuzamentos de primeira vivenda, *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* cando sabe perfectamente vostede que eran...

O señor PRESIDENTE: Señor Sánchez, señor Sánchez, segunda chamada á orde, e xa sabe que outra chamada e o teño que expulsar. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* Non, non, vostede xa falou.

Advírtoo: segunda chamada á orde. Outra chamada e teño que expulsalo, e non o quero facer; ademais, estamos rematando o pleno xa.

Prosiga, señora conselleira.



A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Mire, non porque me poña esa cara nin porque levante o cello crea vostede que me vai ame-drentar, nin aquí nin fóra nin en ningún lado. *(Aplausos.)*

Mire vostede a estatística, e igual que mentiu, faga o favor de coller e despois facer outra interpelación, pedir perdón, e xa que ten a estatística dígao vostede, señor Sánchez, dígao vostede. *(Murmurios.)* Despois, claro, como é tan fácil, o que ten que facer vostede é pedir perdón, é pedir perdón e non mentir, e dicir que hai xente desafiuzada constantemente. En primeiro lugar, porque créame: ao carón dunha persoa que polos motivos que sexan quedou sen a súa casa, aí está o IGVS, aí está a Xunta de Galicia *(Aplausos.)*, como non podía ser dou-tra maneira.

Dito iso, como para vostede é todo unha broma, e demostrouno hoxe, que isto é unha broma, despois de repetir unha vez máis a interpelación con puntos e comas, e decidiu non dicir que nos importa un nabo, agora cambiou e de repente segue vostede noutra liña, pois di que é unha broma, cando eu a vostede lle digo onde se fai o investimento dos vinte e dous millóns de euros en políticas de vivenda, e entón di: é que vén vostede aquí facer propaganda. Non, mire, eu veño darlle información. Distinto é que vostede queira enredar e que ao final intente sacar un titular ben distinto en vez de centrarnos no que debemos. Aos máis desfavorecidos, todo o respecto, pero tamén tiñan que ter o respecto de vostede. *(Murmurios.)* E non por re-petir unha mentira mil veces, señor Sánchez, convértese en verdade. E estou segura de que, se tanto se ofendeu, iso non o vai repetir vostede.

Na Xunta de Galicia estamos desenvolvendo políticas para facilitar e, dentro desas, temos doce medidas para os máis desfavorecidos. Esas medidas son catro millóns de euros, e des-tacamos o programa de realoxo de afectados por execucións hipotecarias, que garanten axu-das, señor Sánchez, ao 100 % dos solicitantes que por suposto cumpran os requisitos. No caso de impago de alugueiro, contamos co bono alugueiro social, que consiste nunha axuda de ata 225 euros mensuais durante doce meses, e que fixemos unha modificación para que sexa prorrogable ata os seis anos. É unha axuda única de 600 euros para poder facer fronte aos pagos atrasados ou gastos de formalización dun novo contrato. Este bono, señor Sán-chez, conta con 3,8 millóns de euros. Pero eu falo de algo xa publicado, de algo que xa está en marcha, non de algo que de repente me vén á cabeza.

E agora acabamos de incrementar tamén este bono para as mulleres vítimas de violencia de xénero cunha axuda que está dotada de 1,6 millóns de euros a maiores. ¿Existía anterior-mente? Efectivamente, pero fixemos a flexibilización necesaria para que nin unha soa muller teña que recorrer nin a amigos nin a familiares, senón que poida comezar unha nova vida libre e independente.

¿Outros datos? Pois dígollos agora mesmo. Trae vostede unha e outra vez máis á Cámara. Entón, por exemplo, as cifras máis recentes do INE, publicadas o día 7 de marzo, poñen de manifesto que no ano 2018 as execucións hipotecarias de vivenda cuxo titular é unha persoa física en Galicia baixaron un 15 %, pasando de 328 en 2017 a 280 o ano pasado. ¿Quere datos? Estoulle dando datos —pero non se poña nervioso, porque llos vou dando cando eu quero, non cando me obrigue o señor Antón Sánchez. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que*



non se perciben.) (*Murmurios.*)—, sendo o cuarto ano no que máis baixaron as execucións, que acadan a cifra máis baixa dende que hai rexistros estatísticos. (*Murmurios.*)

E continuamos tamén con máis datos, e neste caso son os do INE, señor Sánchez, nos cales o Consello Xeral do Poder Xudicial —foi a publicación feita a finais de febreiro— revela que en 2018 se produciu unha baixada moi relevante dos lanzamentos en Galicia, (*Murmurios.*) tanto dos realizados por execución hipotecaria como por aplicación da Lei de arrendamentos urbanos. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Eu non sei a quen lle chama vostede mentireira, se a min —que parece que ten a tarde fantástica— ou se llo está chamando ao Consello Xeral do Poder Xudicial. Como vostede vexa, aí colle e pois dille ao señor presidente onde quere que conste en acta. A min tanto me ten que vostede me chame mentireira, porque créame que é un eloxio...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...que vostede me chame a min mentireira.

En definitiva, señor Sánchez, contamos con políticas de vivenda que foron mudando para adaptarse á realidade económica e social e ao acceso á vivenda. Deille datos de nova vivenda, deille datos de rehabilitación, deille datos de programas. Díxenlle que estamos ao lado dos máis desfavorecidos e continuaremos na mesma liña. Vostede procure mudar, aínda que só sexa a redacción da interpelación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Continuamos agora co punto sétimo, seguimos con preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para garantir a conexión prioritaria da Vía Ártabra coa autovía A-6 co fin de darlle efectivo servizo á área metropolitana da Coruña

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Boa tarde.

Señora conselleira, o pasado luns 4 de marzo, en día previo ao período de sombra electoral, anunciou na Coruña o que cualificou como un obrón, a prolongación da Vía Ártabra, cun investimento ao redor dos corenta millóns de euros. O Consello da Xunta, efectivamente, o



pasado 19 de febreiro autorizaba a licitación das obras para iniciar esta primeira fase de prolongación da vía ártabra coa autoestrada AP-9, e na referencia do Consello sinálase que esta licitación inclúe unha modificación do contrato para executar a segunda fase da obra de entroncamento coa AP-9 en canto o Ministerio de Fomento autorice esta conexión. Remata a referencia do Consello indicando que a Vía Ártabra é unha vía estratéxica para a Xunta de Galicia definida no Plan sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada e Bergondo, cuxos obxectivos son mellorar as comunicacións na área da Coruña e articular unha vía transversal para facilitar os tráxicos de entrada á cidade a través da N-VI, da AP-9 e da A-6 (sic).

Pero o plan sectorial, señora conselleira, aprobado en 2004, precisamente sendo o señor Feijóo titular da Consellería, naceu coa premisa de ser algo máis que un plan de infraestruturas da rede viaria. Por iso define determinacións de política de intervención territorial que comprometen e deben comprometer os documentos que desenvolven o plan. Entre estas determinacións, señora conselleira, figuran de forma especial a potenciación da actividade comercial, o maior equilibrio territorial e cohesión social e a liberalización de peaxes.

Unha visión ampla e ambiciosa das infraestruturas viarias de toda a contorna metropolitana da Coruña non pode circunscribirse á conexión da Vía Ártabra á AP-9, incrementando a densidade de tráfico de entrada e saída á cidade da Coruña pola avenida de Alfonso Molina, en vez de buscar alternativas a esta vía urbana xa saturada —como sabe ben, señora conselleira—, ao tempo que unha verdadeira conexión dos concellos afectados na contorna metropolitana, do conxunto dos polígonos industriais e do conxunto das instalacións portuarias, e exige priorizar a conexión precisamente da Vía Ártabra coa A-6, tal e como estaba previsto no trazado inicial desta importante infraestrutura para toda a área metropolitana da Coruña.

Señora conselleira, como lle dicíamos nas nosas preguntas, nas nosas iniciativas, esta conexión da Vía Ártabra debe ser a verdadeira circunvalación de toda a comarca, xunto coa propia A-6, a terceira rolda, sen novos custos de peaxe. Levar o remate da Vía Ártabra á A-6 era e segue sendo, señora conselleira, unha necesidade. Levala unicamente á A-9 é unha opción parcial e cativa para todo o contorno metropolitano, que —iso si—, segundo os últimos estudos entregados polo Ministerio de Fomento, observan que quen si vai obter beneficios seguramente vai ser Audasa.

Non obstante, o Plan MOVE da Consellería 2009-2015, aínda en execución, eliminou da súa programación económica —como sabe perfectamente— para a Vía Ártabra o treito AP-9-A-6... *(O señor Díaz Villoslada pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada. Grazas. Terminou o seu tempo.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Por iso lle preguntamos se hai algunha previsión do Goberno galego... *(O señor Díaz Villoslada pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. Xa coñece a pregunta. Grazas. Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.



A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señor Villoslada, eu agradézolle a pregunta, porque o certo é que o pasado 4 marzo supoño que saberá vostede que para licitar na plataforma de contratación —aínda que sexa un día anterior a outro— é un traballo inmenso durante moitísimo tempo; sobre todo, por suposto, tendo en conta que por suposto que é un obrón, non é ningunha obra cativa nin vai ser cativa a súa funcionalidade. En calquera caso, doulle datos concretos para que se dea conta da magnitude da obra que temos en licitación, e por suposto que se pode falar da conexión da A-6.

Eu creo que é unha magnífica oportunidade para falar dos plans e previsións que temos na Xunta de Galicia en vías de altas prestacións, que son moitos, e levamos moito feito para conectar completamente os veciños de Cambre, Oleiros e tamén Sada, e que esa conexión da Vía Ártabra coa AP-9 tamén sirva para conexións futuras que se conectan tamén nesa infraestrutura.

E seguimos avanzando nesta actuación, que, por suposto, consideramos estratéxica para a mobilidade, pese aos atrancos que nos temos encontrado, señoría. Porque para licitar —aínda que sexa en período de sombra, que é un traballo inmenso— moitos atrancos temos encontrado polo camiño. Eu creo que sabe vostede perfectamente a que me refiro.

O pasado luns 4 de marzo licitamos na plataforma de contratación o que é a primeira fase, ata a AC-521 —sabe—, dende a N-VI ata a AC-521, logo vén a AP-9 e logo vén a A-6. Esa licitación inclúe tamén unha segunda fase para non ter que volver licitar, que é a conexión coa AP-9, coa autoestrada. E avanzamos dando solucións, dándolle tempo —mire que bos somos— e marxe ao Ministerio de Fomento para que nos dea autorización para conectar coa AP-9, que nos parou cando chegaron vostedes ao Goberno. Porque o fácil era esperar e agardar a que o Ministerio de Fomento nos dera autorización e antes de licitar un obrón —por suposto que si—, porque son investimentos —que o ve o 4 de marzo na plataforma de contratación— de corenta millóns de euros de fondos propios. Polo tanto, unha obra importantísima.

Pero, para chegar á A-6, hai que chegar á AP-9. E, polo tanto, está ben pensar conectar coa A-6. A min permítame unha reflexión de Barrio Sésamo: N-VI, AP-9, A-6; a AP-9 está máis cerca, a A-6 está máis lonxe; polo tanto, para chegar á A-6 hai que chegar antes á AP-9. Polo tanto, eu creo que é unha cuestión básica e sinxela que calquera pode entender.

En calquera caso, agardamos que lle pida ao Ministerio de Fomento que deixe esa inacción, que dea unha autorización áxil e rápida para chegar á AP-9 para que sigamos avanzando coa Vía Ártabra. Porque o certo é que a conexión coa AP-9 é o que lle dá a completa funcionalidade; despois chegaremos á A-6, pero antes hai que chegar á AP-9.

Non queremos demorar a prolongación e por iso avanzamos, e agardamos a autorización do Ministerio de Fomento. E cativa non: corenta millóns de euros de fondos propios, a maior obra en materia de estradas na última década practicamente.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica, señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Si, grazas pola contestación, señora conselleira.

O Ministerio desde o día 22 de xaneiro trasladoulle o estudo de Ineco e está á espera precisamente de contestación. (*Aplausos.*)

Pero, máis alá de buscar escusas técnicas, e precisamente tratándose dunha obra fundamental para a vertebración viaria de toda a área metropolitana da Coruña, de corenta millóns de euros, non podemos xogar a Barrio Sésamo de se se chega ou non á AP-9 ou á A-6. Porque eu o que teño diante —salvo que me contradiga ou salvo que nos diga que está modificado o Plan MOVE— (*O señor Díaz Villoslada mostra un documento.*) é a supresión no Plan MOVE do treito A-9-A-6 para a Vía Ártabra. (*Murmurios.*) ¿Pódeme aclarar isto, por favor, señora conselleira? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Esta obra fundamental afecta, ademais —como sabe perfectamente—, dunha forma singular o concello de Cambre. E co Concello de Cambre non teñen chegado a unha solución, senón que pode ser que a cuestión remate nos tribunais.

Incluso o propio Ministerio e os estudos de Ineco están observando como quen pode estar absolutamente beneficiada vai ser Audasa, porque estamos cunha nova vía de peaxe. ¿Que negociaron con Audasa desde 2010, que suprimiron o treito de conexión coa A-6?, porque sabían que ía entrar directamente toda a circulación da Vía Ártabra na A-9 e directamente na Coruña por Alfonso Molina. Porque non vaia ser que o común dos mortais siga entrando na Coruña pola N-VI en vez de pola AP-9 para non asumir novos custos de peaxe.

Señora conselleira, eu creo que esta é unha visión aínda *micropolitana* de todos os obxectivos que ten diante na área da Coruña, como outros exemplos que agora non lle teño tempo para poñer.

Farialle unha pregunta case retórica que espero que non teña resposta, porque ¿non se tratará unicamente de conectar a cidade coas praias ou cun novo campo de golf? ¿Non será esta a cuestión, señora conselleira?

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

Peche desta pregunta, señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

O informe de Ineco coñézoo. E, por certo, o informe de Ineco reconece que os estudos de tráfico, do que tanto dubidaban, que saíu na prensa, que é que tiñan que facer o rees-



tudo do reestudo, para enredar, veñen dicir que o estudo de tráfico feito pola Xunta de Galicia é correcto. Pero, en calquera caso, permítame a carta do 4 de marzo, señoría. (*A señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade mostra un documento.*) Estamos pendentes de que o Ministerio de Fomento nos traslade un borrador de convenio que nos pon de condición. Polo tanto, isto é máis actualizado, en tempo real, señoría, (*Aplausos.*) esta carta. Que nos contesten, dende o 4 de marzo. O informe de Ineco é anterior, que o coñezo, señoría, forma parte do expediente, pero esta carta tamén, e estamos pendentes, agardando dende o 4 de marzo a que nos contesten cun convenio e a que nos contesten a esta cuestión.

E, en calquera caso, estamos a falar dun investimento importantísimo, de corenta millóns de euros, dunha obra de conexión coa AP-9, unha vía libre de peaxe, e, despois, de setenta millóns de euros na Vía Ártabra, en plena crise económica, señoría; polo tanto, unha obra importante. Cando chegaron, paralizaron esa conexión coa AP-9, enredando con diferentes informes, defendendo intereses vostedes de Audasa, non a Xunta de Galicia, e aí está a hemeroteca.

En calquera caso, a conexión cara á A-6 está planificada. Pero vólvolle insistir: non podemos ir cara a alí voando, ¡hai que chegar á AP-9 e logo á AP-6!, pero é que é un principio eu creo que sinxelo.

Pero, en calquera caso, fáleme vostede de —¿como era?— ¿microárea metropolitana? Pero se o Ministerio de Fomento esa estratexia que ten de paralizar A Ponte Pasaxe, paralizar —como vimos hoxe— Punta Langosteira —o acceso ferroviario—, paralizar Alfonso Molina! ¿Cando licita o Ministerio...? Estamos a falar de gran área metropolitana, que a está facendo metropolitana o Ministerio de Fomento. Nós acabamos de licitar unha obra de 40 millóns de euros con fondos propios. Polo tanto, ¿que me di vostede? Parece que lle molesta que melloremos as infraestruturas na área metropolitana. Eu esperaríame de vostede a mesma coherencia co Ministerio de Fomento. (*Aplausos.*)

A Vía Ártabra, a conexión coa AP-9 —sábeo vostede tamén, supoño que estará no informe do Ineco—, mellora substancialmente a Nacional VI, que está saturada. Polo tanto, é unha obra importantísima. E —insisto— deberían aplicarse vostedes o mesmo conto. Está nas súas mans executar Alfonso Molina, a vía ferroviaria a Langosteira e actuacións que están no aire, que racharon. Esquécense de Galicia.

Eu creo que, dende logo, facer política, si. Non o vexo. Seguiremos traballando. Eu creo —pola súa pregunta— que me está insinuando que non conectemos coa AP-9. E o certo é que eu agardo que iso o leven no informe do Ineco. Seguro que reconecerá o importante do tráfico que captará a Vía Ártabra coa AP-9, sen esquecer a conexión coa A-6. Polo tanto, eu agárdolle a mesma insistencia e as mesmas preguntas ao Ministerio de Fomento para que nos dea autorización coa AP-9 e que tamén amplíe Alfonso Molina.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.



Pregunta de D^a María Julia Rodríguez Barreira e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto do Plan director para o corredor atlántico de mercadorías presentado recentemente polo Ministerio de Fomento

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

Señora conselleira, hoxe ímoslle preguntar polo Plan director do corredor atlántico, que se vén de presentar o pasado 20 de febreiro no Ministerio de Fomento. Preguntámoslle por este plan director porque non confiamos. É un plan director que está sendo contestado polo Goberno galego, pero é que, ademais, foi elaborado por un goberno socialista, como socialista era o goberno que nos anos 2009 e 2010 negociou a Rede transeuropea de transportes e o trazado dos corredores que deixou fóra do corredor atlántico todo o noroeste español, co agravio que iso representou, e que é incomprendible sendo ministro de Fomento o señor José Blanco.

Para chegar á elaboración deste plan director, que casualmente lle tocou elaborar a un goberno socialista, houbo antes un importante traballo de colaboración e de coordinación entre as comunidades autónomas de Galicia, de Castela-León e tamén de Asturias —por suposto, co goberno de Mariano Rajoy— co fin de reverter esta inxusta situación. Cómpre destacar o traballo do presidente da Xunta e dos presidentes do resto das comunidades autónomas citadas, e tamén o seu propio, o do seu departamento. E, desta maneira, o que acadaron foi unha alianza entre comunidades autónomas para reclamar, non só do Goberno central senón tamén das institucións europeas, a inclusión do noroeste español no corredor atlántico. Conseguir que o Goberno central fixera propia e aceptara a súa proposta, que a levara á Unión Europea e conseguira, como conseguiron, que primeiro a aceptara a Comisión Europea e despois o Consello de Ministros e, posteriormente, o Parlamento Europeo, foi un logro que permitiu e permitirá acadar ese financiamento necesario e a inclusión no corredor atlántico.

Chegamos así a decembro de 2018, e nestes últimos meses vimos numerosos encontros do presidente de Galicia cos presidentes de Castela-León e de Asturias para reclamar estes investimentos e a participación na elaboración do plan director. Pero sorprendentemente chegamos ao mes de febreiro cun plan director que, diferentemente do que ata agora acontecera —un traballo real, efectivo e coordinado—, é un plan director fantasma. Porque, ata onde sabemos, non contaron coa súa participación, e o que lemos é que é un plan director con ausencia de actuacións imprescindibles, é un plan director cualificado de insuficiente, un plan director sobre o que o Goberno ten manifestado que pedirá aclaracións e que formulará alegacións.

Como non confiamos, señora conselleira, preguntamos que opinión ten o Goberno galego, que opinión lle merece este plan director que vén de presentar o Ministerio de Fomento en relación co corredor atlántico.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Barreira.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Dende o Goberno galego levamos traballando moitísimo tempo e con moito interese para redefinir ese corredor atlántico que deixaba fóra o noroeste de España, a Galicia, a Castela-León e a Asturias. Porque queremos crear competitividade e, sobre todo, capacidade loxística. Buscamos alianzas con outras comunidades autónomas, con Asturias e Castela-León, promovendo actuacións conxuntas e coordinadas; tres comunidades autónomas que estivemos traballando moitísimos anos para conectarnos a esa rede de transporte europea de mercadorías, un esforzo conxunto na defensa dun transporte ferroviario de mercadorías fiable, competitivo. E contamos co apoio de todos os axentes, dos axentes sociais, dos axentes económicos e institucionais de Galicia, Asturias e Castela-León. Esta alianza institucional tivo, dende logo, fitos importantes: en outubro de 2017, esa declaración institucional conxunta entre Galicia, Asturias e Castela-León, as tres comunidades autónomas; o pasado 28 de xaneiro, practicamente douscentos representantes empresariais, sindicais e institucionais xuntámonos de novo en Santiago para seguir impulsando esta demanda, esta infraestrutura estratéxica. E programamos actuacións concretas, investimentos concretos, e o recente encontro dos tres presidentes —Asturias, Castela-León e Galicia— en Madrid para a defensa deste corredor ferroviario, para que incorporara o noroeste e para facer máis forte o noroeste español.

A ofensiva deu os seus froitos. Acabamos de coñecer a semana pasada que as institucións europeas aceptaron de xeito definitivo esta demanda conxunta e incluíron o noroeste peninsular no corredor atlántico de mercadorías, cos itinerarios ferroviarios concretos dende Baño de Molgas, León, ata Xixón, e Vigo e A Coruña, pasando por Ourense e Monforte. Polo tanto, é un recoñecemento expreso ao traballo feito que vimos impulsando dende todo o noroeste español. Hai que agradecer ao conxunto dos axentes sociais e empresariais o apoio a este movemento, e tamén, por suposto, ao presidente Mariano Rajoy e a Íñigo de la Senra —que recoñeceron ese erro e corrixiron ese erro que deixaba fóra o noroeste do corredor atlántico, e que trasladaron esa demanda nosa, esa demanda conxunta, á Comunidade Europea—.

O obxectivo principal témolo conseguido, estamos xa conectados á rede europea. Pero hai que seguir traballando. Queremos que se traduza en modernización real, en investimentos reais. Polo tanto, hai que apremiar o Ministerio de Fomento con proxectos e documentos concretos necesarios que nos permitan acceder a eses fondos europeos e que se materialicen eses fondos europeos. Pero o certo é que o *power point* que coñecemos dese plan director —porque é do que temos coñecemento— ten ausencias claras e déficits importantes, e, polo tanto, temos que traballar e demandar ao Ministerio de Fomento planificación completa, planificación clara e tamén proxectos completos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica da señora Rodríguez Barreira.



A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: Grazas, señor presidente.

Grazas, señora conselleira, pola súa resposta. Vén de sinalar que este *power point* ten ausencias e déficits. Entendo que a planificación que fixeran vostedes das comunidades non se tivo en conta por parte do Ministerio de Fomento. E a min, como monfortina, á parte doutras que podemos ver na prensa, interésame a ausencia do *bypass* de Monforte. E, por tanto, eu quéro lle preguntar cales son esas actuacións que dende a Consellería e dende o Goberno galego consideran imprescindibles e que non contempla este plan director.

Gustaríame tamén, se é posible, que nos aclarara cal é a diferenza entre os investimentos que contempla o seu departamento como necesarios e os que aparecen neste plan director. E tamén me gustaría saber se se está tratando da mesma maneira e priorizando da mesma maneira este corredor atlántico respecto do corredor mediterráneo. Porque, inmediatamente despois de tomar posesión e de coñecerse que o ministro de Fomento sería o señor Ábalos, xurdiu a cuestión de se, efectivamente, habería unha priorización do corredor mediterráneo. Despois parece que as manifestacións foron na liña de que se tratarían igualmente. Pero a realidade que vemos agora con este plan director é que verdadeiramente non se están atendendo todas as necesidades de investimentos e de actuacións que se precisan. E é por isto polo que lle quero preguntar tamén, efectivamente, se se están tratando da mesma forma ambos os dous corredores ou se, pola contra, estamos ante un novo agravio dun goberno socialista ao noroeste peninsular, e pormenorizadamente a Galicia, nun tema tan importante coma este, que sen dúbida vai influír, no futuro, na economía e nas posibilidades de emprego da nosa comunidade. Porque do que se trata é de mellorar as nosas infraestruturas e a competitividade de Galicia.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Barreira.

Peche da pregunta por parte da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Efectivamente, as tres comunidades autónomas, Galicia, Asturias e Castela-León, temos unha estratexia de actuación definida para o corredor de mercadorías, para o corredor atlántico no noroeste, que identifica carencias e identifica investimentos e actuacións concretas; en total, 3.100 millóns de euros que consideramos necesarios. A planificación desta alianza das tres comunidades autónomas, e de moitos axentes sociais e económicos, pouco, moi pouco, ten que ver con ese *power point* ao que tivemos acceso as pasadas semanas; un *power point* que, dende logo, semella que é un plan recortado, un plan director que non responde ás aspiracións que temos no noroeste e que semella, dende logo, un plan de mantemento de vías ferroviarias, única e exclusivamente. Polo tanto, dicimos «semella», en calquera caso, porque é o que podemos extraer da presentación dese *power point* que presentou o Ministerio de Fomento.

A día de hoxe o certo é que non temos ese plan director, a pesar de telo pedido xa hai tempo ao Ministerio de Fomento. Non sei se é que existe ou non existe, ou se é un plan de verdade.



Pero o certo é que ese *power point* dese plan director difire moitísimo dos investimentos que se precisan para ser competitivos e para ter capacidade loxística no noroeste español. Inclúe, por exemplo, actuacións que xa están executadas, como a variante de Pajares; obvia investimentos importantísimos como o que comentaba vostede, o *bypass* de Monforte, a saída sur de Vigo, a solución ao porto de Manzanal, que tamén demandou o alcalde do Barco de Valdeorras —acórdome— xa hai tempo; e outras actuacións que son necesarias, como a falta de actuación en pendentes, que limitaría dende logo eses trens de 750 metros, e esquece conexións ferroviarias esenciais como, por exemplo, a conexión ferroviaria da PLISAN e a saída de Vigo con Portugal máis alá da propia electrificación.

E tamén vexo enredos de certos altos cargos que din que dá o mesmo que Vigo e Porto estean ou non estean no corredor. Iso non é así. Que non estean no corredor implica moitísimas máis dificultades para conseguir financiamento con Vigo e Porto.

Ese *power point*, en definitiva, ten grandes eivas. Non contempla a implantación tampouco de ERTMS, do sistema de xestión de tráfico e seguridade, tampouco o ancho europeo en toda a liña, que son requisitos da Unión Europea. Pero o certo é que son 3.100 millóns de euros o que temos identificado e 1.286 millóns de euros o que identifica o Ministerio. E contrasta literalmente coa abundancia que se mostra co corredor mediterráneo. Permítanme soamente dúas cuestións tamén, por non facer alusión ao que fixen na miña anterior intervención: 1,5 millóns de euros/quilómetro é a ratio do *power point* do corredor atlántico noroeste; e a ratio do corredor mediterráneo son 18 millóns de euros/quilómetro.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira. Terminou o seu tempo.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): É un agravio total respecto do corredor mediterráneo.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. César Manuel Fernández Gil e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as liñas mestras que vai seguir a política do Goberno galego para continuar avanzando nos eidos da igualdade e da coeducación en Galicia nos vindeiros anos

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Conselleira, imos falar de coeducación, de iniciativas pioneiras deste Goberno galego. Coeducación é educación que se imparte xuntamente á mocidade de ambos sexos. Educar é proporcionar unha formación integral que lles permita a nenos e nenas, a mozos e a mozas, unha formación plena que axude a configurar a súa identidade, así como a construír unha concepción da realidade que integre, á súa vez, o coñecemento e a súa valoración ética e moral. Coeducar, polo tanto, implica educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo.



A educación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, especialmente a violencia de xénero. E eu quero facer aquí tamén un inciso falando un pouco do transcurso deste pleno e da linguaxe que empregamos moitas veces, que lanzamos publicamente. Porque onte algún deputado aludía a «exterminadores e aniquiladores» referíndose a algúns deputados. Eu creo que tamén a non incitación á violencia pode facerse cun uso adecuado da linguaxe.

Nos últimos anos tense observado un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos, que inflúen no desenvolvemento da súa identidade e en como se manifesta a violencia escolar, o que orixina un aumento dos conflitos e das situacións de violencia entre os rapaces e as rapazas, que están permanentemente recibindo impactos e mensaxes. Por iso insisto na importancia que ten toda a sociedade, ademais da propia escola e da Consellería de Educación, neste caso.

Co obxectivo de inverter esta tendencia da que falaba anteriormente, a coeducación preséntase como unha das ferramentas máis útiles e potentes para poder acabar coa desigualdade xa desde nenos e desde mozas. E a escola constitúe unha plataforma excelente e fundamental para a superación dos prexuízos sexistas e para acadar un cambio en profundidade das estruturas e das prácticas sociais non desexables, posto que non cabe dúbida de que todo o que ocorre nos colexios e nas universidades é un reflexo do que ocorre na sociedade, nun principio como espello e, despois, como reflexión de volta cara á sociedade de novo.

Nós vemos diferentes iniciativas. Onte, por exemplo: no IES de Teis xa hai xestos, e colleron e bautizaron todas as aulas con nomes de muller nunha iniciativa que se chama «Camiña pola igualdade».

Nós sabemos que a Xunta traballa na coeducación e queriamos saber hoxe, conselleira, queriamos preguntarlle as liñas mestras que vai seguir a política de goberno neste campo para continuar avanzando nos eidos da igualdade e da coeducación en Galicia nos vindeiros anos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

As expresións ás que fixo referencia a señora deputada foron retiradas pola Presidencia onte. Polo tanto, que quede constancia: non constarán no *Diario de sesións*.

Resposta da conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Efectivamente, toda a sociedade debe estar comprometida coa igualdade, toda a sociedade debe estar comprometida coa educación e coa loita contra a violencia de xénero. O impulso



da educación en igualdade é un aspecto fundamental; un aspecto fundamental para construír unha sociedade máis igualitaria e máis libre de violencia de xénero.

Educación sen distinción de xénero para que todas as persoas sexan valoradas polo seus logros e teñan as mesmas oportunidades de realización persoal e profesional é unha tarefa para a que se precisa toda a sociedade, pero somos conscientes de que o sistema educativo é un axente relevante á hora de facer visible o papel das mulleres e relevante para avanzar na súa igualdade cos homes, xa que, xunto ás familias, se encarga da transmisión de valores para as novas xeracións.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional aportamos o noso gran de area e temos un compromiso claro coa igualdade e coa coeducación para garantir un modelo educativo baseado no respecto e na liberdade. Sabemos que o espazo educativo xoga un papel fundamental no desenvolvemento persoal dos nenos e das nenas a través da adquisición de coñecementos, pero tamén de valores igualitarios, de valores sociais e de valores democráticos.

Non obstante, somos conscientes de que estamos ante un tema complexo; un tema complexo que precisa un enfoque verdadeiramente integral. De aí a estreita colaboración da consellería con outros organismos como, por exemplo, a Secretaría Xeral de Igualdade, coa que deseñamos o I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.

Co horizonte de 2020 estamos, precisamente, a desenvolver un conxunto de medidas transversais, de medidas específicas dirixidas tanto ao alumnado como aos docentes, co obxecto de seguir avanzando na formación e na promoción dos valores da igualdade, a equidade e a integración desde o sistema educativo. Recentemente, ampliamos, precisamente, esta colaboración a través dun acordo coa Vicepresidencia da Xunta para, no marco do pacto de Estado, impulsar novas accións no ámbito educativo para loitar contra a violencia de xénero.

Imos administrar coa máxima responsabilidade, porque así o merece, un orzamento de tres millóns de euros; tres millóns de euros que permitirán accións específicas sobre o desenvolvemento de plans e de campañas de igualdade, a formación do profesorado en materia de igualdade e o impulso da coeducación, entre outros. E, través de todas as etapas educativas, e con especial atención á FP, un reforzo a nivel de materiais, de programas nos centros e de formación docente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, conselleira.

A verdade é que vou facer referencia a Marie Curie e a Henri Becquerel, porque poden ser un exemplo; que xa falamos, ademais, do século XIX, principios do século XX. Un home que re-



xeitaba un Premio Nobel se non se recoñecía o labor tan importante da súa esposa, de Marie Curie, e os seus méritos. Polo tanto, é interesante revisar tamén uns escritos autobiográficos que foron publicados posteriormente polas súas fillas e que plasman dous tipos de homes naquel momento na sociedade; e o do seu esposo era dos que escaseaban.

Dicía textualmente: «En 1906 (...) a perda do que era o meu gran compañeiro, o meu mellor amigo, desencadeou unha crise vital. (...) Con todo, non debería esquecer o que el adoitaba dicir: que incluso sen el debía continuar o meu traballo». Despois dicía noutro escrito: «A miña candidatura» — en 1911 á Academia de Ciencias de París— «desencadeou un grande interese público, pois avivou o debate da admisión de mulleres na Academia. Moitos (...) opuxéronse menosprezando as miñas aportacións científicas».

Creo que nas súas notas fala de dous tipos, de dúas actitudes dos homes, e creo que coa educación, e coa educación, tamén —insisto— en toda a sociedade, ademais da escola e das familias, podemos intentar paliar esas diferenzas entre homes e mulleres e tamén educar os nenos en igualdade, os nosos fillos e as nosas fillas para que, no futuro, poidan actuar como actuou o esposo de Marie Curie neste caso.

A nós interézanos moito este tema porque cremos que na escola é onde realmente os nenos e as nenas conviven e teñen que ter plena igualdade, e, polo tanto, a nós gustaríanos saber —xa finalmente—, conselleira, que se fai, en que fai fincapé o Goberno, como é o método e o sistema e que é o que están implantando para o desenvolvemento desta coeducación, que defendemos absolutamente desde este Grupo Parlamentario Popular e incluso desde a Xunta de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Peche da pregunta, conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Moita grazas, presidente.

Efectivamente, señora Egerique, un peso cheo de historias de mulleres rexeitadas, de mulleres enmascaradas e de mulleres invisibles que queremos evitar desde toda a sociedade e desde as funcións do Goberno.

A Consellería de Educación, para seguir avanzando na igualdade e na loita contra a violencia de xénero, imos facer fincapé no sistema educativo desde tres ámbitos moi concretos:

Primeiro ámbito: elaboración de material didáctico específico desde o punto de vista da perspectiva de xénero, creación de grupos de traballo para a elaboración deses novos materiais, revisión dos xa existentes para mellorar a perspectiva de xénero, elaboración de publicacións divulgativas para o profesorado, identificación e difusión de boas prácticas e materiais de referencia e elaboración dunha guía básica de detección precoz da violencia de xénero que



sirva como ferramenta de prevención entre o alumnado e proporcione pautas para o profesorado.

Segundo: a formación de profesorado e a formación de formadores, accións formativas sobre os materiais didácticos que anteriormente mencionei e ampliación progresiva da oferta formativa a través do Plan de formación do profesorado —precisamente, este pasado sábado 9 de marzo, o día despois, eu mesma asistía á inauguración dunha formación de profesorado titulada «Igualdade e retos» no Plan de formación de profesorado da consellería—, perspectiva de xénero no curso de formación inicial do novo persoal funcionario docente e fincapé especial na formación de formadores.

E terceiro: facer partícipes as familias, axentes educativos fundamentais para a sociedade, a través do impulso de escolas de pais e da implicación das familias nos programas de educación educativa.

E, evidentemente, todas estas medidas vanse canalizar a través dos centros educativos de Galicia e están dirixidas a todas e cada unha das etapas educativas.

Quero mencionar dous exemplos: no ámbito da biblioteca escolar haberá unha dotación específica de recursos, e no ámbito da formación profesional vaise constituír un grupo de traballo conxunto específico para os vinte centros de formación profesional integrados de Galicia. E os resultados que saian deste grupo de traballo servirán como código de boas prácticas para o resto dos centros.

Do que se trata, sobre todo, é de traballar a orientación profesional vocacional e igualitaria, sen fenda de xénero, sen masculinización nun ámbito onde hai profesións moi masculinizadas aínda ou moi feminizadas. O obxectivo é romper con esta fenda, máxime cando hai sectores tradicionalmente reservados aos homes. Todos e todas podemos coincidir en que a educación é un factor fundamental para a igualdade, pero a educación ten que ser unha responsabilidade compartida polos centros, os medios de comunicación, os representantes políticos, as empresas e as familias.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D^a Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da atención sanitaria que se está a prestar na comarca de Pontevedra

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Patricia Vilán, do Grupo Parlamentario Socialista.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Eu non me pododo resistir a facer un comentario sobre esta pregunta anterior: vostedes defenden a coeducación e a convivencia, pero tamén defenden aqueles centros que separan



nenos e nenas, que é imposible que convivan entre si. *(Aplausos.)* De verdade que non son capaz... En todo caso, vivirán e educarán, pero «co-» nunca, ningún con ningún; ou, polo menos, ningún con ningunha. E vostedes, por certo, o 8-M non apareceron a ningunha das manifestacións que houbo, polo tanto, está moi ben de boquilla pero nada máis. *(Aplausos.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Balbordo.)*

Indo á cuestión, presidente. En primeiro lugar quero saudar o alcalde de Ponte Caldelas e a representante municipal do Concello de Forcarei, veciños e veciñas destes dous concellos que forman parte da comarca de Pontevedra e que hoxe veñen atender á pregunta sobre a situación sanitaria da súa comarca.

O certo é que vostede, señor conselleiro, todos vostedes no Goberno e no Partido Popular están celebrando eses futuros dez anos do goberno do Partido Popular. Hai case dez anos tamén anunciaba en Pontevedra a súa precedente no cargo —a que era conselleira de Sanidade—, maqueta incluída, un hospital para Pontevedra que era o espello privado do Álvaro Cunqueiro de Vigo. Ían vostedes colocalo en Monte Carrasco, pero logo desbotaron esa idea, cambiaron de candidato municipal en Pontevedra e, ante a presión social, decidiron non facelo. E o señor Feijóo, hai máis ou menos catro anos, anunciaba, esta vez cunha maqueta virtual, o Gran Montecelo. Pasaron eses case dez anos... *(Interrupcións.)* *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(O señor presidente tange unha campaña.)*

Presidente, é que ademais o problema é o tempo que me están quitando, porque eu non estou estorbando a ninguén. *(Interrupcións.)* *(Murmurios.)* *(O señor Torrado Quintela: Se non sabe estar, que marche.)*

O señor PRESIDENTE: Vaia á pregunta.

A señora VILÁN LORENZO: Eu sigo, e agardo que o señor presidente me dea un pouco máis de tempo para rematar a miña pregunta. Grazas.

O señor PRESIDENTE: Pero pregunte xa, vaia á pregunta. Xa lle darei o tempo despois.

A señora VILÁN LORENZO: O que si lles pido é que, por favor, se non lles interesa, saian do hemiciclo; é tan fácil coma iso. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Correcto.

A señora VILÁN LORENZO: A comarca de Pontevedra, case dez anos despois, está nesa lista negra: profesionais da sanidade traballando a tope, persoas maiores con dificultade de mobilidade que se teñen que trasladar a outros centros de saúde con pequenas pensións e con déficits de infraestruturas... *(Interrupcións.)* *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Por favor! *(O señor presidente tange unha campaña.)* *(Murmurios.)* *(Un señor deputado: ¡Es una vergüenza!)*

A señora VILÁN LORENZO: ...e de persoal en todos os centros de saúde.



E vou degrañar un a un. En Forcarei hai dous centros de saúde; de repente, había catro médicos e agora só hai tres, suprimiuse un no centro de Soutelo e nunca máis se volveu saber. Iso si, a súa consellería dicía que fora unha supresión para facer un modelo máis proactivo. Agardo que mo explique, señor conselleiro. Tamén recortaron en pediatria, e hai que compartir pediatra con outros concellos. Tamén quedamos máis tranquilas porque vostede contestou —a súa consellería— que se deriva os pacientes a uns dez quilómetros; efectivamente, iso non é problema para os habitantes do concello de Forcarei.

En Soutomaior hai dous centros, en Arcade e en Romariz; hai tres médicos de familia, e o de Romariz vai non todas as horas. Hai un pediatra que non está sempre, non está nunca as fins de semana, e tamén se teñen que desprazar as crianzas a dez quilómetros de distancia, a Vilaboa.

En Ponte Caldelas hai un centro de saúde, que realmente necesita máis mantemento, con tres médicos e un pediatra que atenden ao día máis de cento setenta persoas.

En Cerdedo-Cotobade hai tres centros de saúde: Tenorio, Carballedo e Cerdedo, onde tamén hai un PAC. Un só médico de familia e un só pediatra en Tenorio, que atende catro días á semana. No de Carballedo, cero pediatras, coa obriga, outra vez, de trasladarse, máis ou menos, de novo a dez quilómetros.

En Poio hai dous, en Combarro e en Anafáns. No de Anafáns é mellor non falar de como está a súa infraestrutura; vostedes prometeron un novo, e agora mesmo non o van facer. O servizo de Pediatría non está cuberto a maioaría...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán. Terminou o seu tempo. Grazas.

A señora VILÁN LORENZO: ...das veces, e non se repoñen os médicos.

Logo falarei de...

O señor PRESIDENTE: Xa rematou o seu tempo.

(A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Dou a benvida á nova portavoz de Sanidade, que non coincidiram. *(Murmurios.)*

Mire: as cifras de actividade, listas de espera, infraestruturas e dotación de persoal do sistema sanitario público de Pontevedra desmenten rotundamente a súa afirmación sobre a atención sanitaria pública de Pontevedra e do Salnés. Na área sanitaria de Pontevedra e do Salnés o tempo medio de espera para unha intervención cirúrxica sitúase en 39,8 días. No que respecta a primeiras consultas externas, o tempo medio de espera é de 37,2. *(Murmurios.)*



Neste último tramo de 2018, na Xerencia de Pontevedra e O Salnés fixéronse cerca de catro millóns de actos asistenciais no conxunto de centros de atención primaria e centros hospitalarios. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) Na área de consultas, 2.854.000, tanto en primaria como en hospital. Na área cirúrxica fixéronse vinte e catro mil quiñentas intervencións. Na área de hospitalización ingresáronse vinte e nove mil novecentos pacientes. Na área de Urxencias atendéronse trescentas trinta e tres mil urxencias entre os PAC e Urxencias hospitalarias.

En infraestruturas, inauguráronse os centros de saúde da Parda e de Marín, e temos pendentes o de Caldas de Reis e o de Poio, precisamente por falla de terreos por parte dos concellos que, no día de hoxe, non teñen. Por certo, en Anafáns temos un convenio firmado, pero resulta que o técnico municipal di que non podemos facer a ampliación; polo tanto, pedimos unha parcela nova para facer un centro de saúde novo.

Temos tamén solicitados ao Concello de Soutomaior terreos para a ampliación do centro, e creo que está facendo neste momento a modificación do plan xeral.

Ademais, temos o plan especial Gran Montecelo; desde logo, xa é unha realidade en cernes que pronto imos poder ver para toda a área sanitaria de Pontevedra.

Nos últimos tres anos houbo un incremento de profesionais, estando actualmente traballando na área sanitaria de Pontevedra 3.586 profesionais. Dicar que hai unha perda de capacidade asistencial do sistema público de Pontevedra con estes datos, señora portavoz, é un exercicio de demagogia, totalmente.

Polo que se refire ao concello de Forcarei, contaba antes de xuño do 2017 cos recursos sanitarios que dicía vostede. Houbo unha xubilación e temos que facer, loxicamente, unha media de asistenciais por tarxetas sanitarias, e resulta que na situación actual, agora mesmo, queda un cupo medio en Forcarei de mil dez pacientes TIS por médico, moi por debaixo dos 1.274, que é a media do Sergas. Por tanto, temos que facer que o sistema sexa sustentable, porque temos unha dificultade, ás veces, importante, non só aquí, senón en toda España, por profesionais.

No concello de Soutomaior, cómpre dicir —como dicía vostede tamén— que temos unha distribución de tarxetas importante, pero na media, totalmente, do sistema galego de saúde. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro, terminou o seu tempo, ten outra rolda despois.

Réplica, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Vostede dáme a benvinda como portavoz de Sanidade, que non o son —esta é a miña comarca—, pero ao mellor teño que darlle a benvinda ao novo conselleiro a seguinte vez que teña que intervenir, despois de que vostede se vaia, conselleiro. (*Aplausos.*)



Conselleiro, Caldas e Marín non son comarca de Pontevedra para os efectos desta pregunta, polo tanto... (*Murmurios.*) Non, non o son. Eu pregúntolle polos concellos que lle acabo de dicir, e vostede fáleme do hospital de Pontevedra; non me fala de atención primaria, que é do que lle estou a preguntar eu a vostede.

Conselleiro, en Pontevedra —cidade— hai dous centros de saúde. Nun deles, no Virxe da Peregrina, caeu o teito do terceiro piso hai escasamente un mes e hai un ascensor único para subir e baixar tres plantas; e é unha capital de provincia. ¿Cre vostede que tamén pode presumir por aí de como están os centros de saúde en Pontevedra? ¿Subiu vostede algunha vez a Urgencias a Montecelo? Hai catro boxes. Suba un luns despois dun domingo ou un día despois dun festivo e xa verá como están os pacientes tirados polos pasillos e sentados onde poden porque non collen nos catro boxes que hai. (*Murmurios.*) É certo, é tan certo como que moitas das persoas que estamos aquí algunha vez temos que subir a Urgencias; eu, por exemplo, e pódolle dicir que o vivín en primeira persoa. As propias enfermeiras de Urgencias quéixanse da saturación que ten o hospital. Vese que vostede non o sabe.

A min gustaríame que me dixese por que hai estudos oficiais recentes que din que a media en Galicia é dun médico, 0,96 para ser exactos, por cada mil habitantes, e Forcarei, Ponte Caldelas e Soutomaior están por debaixo. Forcarei nin sequera chega aos 0,87 médicos por cada mil habitantes, é dicir, menos do que é a media de Galicia. O único que está por riba é Cerdedo-Cotobade, curiosamente...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán, rematou o seu tempo. Grazas.

A señora VILÁN LORENZO: ...gobernado por un señor que...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Non, terminou o seu tempo. Xa está. (*A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

Rolda de peche desta pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): A alcaldesa de Forcarei creo que é do Partido Popular tamén, ¿non? Creo que si. (*Murmurios.*) (*Unha señora deputada: De momento, si.*)

Mire: a verdade é que é difícil contestarlle a unha pregunta tan variada, porque me fala de Urgencias de Montecelo; dígolle: Urgencias de Montecelo está dentro do proxecto Gran Montecelo, onde imos desenvolver en moi pouco tempo un dos mellores hospitais de España. (*Murmurios.*) Polo tanto, imos facelo por aí. (*Aplausos.*)

A cobertura dos médicos por poboación faise con tarxeta, fálese do número de tarxetas que ten, e teño que dicir que —como comentaba antes— Galicia é a sexta comunidade autónoma con menos tarxetas sanitarias por cidadán, e na zona que me describe é exactamente así, está por debaixo..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) está arredor dos mil pacientes; polo tanto, estamos moi por debaixo.



A pediatría: o problema non é só que haxa poucos pediatras, senón que, desgraciadamente, no interior hai poucos nenos; estamos atendendo cupos de douscentos ou trescentos nenos, e ímolo facer; non imos amortizar ningunha praza, ¡ningunha praza! Simplemente, onde hai dificultades é porque neste momento, no nivel de todo o territorio español, hai esas dificultades. Pero —como digo— Galicia ten o proxecto e segue coa clara función de ter pediatras en atención primaria, a diferenza doutras comunidades gobernadas polo Partido Socialista, onde non é así (*Murmurios.*) e a maior parte da cobertura se dá con médicos de familia, que tamén están formados —eu son médico de familia— e perfectamente o poden facer.

Quero dicirlle tamén e explicarlle que en Forcarei é certo que está desenvolto un dos proxectos innovadores que, con fondos europeos, estamos facendo na consellería, que é o que se chama Telea —teleasistencia—, con dotación de equipamentos tecnolóxicos. (*Murmurios.*) Forcarei, concretamente, é onde o iniciamos na provincia de Pontevedra, e ten xa bastantes pacientes controlados a distancia polo seu médico e pola súa enfermeira.

Polo tanto, temos que cambiar o sistema de traballo, o sistema de funcionamento da asistencia primaria, porque estamos cambiando, cunha poboación máis envellecida e, moitas veces, illada. Polo tanto —como lle digo—, isto é algo que está facendo a Consellería de Sanidade en Galicia e que está en seguimento pola Comunidade Económica Europea, porque tamén eles van chegar a estas situacións.

E teño que dicirlle que en Montecelo imos cumprindo os prazos —falaba antes de Montecelo, de Urxencias e demais—. Como digo, estamos facendo un proxecto que é moi interesante, porque, por primeira vez, non só damos resposta ao que nos piden os profesionais, senón tamén os cidadáns da área de Pontevedra. E, concretamente, o 18 de marzo —dentro duns días— finalizará xa o período de información pública e iniciarase a elaboración polos redactores do documento definitivo do plan sectorial, de incidencia supramunicipal. Co cal, estamos confirmando que cumprimos os prazos desta promesa, que xa é unha realidade. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Terminou o seu tempo. Grazas.

(*A señora Egerique Mosquera pide a palabra.*)

Señora Egerique, ¿para que quere a palabra?

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Quería a palabra con base no artigo 76 por inexactitudes nas verbas da señora Vilán.

O señor PRESIDENTE: ¿Cal é a inexactitude exactamente, por favor?

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Dixo que ninguén do PP estiveramos nas concentracións ou manifestacións do 8-M, e teño que dicirlle que deputados e deputadas deste grupo, concelleiros e concelleiras do Partido Popular, alcaldes e alcaldesas e representantes do Goberno galego estivemos apoiando a igualdade real entre homes e mulleres nas manifestacións.



O señor PRESIDENTE: Grazas. Corrixido queda.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Polo tanto, mal feminismo o da mentira, señora Vilán; mal feminismo o da mentira. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Queda aclarada esa cuestión.

Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración do Goberno galego da atención pediátrica no concello de Zas

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Montserrat Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

En primeiro lugar, quero saudar as persoas da coordinadora Zas sen recortes en pediatría e o alcalde, que nos acompañan dende a tribuna; nais e pais que tiveron que organizarse para reclamar algo tan básico e tan preciso como é a atención sanitaria de calidade para as súas nenas e nenos, para reclamar un servizo de calidade e que vivir nun concello do rural non sexa unha penalización.

Zas é un concello rural, de arredor de cento cincuenta quilómetros cadrados, con dispersión poboacional e cun censo de arredor de trescentos trinta e catro nenos e nenas. Ata xuño do ano 2018 os nenos e nenas de Zas tiñan atención pediátrica en horario de oito a tres da tarde, trinta e cinco horas semanais de atención. A partir desa data, o Sergas tomou a decisión de reducir o horario de consulta e pasar a ter só quince horas á semana —de doce a quince horas—, repartidas en dous días entre o Centro de Saúde de Baio e o de Zas. Fóra dese horario, teñen que acudir a Vimianzo, a Camariñas ou ao hospital, e a isto hai que engadir a non-substitución da pediatra nas súas ausencias.

Este recorte de máis do cincuenta por cento do horario ten moi graves consecuencias. A primeira, na calidade: a atención que pasan a recibir os nenos e nenas vese reducida nas revisións dos nenos de menos de dous anos ao non dispoñer do tempo preciso para seguir o calendario establecido, e pasan a ser atendidos, en ausencia do pediatra, por profesionais que non son especialistas en pediatría. Os nenos e nenas non son adultos en pequeniño; teñen necesidades específicas, teñen doenzas específicas, e necesitan ser atendidos por especialistas propios, por pediatras. *(Aplausos.)* E, logo, teñen que percorrer quilómetros para ser atendidos.

A segunda cuestión son os problemas de conciliación e o aumento do gasto: un horario moito menor para consultas fai moito máis difícil compaxinar horarios laborais e de transporte. Ao non coincidir agora o horario de consulta co horario do autobús escolar, que aproveitaban, sobre todo, as avoas e os avós para acompañar aos seus nenos e nenas —porque ese é o recurso fundamental de conciliación que existe en Galiza—, para ir á consulta agora teñen que facelo en taxi. Ou non falemos de cando os desprazamentos son xa a Vimianzo ou a Camariñas, cando xa se fai obrigatorio que o fagan nese recurso, co cal, o custo multiplícase.



A saúde é un dereito fundamental, e para que esa saúde se preste en condicións necesítanse profesionais en número suficiente. A asistencia sanitaria sen profesionais suficientes non se presta con calidade, señor conselleiro.

Están aí os representantes da coordinadora e está aí o alcalde, e o que queren saber é se vai atender as súas demandas, se vai repoñerlles as trinta e cinco horas semanais de consulta que se viñan prestando e se considera que, con estas deficiencias que hai neste momento en Zas, os nenos e nenas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado. Terminou o seu tempo. *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Grazas. Terminou o seu tempo.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

En Galicia cremos e apostamos polo modelo de atención pediátrica especializada nos centros de saúde, a diferenza de moitos países da Unión Europea, que non cren nel. Somos unha das comunidades con maior taxa de cobertura pediátrica, chegando ao setenta por cento das prazas de pediatría en atención primaria cubertas por especialistas; por certo, o dez restante fano médicos de familia, que son especialistas e teñen, dentro da súa formación, a atención tamén ao neno.

Noutras comunidades como Baleares, por exemplo, só o cincuenta por cento son pediatras, os demais son médicos de familia; en Castela-A Mancha, o cincuenta e oito por cento; en Madrid, Extremadura, Comunidade Valenciana, Murcia, Andalucía e Canarias ronda o setenta por cento. En canto ás ratios de nenos por pediatra, segundo o informe do ministerio publicado no 2017, en Galicia temos novecentos corenta e un nenos atendidos por pediatra, cando a media do Sistema Nacional de Saúde está arredor de mil dezoito nenos. Comunidades como Madrid, por exemplo, están por enriba, con mil cento sesenta e dous, ou Extremadura, con mil corenta e tres. Polo tanto, temos unha cifra aceptable.

Desde o Servizo Galego de Saúde adoptamos medidas que permitan paliar o déficit de profesionais, porque é certo: este é un problema que temos, a nivel nacional, todas as comunidades autónomas, e estamos intentando tomar medidas. Galicia, desde logo, leva tres anos tomando medidas para solucionalo: a prórroga da idade de xubilación, por exemplo; a carreira profesional, que fixo que médicos, pediatras e APD que non estaban en horario completo pasaran a facelo; o concurso aberto e permanente; a dotación de prazas de enfermería e especialistas en pediatría —tamén somos unha comunidade autónoma pioneira: a primeira que crea esta especialidade de pediatría en enfermería e que crea prazas xa estruturais—, e tamén o novo contrato de continuidade, que vai ofertar a posibilidade de moita máis estabilidade aos demais.

É certo que temos unha eiva aquí, que é que o ministerio non nos acaba de aumentar a acreditación de máis formación de pediatras. Neste momento formamos vinte todos os anos e queremos formar ata vinte e seis, pero o ministerio, ata este momento, non nolo concedeu.



A falta de especialistas en pediatría dispoñibles para ser contratados fai que teñamos que realizar importantes esforzos por manter de xeito continuado o cadro de persoal dos nosos centros, polo que levamos a cabo actuacións de cara a adecuar e reordenar esta asistencia pediátrica, tanto funcional como de horarios, co fin de garantir a atención pediátrica nos nosos servizos de atención primaria. Con base nisto, as decisións adoptadas son valoradas en aras da calidade asistencial, tendo en conta as demandas sanitarias dos nosos usuarios.

En concreto, non concello de Zas, que ten na actualidade trescentos dezaioito nenos en idade pediátrica —tiña, por certo, seiscentos nenos no ano 2000; en dezaioito anos houbo unha diminución do corenta e sete por cento—, estudouse a oferta asistencial e a demanda: a media de consultas de Pediatría por día no ano 2018 foi de oito en Zas e once en Baio. Ademais de ter en conta os especialistas en pediatría con que contamos e a dificultade para ser contratados, temos unha dificultade que incrementa...

O señor PRESIDENTE: Señor conselleiro, terminou o seu tempo. Grazas.

(O señor Vázquez Almuíña pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Grazas. Ten outra rolda despois. Terminou o tempo, grazas.

Réplica, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Ben, como é habitual en vostede, señor conselleiro, vén co seu libro e non lles dá respostas concretas ás nais e pais que están na tribuna. Van reducíndose os nenos en Zas, e é que, claro, cos servizos que lles prestan, é un milagre que sigan quedando nenos, porque sen servizos... Esta era a lexislatura do rural, segundo o Partido Popular, pero sen servizos no rural non quedan nenos no rural e non queda poboación no rural.

As nais e pais organizáronse para reclamar pediatría de calidade para os seus fillos e fillas, mais tamén para que non se perdan servizos no resto da comarca da Costa da Morte. Porque, mire: Camariñas, Coristanco, Dumbría, Malpica, Muxía, Val do Dubra, Mazaricos, Cee e Zas; non é unha relación de concellos para facer unha ruta turística pola Costa da Morte, estes son sitios onde os nenos e nenas non teñen unha atención pediátrica de calidade, son concellos onde faltan pediatras.

E, diante das reclamacións que fan, os pais e nais resulta que non se senten atendidos, séntense enganados polo Partido Popular e pola Xunta de Galiza. Vostedes prometéronlles, sen ir máis lonxe, un protocolo para saber como actuar diante dunha urxencia fóra do horario de consulta, e no día de hoxe seguen agardando por el. Unha das preguntas que me gustaría que lles contestara é: ¿por que non lles mandan por escrito o protocolo? ¿Que teñen que facer fóra do horario de consulta cando non hai pediatra? ¿Por que non lles din que é o que teñen que facer?

Ademais, denuncian que recibiron un trato indigno o 21 de febreiro durante unha visita do presidente da Xunta a Zas: foron custodiados na praza do Concello, non se lles permitiu desprazarse se non era escoltados e, logo, foron fotografados pola escolta do presidente, como



se se tratara de delinquentes, cando só querían trasladar o problema. Eu o que lle pregunto tamén é se considera que custodiándoos, escoltándoos e fotografándoos se lles dá unha resposta aos problemas de pediatría en Zas.

O que demandan son solucións, señor conselleiro. O problema de que non haxa pediatra en Zas é consecuencia das políticas do Partido Popular, que non quixo facer nada, a pesar de que estaban advertidos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado. Grazas. Terminou o seu tempo. *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Grazas. Terminou o seu tempo. Xa non se escoita. Grazas.

Peche desta pregunta, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Na segunda parte da pregunta a señora Prado claramente xa vai polo ámbito electoral, falando do Partido Popular en vez de falar do Goberno, que é o que está facendo a xestión. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Desde logo, aproveito para saudar o alcalde e o grupo de nais, que están sendo informadas puntualmente, por parte da xerencia de área, das posibilidades que temos en cada momento. É certo que hai dificultades para facelo, pero non imos amortizar ningunha praza; a praza témola aí e estamos buscando continuamente solucións.

De feito, neste momento —desde o 9 de outubro de 2018—, a atención pediátrica é realizada no horario de mañá —de doce a quince horas— por unha especialista pediatra do Hospital Materno-Infantil, que vai unha parte da mañá traballar ao concello de Zas —no consultorio de Zas e no de Baio— varios días —como se dixo aquí—, e despois tamén ten xornada no propio hospital. Desde logo, temos que agradecer a esta profesional o desprazamento e a implicación para poder realizalo. Porque temos dificultades —como dicía— de contratación por falta de pediatras.

Por outra parte, cómpre sinalar que a poboación infantil do concello de Zas pode acudir indistintamente á consulta de Pediatría de calquera dos dous centros de saúde, dispoñendo, polo tanto, de pediatra todos os días da semana, e atención á demanda espontánea e ás urxencias que poidan xurdir fóra dese horario estará prestada polo médico de familia. Ese é o protocolo que utilizamos non só neste caso, senón en todos os casos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* De feito, nos PAC —nos puntos de atención continuada—, que cobren moitas horas, non hai cobertura pediátrica, senón a través dos médicos de familia. E, ademais, temos o servizo pediátrico de referencia en Vimianzo.

Como dicía, cada servizo de atención primaria está conformado por unha ou varias unidades de atención primaria con diferentes servizos: Psicoprofilaxe Obstétrica, saúde bucodental, Asistencia Social e Pediatría. Neste caso, o servizo de atención primaria desta comarca —Vimianzo, Camariñas e Zas— conta con tres pediatras, un en cada un destes concellos. Como norma xeral, as ausencias en Pediatría son organizadas no conxunto do servizo de atención



primaria e non se autoriza máis dunha ausencia programada para poder cubrir calquera urxencia dun destes pediatras.

Como dicía antes, todas as prazas de pediatría están consolidadas e temos intención de cubrilas. Continuamos buscando solucións, sempre de acordo coa Sociedade Galega de Pediatría, e, de forma coordinada, dicimos: como solución, as OPE anuais. Como dicíamos, queremos seguir implementando e dando estabilidade, ofertando moi boas prazas aos pediatras para que poidan estar connosco. E imos facer o próximo exercicio desta oferta pública de emprego acumulando o 2018 e o 2019, con noventa e tres prazas de pediatría de atención primaria, a máis alta que nunca tivemos na nosa comunidade.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Terminou o seu tempo.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Pedimos máis autorización... (O señor Vázquez Almuíña pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)


O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o tempo xa. Grazas.

Ben, remata aquí un pleno que ben podía ser equiparable a un partido de xogo limpo: non houbo moitas tarxetas, a verdade é que non. (Balbordo.) Eu case me vou coa síndrome de Undiano Mallenco. Non sei se saben quen é Undiano Mallenco: Undiano Mallenco é un árbitro tarxeteiro. Eu non quero ser un árbitro tarxeteiro, pero para iso teñen que colaborar tamén vostedes un pouco. Porque, se non, así, non imos terminar como terminou no seu discurso Ana Pastor, non vai merecer a pena. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Entón, pídlles que reflexionen sobre iso. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.) Reflexionen sobre iso, porque aínda estamos empezando, aínda non chegamos á campaña electoral. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.) Eu voume pór a facer un esforzo, vostedes tamén, ¿eh? (Murmurios.)

Boa noite.

Remata a sesión ás sete e trinta e oito minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

